Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 01/03/2024 01:26:21
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 151

Sesión plenaria
4 de decembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia (doc. núm. 53015, 11/PL-000021)
Publicación do Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 597, do 20.11.2023

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia (doc. núm. 61134, 11/PL-000026)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023
Publicación das emendas á totalidade, BOPG nº 592, do 10.11.2023

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (doc. núm. 61221, 11/PPLC-000010)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 582, do 19.10.2023

Punto 2. Comparecencias

2.1 62250 (11/CPP-000147)
Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar das políticas da Xunta de Galicia en materia de ordenación do litoral
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

2.2 62735 (11/CPP-000150)
Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia logo de finalizada a tempada de alto risco do 2023
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

Punto 3. Mocións

3.1 62605 (11/MOC-000185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre o estado da produtividade das rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 61795, publicada no BOPG doc. núm. 591, do 8 de novembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de novembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.2 62612 (11/MOC-000186)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58611, publicada no BOPG 557, do 7 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de novembro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 51734 (11/PNP-004288)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada
Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

4.2 61626 (11/PNP-004986)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que revise, á vista das recomendacións do Consello de Contas, a renegociación dos acordos coas empresas concesionarias das autovías do Salnés, da Barbanza e de Celanova
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

4.3 61895 (11/PNP-005013)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas ao apoio ás empresas do sector de transformación da pesca
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

4.4 61951 (11/PNP-005020)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que volva ao diálogo co Goberno central para atopar vías, dentro do marco xurídico, que conduzan á transferencia da competencia sobre ordenación e xestión do litoral de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

4.5 62148 (11/PNP-005038)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e dous deputados/as máis
Sobre a demanda ao Goberno galego das accións necesarias para garantir a continuidade da oferta formativa do campus universitario de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 62378 (11/PNP-005063)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en materia de desenvolvemento do transporte ferroviario en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 22.11.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 53269 (11/INT-002559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a declaración, no que atinxe ao mercado da vivenda, das áreas de mercado tensionado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

5.2 56484 (11/INT-002673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de I+D+i
Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 07.08.2023

5.3 61714 (11/INT-002857)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis
Sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

5.4 62064 (11/INT-002872)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo
Sobre a eficiencia da colaboración público-privada na execución e explotación de infraestruturas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 62722 (11/POPX-000125)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as respostas que ten a Xunta de Galicia para optimizar o aproveitamento do potencial enerxético de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 62723 (11/POPX-000126)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a valoración que fai da eficacia da súa política sanitaria como salvagarda da saúde das galegas e dos galegos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56387 (11/POP-008674)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de aceptar a cesión do Concello de Santiago de Compostela dunha parcela para a construción dun novo aparcadoiro para o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 08.08.2023

7.2 56994 (11/POP-008898)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e nove deputados/as máis
Sobre a situación na que se atopan as distintas actuacións de construción e reforma previstas pola Xunta nas infraestruturas sanitarias de atención primaria da cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 14.08.2023

7.3 62719 (11/PUP-000379)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre as declaracións do novo ministro de Transportes e Mobilidade Sostible en relación coa chegada da alta velocidade a Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.4 62285 (11/POP-009694)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

7.5 61286 (11/POP-009550)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da primeira convocatoria de axudas económicas directas ás persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.6 62323 (11/POP-009699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén
Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

7.7 62703 (11/PUP-000377)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre a dotación profesional na atención primaria da comarca da Mariña luguesa para garantir unha sanidade de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.8 62707 (11/PUP-000378)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a situación da atención primaria sanitaria na comarca da Mariña luguesa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 604, do 29.11.2023

7.962279 (11/POP-009692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 600, do 23.11.2023

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente pídelles ás señoras e aos señores deputados, así como aos membros do Goberno e asistentes á sesión plenaria que garden un minuto de silencio en sinal de repulsa contra a violencia de xénero, logo do asasinato dunha muller en Oroso. (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: *Sr. vicepresidente da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Rodríguez Pérez).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 13.), *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 16.) *e Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 24.), *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 25.) *e Sr. Sanz Arias (P).* (Páx. 26.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 29.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 30.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 34.) *e Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 38.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren a súa posición: *Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 41.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 45.) *e Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 48.)

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións*: Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 54.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 57.)
Rolda de réplica: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 60.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación das emendas mantidas polo G. P do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia: *aprobado por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral: *rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 63.)

Comparecencia da Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar das políticas da Xunta de Galicia en materia de ordenación do litoral. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 63.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 74.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 77.) *e Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 81.)

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica do Goberno*: Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 84.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 88.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S)* (Páx. 88.), *a señora Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 90.), *a señora Freire Vázquez (P) e a señora Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 93.)

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, logo de finalizada a tempada de alto risco do 2023. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx.. 98)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 106.), *Sr. Lourenzo Moura (BNG)* (Páx. 109.) *e Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 112.)
Réplica do Goberno*: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 115.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 121.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 121.), *o señor Lourenzo Moura (BNG)* (Páx. 123.), *o señor Armada Pérez (P) e o señor conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 125.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre o estado da produtividade das rías galegas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 132.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 134.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 137.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 142.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 143.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 145.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 148.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 151.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 154.)

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre o estado da produtividade das rías galegas: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 156.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 157.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 157.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 160.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 164.)

O señor Ríos Santomé (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 167.)

O señor Balseiro Orol (P) solicita a palabra, en virtude do artigo 76, para aclarar certas expresións pronunciadas polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 169.)

A seguir, o señor Ríos Santomé (BNG) solicita tamén a palabra en virtude do artigo 76. (Páx. 170.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e oito minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

E antes de entrar na orde do día pediríalles a todas as súas señorías, e tamén ás persoas que hoxe están connosco convidadas na tribuna do público, gardar un minuto de silencio en sinal de repulsa contra a violencia de xénero, logo do asasinato dunha muller en Oroso.

Gardamos un minuto de silencio.

(Todos os deputados e deputadas, así como os membros do Goberno e asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

E agora si entramos xa na orde do día.

Punto primeiro, textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o vicepresidente da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Rodríguez Pérez): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

O Proxecto de lei de artesanía de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 21 de abril do 2023, co número de rexistro 53015. A Presidencia do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 486, do 26 de abril do 2023. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Non se presentaron emendas á totalidade. Presentáronse vinte e oito emendas ao articulado, das cales seis son do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, vinte do Grupo Parla-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentario do Bloque Nacionalista Galego e dúas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Estas emendas foron cualificadas pola Mesa da Comisión o día 5 de xuño de 2023.

Formaron parte da Ponencia designada pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 8 de xuño do 2023 as seguintes persoas: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Cristina Sanz Arias, titular, e don Moisés Rodríguez Pérez, suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Carme González Iglesias, titular, e dona Mercedes Queixas Zas, suplente; do Grupo dos Socialistas de Galicia, dona Leticia Gallego Sanromán, titular, e don Martín Seco García, suplente.

A Ponencia celebrou a súa sesión constitutiva o 8 de xuño do 2023. Nas seguintes reunións analizouse a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas posicións.

Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 18 de outubro do 2023, a Ponencia emitiu o seu informe. Posteriormente, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do 16 de novembro do 2023, aprobou o seu ditame, con 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións. Incorporáronse ao texto do proxecto de lei un total de seis emendas; en concreto, dúas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, tres do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha do Grupo dos Socialistas de Galicia; dúas delas transaccionadas. Mantéñense para o seu debate neste pleno as restantes emendas rexeitadas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei de artesanía consta, ademais da súa exposición de motivos, de cinco capítulos desenvolvidos en trece artigos. O capítulo I establece as disposicións xerais, o obxecto e os fins da lei, o seu ámbito de aplicación e determinados conceptos; o capítulo II está dedicado á ordenación e regulación do sector artesanal galego; o capítulo III versa sobre a «Marca Artesanía de Galicia»; o capítulo IV sobre a Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia; o capítulo V está dedicado á Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Por outro lado, a súa parte final intégrase por unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras, a última das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Cómpre pois rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Quero dar a benvida aos artesáns e ás artesás que están hoxe aquí convidados no público.

Pois ben, a artesanía foi o primeiro fenómeno que marcou a existencia do home. O obxecto elaborado á man foi o primeiro signo identificativo da presenza de vida humana, moito antes que calquera outra forma de evolución, de organización ou de produción. Nestes termos, as obras de artesanía contribúen a crear a identidade dun pobo, concibida como un conxunto de tradicións, coñecementos e marcas distintivas que as fan recoñecibles e únicas. As creacións de artesanía deben ser, polo tanto, consideradas como unha expresión da cultura material, unidas á contorna na que o fenómeno artístico e os obxectos de arte se manifestan ou producen.

A artesanía galega constitúe en moitas das súas manifestacións a expresión formal e cultural da historia da nosa terra, sendo un claro testemuño dos seus costumes e tradicións, así como base do patrimonio etnográfico do territorio, cuxas circunstancias históricas e socioculturais contribuíron a que o sector artesán desempeñe un papel relevante dentro da economía de Galicia.

A Constitución española, no seu artigo 131, dispón que os poderes públicos atenderán á modernización e ao desenvolvemento de todos os sectores económicos, entre os que se cita expresamente a artesanía.

A Comunidade Autónoma de Galicia exerce a competencia exclusiva sobre a artesanía no artigo 27.17 do noso Estatuto de autonomía.

No desenvolvemento desta competencia ditouse a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia. Esta lei empezou a súa tramitación co Goberno de González Laxe e rematou sendo aprobada no ano 1992.

O tempo avanza e esta Lei de artesanía de Galicia do ano 1992 ten que ser modernizada de acordo cos tempos nos que estamos. Por iso debe definirse un novo concepto de innovación que sexa compatible coas dimensións e características dos talleres artesanais.

A importancia do sector da artesanía en Galicia e do seu tecido económico demanda a posta en marcha de políticas de apoio eficaces cara a este sector, co obxectivo de asegurar o seu futuro.

Esta lei que hoxe debatemos consta de trece artigos agrupados en cinco capítulos, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, baixo a rúbrica de «Disposicións xerais», artigos 1 ao 3, establece o obxecto e os fins da lei e o seu ámbito de aplicación, e incorpora un artigo específico de conceptos. «En concreto, actualízase o concepto de artesanía, ao posibilitar o emprego de maquinaria auxiliar ou doutro tipo de ferramentas dixitais ou analóxicas, sempre que a intervención persoal e o coñecemento técnico sexan determinantes no resultado final do proceso artesanal».

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O capítulo II, baixo o título de «Ordenación e regulación do sector artesanal galego», artigos do 4 ao 9, regula as distintas modalidades de actividades artesanais e a relación de actividades artesanais, «definida como un conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais clasificadas conforme a Clasificación nacional de actividades económicas. Así mesmo, regula os recoñecementos oficiais da condición de obradoiro artesán, de mestra artesá e mestre artesán e da Asociación e Federación Profesional e Empresarial Artesanal. E, por último, inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese artesanal, coa dobre finalidade de promover os territorios e a súa artesanía e de recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade». Isto xa veremos como se leva a cabo, porque non está recollido nesta lei.

O capítulo III, baixo a rúbrica «Marca Artesanía de Galicia» consta dun único artigo, o 10.

O capítulo ao IV, baixo a rúbrica «Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia», regula a Comisión Galega de Artesanía como «un órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e representación do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia».

E o capítulo V, baixo o título «Fundación Pública Artesanía de Galicia», consta dun único artigo, o 13, onde a Fundación Pública de Artesanía recolle que «contribúe á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apoiando os oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas, pola formación profesionalizada, pola divulgación e pola comercialización».

Pois ben, todas as nosas emendas que presentamos a esta lei son froito do diálogo fluído e constante coas asociacións de artesáns de Galicia. Nós promovemos unha serie de emendas, como foi a de engadir e promover a divulgación e visita dos obradoiros de especial interese artesanal para poñer en valor o seu traballo, tal e como recolle a Carta internacional de artesanía. Deben facerse esforzos de comunicación e divulgación para promover un sector que as persoas consumidoras non identifican con claridade. A artesanía debería ser actualizada e dada a coñecer a un público máis amplo, especialmente coas xeracións máis novas.

Outra das nosas emendas era ter períodos electorais para elixir as persoas que van ser representantes na Comisión Galega de Artesanía, para que deste xeito se estipule cando terá eleccións este sector, e así ter unha Comisión Galega de Artesanía moito máis democrática e transparente.

E unha das emendas ao artigo 11 era engadir un punto máis, que era para utilizar os mecanismos xa existentes para regular a elección dos membros da Comisión Galega de Artesanía, para que a dita comisión teña unha representación equilibrada en termos de paridade, tal e como marca a lexislación vixente en materia de igualdade. A verdade é que aquí é unha auténtica mágoa que non se chegara a un acordo neste punto, xa que sería un avance máis cara á igualdade real, igualdade real entre homes e mulleres, na toma de decisións. Pero, neste caso, parece ser que a Xunta de Galicia non puxo moito empeño en chegar a un acordo.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outra das emendas era marcar un período de xuntanzas ao longo do ano para reforzar o uso da Comisión Galega de Artesanía e ter información de primeira man deste sector, e así reforzar o carácter democrático desta comisión. Esta emenda tamén foi rexeitada para así deixar en mans da Xunta de Galicia unicamente cando se fan xuntanzas. Por poñer un exemplo, este ano reuníronse varias veces por dous motivos: porque dende o sector da artesanía fíxose presión para que se xuntasen e despois tamén porque á Xunta de Galicia e ao PP víñalles ben xuntarse para a tramitación deste Proxecto de lei de artesanía, porque estiveron tres anos sen reunirse. Así, pouca participación se lle dá ao sector da artesanía de Galicia. A Comisión Galega de Artesanía suponse que é un órgano consultivo e de participación, pero se non existe un calendario de xuntanzas, se non se reúnen, pouca participación e pouca consulta se pode facer aos artesáns e ás artesás.

Outra das nosas emendas era desenvolver a través da Fundación Pública Artesanía de Galicia un programa para a comercialización internacional da nosa artesanía galega, para dala a coñecer no exterior. Esta proposta está tamén recollida na Carta internacional de artesanía, que di que a artesanía necesita proxectos personalizados para axudar á internacionalización e apoiar a comercialización.

Penso que eran emendas construtivas e para enriquecer o texto, pero foron todas rexeitadas.

Si foi transaccionada a emenda de regular un itinerario de feiras de artesanía polo noso territorio, o que quedou recollido no artigo 11.4.f) como «Propoñer a elaboración dun calendario de eventos de interese artesanal». Deste xeito, todas as feiras artesanais van ter que cumprir coa normativa vixente.

E chegado este punto, gustaríame facer unha aclaración, porque o outro día houbo un debate na comisión sobre a Carta de artesán, e ante ese debate eu pregunteilles directamente aos artesáns e ás artesás que pasaba con isto da Carta de artesán. Pois ben, o que me explicaron é que non había un uso adecuado da Carta de artesán, e o sector o que quere é estar profesionalizado. Os artesáns profesionalizados dicíanme eles: non precisamos ter unha carta, hai que estar dado de alta como artesán, non só ter a Carta de artesá ou artesán.

Queremos resaltar chegado aquí os valores cos que conta a artesanía de Galicia:

Ten un valor económico a artesanía. A artesanía é un recurso clave económico e produtivo; unha ampla rede produtiva formada por microempresas, talleres e pequenas empresas.

Un valor cultural. A artesanía é un patrimonio cultural único, expresión das sociedades ao longo da historia. As empresas artesanais son froito dunha tradición artística e produtiva de séculos de antigüidade, son depositarias dun coñecemento material e inmaterial que ten as súas raíces no seu territorio local, tamén son portadoras de valores culturais universais.

Ten a artesanía un valor social, creado por medio da interacción coa economía e a sociedade do seu ámbito local, coa comunidade e co ambiente que a rodea. De feito, sempre ten arraigo no territorio local, intégrase na súa cultura e inflúe na sociedade local. O traballo artesanal é un tipo de ocupación que sustenta a economía e a produción local en pequena escala, xera

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

emprego, estabilidade social e o desenvolvemento futuro. Moitas zonas teñen realidades produtivas ancestrais en risco de extinción por falta de relevo xeracional. Este é un problema ao que como sociedade e como persoas que nos dedicamos á política temos que empezar a darlle unha solución.

O sector da artesanía é un compoñente fundamental tamén do turismo, unha auténtica atracción turística. Polo tanto, é imprescindible explotar as sinerxías que existen entre a artesanía e o turismo para conseguir beneficios mutuos e desenvolvemento.

E, xa para rematar, quero facer aquí un recoñecemento aos homes e ás mulleres que traballan na artesanía na nosa terra. Sabemos que é un traballo ás veces pouco agradecido, coñézoo ben. Grazas a moitas artesás e a moitos artesáns non se perde unha parte moi importante da nosa historia, das nosas raíces. Todo o noso recoñecemento e todo o noso apoio á artesanía de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día.

Antes de máis nada, dende o Bloque Nacionalista Galego queremos mostrar a nosa rabia e dor polo asasinato de Encarnación e Judit. Encarnación foi asasinada polo seu home o pasado venres en Oroso e Judit, veciña de Vigo, apareceu morta no Porriño o 23 de novembro, un crime que está sendo investigado como asasinato machista. O BNG rexeitamos enerxicamente calquera acto de violencia contra as mulleres. No contexto actual, no que a ultradereita cuestiona a violencia machista, a sociedade debe dicir: ¡Basta xa! *(Aplausos.)* Debemos activar todos os recursos e medios para rematar con esta lacra que nos mata polo feito de sermos mulleres.

E antes de comezar quero saudar as artesás e os artesáns que nos acompañan hoxe no hemiciclo. ¡Benvidas e benvidos!

A actual Lei de artesanía de Galiza é do ano 1992, polo que esta lei que imos debater hoxe é moi necesaria, moi necesaria para regular unha actividade que non só é empresarial e comercial, senón tamén e sobre todo unha actividade cultural e patrimonio da Galiza. E trinta e un anos despois estamos ante unha lei baleira de contido, totalmente insuficiente, que reduce a trece míseros artigos, con moi pouca substancia, a regulación dunha actividade que forma parte da nosa cultura e das nosas tradicións. Unha actividade que ao igual que a música, o baile, o teatro e a lingua forma a nosa identidade.

O Bloque Nacionalista Galego, con toda a nosa vontade de traballar en positivo e coa intención de conseguir un texto que fora a guía ou o faro que trazase o futuro da artesanía galega,

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

decidimos non presentar unha emenda á totalidade e presentamos vinte emendas ao seu articulado co obxectivo de mellorar unha lei que consideramos totalmente insuficiente.

Mais o Partido Popular do «non» non aceptou absolutamente ningunha das emendas, máis alá de cuestións de erros de formulación e de lexislación. ¡Quédalle pouco! Aproveiten, señores do Partido Popular, que en poucos meses as galegas e os galegos van colocalos na bancada da oposición e haberá un goberno do Bloque Nacionalista Galego que escoite e dialogue polo ben das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)* Durante a súa redacción, esta lei non contou coa participación de todo o sector, máis alá do cumprimento formal da normativa en materia de transparencia.

Voulles contar algo que moitos de vostedes non coñecen. A Fundación Artesanía de Galiza envía información habitual ás persoas artesás; trátase de información sobre convocatorias, sobre axudas, celebración de feiras, de xornadas de formación etcétera. Pero, ¡oh, sorpresa!, nin antes da redacción da lei nin durante a súa tramitación recibiron absolutamente ningunha información sobre este proceso dende a Fundación Artesanía de Galiza. Non imos ser mal pensados, é unha casualidade que esquecesen xusto mandar esta información, ¿verdade, conselleira? No BNG pensamos que de casualidade nada de nada. A intención era clara: ocultar a tramitación para atrasar o coñecemento da lei e evitar o rexeitamento dela, tal e como ocorreu cando saíu dos caixóns da consellería. Que non se recibira absolutamente ningunha achega durante o prazo de consulta pública previa é a proba desta ocultación.

O 22 de xaneiro de 2011 asinouse en París a Carta internacional de artesanía, unha sinatura na que estiveron presentes a entón conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galiza, Nava Castro, e a xerente da Fundación Artesanía de Galiza, Elena Fabeiro. Esta carta define artesanía como: «as obras de artesanía artística contribúen a crear a identidade dun pobo, concibida como un conxunto de tradicións, coñecementos e marcas distintivas que as fan recoñecibles e únicas. / As creacións de artesanía deben ser, por tanto, consideradas como unha expresión da cultura material, unidas á contorna na que o fenómeno artístico e os obxectos de arte se manifestan ou producen. / Polo tanto, as obras de artesanía artística tradicional deben ser consideradas como as obras de arte dos pobos portadores dunha mensaxe espiritual e cultural, así como testemuñas das tradicións e a creatividade que debe transmitirse ás xeracións futuras».

Esa definición non concorda en absoluto coa que fai esta lei. E esta é unha das cuestións fundamentais polas que emendamos esta lei e pola que é rexeitada por unha boa parte do sector. Este texto pretende incluír como artesanía calquera actividade de producións de bens e servizos sen discriminar ou distinguir os labores puramente artesanais daqueles que non o son. A nosa emenda pretende acoutar os labores puramente artesanais de carácter económico-patrimonial que teñan por obxecto a creación de bens artesanais mediante sistemas singulares de manufactura, nos que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa artesá sexan determinantes para o control do proceso de elaboración e acabado, e nos que o punto final teña un carácter individualizado, diferenciado e local, e que non sexa o resultado dunha produción industrial totalmente mecanizada ou en grandes series.

Señores e señoras do PP, ¿por que non aceptan esta emenda?, ¿por que non aceptan esa emenda que recolle esta definición de artesanía e insisten nunha definición máis xenérica e

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ambigua, que abre o abano de consideración da artesanía a calquera tipo de actividade? Insisto: esta lei entende a artesanía unicamente como unha actividade económica sen valor cultural ou patrimonial.

E eu lanzo aquí unha pregunta: ¿hai alguén que considere calquera actividade cultural, como o teatro, a danza, a pintura, as artes plásticas ou o audiovisual, unicamente como unha actividade económica? Pois a artesanía tamén é unha actividade cultural e patrimonial, e como tal precisa dunha normativa que a protexa e a poña en valor.

Con esta lei, o Partido Popular pretende converter o concepto de artesanía nun caixón de xastre no que encaixar calquera tipo de actividade produtiva, e con iso o único que vai conseguir é desvirtuar e desprestixiar a marca «Artesanía de Galiza».

O Bloque Nacionalista Galego concordamos coa necesidade de incentivar a imprescindible produción empresarial de bens e servizos capaz de crear riqueza e emprego. O BNG queremos un país que produza, por suposto, mais neste caso debemos diferenciar artesanía doutras cousas que non o son.

Na Galiza temos unha marca que é identidade de país, unha marca admirada por todas, admirada polo BNG e por min mesma: Sargadelos. Malia a singularidade dos seus produtos é unha actividade industrial, non é artesanía e non podemos recollela como tal.

Tampouco se entende que esta lei non defina o que hai que entender como unha obra artesá, salvo que se faga á mantenta —insisto— para abrir a porta para que entren como artesanía actividades e obxectos que non o son. E o Partido Popular rexeitou a proposta do BNG de definir unha obra artesá como un concepto máis obxectivo que permita un maior acoutamento desta actividade artesá.

Ademais da falta dunha definición clara de artesanía e de obra artesá, esta lei demostra a carencia absoluta de compromiso do Goberno galego coa actividade artesanal, xa que non regula absolutamente ningunha medida de promoción e apoio ao sector, deixando na práctica pendente de regulación os aspectos máis importantes da lei. E rexeitan todas, absolutamente todas, as nosas emendas dirixidas a este fin.

O BNG propón incluír un artigo que regule os premios da artesanía de Galiza, de maneira que a convocatoria destes premios non dependa da vontade política de quen goberne. O Partido Popular di «non».

O BNG propón establecer por lei a necesidade de artellar un plan cuadrienal en colaboración co sector que sirva de apoio, difusión, visibilización e comercialización da artesanía galega e no que se estableza un calendario anual de feiras que se celebren nas sete cidades galegas, así como en zonas de especial interese artesanal. O Partido Popular di «non».

O BNG propón realizar un control rigoroso sobre o uso da marca «Artesanía de Galiza», facendo campañas de información e inspección nos establecementos comerciais especializados na venda de produtos artesáns e nas feiras de artesanía. E o Partido Popular di «non». O

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Popular prefire pechar os ollos e permitir o que está a ocorrer na actualidade e que denuncian moitas persoas artesás, e é que calquera nunha feira denominada de artesanía pode falsificar e utilizar a marca «Artesanía de Galiza» sen que ninguén comprobe a súa autenticidade.

O Bloque Nacionalista Galego propón a creación dunha feira internacional especializada en artesanía, que se celebraría nun dos recintos feirais de Galiza —están sen actividade, ademais, na maior parte do ano—, coa finalidade de dar visibilidade internacional ao sector artesanal galego. O Partido Popular di «non».

O Bloque Nacionalista Galego propón artellar un mecanismo de control para que a Comisión Galega de Artesanía sexa un órgano participativo, no que se asegure que os membros desta comisión representan a todas as persoas artesás e que sexa renovada cada catro anos; algo que na actualidade non está a ocorrer. E o Partido Popular di «non».

E, por último, o Bloque Nacionalista Galego e a Secretaría Xeral de Igualdade, no informe preceptivo de impacto de xénero, instan a respectar a lexislación en materia de igualdade e garantir a paridade de xénero na composición da Comisión Galega de Artesanía. E o Partido Popular di «non». O Partido Popular do «non» dixo «non» a todas as nosas emendas.

O Partido Popular, definitivamente, négase a facer unha Lei de artesanía que regule e protexa a artesanía galega como unha actividade económica, mais tamén e sobre todo como unha actividade cultural e patrimonial, como unha actividade que nos é propia e nos identifica como pobo.

Definitivamente, esta é unha lei decepcionante, baleira de contido e que só vai servir para a nota de prensa do Partido Popular de mañá, na que se anuncia a aprobación da Lei de artesanía de Galiza. Unha pena esta oportunidade perdida para apoiar o excelente traballo das artesás e dos artesáns do noso país.

O Bloque Nacionalista Galego imos seguir traballando para que a artesanía galega siga sendo signo de identidade do noso país e un medio de vida digno para as persoas que viven desta actividade.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Grupo Parlamentario Popular, señora Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Un saúdo agarimoso e agradecido ao colectivo de artesáns que nos acompañan hoxe neste hemiciclo.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A artesanía é unha actividade cun dobre valor. Por unha banda, os seus produtos teñen unha función, unha estética e un prezo, pero, ao mesmo tempo, traen implícitos todos os valores que asociamos ao produto feito á man: a creatividade, o oficio, o talento, a tradición e o deseño.

A artesanía é patrimonio, a artesanía é cultura, a artesanía é riqueza creativa, a artesanía é filosofía de vida, pero a artesanía tamén é e ten que ser modelo de negocio. Nesta xa terceira década do século XXI, a artesanía é inevitablemente mestura de tradición e de innovación. A mestría dos oficios tradicionais combínase con produtos de deseño máis contemporáneo, nos que os novos materiais e a innovación teñen cada vez maior relevancia.

Hai un espazo para a artesanía en cada momento das nosas vidas, como pezas utilitarias ou decorativas en cada recuncho das nosas casas, como complemento para ocasións especiais e tamén para o noso día a día. A artesanía constitúe unha excelente opción para a decoración de interiores, para complementar a nosa imaxe persoal, para facer da música un elemento imprescindible de identidade cultural, para xogar como antes nos tempos de agora e para moitas cousas máis.

Neste contexto, chegamos hoxe, señorías, ao último trámite para aprobar nesta sesión plenaria a Lei de artesanía de Galicia. En primeiro lugar, quero agradecer o traballo e a colaboración dos letrados da Cámara, especialmente da señora Aneiros, así como do resto do persoal do Parlamento que participou na tramitación deste proxecto de lei. Tamén quero agradecer as aportacións e o talante do resto dos grupos parlamentarios, que, aínda con diferentes visións do sector nalgúns dos puntos, tanto o traballo en ponencia como en comisión, incluso neste pleno, desenvolveuse desde o máximo dos respectos.

Señorías, a artesanía constitúe unha competencia exclusiva da Autonomía de Galicia, recollida no artigo 27.17 do noso Estatuto.

O importante deste debate é aprobar a lei, pero tamén poñer o foco nun dos sinais de identidade máis importantes da nosa autonomía. Todos nós, representantes das galegas e dos galegos, temos a obriga de defender, de promocionar e de incentivar o desenvolvemento e o consumo da artesanía de Galicia.

No eido legal, dado que transcorreron máis de trinta anos desde que se aprobou a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, resulta imprescindible unha actualización e modernización da súa normativa reguladora. Así, este proxecto de lei que hoxe debatemos busca, en primeiro lugar, crear un marco xurídico que se adecúe á nova realidade do sector artesanal logo —como xa dixen— de máis de trinta anos da antiga lexislación. En segundo lugar, con esta lei búscase que se manteña e promova a importancia social, cultural, identitaria e económica da artesanía. E, en terceiro lugar, que modernice e incremente a profesionalización e a competitividade dun sector que é un dos que máis contribúen a xerar marca Galicia. En definitiva, estamos ante unha lei que impulsará a artesanía cara ao futuro como unha actividade económica sustentable e xeradora de emprego, vencellada ao territorio.

Entre as principais novidades que incorpora a nova lei está a creación de zonas de interese artesanal. Poderán ser outorgadas aos territorios formados por un ou por varios municipios,

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou por parte deles, que conten cun colectivo artesanal activo e homoxéneo, onde os oficios propios estean relacionados co territorio, co procedemento e co produto, ou que teñan unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico. Aínda que neste momento, evidentemente, non están preseleccionadas esas zonas, todos podemos imaxinar, por exemplo, a olería de Buño, en Malpica de Bergantiños; a olería de Gundivós, en Sober; a olería de Niñodaguia, en Xunqueira de Espadanedo; as palilleiras, en Camariñas, ou as coraleiras, no Grove.

Outra das novidades da futura lei é a prevista ampliación do número de artesáns que hai en Galicia. Na actualidade hai oitocentos trinta e un obradoiros que forman parte da marca «Artesanía de Galicia». Con esta lei e as diferentes actuacións de apoio que se desenvolverán desde a Xunta de Galicia, aspírase a superar os mil douscentos obradoiros rexistrados no período que abarca desde agora ata o 2030.

Ademais, esta lei incorpora a figura de mestre artesán e mestra artesá, coa que se distinguirá a excelencia e a traxectoria no eido profesional e divulgativo daquelas persoas que levan no oficio máis de vinte anos.

Outra novidade refírese á introdución das distintas modalidades nas que se clasifican as actividades artesanais segundo o seu contido principal. Teremos artesanía de carácter tradicional, artesanía artística ou de creación, artesanía de produción de bens de consumo e tamén artesanía de servizos.

Ben, por outra banda e en canto aos obxectivos que se pretenden acadar con esta lei, vou mencionar só algúns deles. En primeiro lugar, —importante— a conservación e a recuperación das manifestacións artesanais máis tradicionais de Galicia para garantir a súa pervivencia e desenvolvemento; pero tamén sen esquecer a potenciación da expansión e o deseño da artesanía contemporánea, ou a inclusión de novas actividades artesanais e a incorporación de novas vocacións que consoliden no tempo o sector artesanal galego e garantan o relevo xeracional. O impulso da comercialización ou mellora da rendibilidade da competitividade da artesanía no mercado, coa progresiva adaptación do sector artesanal á evolución tecnolóxica e dixital e ás diferentes canles de comercialización, tanto físicas como *online*; non esquezamos que queremos actividades artesás que sexan rendibles. Ou un último obxectivo que vou mencionar será a profesionalización do sector artesanal mediante a súa formación continua e especializada.

Un dos aspectos que me gustaría poñer en valor respecto do desenvolvemento deste documento lexislativo é o diálogo permanente que se mantivo co sector para acadar un texto co maior consenso posible. Con este obxectivo, no procedemento de elaboración deste proxecto de lei, foron consultadas as seguintes entidades: Federación Galega de Asociacións e Gremios de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros; Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros; Asociación Galega de Artesáns Tradicionais, AGAT; Asociación Galega de Artesáns, AGA; Asociación de Artesáns de Ourense; Asociación de Olería de Buño; Asociación Galega de Carpintería de Ribeira; Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao; Asociación de Artesáns da Terra Chá; Creativas Galegas, e a Fegamp.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Posteriormente, no prazo de consultas e información pública, foron presentadas alegacións por parte da Asociación Galega de Artesáns e pola Federación Galega de Asociacións e Gremios de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros.

No texto que hoxe debatemos recolléronse parcialmente estas alegacións, sendo a máis significativa a relativa ao recoñecemento oficial da condición de persoa artesá e da Carta de artesán, que propoñen a súa vinculación ao desenvolvemento dunha actividade económica. Queren que os artesáns sexan profesionais. Trátase dun dos puntos fortes e das principais novidades deste proxecto de lei. A artesanía considerada máis aló dunha habilidade, dun coñecemento, dunha experiencia, dunha herdanza cultural, dunha destreza ou dunha arte, senón tamén e a maiores de todo o anterior como unha actividade profesional. *(Aplausos.)* Preténdese con esta visión protexer o sector como unha actividade xeradora de emprego e xeradora de riqueza, e que a actividade artesá sexa rendible, para que sirva de medio de vida do artesán e para que se poida manter no tempo.

Ambas as entidades alegaron que para o recoñecemento da persoa artesá mediante a expedición da antiga Carta de artesán se acreditara a antigüidade dun ano no oficio e estar dada de alta no correspondente IAE e na Seguridade Social. Esta revisión do concepto de artesán, tal e como recollen as alegacións, supoñería duplicar o concepto de obradoiro artesán contido no proxecto de lei, polo que se aceptou a súa proposta, se suprimiu a Carta de artesán para evitar esa duplicidade e se regula a actividade artesanal como unha actividade económica.

Respecto do contido do texto, este proxecto de lei —como xa se dixo— consta de trece artigos agrupados en cinco capítulos, unha disposición derrogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

Desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos dúas emendas, incorporadas a este informe de ponencia. Por unha banda, emendamos o artigo 9, de zonas de especial interese artesanal; simplemente, modifícase a redacción do artigo para acadar unha maior e mellor comprensión do texto. Mediante a segunda emenda modificamos o artigo 7, que regula o recoñecemento oficial da condición de mestre artesán ou mestra artesá; modifícase a redacción do artigo para dotar dun contido mínimo o recoñecemento oficial desta condición, que afecta tanto os requisitos como os méritos.

Por outra banda, o Partido dos Socialistas de Galicia presentou seis emendas respecto das que lles ofrecemos propostas de transacción sobre a número 2 e a número 4, pero tan só aceptaron a primeira delas. Transaccionamos a número 2 posto que consideramos que inclúe unha idea positiva, que é a de incorporar ao texto legal un itinerario de feiras. A transacción acordada entre os grupos permítenos incorporar no artigo 11.4 unha función adicional á Comisión Galega de Artesanía, que é propoñer a elaboración dun calendario de vendas de carácter artesanal.

Por outra banda, con respecto á emenda número 4, os socialistas demandan que se garanta a igualdade en termos de paridade na Comisión Galega de Artesanía. Respecto desta solicitude temos que dicir, por unha banda, que este asunto será obxecto de desenvolvemento regulamentario e, por outra banda, que a lei non pode «garantir» senón «velar» pola

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

representación equilibrada da comisión en termos de igualdade, posto que a garantía de paridade pode verse moi comprometida en función das persoas que en cada momento teñan a representación de cada órgano na entidade. E voume explicar. Son membros desta comisión, por exemplo, a señora conselleira hoxe en día ou o director xeral competente. E hoxe en día é unha muller e o director xeral hoxe en día é un home, pero o xénero, evidentemente, pode variar. E tamén son membros desta comisión os representantes dos obradoiros artesanais, que se elixen mediante eleccións, que poden ser tanto homes como mulleres. O que impide obrigar a unha paridade.

¿Que sexa desexable a paridade? Por suposto. ¿Que poida obrigarse segundo está fixada a composición da comisión? Non é posible. E síntoo moito, señora Gallego, porque realmente gustaríame poder ter chegado a algún acordo con vostede neste punto.

As outras catro emendas dos socialistas foron rexeitadas porque consideramos que non enriquecen o texto, como a número 1, posto que solicita algo que xa está implícito na propia declaración do obradoiro, incluso nalgún punto a limita. Respecto das emendas 3 e 5 tamén se rexeitan porque o que solicitan será obxecto de desenvolvemento regulamentario. E, por último, na súa emenda número 6 hai que lembrarlle, señora Gallego, que a comercialización xa está incluída na literalidade da lei e comprende calquera modalidade de comercialización.

Respecto das emendas do BNG, hai que sinalar que foron vinte, polo que non teño, por suposto, que argumentar cada unha delas. Dicirlles simplemente que aceptamos dúas, a número 6 e a número 8. Aceptamos a número 6, posto que limita a consideración das asociacións e federacións profesionais artesanais exclusivamente a aquelas entidades sen ánimo de lucro, e a redacción inicial non facía tal limitación, a cal consideramos desexable. E aceptamos a número 8 por unha cuestión técnica.

Así mesmo, ofertámoslles seis propostas de transacción, das que só nos aceptaron a primeira. Sen embargo, non tiveron a ben transaccionar nin a número 2 nin a 15 nin a 16 nin a 17 nin a 19.

O resto das emendas non as aceptamos porque poñen textos reiterativos, mencións que xa estaban na lei expresa ou implicitamente, ou elementos que a desvirtúan, como a proposta de creación da Carta de artesán, que xa expliquei que desaparece, así como os motivos da súa eliminación. Ou que esta lei regula e ordena a artesanía como unha actividade económica en atención ás demandas do sector, e algunha das emendas propostas polo BNG non se correspondían con esta filosofía.

Remato xa esta primeira quenda coa convicción de que desde diferentes posicións ideolóxicas ou visión de actividade, todos nós desexamos o mellor para o futuro da artesanía de Galicia. E desde este grupo parlamentario consideramos que con este marco legal imos polo bo camiño.

Máis nada e moitas grazas nesta primeira quenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios para se definiren sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

O texto deste Proxecto de lei de artesanía de Galicia, en xeral, é moi xenérico, sempre acaba remitindo a un posterior desenvolvemento regulamentario. Neste texto lexislativo quedan moitísimas cuestións sen desenvolver, que imaxinamos que irán nese posterior regulamento.

Por poñer un exemplo, o artigo 1.f) alude á formación continua especializada. Isto ten que quedar recollido nalgunha parte. Esperemos que se incida no recoñecemento académico dos oficios artesanais polo menos no futuro regulamento. Da mesma forma que non se nomean outros sectores da administración cos que a artesanía debería ir da man, como pode ser a cultura, o turismo, o patrimonio, ao que xa fixen anteriormente referencia na miña primeira intervención.

Tampouco están recollidas as certificacións profesionais, porque o que realmente recoñecemos nunha boa peza artesanal é a súa calidade e contido, o dominio técnico dunha materia e os valores artísticos, culturais, patrimoniais e etnográficos, pero o recoñecemento social das persoas que a producen pasa por que se recoñeza a súa profesionalidade. De aí que socialmente se recoñeza esa bagaxe profesional ao formular as certificacións profesionais; algo moi importante que non queda recollido neste texto.

Neste texto incompleto falta máis desenvolvemento en moitos artigos; acabo de poñer agora uns exemplos. Tería que ser unha lei máis ambiciosa. Esperemos que se continúe desenvolvendo nun regulamento posterior. Sabemos que os artesáns e as artesás traballaron arreo para que esta lei saíse adiante. Todo o noso apoio a este sector. E por ese apoio a este sector, a todas estas persoas traballadoras da artesanía, votaremos a favor desta lei.

Este Proxecto de lei de artesanía de Galicia traballámolo moito, dialogando de forma continua coa Asociación Galega de Artesáns e tamén houbo diálogo para chegar os acordos co Partido Popular.

Nalgunha emenda, como xa comentei na miña anterior quenda, chegamos a acordos, chegamos a unha transacción, porque estamos dispostos a falar, porque falando enténdese a xente.

Aquí está o Grupo Parlamentario Socialista disposto a chegar a acordos, a dialogar, a chegar a consensos, pero hoxe en día é unha mágoa que algúns partidos e algúns políticos só estean na crispación constante. E non son capaces nin tan sequera de sentarse a falar da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, que leva cinco anos bloqueado. Teño que recordar que a democracia é diálogo, é consenso e é acordar. Algo moi importante en democracia. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Esta lei que hoxe votamos quero sinalar que é un logro, un logro do sector da artesanía, que presionou a Xunta de Galicia para que cambiara esta lei do 1992, que xa estaba obsoleta. O

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sector da artesanía cambiaría moitas máis cuestións, somos conscientes, pero temos tamén a esperanza de que todo o que quedou sen desenvolver nesta lei se faga máis pronto que tarde nese regulamento. E se non farémolo nós cando gobernemos esta comunidade autónoma. Non vos preocupedes que se non o faremos nós.

E quero rematar cun escrito da Asociación Galega de Artesáns, que nos fixeron chegar —e cito textualmente—: «Chegamos a este punto despois dun traballo de anos no que a Asociación participou activamente coa idea de mellorar e actualizar a lei vixente. Pensamos que a nova lei satisfará parcialmente o que consideramos que son as necesidades do sector, que agardamos que sexan cubertas co desenvolvemento regulamentario, para o que entendemos que é imprescindible seguir sendo escoitados e escoitadas como representantes acreditados do sector artesán. A nova lei non é un punto final, senón que será un punto de partida».

Sempre estaremos a carón da artesanía de Galicia. Creo que necesita o apoio de todos e todas nós.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Imos saudar os alumnos de quinto de primaria do Colexio San José de Cluny, de Santiago de Compostela. Dámoslles a benvida ao Parlamento e tamén aos seus profesores que hoxe nos acompañan.

Continuamos co debate.

Ten agora a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Señora Sanz, empezou vostede a súa intervención dicindo que a artesanía hai que entendela como patrimonio e cultura. E eu pregúntolle: ¿por que non o recolle así a lei?, ¿por que non aparece na lei a artesanía como un ben patrimonial e cultural de Galiza? Esa é a nosa principal oposición a esta lei, que non recolle o significado do que supón a artesanía para o noso país. A marca Galiza non se consegue globalizando unha artesanía que ten que ser identidade do noso país, que ten que ter unha identidade propia que a valorice e a poña onde ten que estar.

Dixo vostede de tantas cousas... O primeiro de todo, pedirlles desculpas aos señores e señoras deputados do Partido Popular e á consellería por darlles tanto traballo: vinte emendas e encima con tan tampouco contido. Entendo que lles moleste que non poida facer referencia a elas.

Eu teño este titular, que é do 20 de abril de 2023. *(A señora González Iglesias amósalle unha copia dun periódico á Cámara.)* Un titular de prensa que di claramente cal é a intención, a única intención

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desta lei: «A Xunta quere duplicar o número de artesáns cunha nova lei». Aquí do que se trata é de subir números, *ser los primeros*, á custa do que sexa, aínda que sexa de cargarnos a artesanía galega. Non todo vale. Aquí non falamos de cantidade, falamos de calidade, de ter unha artesanía propia, que teña valor e que nos identifique e que sirva para situarnos no mundo.

Esta lei que imos aprobar hoxe, no tempo de desconto do Partido Popular no Goberno galego, vai abrir a porta a ser recoñecidas —insisto— como artesanía actividades que non o son, que utilizan medios mecánicos que desvirtúan o concepto de artesanía. E o que teñen que facer é poñer en marcha políticas de apoio a empresas galegas, para que poida haber empresas de creatividade, de cultura, de —como dicía vostede— esa definición de artesanía «de obxectos de deseño e decoración», que non son artesanía. Non todo ten que ser artesanía, señora Sanz.

Insisto: o Partido Popular díxolle «non» a un plan cuadrienal para a artesanía, a un calendario anual de feiras, a crear unha feira internacional de artesanía na Galiza, a cumprir a lexislación en materia de igualdade. Non o dicimos o BNG, dillo a Secretaría Xeral de Igualdade no informe de impacto de xénero. E nós non dicimos que haxa que cumprir; diciamos na nosa emenda que hai que tomar as medidas necesarias para cumprir a lexislación en materia de paridade. E o Partido Popular dixo «non», dixo «non» a cumprir a lexislación en materia de igualdade. Di «non» a acoutar a definición de artesanía, para evitar que o recoñecemento como artesanía de actividades que non o son desprestixie e desvalorice unha actividade que é o noso patrimonio, e que ademais vai supoñer —como xa dixen— a desvalorización da nosa artesanía.

Máis artesáns non é igual a prestixio. O prestixio gáñase con calidade e con identidade. Incrementar obradoiros, ¿á custa de que?, ¿de perder esa identidade?

Mire: a artesanía é unha actividade económica, ten que ser algo que atraia as novas xeracións e que permita a remuda xeracional, pero non á toda custa.

O Bloque Nacionalista Galego non imos votar a favor desta lei, porque sería ir en contra dos intereses das artesás e dos artesáns do noso país; ir contra unha actividade que ten que identificarse como a nosa cultura e o noso patrimonio.

Tocaranos a partir da primavera volver redactar unha nova lei que recolla esa artesanía que, de verdade, vai poñer o noso país no mundo e que vai diferenciarnos da artesanía de Nova Zelandia ou de América do Sur. A artesanía galega ten identidade propia e temos que conseguir salvala á custa de regulala e de ter unha lexislación que así o faga.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora González, acusounos vostede de ser nós, o Grupo Parlamentario Popular, os do «non». Pero teñen que recoñecer que os do perpetuo «non» son vostedes, e isto traerá como consecuencia que o titular de mañá ao que vostede se refería, moi a pesar do colectivo dos artesáns, parece que será que «O Grupo Nacionalista Galego non apoia o marco regulador da artesanía de Galicia, que si está apoiado polo sector». *(Aplausos.)*

Señora Gallego, para o seu grupo parlamentario o noso agradecemento polo manifestado respecto de que si que van apoiar este texto legal. Este grupo parlamentario, o Goberno galego e os artesáns seguro que llo agradecerán.

Ben, gustaríame facer referencia nesta segunda quenda á marca «Artesanía de Galicia», á cal este proxecto de lei lle dedica o artigo número 10. A marca «Artesanía de Galicia» é recoñecida polas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma que contou con marca propia, xa no ano 2001. E hoxe é xa un selo recoñecido como sinal de calidade, reflexo dun sector moi heteroxéneo pero con obxectivos comúns.

«Artesanía de Galicia» estase a consolidar como unha das marcas de referencia que, cada vez máis, os consumidores buscan non só dentro da nosa comunidade, senón tamén fóra dela.

«Artesanía de Galicia» está cada vez máis presente no noso comercio de proximidade, constituíndo un produto de consumo para os de aquí, pero tamén erixíndose nun elemento dinamizador do turismo, para que os visitantes que se achegan a Galicia aprendan a coñecernos non só polas nosas paisaxes, pola nosa gastronomía ou polos nosos monumentos, senón tamén polo noso patrimonio inmaterial e polo noso extraordinario talento creativo e artesanal. Nos últimos anos estamos a ver como os procesos artesanais e o valor do talento local están a ter cada vez máis aceptación entre os consumidores.

Afortunadamente e a diferenza do que ocorría hai anos, nos que o global o inundaba e tinguía todo, a corrente actual nos diferentes escenarios e territorios, aquí e acolá, é o regreso da posta en valor do produto feito á man, empregando o tempo necesario. O chamado *slow made* é unha realidade e o consumidor final aposta polo local, polo próximo, polo sustentable e, sobre todo, polo saber facer e pola identidade desas mans e dese talento que están detrás de cada peza artesanal.

Asistimos tamén ao achegamento de grandes empresas de moda ou decoración, que, cada vez máis, gustan asociarse aos valores que representa a artesanía, porque estes oficios encaixan á perfección coas últimas tendencias de consumo local e consciente de produción sustentable ou de economía circular.

A artesanía ofrece ese valor engadido de exclusividade cada vez máis demandado. E falamos tanto da artesanía tradicional máis vencellada á nosa cultura ou ao noso territorio como da artesanía contemporánea. A mestría dos oficios tradicionais combínase en perfecta harmonía

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con novos produtos de deseño máis contemporáneos, nos que os novos materiais, a innovación e as novas tecnoloxías teñen cada vez maior relevancia.

Remato xa, señorías. Durante a miña intervención falei varias veces da importancia que para este grupo parlamentario ten a implicación do sector na elaboración deste proxecto de lei. En relación con isto gustaríame rematar a miña intervención reproducindo as palabras que se nos trasladaron desde a Asociación Galega de Artesáns, sabedores de que hoxe celebrabamos este pleno, palabras que agradecemos profundamente:

«Chegamos a este punto despois dun traballo de anos nos que a Asociación participou activamente coa idea de mellorar e actualizar a lei vixente. Gustaríanos que a redacción proposta poida contar co apoio de todos os grupos parlamentarios, e así llelo imos comunicar a todos eles. Pero non o consideramos un punto final. Agradecemos as consultas e os contactos cos distintos grupos para todo este proceso como entidade representativa do sector, que deu como resultado o texto que se debaterá no pleno. Isto será un punto de partida. Pensamos que a nova lei satisfará parcialmente o que consideramos que son as necesidades do sector, que agardamos que sexan cubertas co desenvolvemento regulamentario, para o que entendemos que é imprescindible seguir sendo escoitados, e poñémonos xa en disposición para tal fin».

Fermosas palabras que agradecemos profundamente e sobre as que ademais recollemos o guante.

Esta lei que hoxe aprobaremos non é máis que un punto de partida dun camiño que nos permitirá garantir o futuro dun dos bens máis prezados da nosa identidade, a artesanía galega, e desexamos igual que vostedes que o contido do regulamento que se desenvolverá posteriormente conte tamén coa colaboración do sector.

Congratulámonos tamén de que recoñecidas artesás como a grande Elena Ferro —coñecida por todos vostedes— entendan que a artesanía de seu avó, que lle serviu de berce e de onde naceu a súa paixón, debe avanzar e evolucionar a favor de novas tecnoloxías, e tamén que esta artesá poña en valor o apoio e a guía da Fundación Pública Artesanía de Galicia cara ás novas sinerxías xeradas que ás veces —di ela— «un exceso de dedicación ao traballo non permiten entender». Tal como nos facía ver nun recente artigo publicado en *Sermos Galicia*.

Ben, —remato xa— gustaríame que as últimas palabras fosen de recoñecemento ás figuras das mestras e dos mestres artesáns. Da súa experiencia e do seu fondo coñecemento do oficio, reflexo do inxente patrimonio inmaterial que pode e debe ser transmitido ás futuras xeracións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ten agora a palabra, porque así mo solicitou, a conselleira de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Déanlle voz ao escano da conselleira. *(Pausa.)*

A ver se os servizos da Cámara lle poden dar voz ao escano da conselleira.

Agora.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Agora.

Moitas grazas, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

Quero saudar, en primeiro lugar, os artesáns e as artesás que están hoxe aquí e que nos acompañan na Cámara.

Hoxe, trinta e un anos despois de que se aprobara esa primeira Lei de artesanía de Galicia, estamos a vivir o fin dun camiño e máis ben o inicio doutro coa aprobación dunha nova norma que permitirá impulsar este sector cara ao futuro, e impulsalo como unha actividade económica contemporánea, sostible e xeradora de emprego vencellado ao territorio.

Por iso, esta lei busca crear un marco xurídico adaptado a esta nova realidade do sector artesanal galego e, fundamentalmente, en dúas liñas: mantendo e promovendo a súa importancia social, a súa importancia cultural, identitaria, económica, pero tamén incrementando a súa profesionalización e a súa competitividade, apostando por un sector forte e, ademais, perdurable no tempo.

Pór en valor e protexer o noso e dignificar o labor dos profesionais son os xermes que dan lugar a esta nova lei, que nace con vocación de grande acordo, representando o sector e dando resposta ás súas necesidades.

Así que por todo iso grazas. Grazas a todas e todos os que participaron para mellorala, por suposto a toda a sociedade e ás organizacións, a todos os artesáns e todas as artesás. Grazas tamén a todas vós, señorías, pola vontade de acordo, polo traballo realizado, porque coas súas emendas e aportacións contribuíron a mellorar e a fortalecer o texto. E permítanme tamén facer extensivo este agradecemento ao corpo de letrados deste Parlamento, así como ao resto de todo o persoal que colaborou e que participou na tramitación desta lei. Unha lei que permitirá aprobar —tivérame gustado que fose por unanimidade— unha nova Lei de artesanía para Galicia, unha nova lei para que Galicia siga impulsando un sector con pasado, pero tamén, por suposto, con presente e con moitísimo futuro.

Desde aquí todo o meu recoñecemento e o recoñecemento do Goberno de Galicia aos artesáns e ás artesás de Galicia, polo seu traballo, pola súa contribución ao patrimonio, á cultura e ao desenvolvemento económico de Galicia, contribuíndo á preservación da cultura e da tradición, xerando emprego e desenvolvemento económico, promovendo o turismo e a atracción de visitantes, fomentando a creatividade e a innovación, conectándoos co medio ambiente e

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

coa sustentabilidade, sendo a base dunha economía local sólida, fortalecendo a nosa identidade nacional e apostando polo intercambio cultural e comercial. É indiscutible pois que a súa preservación e promoción son elementos clave para o noso enriquecemento cultural.

Estou moi satisfeita e moi orgullosa de que todos estes valores da artesanía de Galicia nos unan a todos hoxe nesta Cámara, a todos os galegos e as galegas para falar de artesanía; de que nos unan para promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica e sostible, para garantir a súa protección, para manter canles de colaboración e cooperación entre o sector e os poderes públicos, para asegurar a súa pervivencia, potenciar a súa expansión e comercialización, impulsar a súa profesionalización ou consolidar o relevo xeracional ao integrar novos talentos.

Señorías, hai un parágrafo na exposición de motivos desta nova lei que creo que recolle e resume á perfección o que acabo de manifestar e que di así: «A artesanía do século XXI é mestura de tradición e innovación, de arraigamento e modernización, de sostibilidade e progreso, pero, sobre todo, a artesanía galega son os nosos artesáns e artesás, que crean pezas únicas e transmiten os oficios e os valores artesanais ás futuras xeracións, situando a actividade artesanal como fonte de desenvolvemento cultural, social, turístico e económico».

Así que protexamos o noso, valoremos o auténtico e sigamos impulsando a nosa artesanía, embaixadora da marca Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pausa.)

Continuamos cos textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse dúas emendas á totalidade de devolución polo Grupo Parlamentario Socialista e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González, por un tempo de quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Os galegos e as galegas sentímonos moi orgullos da nosa cultura; unha cultura plural e diversa, que nos cohesiona, nos define e é unha fonte inesgotable de riqueza económica e riqueza emocional.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe a cultura galega atravesa por un momento de gran vitalidade. Nunca houbo en Galicia unha cultura tan dinámica, profesional e competitiva como agora. Así o demostran todos os indicadores. A actividade económica vinculada representa máis do tres por cento do noso PIB. O emprego está por riba das cifras previas á pandemia; xa representa máis do 3,6 por cento, o que se traduce en trinta e cinco mil profesionais. Son estes datos do Consello da Cultura Galega.

A oferta que se desenvolve na nosa comunidade segue unha tendencia positiva, acadando a súa mellor valoración histórica en calidade e innovación. Esta é unha información da prestixiosa Fundación Contemporánea. En consecuencia, aumenta a demanda e o gasto das familias neste ámbito.

Ademais, mantemos unha cultura popular de base, viva, que agrupa máis de cinco mil entidades no conxunto do territorio. Na última década, a cultura viviu unha auténtica transformación, soubo reinventarse e desenvolver todo o seu potencial, creando novos formatos, ganando público e mellorando a oferta. Desde o Goberno galego temos o deber de garantir que todas as persoas poidan participar desta riqueza e que o fagan plenamente e sen impedimentos, accedendo a ela como un dereito persoal.

Despois de superar todos os trámites e de ser aprobada polo Consello da Xunta hai unhas semanas, hoxe presentamos nesta Cámara o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible, co que damos un paso decisivo para facilitar a participación efectiva e real de todas as persoas neste ámbito.

Estamos diante dunha lei pioneira en España e en Europa, que cubrirá por primeira vez este baleiro e regulará de xeito integral o acceso á cultura en termos de inclusión e accesibilidade.

¿Por que esta lei? Queremos actualizar o noso ordenamento xurídico para responder ás necesidades da Galicia contemporánea, plural e diversa. Queremos conciliar a cultura coa realidade das diferenzas que presentan as persoas, especialmente aquelas pertencentes a colectivos cuxa situación poida significar un obstáculo de participación. Queremos apoiar e dar visibilidade á creatividade e ao talento artístico de todas as persoas e queremos facelo de xeito normalizado e sen estereotipos.

Non podiamos elaborar esta lei sós, e por iso iniciamos un proceso participativo, primeiro, para que esta lei sexa realmente útil para as persoas que o precisan e se van ver beneficiadas pola mesma, e, segundo, para que teña garantía de permanencia no tempo. En total, durante o proceso de redacción realizamos sete grandes xuntanzas nas que participaron cincuenta e cinco entidades públicas e privadas, que realizaron achegas tanto na fase de consulta como nos informes e alegacións. A proposta que traemos hoxe a esta cámara é, polo tanto, froito dun traballo de diálogo coas persoas e colectivos culturais vencelladas ao ámbito da lei.

Obxectivos. Plantexámonos eliminar os obstáculos e barreiras que impiden o acceso e a participación na vida cultural, pero tamén facilitar as condicións que garantan a inclusión plena de todos e todas. Con esta visión transversal abarcamos dous grandes eixos: por unha banda,

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a vertente centrada no acceso e o fomento do consumo de produtos de servizos culturais, e, pola outra, a vertente creativa, para dar visibilidade ao talento artístico de todos aqueles que queiran crear cultura, con independencia da súa situación.

¿Como o faremos? Para concretar os anteriores obxectivos, desenvolveremos un total de sete grandes liñas de actuación: creación, sensibilización, formación, eliminación de barreiras, impulso de cultura no rural e emprego de novas tecnoloxías.

A primeira liña de actuación céntrase no fomento da creación cultural. Imos fomentar esta en todas as súas vertentes e en todo tipo de persoas e colectivos sociais, promovendo para isto liñas de estímulo que teñan en conta a diversidade social ou variables como o territorio. Queremos acadar unha maior participación nas actividades de creación cultural de todas as persoas, especialmente aquelas que poidan ter máis dificultades para facelo. Tamén buscaremos dar unha maior visibilidade á muller, co fin de paliar o déficit de produción cultural feminina.

A segunda liña de actuación está dirixida á posta en marcha de medidas para a adaptación da programación. É fundamental asegurar que todas as persoas poidan acceder ás propostas culturais que se desenvolven en Galicia, facilitando para iso as ferramentas que permiten e posibilitan o pleno acceso, como poden ser os subtítulos, a linguaxe de signos ou as sesións descontraídas, entre outras.

Galicia xa é pioneira nalgúns destes aspectos. Por exemplo, o Centro Dramático Galego foi o primeiro de toda España en desenvolver unha aplicación específica que permite axustar en directo substitutos, signos e discreción do audio das obras.

Pola súa relevancia na sociedade contemporánea, a terceira liña de actuación pon o foco na fenda dixital. Moitas das dificultades con que se atopan algunhas persoas, especialmente as de maior idade, para acceder á cultura están relacionadas coas novas tecnoloxías. Para resolvelo, favorecemos o desenvolvemento de ferramentas dixitais e tecnolóxicas comprensibles, garantindo que os contidos cheguen a todo o mundo. Non se debe esquecer, neste caso, a demanda analóxica nin deixar de lado os colectivos aos que o uso de equipos tecnolóxicos lles supón unha maior dificultade. Neste senso, incluímos no texto a importancia de avaliar o público destinatario para tomar medidas como a reserva de entradas para a venda en billeteiras físicas.

En cuarto lugar, poranse en marcha actuacións de impulso á cultura dende o rural. É necesario actuar tendo en conta a estrutura da ordenación do territorio galego. No noso caso, isto é unha fonte de riqueza e diversidade, pero tamén é un reto desenvolver unha programación para toda Galicia. Esta lei obrigará as administracións a examinar a singularidade da xeografía galega para garantir que os servizos culturais cheguen a todos os concellos, especialmente aqueles que están ubicados nas zonas con menor densidade demográfica. Tamén fomenta a adaptación dos formatos para apostar por servizos móbiles ou itinerantes que chegan a todas as persoas; xa temos tamén por exemplo en marcha unha proposta con grande éxito como son as furgotecas, que este ano 2024 reforzaremos.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como dicía, esta lei busca a eliminación de todas as barreiras, no sentido amplo da palabra. Son moitas as que poden limitar a participación efectiva na cultura, non só físicas senón tamén cognitivas, sociais, comunicativas, territoriais ou mesmo económicas. No caso destas últimas, imos promover que en todas as actividades nas que participe a Xunta e que sexan de pago exista unha reserva de prazas con descontos e con gratuidade para determinados colectivos en risco de exclusión por motivos socioeconómicos.

A sexta liña céntrase na formación. Co fin de que estas medidas teñan éxito, poremos á disposición dos empregados públicos un amplo programa formativo para que sexan capaces de dar resposta a estes aspectos, e farémolo por suposto en colaboración cos principais colectivos. Ademais, potenciaremos a investigación e innovación, para dotar o tecido cultural de novas ferramentas, materiais e formatos que procuren accesibilidade universal.

Finalmente, esta lei propón a creación de distintos instrumentos de xestión, instrumentos de xestión que permitirán levar a cabo todas estas propostas. Poñeremos en marcha, elaboraremos o primeiro Plan de accesibilidade e inclusión cultural, unha folla de ruta que se desenvolverá en dúas partes: unha primeira que se centrará en analizar a situación na cal nos atopamos neste momento e unha segunda na que se desenvolverán as propostas de mellora necesaria.

Este plan será tamén o que concrete as actividades e accións que se porán en marcha no marco desta lei, para garantir con iso o acceso universal de todas as persoas á cultura. Realizarase no prazo de dous anos dende a entrada en vigor da lei, a través por suposto dun proceso participativo.

Ademais, tamén nese período porase en marcha o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, que contará coa presenza de representantes da administracións públicas e entidades privadas do tecido asociativo social e das industrias culturais. O obxectivo deste instrumento é asesorar, avaliar, colaborar e elaborar informes, estudos e propostas de actuación e, ademais, será o encargado de asegurar o cumprimento das medidas que se desenvolvan no marco da lei.

En definitiva, estamos dando un gran paso para asegurar o dereito universal á cultura. Galicia volve ser pioneira, esta vez cunha Lei de cultura inclusiva e accesible, que pon o foco precisamente en asegurar o acceso a produtos de servizos culturais e tamén en dar visibilidade ao talento artístico de todas as persoas. Unha norma que, ademais, e como xa dixen, está deseñada e consensuada tanto co sector como cos principais colectivos que se poden ver beneficiados por esta lei.

Agardamos neste sentido, señorías, que todos teñamos altura de miras para poder aprobala. Estamos diante dunha lei que quere incluír todas as persoas para mellorar a calidade de vida da cidadanía a través da cultura, eliminando todas as barreiras que aínda existen (físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais), promovendo a participación efectiva de toda a cidadanía na vida cultural, impulsando a creación e o acceso á cultura, ensanchando a nosa base cultural e tamén mellorando as experiencias e oportunidades de todas as persoas.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En Galicia temos unha cultura enraizada na tradición e que dialoga co contemporáneo. E queremos que todos os galegos e as galegas poidan desfrutar de calquera xeito da nosa cultura e a nosa riqueza cultural.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O acceso á cultura, ben sexa dende a perspectiva da creación ou dende o simple goce, constitúe un dos elementos básicos para determinar libremente a personalidade dos individuos, e por esa razón o dereito á cultura, recoñecido no noso ordenamento xurídico, debe estar garantido sen exclusións e en igualdade para todos e todas. E repito esta cuestión: o dereito á cultura, recoñecido no noso ordenamento xurídico.

Claro, con iso debera bastar, pero a realidade é que existen aínda hoxe grandes obstáculos e dificultades, tanto físicas como sensoriais, económicas, sociais ou mesmo territoriais, que exclúen da participación na cultura moitas persoas e colectivos. Abonda a literatura científica que demostra que a cultura é unha ferramenta con gran capacidade de cambio e útil, ademais, para favorecer por exemplo a erradicación da pobreza, xerar e fomentar espazos abertos á igualdade de xénero e tamén para a inclusión de persoas en risco de exclusión ou colectivos desfavorecidos.

E por todo isto que acabo de dicir podería considerarse oportuna unha lei que garantise unha cultura accesible e inclusiva como a que o Goberno galego presenta hoxe neste proxecto. Eu, señor conselleiro, con todos os respectos, teño que dicirlle hoxe que dá a impresión de que vostede nin leu esta lei —e son só 21 artigos, certo que ten unha parte expositiva longuísima, pero só a lei— nin tampouco estivo atento ao proceso de elaboración. E voulle, ademais, dicir por que; voullo explicar agora mesmo.

Mire, a evidencia é que estamos diante dun pretendido texto lexislativo que peca de tal inconcreción e de tal indefinición que dispor ou non del non vai variar a situación de exclusión cultural de moitas persoas en Galicia. Trátase dunha nova proposta do Goberno galego baleira de contido absolutamente, como agora explicaremos, dun goberno, o noso, que parece máis querer rematar esta lexislatura sumando un novo texto normativo ao seu haber que solucionar de maneira efectiva esa situación de exclusión cultural de moitas persoas que efectivamente existe.

Mire, tal e como advirten entidades que traballan nos eidos da inclusión e da diversidade consultadas, señor conselleiro, desas entidades coas que se supón que vostede mantivo xun-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanzas, resulta algo usado, e dicimos só usado, pero resulta algo usado pretender aprobar unha lei que di pór o foco en determinados colectivos con serias dificultades para acceder á cultura en igualdade, cando, por comezar xa só polo principio, a propia normativa nesta materia galega, e non só sobre inclusión social ou accesibilidade, é sistematicamente incumprida, sistematicamente incumprida, por certo, por suposto, polo noso Goberno.

Das achegas realizadas durante o trámite de consulta pública do anteproxecto por esas entidades advírtese unha preocupación común de todas esas achegas. E vostede leu ou tivo oportunidade de ver o expediente completo, e vería, observaría efectivamente que hai un denominador común, que é a preocupación por que a lei sexa quen de dar resposta ás necesidades concretas de cada colectivo.

Nos informes nese expediente, o informe da Consellería de Cultura, o que resposta a esta inquedanza é, claro, que esta non se trata dunha lei pensada só en exclusiva para os colectivos desfavorecidos, senón que estamos diante dun proxecto de lei que se destina a todas as persoas, a todo o mundo. Claro, esa afirmación deixa xa entrever o descoñecemento e o escaso interese, real, que ten esta norma, que nin atinan tampouco no público a quen se dirixe. Precisamente por ser unha lei pensada para garantir a igualdade no acceso á cultura, terán vostedes que pensar nela para dirixila a colectivos concretos que se atopan nunha situación de desigualdade.

E mire, señor conselleiro, e agora imos aquí, porque neste tempo tiven oportunidade de coller o ordenador e facer unha pesquisa. Mire, ningún dos 21 artigos de que se compón esta lei supón unha obriga real e efectiva nin para as administracións públicas, moito menos para a galega, nin para o ecosistema cultural, senón máis ben que o que hai aquí é unha concatenación de termos eufemísticos, aos que nos teñen xa moi acostumadas —é certo—, ese contido de pouco máis que «promover» ou «fomentar».

Mire, acaba vostede de dicir, vendendo as excelencias deste proxecto de lei, estas palabras: este texto —textualmente— «obrigará» —primeira expresión—; segundo, dixo: «para garantir»; terceira cuestión, dixo: «asegurará», e outro: «promoverá». Ben, a palabra «obrigar» non está neste texto, a palabra «asegurar» tampouco, e faga vostede unha pesquisa; é moi fácil: tampouco aparece. ¿Que van vostedes obrigar e asegurar? E é máis, é que a palabra «promoverse» si que aparece, pero con outro verbo adiante, e están todo o tempo en que aparece a palabra «promover» con «poderán promover», «poderán promover» e «poderán promover». E é o único que fai vostede; se non, dea lectura por favor ao artigo 10.2, cando di que van vostedes establecer unha serie de mecanismos para asegurar esa venda de entradas a colectivos menos favorecidos e que haberá unha reserva de prazas. Verá vostede como non están hoxe aquí garantindo absolutamente nada. O que van vostedes estudar, o que van vostedes facer, é «poderá establecer», «poderá promover», «poderá», «poderá», «poderá». Dígame vostede se isto lle parece serio e isto dá conta dun compromiso real.

Como digo, os mecanismos e propostas para conseguir os obxectivos propostos quedan sen definir neste proxecto, e lembremos —isto é importante— que non estamos hoxe tratando aquí unha proposición non de lei, estamos hoxe tratando aquí un proxecto de lei, un Proxecto

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia que debera ser moito máis explícito, xa non digo moito máis, algo explícito; debera ser explícito contemplar accións destinadas ás necesidades concretas dos colectivos concretos, tamén a quen se dirixe, e non deixalo despois a un desenvolvemento regulamentario, que parece que foi do que hoxe vostede veu aquí falar, dese desenvolvemento regulamentario posterior, que pode ser ou non obxecto de consenso coas entidades das que falou aquí agora; e, o que é peor, dada a nefasta experiencia que temos, pode ser que ese desenvolvemento regulamentario chegue aquí pasada unha década ou que non chegue, ou que non chegue. Porque lembremos que a súa consellería ten algunha lei hoxe que xa ten anos e aínda está sen desenvolver regulamentariamente na súa totalidade.

Así, ademais, o que estamos dicindo nós aquí constátano as propias entidades que traballan no ámbito da discapacidade, que advirten textualmente, textualmente, nas súas achegas, nas que textualmente din que o texto dispón previsións xerais insuficientes, que non xeran efectividade por si mesmas, señor conselleiro. Son esas entidades que vostede di, coas que está este texto, coma sempre, dialogado e consensuado con todo o sector. Ben, pois estas entidades son as que din que esta lei non vai ter efectividade.

E falan dos dereitos culturais das persoas con discapacidades, e din estas entidades que estas persoas presentan unha serie de factores de risco e barreiras que tiñan que estar analizadas cunha diagnose específica que permita abordalas con detalle. ¿Onde está esa diagnose, señor conselleiro? ¿Como van saber vostedes a quen lle diriximos unha lei, un novo marco normativo, se non teñen nin en conta cales son realmente? ¿Cal é a situación de partida? ¿Vana ter en dous anos? Si.

Mire, o propio Consello Económico e Social, que manifesta a súa satisfacción pola oportunidade desta lei, que nós efectivamente compartiamos de entrada, compartiamos cando menos cando coñecemos o título da lei, tamén se suma ao que din estas entidades, e advirte no seu informe da súa inquedanza —textual tamén, ¡eh!, aquí non estamos inventando nada— polo «limitado contido concreto do texto presentado», que cualifica o propio CES de «declaración de intencións ampla e case sempre en termos de favorecer ou promover». Señor conselleiro, o CES di: «declaración de intencións ampla e case sempre en termos de favorecer ou promover», o propio Consello Económico e Social. Falaba do anteproxecto obviamente, pero é que non foi corrixido despois no proxecto, é moi moi similar. É máis, case é máis restritivo o proxecto de lei que presentan vostedes hoxe aquí que o anteproxecto.

E é que o propio CES tamén sinala acertadamente exemplos desa inconcreción, por certo, de igual xeito que o Consello da Cultura Galega, e a nós parécenos absolutamente demencial que a Consellería de Cultura teña sempre esquecido o Consello da Cultura Galega. Evidentemente, pídenlle o seu informe, non fixeron así coa Lei de museos, pero esta vez teñen en conta o Consello da Cultura Galega, e non aparece nunha lei que trata da cultura accesible e inclusiva; nin nese observatorio contan con representación do Consello da Cultura Galega, non aparece mencionado. Non sei, déanlle unha volta, déanlle unha volta ao que supón para vostede ese, como digo, único órgano estatutario en materia cultural.

Como dicía, o CES sinala acertadamente como exemplos desa inconcreción, tamén o di o Consello da Cultura Galega —e cito textualmente—: «a ausencia de referencia a un plan de

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acción, estratexia, medios e persoal necesarios, horizonte temporal ou prazos para acadar os obxectivos propostos. A falla de definición de apoios» —importante, apoios—, «recursos que permitan unha adaptación ás obrigas que se establecen nesta nova regulación, ou a ausencia de medidas e medios concretos que eviten as barreiras que supoñen as ferramentas dixitais para os colectivos máis vulnerables». Nada disto corrixiron, señor conselleiro, nada disto.

Tamén a propia Presidencia da Xunta de Galicia —sei que foi moi ao principio da tramitación deste proxecto de lei— advertía no seu informe das numerosas eivas. O informe é demoledor, case para que volvesen vostedes comezar polo principio. Non o fixeron, obviamente tamén.

¿O único positivo que recolle esta lei? Dúas cuestións: o Observatorio de Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia e o Plan de accesibilidade e de inclusión cultural. Aí concordamos. Son as dúas cuestións, un plan e un observatorio, cos que nós concordamos na súa necesidade. Pero chegamos tarde, señor conselleiro. ¿Realmente era necesaria esta lei para contar cun observatorio e cun Plan de accesibilidade e inclusión cultural? ¿Non podían existir xa antes estas ferramentas? Non, non podían, non podían. Ben, pensando tamén, certo é, confiamos en que cando exista ese observatorio —se existe algún día— funcione bastante mellor que calquera outro dos que vostedes poñen en marcha.

Pero ¿realmente nos van facer vostedes crer que, para que teñamos a diagnose da situación, que sería ese plan ou a ferramenta que vele polo cumprimento de calquera lei, era necesaria unha lei? Non era necesaria, e sabe ben que non era necesaria esta lei.

Por certo, unha lei na que aínda por riba, se o anteproxecto marcaba un ano para o establecemento deste plan, para a elaboración deste plan, e un ano tamén para a creación do observatorio, resulta que chega o proxecto e xa son dous; xa son dous anos, dous anos para ter elaborado un plan e un observatorio, unha vez que teñamos a lei aprobada.

Por certo, dous anos para un plan que a propia lei di que ten como obxecto detallar a situación de partida. A ver se o entendemos. O que debera de ser un punto de partida para traballar nunha lei resulta ser unha consecuencia do propio texto lexislativo. É que nin pés nin cabeza ten este texto, nin pés nin cabeza.

Ben, aquí imos a algo que tamén é absolutamente importante, como que esta lei non vai supor custo económico ningún. Con iso vostedes xa o están dicindo todo. Unha lei, coma esta, que non vai supor coste económico ningún. Repetimos: falamos dunha lei que contempla a elaboración dun Plan de accesibilidade e inclusión cultural, falamos dunha lei que contempla a creación dun observatorio, e que asume como necesidades —que non concreta, é certo— de formular solucións á eliminación de barreiras físicas, tecnolóxicas, sensorias e mesmo territoriais que sexan fonte de exclusión, e todo isto non lle vai supor nin un só euro ao erario público.

Queda todo dito. Claro, ¿quen vai crer, señorías do Partido Popular, señor conselleiro, na vontade real deste goberno por atender aos dereitos culturais de todas as galegas e galegos? É imposible, é imposible diante deses poucos artigos, tantos como 21.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A cuestión é —e pensamos que estas son as preguntas que hai que facerse para saber se esta lei vai ter algunha efectividade— preguntarse: ¿en que, señor conselleiro, lle vai cambiar a vida a un artista de rúa —por certo, un dos grandes colectivos excluídos desta lei— unha vez que se aprobe esta norma? ¿Vai notar algún cambio no acceso á cultura unha muller víctima de violencia machista, señor conselleiro? ¿Vai conseguir acceder con menores dificultades á cultura unha persoa con discapacidade visual? ¿E unha con mobilidade reducida? ¿Vai cambiar o dereito á cultura que ten unha muller do Saviñao, por exemplo, unha vez que aproben esta norma? A resposta é non, a resposta é non.

¿E que vai pasar se non cambia nada? Pois a resposta aínda é peor: é que non vai pasar nada, porque esta lei tampouco contempla ningunha consecuencia do seu incumprimento, señor conselleiro. Ría, ría, pero estamos falando de algo moi serio.

Por todo o que acabamos de dicir, e non me vou estender máis, que non é pouco, por certo, solicitamos a devolución deste texto, co que concordamos efectivamente na súa necesidade pero dende logo non na súa formulación.

Tomen en serio esta materia, tomen en serio a situación destas persoas que viven nesta situación de exclusión cultural —que son moitas no noso país—, procedan a unha diagnose seria, aproben ese plan sen necesidade desa lei, ese plan necesario para saber de onde partimos, fagan unha diagnose seria e rigorosa, busquemos un consenso realmente necesario, como digo, para o que merecen todas esas persoas do noso país que se atopan nesa situación de exclusión cultural.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Bo día, señorías.

Señor conselleiro, din por aí, mesmo xa chegou até Euskadi, que ao Partido Popular se lle está facendo esta lexislatura un pouco longa, que vai adiantar as eleccións; polo tanto, entendemos que é hora de facermos avaliación. *(Aplausos.)* É o momento de facermos avaliación da política cultural que leva aplicado o Partido Popular dende hai trece anos, e boa parte deles baixo o seu mando, baixo a máxima responsabilidade como conselleiro.

Hoxe estamos aquí, despois de algo máis de setenta plenos, e teño que lembrar que esta cámara só asistiu a unha única comparecencia súa, a petición propia, centrada na cultura. Creo que iso xa avalía por si mesmo o proxecto de política cultural asinado por vostede. Pola contra, tamén teño que dicir que si se viviron moitos debates impulsados desde o BNG nesta cámara, ás veces vía interpelación, ás veces vía pregunta oral dirixida directamente a vostede, ou outras veces baixo a fórmula de proposición non de lei, cuxas propostas de resolución tamén teño que lembrar que sempre contaron co voto negativo do Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Algún deses votos do seu grupo parlamentario en contra da cultura galega foron, por exemplo, para dicir non á nosa petición para fixar por lei nin máis nin menos que o 1 por cento dos orzamentos dedicados á cultura galega; ou para dicir non á nosa proposta de recoñecer a cultura como un ben esencial, algo que xa sabiamos e que a pandemia se encargou de ratificar; ou ben tamén a nosa demanda de elaborar unha Lei de dereitos culturais que nos irmande con esas liñas avanzadas, vangardistas, prioritarias que xa se están a desenvolver desde hai un tempo tanto en Europa como en Sudamérica e que agora están empezando a entrar tamén no Estado español, como vemos coa Lei de dereitos culturais de Navarra ou a aprobada este ano en Canarias.

Sobre a cultura galega sabe que tanto nesta lexislatura como nas precedentes o Partido Popular votou sempre en contra das iniciativas do BNG, que nacían —tamén o sabe— sempre do diálogo e do traballo man a man coa propia cultura galega, cun único obxectivo: mellorala e axudala a avanzar, porque é o noso orgullo.

E esa actitude do PP é inexplicábel e incomprensíbel, como tamén foi inexplicábel e incomprensíbel esa vergonza allea que lle fixeron pasar a Galiza ante os ollos do mundo co fracaso rotundo da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade da Unesco, xustificada pola incompetencia e a incapacidade do Goberno para o diálogo coa sociedade, un fracaso do Goberno —dixémolo no seu día e seguímonos ratificando— convertido nun fracaso colectivo.

E ben, tamén é momento logo de facermos avaliación e de facermos balance en materia lexislativa. Esta lexislatura comezaba coa tramitación da Lei de museos —lémbroa perfectamente porque foi dos primeiros traballos parlamentarios nos que tiven que participar—, unha lei que —xa o dixemos tamén no seu momento— nacía baleira de contido, desconectada das novas correntes de pensamento arredor da museoloxía e que condenaba á prehistoria museística este texto xa antes de nacer. E tan na prehistoria debía de estar esta lei que, segundo vostede, era tan pioneira que non tivo até o de agora nin o máis mínimo desenvolvemento.

Non tivo vostede tampouco nestes anos tempo para cumprir coa Lei do libro e da lectura, segue pendente un plan de lectura, tan anunciado como desaparecido. Non tivo tempo para desenvolver a Lei de bibliotecas, nin a Lei de arquivos, nin o Plan de danza, nin sequera toda a materia lexislativa que vostedes redactaron e aprobaron, sempre desde a súa solitaria maioría absoluta. Porque a súa vontade é aprobar leis para construír titulares pero nunca con vontade de seren cumpridas e de axudaren a avanzar á cultura galega. *(Aplausos.)*

Despídese agora desta lexislatura vostede con este Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel; mágoa non ser completado o título con etiquetas como «sustentábel e diversa», e así xa teriamos o menú perfecto para degustar a plena modernidade discursiva; palabras que logo non conducen a feitos.

De novo volven presentalo —xa o fixo o señor Rueda, agora volveuno repetir vostede— como un texto pioneiro, xa non só en España, agora xa no resto de Europa. Eu non sei se o era xa hai máis de ano e medio, dous anos, cando vostedes empezaron a anuncialo, porque tamén

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

chegamos aquí despois dunha secuencia reiterada de titulares e de anuncios. Desde logo agora, á hora de verdade, xa non o é tanto. O tempo pasa para todos, e está claro que pasa factura, e aquí de pioneiro non hai nada, infelizmente.

Nós, por suposto, desde a responsabilidade lemos e analizamos con atención este proxecto de lei, que está constituído por 21 artigos e 5 disposicións finais. E o que concluímos é que temos que pedir devolver este texto e volver a empezar de novo. ¿Por que? Basicamente porque non responde á rúbrica coa que é presentado, non é realmente unha Lei de cultura inclusiva e accesíbel para Galiza.

Imos explicalo, evidentemente. Estamos ante un texto, ao noso ver, incoherente, inconcreto, irrelevante e ineficaz.

Incoherente na forma —xa o di o Consello Económico e Social—, ao se apoiar nunha exposición de motivos cuxa lonxitude é desproporcionadamente longa en comparación coa extensión dedicada ao seu articulado; é dicir, quedaron na exposición de motivos e esqueceron redactar a lei. Incoherente tamén no fondo, pois abrangue a inclusión de forma parcial, sectorial, sen atender á transversalidade; polo tanto, non é integral —como vostede dixo, señor conselleiro—, é sectorial e de parte. A maiores, tamén no fondo incoherente, porque contradí o propio articulado da lei a memoria xustificativa que o acompaña. O artigo 1 di que esta lei ten por obxecto promover as condicións e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a participación na vida cultural de forma efectiva, inclusiva e accesíbel para todas as persoas e a memoria xustificativa que vostedes acompañan di: «A lei que se promove non é unha lei en materia de accesibilidade, tampouco é unha lei en materia de inclusión social, é unha lei en materia de cultura». Nin sequera se aclaran sobre cal é o obxectivo e destinatarios desta lei.

Incoherente —diciamos—, en segundo lugar, porque, para levar canda si na súa rúbrica este proxecto de lei o termo «cultura», resulta que, curiosamente, o sector cultural, as axentes culturais, os xestores culturais estiveron á marxe da tramitación, non sendo consultados, nin tan sequera informados. Este texto parece máis ben doutra consellería e non da súa, de Cultura, señor conselleiro; chegamos a esta tramitación parlamentaria sen que os sectores da cultura teñan coñecido este texto, e iso é moi grave.

En terceiro lugar, dixemos inconcreto, xa que estamos ante unha desiderata, é dicir, un conxunto de desexos e lugares comúns que non conlevan medidas concretas para a súa posta en práctica. E xa o di tamén o Consello Económico e Social. Este proxecto de lei non fai referencia a un plan de acción, estratexia, medios e persoal necesarios, horizonte temporal ou prazos para acadar os obxectivos propostos. É dicir, vostede presenta e defende hoxe aquí unha lei sen ningún tipo de expectativa.

En cuarto lugar, dixemos irrelevante, porque non asume ningún compromiso orzamentario, ningún, que é preciso sempre para facer efectiva calquera lei e, desde logo, máxime para casos que teñen a ver con colectivos con dificultades. ¿Como se vai avanzar sen investir nin un só euro, señor conselleiro? Eficiente, desde logo, vai ser para a Administración; non lle vai custar absolutamente nada; agora, para as usuarias non o vai ser, e iso é o triste deste proxecto de lei.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Constitúe unha eiva de primeira orde a ausencia dun contido claro que comprometa tanto a actuación das institucións públicas como a dos axentes privados para atinxir eses obxectivos de inclusión social e de accesibilidade que se propugna. Este contido que vostede presenta e hoxe defende nesta cámara é máis propio dun texto programático, dun preámbulo ou dun plan que puidera aprobarse sobre a materia que dun texto propiamente legal.

Irrelevante —insistimos—, porque ao día seguinte de ser publicado no *DOG* non vai acontecer absolutamente nada, e esa é a gran decepción que vostede hoxe aquí defende. Non é garante de ningún dereito que non estea xa previamente protexido pola Lei de inclusión, pola Lei de accesibilidade. Tardará como mínimo dous anos en poder activarse algunha actuación, pois ese é o prazo que se contempla para a elaboración do Plan de accesibilidade e de inclusión cultural ou para a creación dun Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesíbel de Galiza. Aínda dous anos máis de espera para facer un informe que faga a diagnose da situación. *(Aplausos.)* ¿Que fixeron vostedes durante trece anos, señor conselleiro, para estarmos aínda no punto de partida?

E remato. A quinta razón era ineficaz. Un proxecto de lei ineficaz, porque non é un instrumento adecuado para abordar a situación que se di que se pretende corrixir.

Polo tanto, entendemos que son razóns todas elas que xustifican que pidamos a devolución deste texto.

Finalizo xa. Cómpre abordar a inclusión na cultura de todas as persoas nas que concorra algún risco de exclusión, nun sentido amplo, mais este proxecto de lei non articula ningún beneficio ou mellora de interese xeral. Esta lei non é unha resposta de garantías, que é o que está pendente, e que segue pendente. A aplicación desta norma fai depender da vontade do Executivo e, polo tanto, da discrecionalidade desenvolver os principios que se recollen nela.

Por iso, desde o BNG estamos traballando man a man coas diversas expresións culturais galegas para traermos a esta cámara un proxecto de lei realmente inclusivo e accesíbel da cultura para o conxunto da sociedade galega; unha lei galega de dereitos culturais de Galiza, transversal e capaz de garantir a igualdade real e material en todo o territorio galego para que sexa quen de eliminar todo tipo de desigualdade e discriminación. Porque a cultura, señor conselleiro, é un dereito e temos a obriga de facérmolo efectivo e comprometido en forma de lei e de forma global, non reducida sectorialmente nin moito menos limitada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As sociedades contemporáneas son cada vez máis diversas. Esa diversidade é ademais alentadora para a creatividade e para a cohesión social. O Goberno galego decidiu elaborar unha norma que facilite o acceso e a participación efectiva á cultura de todo tipo de persoas. É unha norma en materia de cultura. É, polo tanto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a que promove este anteproxecto de lei no ámbito da súa competencia na materia cultural, e quere facelo desde a mirada da inclusión e da diversidade.

É unha lei —como lles recordaba o conselleiro— pioneira, pois é a primeira vez que unha lei regula o dereito de acceso á cultura desde a perspectiva da inclusión e da accesibilidade, sendo estes os principios básicos sobre os que se sustenta o seu contido. Busca propiciar a máxima participación na vida cultural, sobre todo en dous aspectos: dende o punto de vista da creación e produción e dende o punto de vista do acceso e desfrute dos produtos e servizos culturais.

Esta lei ten como destinatarios toda a sociedade galega, pero presta especial atención a aquelas persoas cuxa situación de desvantaxe impide ou dificulta tanto os procesos de creación cultural como os de acceso aos produtos e servizos culturais. Estas situacións de desvantaxe están perfectamente definidas polos riscos de exclusión cultural. A regulación que se quere pór en marcha pretende ofrecer un marco a partir do cal se permita a participación cultural efectiva de todas as persoas, especialmente as que polas súas circunstancias persoais ou sociais se atopen nun contexto de especial dificultade ou discriminación. En definitiva, a lei busca normalizar a creación cultural e a oferta de produtos culturais de colectivos en situacións de risco de exclusión cultural, produtos que non deben quedar agochados ou destinados unicamente ao desfrute de públicos minoritarios.

Pretende tamén visibilizar e apoiar, para que non quede na invisibilidade social, o talento das persoas e colectivos en risco de exclusión. Ese apoio polos poderes públicos é parte do proceso para integrar de forma efectiva na sociedade todas esas persoas. Tamén se trata de facilitar o acceso aos servizos e produtos culturais a todas as persoas baixo as adaptacións que sexan precisas en cada caso e baixo a escoita activa das súas necesidades. E, por suposto, trata de sensibilizar e implicar todas as persoas na cultura da diversidade para conseguir unha sociedade máis igualitaria e máis xusta.

O Goberno galego asume o papel de fomentar a creación cultural e a promoción e visibilidade do talento dos creadores culturais que resultan case invisibles á sociedade pola súa situación de desvantaxe, baixo a convicción de que todas as diferenzas e todas as capacidades enriquecen a nosa sociedade. As programacións culturais públicas estarán pensadas e adaptadas a todo tipo de públicos e asistentes, facilitando, de ser preciso, recursos e ferramentas que permitan o pleno acceso e gozo da actividade. Nas programacións culturais de iniciativa privada a Xunta promoverá a adaptación de todo tipo de públicos e asistentes a todas as actividades que se realicen. No relativo á fenda dixital, favorecerase o desenvolvemento de ferramentas dixitais e tecnolóxicas para garantir que os contidos culturais cheguen a todas as persoas, especialmente aquelas que presenten algún risco de exclusión cultural. Todo isto sen esquecer a demanda analóxica.

Tamén se favorecerá a alfabetización dixital ao longo da vida das persoas, con especial atención ás necesidades daquelas con factores de risco de exclusión cultural. E tamén se promo-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

verán liñas de actuación que loiten contra a desinformación e as novas falsas a través dos medios dixitais.

Fomentarase a dixitalización de todo tipo de materiais e recursos de patrimonio cultural de Galicia, en especial o documental e o bibliográfico.

No referente á eliminación de barreiras —as físicas, as cognitivas, as comunicativas, as sociais ou as territoriais—, promoverase a eliminación de todas elas. Para seguir incentivando, apoiando e fomentando así a creación cultural, poñeranse en marcha liñas tamén de estímulo á creación que teñan en conta a diversidade social e o territorio de Galicia e que permitan acadar unha maior participación das persoas anteriormente citadas, pola súa situación, aínda que teñan dificultades para participar activamente nas actividades de creación cultural.

Impulsarase dende a Xunta a utilización de recursos e programas culturais nas actividades das entidades e centros dedicados ao tratamento de atención terapéutica ou asistencial das persoas.

A lei incide, por suposto, tamén na igualdade de xénero e na visibilidade do papel da muller na cultura, prevendo unha obriga de fomento que axude a paliar o déficit de produción cultural de mulleres.

Tamén incide na formación, na investigación, na innovación, para dotar de ferramentas, materiais e formatos axeitados aos destinatarios de todas estas accións, tendo en conta a procura da accesibilidade universal.

Paso xa un pouco ás emendas á totalidade, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista. Empezando polo Bloque Nacionalista Galego, apuntar que a emenda á totalidade que presentan nin sequera entra a valorar o proxecto de lei, nin valoran que o proxecto de lei poida ter algo positivo. Isto é probablemente porque hai un ano —como vostede mesma recordaba e anunciaba agora de novo— o seu partido anunciou que estaban traballando xa na elaboración dunha Lei integral de cultura para actualizar o mapa público e garantir o dereito ao acceso á cultura; dende hai case un ano non se soubo nada máis dese anuncio. Que a Xunta de Galicia presente este texto legal en tempo e forma loxicamente choca directamente contra os intereses do Bloque Nacionalista Galego. Non tiveron tempo de presentar dende febreiro nin un só papel. E, dende logo, entre a nada que vostedes, señorías do Bloque, están aportando e a lei que presenta a Xunta, unha lei consensuada con colectivos, con asociacións, con entidades, que superou todos os trámites preceptivos e que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, loxicamente o noso grupo prefire a lei do Goberno galego.

O Bloque comeza afirmando que non poden apoiar a Lei de cultura inclusiva e accesible porque as galegas e os galegos deberiamos ter coñecemento previo de cal é o réxime xurídico dos dereitos culturais do noso país. Non levamos sorpresa con esta afirmación, loxicamente, pero saben perfectamente que o dereito á cultura está recollido na Constitución española, no Estatuto de autonomía e nas outras leis que temos desenvolto neste parlamento: a Lei de museos, a Lei de bibliotecas, a Lei de patrimonio, etc.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A emenda á totalidade de vostedes é unha contradición de principio a fin. Afirman que é necesario articular unha lei como a que presenta hoxe o Goberno galego pero que van votar en contra dela. Xa o dicimos dende o principio: non quedan en bo lugar, chegando a decembro co traballo sen facer, sen presentar unha proposta, sobre todo —insisto— despois de anunciar hai case un ano que traballan nunha Lei integral de cultura.

Coa súa posición, o Bloque está votando en contra de que Galicia teña unha lei que garanta o acceso universal á cultura de todos os galegos e as galegas, eliminando barreiras de calquera tipo.

É falso, señoría, que os sectores culturais non participasen neste proceso. ¿Que é o que realmente examina e argumenta o Bloque na súa emenda á totalidade para devolver este proxecto de lei á Xunta? Argumenta, como vostede dixo, que a exposición de motivos é moi longa. Loxicamente, con esta emenda, deixan claro que simplemente, sen ningún razoamento, queren botar atrás esta lei e non a van apoiar.

Din tamén que é pouco concreta —reiteran isto en varios lugares da emenda á totalidade—, pero tampouco é certo. A lei contempla a elaboración dun Plan de cultura accesible e inclusiva, un documento que se deberá presentar, como xa recordaron, no prazo de dous anos e que deberá conter todas as medidas concretas. Este documento, tal e como recolle o texto, deberá ser realizado xunto con todos os colectivos, asociacións e entidades. Ademais, recolle outras medidas concretas, como a creación dun observatorio, ou propostas de tipo descontos ou a promoción dos servizos itinerantes.

Tamén din que a lei non pode supoñer custo, porque o di así un informe de Facenda. Se revisan os orzamentos, señora Queixas, para o vindeiro ano 2024, que aprobaremos cara a finais deste mes, verán que xa se reservaron 60.000 euros para a creación deste observatorio.

No referente ás emendas á totalidade do Partido Socialista, antes de nada, empezar dicindo, sobre algunhas afirmacións das que dixo a señora Díaz na súa intervención, que é falso que a consellería teña algunha lei cultural sen desenvolver, é falso. Tamén falou do informe do CES. Mire, o informe do CES presentou varias observacións á lei, en concreto trece; pois foron aceptadas e recollidas nove, nove si, catro non.

Vendo a emenda á totalidade que presenta vostede, en primeiro lugar estamos contentos, porque están de acordo na necesidade de que exista unha lei como a que presenta hoxe o Goberno galego. Está claro que afirman que a Lei de cultura accesible e inclusiva é máis que oportuna. Non obstante, vostedes continúan afirmando que o proxecto non cumpre os mínimos exixidos e non é máis que unha declaración de intencións, como recordou antes. A indefinición parece ser o único argumento que atopan vostedes nas escasas tres páxinas, por certo, que presentan como emenda á totalidade, probablemente porque non teñen outro tipo de argumento. A lei contempla, como dicía antes, a elaboración do Plan de accesibilidade e inclusión de cultura galega, un documento que será o encargado de concretar todas as accións.

Din vostedes que a lei establece a configuración territorial de Galicia como unha cuestión limitadora, pero en ningún dos artigos explican como se vai corrixir. Tamén é falso,

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque propóñense alternativas, como os formatos móbiles ou itinerantes. Ademais, introdúcese por lei que as administracións públicas de Galicia deberán ter en conta o territorio á hora de programar actividades culturais, e podemos pór o exemplo que xa lles puxo o señor conselleiro: as furgotecas, o grande éxito das furgotecas, que están postas en marcha dende hai uns meses e están realizando unha media mensual de mil préstamos.

A lei foi froito do diálogo con asociacións e colectivos, máis de cincuenta entidades. Por iso non é certo que non se coñece a situación de partida, como afirma o Partido Socialista. O que pretende o Plan de inclusión e accesibilidade é estudar a concreción dos feitos e definilos en detalle para poder propoñer solucións concretas.

Finalmente, cómpre subliñar e insistir en que no prazo de dous anos será o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible o órgano que vai controlar toda esta lei.

Así que, señorías do PSOE e todos os galegos e galegas, poden estar tranquilos, porque se vai cumprir a lei, vaise cumprir o plan e vaise seguir mellorando o acceso á cultura de moitas persoas.

É falso que a lei sexa unha declaración de intencións, todo o contrario, é un texto pioneiro que trata por primeira vez o acceso á cultura dende a perspectiva da inclusión e o acceso universal, polo que xa remato e teño que rematar felicitando a consellería, e por suposto por extensión o conselleiro, o señor Román, polo seu traballo neste anteproxecto de lei que suporá un grande impulso á creación e ao acceso á cultura de todas as galegas e os galegos con independencia das súas condicións persoais, sociais ou territoriais, especialmente aquelas con maiores dificultades de acceso e aquelas que son máis vulnerables.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Ten, en primeiro lugar, a palabra dona Noa Susana Díaz Varela, por tempo de cinco minutos.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Señor Ferro, sobre que mida vostede o ben ou o mal que está unha emenda á totalidade pola súa extensión entendo que vostede non tivo que facer ningunha na súa vida; agardemos agora en breve que supoño que algunha lle tocará se vostede repite nas listas para as próximas eleccións, algunha terá que facer, xa me contará despois.

Mire, si que é certo que é vostede un alumno aplicado, e a min dáme a impresión de que, efectivamente, vostede, si deu conta desta lei, participará no proceso, non en van está tamén na ponencia ou vai estar.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque vostede, si, efectivamente, falou de verbos como «promover» ou «fomentar», que é o que efectivamente aparece nesta lei.

Eu vou dar lectura rapidísima a algúns dos artigos que aparecen aquí, tamén para contar un pouco o que explicaba o señor conselleiro que dicía: que, ben, esta lei garante que vai haber mecanismos para que todo o mundo poida acceder á cultura. Ben, o artigo 10.2, por exemplo, di: «Poderá ser acordado o establecemento de descontos ou de gratuidade no acceso a actividades culturais de iniciativa pública autonómica para aquelas persoas nas que concorran factores acreditados de exclusión cultural.» Ben, «poderá ser», «poderá ser». Todos sabemos como se aplica unha lei, creo que todos sabemos como se aplica unha lei.

Pero imos ir para min ao artigo estrela, que é unha marabilla, este artigo é unha marabilla; vouno ler só unha vez, aínda que sei que todo o mundo que está aquí vai facer coma min, vai ter que lelo, ben, pois ao mellor vinte veces para entendelo. O artigo 6 di: «Pluralidade e universalidade culturais. 1. A Administración pública autonómica fomentará a pluralidade e a diversidade nas distintas actividades e manifestacións culturais e porá especial atención na necesidade de incluír todas as perspectivas, ben como as persoas pertencentes aos distintos colectivos.» Que alguén me diga aquí o obxecto deste artigo. Pero o punto 2: «Alén diso, e sen esquecer o significado universal da cultura e da liberdade de creación, terá en conta os grupos que necesitan un enfoque propio sobre o coñecemento e facilitará a achega mutua.»

Dígame, señor Ferro, que estamos hoxe garantindo. Dos 21 este é un artigo, pero temos máis. «Participación activa e autonomía profesional. Co propósito de enriquecer a creación e a difusión da cultura, a Administración pública autonómica fomentará a participación activa de carácter profesional e afeccionado das persoas nas que concorre algún factor de risco de exclusión social.» Grazas. Xa agardabamos que agora mesmo estivese pasando, ¿non?, iso agardabamos hoxe da Xunta de Galicia, e do propio Goberno tamén, que fomentase que todo o mundo puidese participar activamente da creación cultural; ¡faltaría máis, faltaría máis!

Eu vólvolle preguntar, señor Ferro, agora a vostede —o conselleiro non sei se despois me quererá contestar—. Dígame vostede, despois de aprobar esta lei, en que lle vai cambiar a vida a un artista de rúa, a unha persoa que teña discapacidade visual, a unha muller vítima de violencia de xénero ou a un rapaz que viva no rural de Galicia. Dígame, por favor, vostede en que lle vai cambiar a vida. En nada, non lle vai cambiar en nada.

A respecto xa da emenda do BNG, por suposto concordamos na súa formulación, tanto en contido como en forma. Non temos máis que dicir.

Non é crible, e tampouco é admisible francamente, que pretendamos construír un marco lexislativo que di protexer as persoas que no noso país están en risco de exclusión cultural sen ter claro cales son os seus dereitos, primeiro cales son os seus dereitos, sen coñecer cales son os impedimentos, cales as razóns de exclusión, o porqué de tanto incumprimento por parte da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así que, como digo, antes de falar de exclusión cultural, debemos ter ben definidos os dereitos culturais para todas e todos, e iso, e ademais neste proxecto vese perfectamente, non queda claro. ¿Cal é a verdadeira pretensión desta lei? Ben, a verdadeira pretensión é dicir que somos pioneiros. ¡Veña unha vez máis, xa temos outra, ala! ¡Somos pioneiros!

Pois mire, direille que pioneiros en ter un texto lexislativo baleiro de contido pode ser, pero pioneiros en iniciativas non. Eu trouxen aquí o Goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero —moito lles custa pero é certo, ese si foi pioneiro en dereitos sociais—, e sendo a conselleira de Asuntos Sociais, de Igualdade e de Sanidade Leire Pajín e a conselleira de Cultura Ángeles González Sinde, aprobouse alá polo ano 2011 a Estratexia integral española de cultura para todos, que deu ademais tamén, por certo, nun foro de cultura inclusiva, que saben ben que está traballando, e se non o saben xa llelo digo eu. Son instrumentos eficaces, que se teñen demostrado eficaces. Por certo, ademais —o que é máis importante—, presentan informes de avaliación; *(A señora Díaz Varela mostra un documento.)* si, si, o que aquí non temos, non temos a sorte de ver aquí; nunca nestes catro anos vimos nin o primeiro.

Esta xente si que presenta, mire vostede, informes de avaliación. *(A señora Díaz Varela mostra un documento.)* A comezos do ano 2021 van e presentan o de 2018-2020, meses despois. Unha cousa rarísima, unha cousa rarísima sabemos aquí, pero si, presentan informes de avaliación.

Así que pioneiros non, non somos pioneiros, seremos pioneiros, como digo, non sei se xa dará tempo a que aprobemos esta lei, pero, de ser aprobada, seremos pioneiros en contar cun texto lexislativo que non obriga absolutamente a nada. E iso pensamos nós que é unha absoluta vergonza.

Así que nós o que pedimos aquí é que elaboremos unha lei que garanta a cultura para todas e todos, efectivamente sen exclusións; fagámola contando con todos os axentes; xa o dixo tamén a señora Queixas, efectivamente non contaron vostedes cos axentes culturais. Nunha lei que trata da cultura, que pon a cultura no centro, non contaron vostedes cos axentes culturais. Claro, ¿de que estamos falando? ¿Que pretenden con isto?

Se ben son precisos textos lexislativos —si, nós si que concordamos na necesidade de que exista un marco normativo como este—, dende logo este non cumpre nin cos mínimos exixidos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Semella máis ben —e non o dicimos só nós, só o Grupo Socialista, tamén o dixo, como digo, o propio Consello Económico e Social— unha declaración de intencións, de boas intencións, por suposto que si, pero nada máis.

Indefinición, falla de concreción, falla de obrigas, ausencia de medidas a desenvolver en caso de incumprimento e —repetimos: o que resulta máis incomprensible— unha previsión orzamentaria acorde co que de verdade vostedes pensan que están hoxe ou que pretenden en breve aprobar aquí.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, este proxecto de lei proposto —remato xa, presidenta— non supón un novo marco transformador garante dunha cultura accesible e inclusiva, senón máis ben a translación dos desexos e intencións que xa recollen distintas normativas e que vostedes están incumprindo constantemente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz Varela.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra novamente dona Mercedes Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Ben, ao igual que ao principio fixo o señor conselleiro e agora o portavoz do Partido Popular, o señor Ferro, seguen vostedes na autocompracencia, que é habitual, e hoxe volven demostrala coa defensa deste proxecto de lei. E a min sorpréndeme moitísimo, porque xa lles dixo que ese non era o camiño que debían seguir o Consello Económico e Social, xa llelo dixo e o puxo por escrito, que no seu ditame di que deben evitar na redacción desta lei os triunfalismos, e vostedes seguen igual, no triunfalismo, na autocompracencia e, polo tanto, evitando a reflexión do que é o debate de calado, que esta non é unha lei de garantías e que non vai axudar a avanzar no ámbito da cultura, na inclusión e na accesibilidade. Ese é o grave problema.

O señor Ferro, de feito, demostrouno aquí, sendo absolutamente incapaz de concretar unha soa medida que vai aplicar esta lei, nin unha soa. Vostede predicou aquí outra vez o «fomentar, fomentarei»; nós, no BNG, somos máis de «sementar, sementarei», que iso é o que dá froito *(Aplausos.)* e o que asenta o futuro. Vostedes sigan fomentando, que iso non leva a ningures.

Nós actuamos con humildade, con rigor, con formación —buscamos formación, evidentemente, porque é necesario—, con compromiso e sempre, sempre, con diálogo continuado, permanente, con escoita activa, co sector cultural e tamén coas entidades do terceiro sector social, porque son as dúas partes que están aquí vinculadas e interrelacionadas neste proxecto de lei.

Alégrame que o señor Ferro estea tan preocupado pola Lei galega integral de dereitos culturais na que estamos a traballar o BNG, alégrame que estea tan pendente, que xa lle tarde que presentemos ese documento. Pero mire, é que no BNG non é que fagamos nós pola nosa conta, non é que encarguemos a unha consultora, senón que o que facemos é traballar man a man cos sectores da cultura, e non os ofenda tanto, porque traballan moito, colaboran moito, máis alá do que xa teñen que facer co seu traballo; polo tanto, eu asegúrolle que imos moi ben, moi ben, *(Aplausos.)* que en breve sairá o primeiro borrador pero que será o borrador no que participa e asume o propio sector cultural.

A emenda á totalidade do BNG eu creo que quedou bastante xustificada na primeira intervención. En calquera caso, tampouco son palabras que collamos ao chou en abstracto o BNG,

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senón que están sustentadas en todo o proceso de tramitación nos informes, nos ditames que ten ese proceso de tramitación e que vostedes desatenderon. Só menciono algunhas.

O Consello da Cultura Galega —que para vostedes segue sen existir, nin como órgano asesor nin por suposto nos orzamentos da Xunta de Galiza— incide literalmente na ausencia de concreción, na falta de asunción de compromisos, de prazos e de orzamentos, e vostedes, caso omiso. A Secretaría Xeral de Igualdade pídelles modificar o artigo 12 para atender ás discriminacións das mulleres; vostedes, no PP, caso omiso; xa sabemos que ultimamente se levan bastante mal cos avances en igualdade de xénero. As entidades do terceiro sector social que presentaron alegacións falan de previsións xerais insuficientes, que non xeran efectividade por si mesmas respecto dos dereitos culturais das persoas con discapacidade; non integra este proxecto de lei ningunha medida de acción positiva a respecto do sistema educativo do profesorado. Tan sorprendente como indigna resulta esta observación que lemos nas súas alegacións: «non existe no eido cultural en Galicia» —a estas alturas, engadimos nós— «unha análise concreta sobre a situación das persoas con discapacidade no eido cultural, o que reduce as oportunidades de abordar políticas públicas que sexan efectivas».

Preguntámoslle, señor conselleiro: ¿non tiveron tempo en trece anos en pensar na cultura como un dereito para o conxunto das persoas?, ¿non tiveron tempo en trece anos? ¿Estamos aínda no punto de partida, é dicir, a cero? Resulta especialmente doloroso.

Suspenderon na avaliación continua; eu falaba no principio da miña intervención de que estabamos en tempo de desconto. Suspenderon a avaliación continua e agora van suspender a avaliación final. Imos abrir un tempo novo en Galiza coa cultura como un dereito para o conxunto da sociedade, xa o estamos abrindo —xa o saben, o señor Ferro e o Partido Popular están moi preocupados con iso—, xa o estamos abrindo en diálogo e aprendendo dos sectores culturais. Somos conscientes de que a cultura galega é a columna vertebral que ten que soster unha política cultural ambiciosa, transformadora e de futuro. O sistema cultural ten que ser o seu centro de gravidade e o deber dun goberno liderado polo BNG desde logo vai ser articular garantías para asegurar o exercicio efectivo dos dereitos culturais. Imos ofrecerlle á sociedade unha proposta de lei integral para a cultura de Galiza, adecuada aos novos retos vinculados co futuro da cultura galega, aquela que nace da súa ferramenta básica, que é a lingua galega, que sente, que pensa e que se expresa en galego e desde Galiza para o mundo.

Galiza non pode quedar atrás en xeración de cultura nin pode tampouco deixar ninguén atrás. Neste obxectivo non estamos soas no BNG, facémolo contando con todas, porque de todas aprendemos e a todas precisamos, porque o futuro non é o que vai pasar, senón o que imos facer. É o momento do cambio, é agora o tempo do Goberno alternativo que lle dea a man definitivamente, e agora si, á cultura galega, e un goberno liderado por Ana Pontón será o seu mellor aliado, será o seu orgullo, será empatía e será complicidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Solicita peche o Goberno? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben.

Pois continuamos, entón, co seguinte punto da orde do día, dentro dos textos lexislativos, o referenciado no apartado terceiro.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para presentar a proposición de lei, e por tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Quero comezar dando a benvida a este debate á representación que temos na tribuna de persoas representantes de concellos e do sector do mar. Benvidos, benvidas a este parlamento.

Traemos a debate esta proposición de lei, que se denomina Proposición de lei orgánica de traspaso de funcións, competencias e xestión en materia de ordenación e xestión do litoral, para que sexa elevada ao Congreso dos Deputados. E facémolo por segunda vez en pouco tempo, hai que dicilo, porque xa a trouxemos no mes de xuño e foi vetada, foi rexeitada polo Partido Popular. Pero non foi vetada simplemente a proposición, foi vetada a admisión a trámite, mesmo que se falase, que se debatese sobre esta cuestión.

Nestes seis meses que pasaron desde o mes de xuño aconteceron moitas cousas en relación co litoral. Aprobouse no mes de xuño a Lei do litoral de Galiza, só cos votos do Partido Popular. Despois o Goberno central anunciou un recurso de inconstitucionalidade e posteriormente o Tribunal Constitucional, no mes de novembro, admitiu este recurso a trámite e suspendeu unha parte importante da lei, ata 31 artigos. Pero, realmente, esta suspensión xa era unha suspensión de facto, porque a lei aprobada no Parlamento incluía unha disposición derradeira quinta que na práctica dificultaba e inviabilizaba grande parte dos seus contidos, concretamente o que fai referencia ao artigo 48.1, que di literalmente que as competencias en materia de autorización e concesión no dominio público marítimo-terrestre terían vixencia unha vez que se efectivizase a transferencia das competencias. É dicir, o núcleo duro da lei, realmente o elemento central da lei, está en suspenso xa —non tivo que suspendelo o Constitucional—, está en suspenso pola propia redacción da lei aprobada polo Partido Popular, *(Aplausos.)* que recoñecía que esta lei sen esa competencia é papel mollado.

Pois xustamente para vencer eses obstáculos, esas barreiras establecidas polo Partido Popular na propia redacción da lei, é polo que traemos aquí esta proposición de lei, para promover unha vía legal, unha vía constitucional. A vostedes, que se abrazan e queren tanto a Constitución, propoñémoslles unha vía constitucional para facer posible este traspaso da xestión, é dicir, o traspaso das funcións e tamén dos servizos para poder executar as competencias en materia do litoral, porque sen este traspaso non se pode facer practicamente nada no dominio público marítimo-terrestre, e salvando en todo caso o que di a lei estatal.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha mágoa que vostedes non apoiasen esta proposición, que traemos hoxe de novo, hai seis meses, porque teriamos avanzado moito. E queda claro cal é o papel do Partido Popular. O Partido Popular ten como función atrasar os avances deste país, ser un atranco para o autogoberno e poñer paus nas rodas á xestión do noso litoral. E desde o BNG témolo claro: queremos avanzar. Fronte a este retroceso que significa a dereita, o nacionalismo foi sempre un acelerador de mudanzas, e queremos avanzar desde o diálogo, desde o acordo, desde o consenso, porque cremos e defendemos que Galiza debe ter plenas competencias en materia de litoral, en todo o que ten que ver co mar e a costa, e faremos todo o que estea na nosa man para conseguilo.

E miren unha cousa, as competencias, tanto en materia de ordenación como de xestión, deben ser desde logo do Goberno galego, porque temos moitos motivos para defender isto. Para empezar, Galiza ten 2.555 quilómetros de costa, segundo din as Directrices de ordenación do territorio, incluíndo aí tanto o territorio de costa como tamén o das illas e o das marismas. Somos unha nación atlántica, e desde logo tamén cantábrica —non se nos enfaden as señorías da Mariña—, e sómolo por historia, por tradición —o señor Balseiro deuse por aludido—, por emoción e por identidade.

Hai que ter en conta que no territorio costeiro, que significa o 15 por cento do territorio do país, con 71 concellos neste territorio, vive a metade da poboación galega. O mar ten unha indubidábel potencia económica. Hai que ter en conta que mobiliza nada máis e nada menos que 8.800 millóns de euros ao ano e que significa case o 5 por cento do PIB e o quinto sector do noso país por actividade económica. Mobiliza 40.000 empregos, que significa o 50 por cento de todo o emprego do sector marítimo pesqueiro do Estado español e o 10 por cento de toda a Unión Europea. E somos a décima potencia exportadora de produtos do mar de todo o mundo, por diante de potencias como Islandia ou como o Xapón.

E, a maiores disto, hai que ter en conta tamén a enorme riqueza biolóxica de diversidade natural que temos nas nosas rías, na nosa plataforma continental, unha riqueza que é necesario defender e protexer, actuando con planificación e con previsión na ordenación dos usos do mar e da costa. E é necesario facelo con criterios de sustentabilidade e de respecto polo medio, non con medidas de maior presión urbanística e de ocupación innecesaria, como pretende o Partido Popular; menos formigón e menos depredación, señorías da bancada da dereita, menos formigón e menos depredación.

É indubidábel que Galicia ten recoñecida no Estatuto a competencia en materia de ordenación do territorio e do litoral, no seu artigo 37. E tamén é indubidábel que hai un informe do Consello Consultivo que xustifica que desenvolvamos as competencias nesta materia. Por isto, por estes motivos, desde o BNG defendemos a competencia galega sobre o litoral e rexeitamos de maneira contundente o recurso presentado polo Goberno central con respecto á lei galega. Consideramos que un tema deste calado debería negociarse, debería falarse, debería acordarse nas canles que hai establecidas para isto, fundamentalmente na Comisión Bilateral de Cooperación. Mais aquí, neste tema, non interesaba o diálogo, non interesaba o acordo, porque había outras intencións, intencións ocultas das que falarei despois.

En todo caso, como dixen ao principio, hai que relativizar o que significa esta decisión do Tribunal Constitucional, porque, como dixen ao principio, a lei xa na práctica estaba en sus-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

penso pola propia redacción desa disposición derradeira quinta. E, ademais, hai que ter en conta que gran parte do contido desta lei do litoral galega se pode desenvolver perfectamente con instrumentos que xa están previstos —por exemplo, na Lei de ordenación do territorio ou noutras normas—. De feito, xa temos un plan de ordenación do litoral. Aínda que o PP non o cumpra, xa existe. Pódese facer perfectamente a xestión integrada cos instrumentos que xa temos. E, desde logo, pódese facer a estratexia da economía azul, que foi aprobada nunha resolución deste Parlamento hai dous anos, sen necesidade de ter aprobada esta lei. Podían tela feita. Non a fixeron porque non lle interesou ao Partido Popular.

O que pasou neste tema, señorías, é que a Xunta puxo o carro diante dos bois, actuou con présas, con intereses electoralistas, claramente; se non, non se explican as présas para que este debate e a aprobación da lei se dese no mes de xullo xusto ás portas dunhas eleccións xerais. E para chegar aí nese prazo vostedes vulneraron todo tipo de trámites e de procedementos, mesmo vetando o informe do Consello Económico e Social de Galiza nun asunto de tanta transcendencia para a economía galega. *(Aplausos.)* Fíxense que o Consello Económico e Social lles trasladou o malestar de todos os axentes económicos e sociais pola súa exclusión na valoración e no ditame desta lei. Así é como actúa o Partido Popular. Claro, agora, agora que lles interesa, convocan os sectores económicos e os concellos para defender a Lei galega do litoral, pero no seu momento vetaron e ningunearon o Consello Económico e Social, que non puido opinar sobre este texto legal.

E a pregunta é: ¿por que as présas?, ¿por que actuou con estas présas e con esta precipitación o Partido Popular? Pois fundamentalmente por unha razón: porque non lle interesaba a transferencia. O Partido Popular non quixo nunca a transferencia, non a quixo nin a conseguiu. O Partido Popular quería un conflito, quería unha lea, quería unha liorta, e conseguiuno. Este Partido Popular de Rueda, especialista en confrontación e na bronca, quería un conflito e conseguiuno. Porque tamén hai que dicir que o Goberno central tragou o anzol, entrou nese xogo e presentou ese recurso.

Miren, vostedes, en materia de transferencia de competencias, credibilidade cero, ¡credibilidade cero! Porque levan desde o ano 2009 gobernando e non conseguiron ningunha transferencia, ¡ningunha transferencia! *(Aplausos.)* ¡Transferencias cero! ¡E tiveron a oportunidade, tiveron a oportunidade! Xa me dirán como, gobernando o Partido Popular na Xunta e en Madrid entre o ano 2012 e 2018, non foron capaces de conseguir esta transferencia se era tan importante para o país e se era tan doado conseguila. Realmente foi porque non lles interesaba a transferencia, non lles interesaba gobernar o noso mar. Interésalles agora por un interese puramente electoralista.

E, ademais, a posición do Partido Popular cambiou a partir do ano 2021 por razóns tamén de intereses espurios: concretamente por defender os intereses de Ence, que estaban ameazados por un cambio de posición do Goberno central sobre as concesións no dominio público marítimo-terrestre. A partir de aí houbo toque de corneta desde Madrid —que é como funciona isto— e o Partido Popular cambiou de discurso, cambiou a partitura e empezou a utilizar este tema como ariete para atacar o Goberno central dunha maneira absolutamente torticeira con todo tipo de enganos. Porque vostedes están vendendo fume, vostedes están vendendo que, con esta lei, se vai cambiar o marco de xogo estatal e isto non é posible; por-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que o marco de xogo está na Lei de costas e na Lei de cambio climático. E esta lei non vai ter capacidade, por exemplo, para cambiar a lexislación sobre o dominio público marítimo-terrestre; non se van poder facer ampliacións de concesións por riba da lei; non se van poder autorizar esas 4.000 construcións que vostedes din que van autorizar —porque aí hai moitas ilegalidades, aínda que vostedes xa intentaron cambiar pola porta de atrás da Lei de acompañamento a normativa para eliminar ou reducir os prazos para a prescrición das infraccións das construcións ilegais—; non se van poder legalizar nin sequera equipamentos que estean no dominio público-terrestre se poden estar noutro sitio; non se van poder legalizar tampouco industrias que non teñan que ter vínculo co mar —é dicir, captación de auga do mar ou tamén acceso á lámina de auga—.

Esta é a realidade, este é o trasfondo da cuestión. O señor Rueda, especialista na bronca e na confrontación, moveu os seus peóns para buscar este conflito por oportunismo, electoralismo e, ademais, porque había unha segunda intención —que esta non a podían confesar publicamente—, pero é que con esta lea vostedes querían fundamentalmente desviar a atención sobre os graves problemas que atravesa o noso sector marítimo-pesqueiro. Vostedes querían desviar a atención sobre o grave problema de contaminación das rías, que é responsabilidade principal dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galiza, que é quen ten as competencias nesta materia. *(Aplausos.)* É que nin sequera é capaz de executar os orzamentos para corrixir estas deficiencias do grave problema da baixa produtividade nas rías, do grave problema, por exemplo, das tropelías que comete Portos de Galicia, do grave problema da emerxencia ambiental que vostedes tampouco están tomando en serio nin combatendo, do grave problema das limitacións á pesca, do grave problema da ameaza da eólica mariña —no que hai un acordo unánime de todo o sector do mar, que está en contra—. Vostedes, a través desta Lei do litoral, tamén lle están poñendo un salvoconduto á eólica mariña en contra da posición maioritaria do sector do mar.

Polo tanto, estamos nunha situación de parálise, estamos nunha situación de vía morta, estamos nunha situación de confrontación. E, fronte a isto, aquí está o BNG, un BNG construtivo, un BNG que quere buscar unha saída, que quere buscar unha vía intermedia. E a vía que propoñemos hoxe é esta proposición de lei, que é un mecanismo que está previsto na Constitución, no seu artigo 150, para a transferencia de competencias. Está claro que non hai acordo entre as administracións, pero hai esta vía. E o que propoñemos aquí é que esta proposta teña o acordo unánime de todo o arco parlamentario simplemente nesta fase, para ser admitida a trámite. Haberá tempo para facer todos os cambios necesarios, para corrixila, para aumentada, para mellorala e para que saia un texto que responda aos intereses supremos de Galiza, do noso mar e da nosa costa.

Polo tanto, o BNG está aquí propoñendo unha posición de país, unha posición de unidade en defensa do noso sector e do noso litoral, que é parte esencial das nosas vidas e tamén da nosa identidade, porque —como dixo o noso querido compañeiro e escritor Xurxo Souto parafraseando a Staffan Mörling: «Galiza non é a fin da terra, Galiza é o centro do mar».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Benvidos tamén os representantes dos concellos e tamén os da cadea mar-industria. Alégrome de que hoxe estean aquí neste debate para que vexan tamén o posicionamento deste grupo parlamentario, o noso posicionamento dende un primeiro momento con respecto a este tema, sempre con propostas para poder conquerir plenamente o traspaso desta transferencia; porque a levamos pedindo dende o Partido Socialista, dende o PSdeG, dende hai moito tempo. Benvido agora o Partido Popular a esta petición, pero nós levamos pedindo esta transferencia da competencia *(Murmurios.)* —¡xa, xa, non se alporicen!— dende a época do presidente Touriño. Porque, ademais, concordamos con que temos moitísimos argumentos para defender que esta transferencia de competencias veña para Galicia. E é que, ademais, temos as canles legais para poder tela dun xeito seguro e dun xeito moito máis rápido que como pretende o Partido Popular e a Xunta de Galicia —que vimos que o único que quería era buscar esa confrontación co Goberno central pero que non teñen intención de que esa transferencia veña para Galicia—.

Dende logo, queremos que se leve a cabo esta transferencia de competencias pero temos unha liña vermella, que é que se faga con toda a seguridade xurídica para os galegos e para as galegas, e, nomeadamente, para a nosa cadea mar-industria, para todos eses cocedoiros de mariscos, depuradoras, piscifactorías, cetarias, etc. O que levamos vivindo durante todos estes meses por parte da Xunta de Galicia e por parte do Partido Popular avala o que denunciabamos dende un primeiro momento: que realmente non queren esta transferencia, que non traballan dende a Xunta de Galicia a prol de conquerila e de dotar desa seguridade xurídica o noso sector. Porque nun tema tan importante para a nosa comunidade autónoma, como é poder ter e exercitar plenamente esa competencia de xestionar e ordenar o noso litoral, creo que non debemos partir de mentiras, non debemos facernos trampas ao solitario. Se quere a Xunta de Galicia ter esa competencia, non debe empregar como argumento para iso unha mentira. E repito que temos moitísimos argumentos para defender que esa transferencia veña para Galicia, pero non pode dicir a Xunta de Galicia que o Goberno central está a poñer en risco a continuidade da cadea mar-industria, porque iso non é certo. *(Aplausos.)*

O Goberno central —que ademais en ningún momento, ¡en ningún momento!, dixo que non ía vir esa transferencia para Galicia, dixo que se tiñan que utilizar as canles legais— ten unha posición clara e coñecida sobre este tema. E é que isto pasa polo equilibrio que, dende o respecto aos valores ambientais e de protección, tamén ten en conta e promove o desenrolo socioeconómico das zonas litorais de Galicia. Como proba, dende xuño do ano 2018 ata hoxe, o Ministerio de Transición informou favorablemente todas as prórrogas extraordinarias de concesión para usos do sector da cadea mar-industria en Galicia. Non se denegou por parte do Ministerio de Transición ningunha, ningunha que fose competencia do Ministerio. Pola contra, cónstanos polo menos unha, polo menos unha, que foi informada desfavorablemente pola Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso lle pido á Xunta de Galicia e ao Partido Popular que deixen xa esa mentira, que temos argumentos de sobra e tamén mecanismos legais para poder ter e exercer plenamente esa competencia para que Galicia teña unha ferramenta que protexa e preserve o noso litoral e tamén o modo de vida de máis de 40.000 persoas que dependen da cadea mar-industria —sector ao que creo que lle debemos que traballemos todos e todas xuntas para preservar a súa sustentabilidade—. *(Aplausos.)*

A Xunta, despois de non conquerir —nin solicitar, que xa é o peor— ningunha transferencia de competencias en catorce anos —e cómpre recordar que durante sete anos houbo gobernos da mesma cor política na Xunta de Galicia e no Goberno central e este asunto non estivo sobre a mesa, non se fixo ningunha reclamación por parte da Xunta de Galicia—... *(Murmurios.) (Pausa da señora Otero Rodríguez.)*

O señor PRESIDENTE: Hai moito ruído en xeral. Debe ser que é por Santa Bárbara. Silencio, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ¡Ah! É que tamén estaba escoitando falar por detrás e era bastante...

Como digo, a Xunta de Galicia non solicitou ningunha transferencia nestes catorce anos e acordáronse agora. Acordáronse tarde pero benvidas, señorías do Partido Popular.

Pero, claro, facer as cousas ás présas é o que ten, que se cometen moitos erros. E cómpre recordar que a lei que presentou a Xunta foi feita por este trámite, o trámite das présas: unha exposición pública no mes do Nadal —a época de maior participación para a sociedade civil—; tramitouse dun xeito exprés, señora conselleira, sen apenas debate, cunha única reunión en ponencia, e coa única finalidade —vostede sabe cal era— de ter aprobada esa lei xusto antes de que se abrise a campaña electoral das eleccións xerais. Foi unha lei que foi aprobada só cos votos do Partido Popular.

E, mire, dende un primeiro momento, dende este grupo —dende o grupo parlamentario do PSdeG— dámoslles tres posibles opcións que solucionarían esta cuestión.

A primeira é a reforma exprés do noso estatuto para clarificar a cuestión e asegurar cen por cento o tema. Por certo, esa é a opción que a nós, aos socialistas, máis nos gusta, porque entendemos que así o reflicte tamén o propio Consello Consultivo no seu informe, que di que a maior garantía xurídica operaría mediante esta actualización. E, por certo, é a vía empregada por outras comunidades autónomas que teñen esta competencia, como Cataluña, Baleares, Andalucía e Canarias.

Se non lle gusta esta, hai unha segunda vía —porque nós, conselleira, non lle impoñemos ningunha das vías legais que marca a nosa Constitución para poder ter esta competencia—. Se non lle gusta esta primeira vía, tamén ten a man tendida do PSdeG para levar adiante esa lei orgánica de transferencia de competencias.

Se tampouco lle gusta á señora conselleira, convoquen e celebren urxentemente a Comisión Bilateral Xunta-Estado e así viabilicen o traspaso efectivo.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten as tres opcións, non lle impoñemos ningunha. Escolla vostede a que máis lle gusta, señora conselleira. *(Aplausos.)* Pero as tres opcións son igualmente válidas para solucionar esta cuestión e dar seguridade xurídica á cadea mar-industria, que parecía que era algo no que coincidiamos os dous grupos. Cada unha ten as súas argumentacións e consecuencias xurídicas, pero non escollen estas tres vías que están contempladas na Constitución, coas que hoxe —se vostedes quixesen e traballasen— estou segura de que esa transferencia xa estaría en Galicia. Non, a Xunta de Galicia elixiu outra forma fóra do marco constitucional: a imposición unilateral dunha lei que agora está recorrida perante o Tribunal Constitucional, cun recurso que está admitido a trámite. E a lei está en suspenso a pesar de todas as advertencias. ¿Quen perde con esta situación, señora conselleira? O sector da cadea mar-industria. E ¿quen gaña? A Xunta de Galicia, o Partido Popular, que xa ten argumentos de novo de cara a esta nova campaña electoral: «Pedro Sánchez discrimina a Galicia», «o PSOE négalle a Galicia o que lle dá ao País Vasco e ao PNV»... E non é certo, señora conselleira, porque eu teño aquí o acordo de investidura do Partido Socialista e o PNV. Ademais, non se fala literalmente do traspaso desta competencia —e, se non, déixollo ao presidente da Cámara—. Di que se traballará a prol de conquerir esas transferencias, pero con base no diálogo. E non di a través de qué fórmula, señora conselleira. A fórmula que empregue o Partido Socialista para transferir esa competencia ao País Vasco tamén nos vale a nós aquí. ¿Por que non o intentamos? ¡Intentémolo! Pero lean tamén este acordo. Neste acordo fálase moito de diálogo, de remover os obstáculos legais que poida haber para conquerir determinadas transferencias. Vostedes, non; vostedes, pola imposición unilateral do Partido Popular, como lles gusta a vostedes facer as cousas. *(Aplausos.)* E, claro, neste punto estamos. Outros dialogan, outros conversan e poden obter bos froitos. ¡Vostedes, non, vostedes imposición!, *porque yo soy la más guapa*, e teñen que levar isto adiante desa forma. Bueno, guapo, guapo, o presidente do Goberno é bastante.

E, miren, e aí nese punto é no que estamos agora. Por iso —repito, señora conselleira—, elixan unha das tres vías constitucionais. ¿Non son tan defensores vostedes da Constitución? Elixan, desas tres vías constitucionais, a que máis lles gusta. Porque o que lle pedimos á Xunta é que volva ao sentidiño, que pense no ben de todos, non nos intereses do Partido Popular de cara ás próximas eleccións autonómicas. O sector ben merece que a Xunta de Galicia solicite ben esa transferencia. O sector ben merece que a Xunta recapacite e se dea conta de que non fixo ben as cousas. Porque, señora conselleira, aínda estamos a tempo. Diálogo, consenso e marco xurídico foi o que fixo que outras comunidades autónomas no día de hoxe teñan esta competencia. Pero a Xunta de Galicia saltou todo á torera: a oposición neste Parlamento, o Consello de Estado, o Goberno de España e incluso o propio Consello Consultivo.

E, falando da iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego, creo que nese texto lexislativo que hoxe vostedes presentan confunden, por un lado, unha lei orgánica de transferencia de competencias e, por outro lado, unha lei de transferencia do exercicio dunha competencia xa da nosa titularidade. Mesturan ambas no mesmo texto e non está claro o que hoxe queren que aprobemos nesta Cámara. Pero é certo que estamos ante o trámite de toma en consideración para que se poida iniciar a tramitación. Polo tanto, nós non imos obstaculizar ese trámite de toma en consideración, polo que nós imos absternos coa intención de que se mellore na súa tramitación este texto lexislativo. Cremos que é inconsistente tecnicamente, xa que o que vostedes hoxe pretenden presentar non podería ser tramitado a través dunha lei orgánica. Ademais —dicíao o señor Bará—, a propia lei autonómica xa contempla nesa lei ese

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

decreto de traspaso. Entendemos que a forma na que hoxe se presenta esta proposta é perder o tempo. Hai que gañar tempo e hai tres fórmulas que están contempladas na Constitución...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e que son as máis seguras xuridicamente. E entendemos que, ademais, tal e como o plantexa hoxe o Bloque Nacionalista Galego, é branquear un erro do Partido Popular, que emprega e usa as institucións ao seu antollo.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

A verdade é que Santa Bárbara propiciou a música axeitada a este debate: fume e bombas de palenque. Non podía ser máis axeitada.

Eu quero comezar tamén saudando os nosos invitados, moitos dos cales, por certo, participaron na redacción da Lei do litoral, á que se dedicaron vostedes agora a criticar. Hoxe deben estar enterándose algúns deles de que Galicia non quere esa competencia. Estabamos lexislando por lexislar.

Miren, señorías, a realidade é que hai apenas cinco meses, efectivamente, que debatemos esta mesma proposición de lei do BNG e que a desbotamos. Votámola, de feito, non a vetamos. Pero desbotámola por tres motivos moi concretos, señor Bará: porque era inxusta, porque era innecesaria e porque era ilegal.

Era inxusta porque supoñía aceptar que, para obter o mesmo, hai un procedemento para Galicia e outro para as demais comunidades autónomas; un procedemento para Galicia, por certo, discriminatorio, máis exixente, máis complexo e máis dificultoso que o empregado por outras comunidades autónomas.

Era innecesaria porque basta un real decreto, señoría, ¡un real decreto!, para acadar o mesmo que vostedes propoñen, como fixeron Canarias, Cataluña e Baleares. Non fai falta unha lei. Eu tróuxenlle un, señor Bará. *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* Mire, isto é o que falta para que nos traspasen os medios, apenas un folio —e vontade política, claro, que é o que non cabe para Galicia—. Pero só falta un folio apenas para o mesmo que vostede propón.

E era ilegal porque vostede propón un procedemento, o do 150.2 da Constitución española, que non está previsto para o traspaso de competencias autonómicas, está exclusivamente previsto para o traspaso de medios asociados a materias de titularidade estatal; co cal, coa súa proposta, vostede está outorgando a capacidade de ordenar o litoral, a competencia, ao Estado. E iso simplemente é falso.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As novidades que tiveron lugar nestes cinco meses ás que vostede aludía non mudaron a esencia da súa proposición de lei. Continúa sendo inxusta, continúa sendo innecesaria e continúa sendo ilegal. Pero a todas esas eivas hoxe engade unha nova: a de ser unha mofa a esta Cámara, a de ser unha mofa ao noso autogoberno e a de ser unha mofa ao conxunto da sociedade galega. Resulta unha burla intolerable que vostedes veñan hoxe solicitar do Parlamento de Galicia o traspaso dos medios necesarios para desenvolver a mesma competencia que o goberno de Sánchez, ¡por puro sectarismo!, lle está negando a Galicia. E vostedes actúan coma se nada pasase nestes cinco meses, coma se non existise un recurso claramente discriminatorio contra a autonomía galega, coma se non existise un pacto entre BNG e PSOE no que nin sequera mencionaron vostedes este tema, e coma se uns e outros non fosen os responsables do maltrato que está sufrindo Galicia e a súa costa. ¡É vergoñento! *(Aplausos.)*

Señorías, atendamos á proposta do BNG. O BNG pretende con esta proposición de lei que Galicia asuma os medios persoais, materiais e financeiros necesarios para xestionar o litoral galego namentres o seu socio de goberno se nega a traspasar a Galicia a competencia para xestionar o litoral galego. ¡Unha idea xenial! ¡Como non se nos ocorrera antes! Tan xenial como sería asumir os hospitais, os centros de saúde e o persoal sanitario pero sen ter a competencia de sanidade. Tamén unha xenialidade semellante sería a de asumir os colexios, os institutos, os centros de formación profesional e todo o persoal docente pero sen competencias en educación, unha idea tan xenial que só se lle pode ocorrer a un grupo que afirma representar a maioría social de Galicia sen ter obtido xamais a confianza maioritaria dos galegos. Eu entendo, señorías, que estas xenialidades poden valer para convencer os asistentes a eses aquelarres nacionalistas que vostedes propugnan e celebran, pero para o mundo real non funcionan. É unha pretensión absurda, ¡absolutamente absurda!, que só busca xerar unha cortina de fume para esconder unha realidade indiscutible: o ataque frontal ao autogoberno galego perpetrado polo goberno do PSOE e de Sumar —coa complicidade inestimable do Bloque Nacionalista Galego— recorrendo perante o Tribunal Constitucional sen diálogo previo, sen convocatoria de Comisión Bilateral, señora... ¡É que, de verdade, hai que escoitar unhas cousas...! ¡Hai que escoitar unhas cousas tremendas!

E recorreron contra unha lei que desenvolve unha competencia contida no Estatuto de autonomía e que foi aprobada por este Parlamento de Galicia —si, si— cos votos do Partido Popular, efectivamente, e sen un só voto en contra e sen unha soa emenda á totalidade. E agora ¿vén dicir vostede que cuestiona a constitucionalidade dun procedemento ao que non se opuxeron, ao que non presentaron emendas de totalidade e ao que non votaron en contra? ¡Pero é que vostedes se están rindo aquí hoxe dos galegos e non llelo podemos tolerar! *(Aplausos.)* ¡Non llelo podemos tolerar! *(Aplausos.)*

Miren, eu entendo que algúns talvez tivesen a esperanza de que, tras as eleccións, o señor Sánchez sufrise un cambio de opinión —destes que acostuma— respecto da Lei de xestión do litoral. Pero as milagres do novo progresismo español non alcanzan a Galicia, señorías, porque Pedro Sánchez *todo lo puede*, a súa capacidade de perdón é case infinita, pero cunha única excepción: Galicia. O intento de golpe de Estado quedou convertido nun conflito entre territorios que precisa de mediación internacional; a amnistía, que non tiña cabida na Constitución nin nos principios socialistas, convertida en constitucional e imprescindible para a convivencia; os corruptos que asaltaron as arcas públicas, convertidos en patriotas dignos de

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comprensión e compaixón; os prófugos que debían comparecer ante os tribunais, convertidos en leais socios de goberno; as ilegalísimas cesións de Rodalies ou da xestión da Seguridade Social, convertidas en razoables peticións... Ata foron quen de reinterpretar as Sagradas Escrituras. Hai dous mil anos un mesías pasou a ser tratado como un delincuente a cambio de 30 moedas de prata. Na España de Sánchez, un delincuente pode pasar a recibir trato de mesías a cambio de sete votos da vergoña, *(Aplausos.)* ¡sete votos da vergoña! *(Aplausos.)*

Pois resulta, señorías, que todo isto é normal. ¡Todo isto é normal! E quen ataca a orde constitucional é Galicia. Galicia é a inconstitucional porque aspira a regular o seu propio litoral. Señorías, os galegos non imos comungar co novo credo sanchista. Galicia non se dobrega, Galicia non se resigna e Galicia non se humilla a pesar de vostedes.

Miren, a realidade é que Pedro Sánchez lle nega a Galicia unha competencia contemplada no Estatuto, que todos os grupos parlamentarios respaldamos publicamente, e un mes despois BNG e PSOE asinan un pacto que ignora esa aldraxe e nin sequera menciona un tema fundamental para o futuro de miles de instalacións e de miles de postos de traballo de galegos, señorías. Leóns ante a Xunta, *corderitos* en Moncloa. Non só aceptaron renunciar aos compromisos pactados catro anos antes —nin unha palabra de industria, da electrointensiva, da transferencia da AP-9—, non, non, senón que ademais aceptan submisos a humillación de que se lle negue a Galicia o mesmo que se lle concede a Euskadi. Pasaron vostedes de ser o único partido nacionalista que non logrou sacarlle nada a Sánchez a ser o único partido nacionalista ao que Sánchez baleirou os bolsillos. Díxenllelo hai cinco meses e dígollelo agora, señorías do BNG: son vostedes os pagafantas do sanchismo, nin máis nin menos.

Días despois de asinar este marabilloso pacto, Sánchez e o PNV alcanzaban outro, outro acordo que ben pode servir de epitafio político á credibilidade do candidato socialista á Xunta de Galicia, destacado membro do equipo negociador que concedeu a Euskadi exactamente a mesma competencia que nega a Galicia. ¡Que gran servizo aos galegos! Segundo o señor Besteiro, ese gran candidato a lendakari, para Galicia é imprescindible a reforma estatutaria antes de exercer as competencias sobre o litoral. Pero para o País Vasco, cun estatuto que di exactamente o mesmo que o Estatuto de Galicia comprometen a competencia, comprometen o traspaso dos medios persoais, materiais e financeiros, e comprometen un calendario de traspaso, ¡dous anos para asumir todas as competencias que están contempladas no Estatuto! ¡Lean o seu propio acordo! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Acórdese, señora Otero, de que vostede é a que ten que parecer tranquila.

É unha nova mostra de que o galeguismo dalgúns candidatos non é máis que pura fachada. E xa sabemos que ao señor do Garañón, a pouco que se lle rasque, cáelle a fachada, cáelle a estrutura e cáelle o edificio enteiro.

En fin, Galicia, señorías, xa aprobou a súa Lei do litoral e non precisa outra, non precisa disimulos, non precisa confusión. Galicia o que precisa é que se respecte. Iso é o que pedimos, tan só respecto. E resulta moi triste, enormemente triste, que o Goberno de España non respecte as institucións de Galicia. Pero o que resulta desolador para o conxunto dos galegos é que o faga contando coa complicidade de partidos representados nesta Cámara. É realmente lamentable.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós non imos participar nesa aldraxe, nós imos continuar ao lado da xente do mar, ao lado do autogoberno galego e ao lado de Galicia. Do outro lado xa sabemos quen está.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Réplica.

Polo grupo autor da proposición de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Non se alporice tanto, señor Pazos, que vostede é representante do sector moderado do Partido Popular galego, un eximio representante desta liña de moderación e de prudencia do Partido Popular —vostede e mais o señor Tellado—.

A ver, vostede veu aquí cunha manda de patrañas e de argumentos sen ningunha base; e, entre eles, claro, vostede dálle credibilidade a un acordo que asinou o Partido Nacionalista Vasco co Partido Socialista. Dálle toda a credibilidade. Pero non foi un acordo entre gobernos, foi un acordo entre partidos. E igual foi un acordo entre partidos o acordo do BNG co Partido Socialista, que prevé a transferencia de todas as competencias pendentes sobre as que houbo acordo neste Parlamento. E, polo tanto, é unha vía igual que a que abriu o PNV para viabilizar esa transferencia. ¿Que pasa? Que vostedes non queren a transferencia, vostedes queren poñer paus nas rodas. Iso é o que queren vostedes. *(Aplausos.)* En vez de apoiar, vostedes o que queren é poñer atrancos. Esa é a realidade.

Efectivamente, o Estatuto galego di no seu artigo 37 que Galiza ten as competencias en materia de ordenación do territorio e do litoral, pero queda aí, queda aí. O Estado segue tendo competencias na titularidade e na xestión sobre o dominio público marítimo-terrestre. E por moito que poña a Lei galega do litoral, ten unha disposición derradeira quinta que xa suspende a aplicación da lei nesta materia, por iso é importante e necesario abrir unha vía como a que nós propoñemos a través da transferencia prevista no artigo 150 para esta competencia —que ten neste momento o Estado— da titularidade do dominio público marítimo-terrestre e tamén dos medios de xestión. Porque, se os ten o Estado, non os podemos exercitar en Galiza, *(Aplausos.)* ¡non temos os medios! Entón, esta é a vía que propón o BNG, que é unha vía perfectamente legal e constitucional, que xa abrimos noutros casos, como no caso da meteoroloxía, no caso de tráfico ou noutras competencias nas que tamén propuxemos esta vía.

¿Que pasa? Que vostedes non queren a transferencia. Porque, se fose tan fácil como din vostedes aquí, e que xa temos a competencia, ¿por que non o fixeron cando gobernaron? Vostedes gobernaron un montón de anos no Goberno central e na Xunta e non conseguiron a transferencia. *(Aplausos.)* ¿E saben por que? ¡Por isto! ¡Por isto! Díxoo claramente o señor Rueda. O Goberno do PP decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia. Esta é a verdadeira cara do Partido Popular, o máis centralista de todos os partidos, xuntamente co PSOE. Aí ás veces compiten, sobre todo cando están no Goberno. Vetan as transferencias a Galiza. *España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas.* Señora conselleira, señor Pazos, *España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas,* esta é a verdadeira cara do Partido Popular

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—o señor Núñez Feijóo no ano 2019—. Este é o verdadeiro Partido Popular, en contra das transferencias, en conta da transferencia da xestión do litoral e do dominio público marítimo-terrestre. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, ¿non minta? Non minta vostede.

¿Que pasa? Que o Partido Popular está no tempo de desconto e xa se lle está facendo longo. *(Murmurios.)* Xa se lles está facendo longo o tempo de desconto. Vostedes están teledirixidos, son uns teleñecos ao servizo do PP madrileño. Non fan nada sen as ordes que lles dan alí cada luns. Hoxe irían alí uns cantos a Madrid para que lles desen as conseguintes instrucións. E vostedes están instalados —é o único programa que teñen— na confrontación e na bronca, porque son a dereita máis extremista e máis bronca da historia. Temos un Partido Popular sen ideas, un Partido Popular sen propostas de futuro, sen solucións para os problemas de Galiza. Porque nin sequera é capaz de aplicar e de gastar os orzamentos que ten para temas tan importantes como o do mar e o da costa. E podería darlles os datos da baixa execución orzamentaria e de todas as reducións de partidas que vostedes aplican en materia de mar, de pesca, de inspección pesqueira ou, por exemplo, tamén en materia de obras no dominio público hidráulico na costa, tan importantes para sanear as nosas rías.

Vostedes están sen ideas e están instalados na propaganda. Estamos na época de «saldos Rueda, liquidación por final de temporada». Están no fin de ciclo, vostedes son o pasado e o BNG está preparado. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se vostedes non son quen de resolver estes problemas, de ter un país con plenas competencias en materia de mar e de costa, de litoral, aquí está o BNG para traballar en positivo en defensa dos intereses de Galiza. Se vostedes non saben, deixen paso a quen si é capaz de facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas mantidas polo G. P dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.
O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das emendas mantidas polo G. P do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame e, consecuentemente, a Lei de artesanía de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións deste texto, pero non sei que me dicían. ¿Que pasou aí? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estanme comentando —que eu non o vin— que, cando se está votando, non se pode entrar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, o problema é que isto creo que os deputados xa o sabían. Eu podo mandar pechar as portas, efectivamente. *(Murmurios.)* Pois si, a próxima vez pecho as portas, pero xa saben que, iniciada unha votación —isto é de primeiro de Regulamento— non pode entrar ninguén. É de primeiro de Regulamento. Se é necesario, pois non hai problema ningún, a partir de agora pechamos as portas. *(Murmurios.)*

Consecuentemente —terminou isto— queda aprobada a Lei de artesanía de Galicia.

Votamos agora as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas estas emendas, o proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións dos proxectos de lei e comezamos co punto segundo, que son as comparecencias.

Comparecencia da Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar das políticas da Xunta de Galicia en materia de ordenación do litoral

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Comparezo hoxe no Parlamento de Galicia, por petición propia, para dar conta das políticas que por parte da Xunta de Galicia se veñen desenvolvendo nos últimos meses en materia de ordenación do litoral, en defensa da nosa costa e, polo tanto, tamén do noso futuro. E quero facelo aquí no Parlamento porque o Parlamento é a palabra do pobo e non debemos faltar á

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nosa palabra. E, claro, quixen vir cun pouco de antelación e, a verdade, é que hai que ter cara, hai que ter cara e non sonrojarse, despois de escoitar a señora Otero e o señor Bará. É un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas, é un insulto aos xuristas e é un insulto ao sector o que vostedes veñen dicir aquí. *(Aplausos.) (Murmurios.)* De verdade, os políticos de vez en cando temos que dar marcha atrás, debemos pedir desculpas, porque máis vale poñerse unha vez colorado que un cento morado.

E hoxe quero facelo aquí con luz e taquígrafos neste Parlamento e ademais quero facelo nunha data, nunha data concreta, xa que se cumpren cinco meses da aprobación nesta Cámara, sen ningún voto en contra, da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral; unha lei agora paralizada tras ser recorrida polo Goberno central, polo goberno de Pedro Sánchez pero tamén daqueles que lle seguen a comparsa —é dicir, os señores do BNG—. É un proceso que ten moito máis de político que de xurídico; e, se non, que llelo digan os xuristas que ao longo de todos destes días están estudando o recurso. É unha lei pola cal nos teñen chamado de todo —é dicir, que se nunca chega o momento, se vostedes non o fixeron antes...—. Porque nunca houbo tal ataque á costa galega como a partir do ano 2018. E, ademais, temos exemplos máis que sobrados.

Pero, fíxense. Que por lexislar nos digan —como dixo Hugo Morán— que é unha declaración de independencia, ¡manda truco! Pero que nos digan tamén que ameazamos a Constitución, que amnistía non pero que nós tamén, ¡manda truco! Pero, á parte, que nos digan que de xeito unilateral unimos o mar ao noso territorio, tamén ¡manda truco! A verdade é que o único que buscamos nós —e cando digo «nós» é a Xunta de Galicia pero tamén é o sector e deberían ser tamén vostedes, señores do PSOE e señores do BNG—, o único que se busca, é algo ben distinto. É algo ben distinto, que é lexislar, ordenar e buscar un futuro para Galicia.

E, antes de seguir, quero agradecer a presenza hoxe dos convidados que están na tribuna. Moitos deles aportaron gran parte do texto e outros redactaron este texto. E ¿por que o fixemos? Porque nos avala o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27, que recoñece que a nosa comunidade ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral. Esta lei, señores do BNG e señores do PSOE, non é froito dun capricho. Esta lei é unha necesidade que tiña Galicia. Pero tamén podemos facelo porque respondemos a que temos a exclusividade, temos exclusividade e correspóndelle ao Parlamento ditar leis nesta materia e á Xunta aprobar os regulamentos e exercer a función executiva. Tamén está disposto na Lei de costas no seu artigo 114, que recoñece que as comunidades exercerán as competencias en materia de ordenación territorial e do litoral que teñan atribuídas nos seus estatutos. Ademais, o Constitucional estableceu que a titularidade estatal do dominio público marítimo-terrestre non é un criterio de atribución de competencias e non pode excluír que as comunidades autónomas do litoral exerzan as súas lexítimas competencias. E recoñece que, nas comunidades con competencias exclusivas en ordenación do litoral, a facultade de dar títulos de ocupación se integra na competencia máis ampla da ordenación como función executiva. A todo isto súmase o ditame, do ano 2022, do Consello Consultivo de Galicia, que conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e outorgar os títulos de ocupación. Por último, a través desta norma facemos noso o xa disposto na Carta europea do litoral, de 1981, que recoñece que o espazo costeiro xoga un papel esencial na vida humana, un aspecto que despois foi ratificado polo Constitucional.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois disto ¿cal é o resultado? Que o Goberno central, o señor Pedro Sánchez, xunto con aqueles que lle bailan a súa mesma a auga, recorreu sen argumentos de peso e só para prexudicar un traballo rigoroso feito por galegos e dende Galicia, non feito só pola Xunta de Galicia, non feito polo señor Rueda nin pola vicepresidenta segunda. Non, foi feito dende Galicia.

A nosa defensa do litoral non vén de agora, non é algo novo. Levamos anos tentando frear os ataques do Goberno central á nosa costa ante a súa insistencia en desmantelar o noso litoral e eliminar toda actividade e vestixio humano. Estanse poñendo en perigo catro mil edificacións e máis de cen industrias que están instaladas na costa, estase afectando a máis de millón e medio de galegos que viven na costa. Nestes agravios a Xunta apostou por defender en todas as instancias os intereses dos cidadáns, así como os das súas entidades e os das súas empresas que teñen instalacións asentadas na liña de costa. O Goberno central polo que está optando dende o ano 2018 é por deslocalizar a nosa empresa, a cadea mar-industria.

Remontémonos ao ano 2018. Foi o primeiro intento de modificar o Regulamento de costas. Foi en plena Semana Santa, e ademais exposto nunha páxina que só unha secretaría xeral técnica dunha consellaría —naquel entón, da Consellería de Medio Ambiente— viu. Non o podía crer e púxose en contacto co resto das comunidades autónomas. Grazas a iso, houbo un gran levantamento e parouse. E iso non nolo perdoa o señor Pedro Sánchez.

Pero non foi o único intento, houbo máis. No ano 2021 foi a través da Lei de cambio climático. ¿Saben cantas roldas de prensa se deron aquí en Galicia dicindo que estabamos mentindo e que queriamos enfrontar uns con outros nesa Lei de cambio climático, nese artigo 18 tantas veces nomeado? Nese artigo, unha vez máis, o que querían era —e conseguírono— reformar a Lei de costas.

Non era suficiente, e no verán do ano 2022 aprobouse a modificación do Regulamento de Costas a través do real decreto que limita a trinta anos —a trinta anos, non a setenta e cinco— o tempo máximo de ocupación da costa polas industrias do mar, impedindo que de feito sexa para nada viable que haxa unha ampliación neste momento. Pero foron máis alá e ¿que fixeron? Pois intentar —e digo «intentar» porque o que fixemos foi recorrelo ante o Supremo— modificar incluso o límite do dominio público marítimo-terrestre. E con que tan só haxa un temporal e unha onda chegue a un lugar determinado, ¿saben o que pasa?, ¿saben o que pasa se chega esa onda e o Goberno central o decide modificar? Que pasa a ser directamente propiedade do Goberno central. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E non ría, señor Bará, que hai 40 vivendas ás que lles está pasando iso en Muros —en concreto, en Esteiro—. Non ría porque esa é a realidade. *(Aplausos.)* Pode ou non admitila, pero iso é o que está acontecendo. Polo tanto, modificamos o límite do dominio público marítimo-terrestre pero á par tamén modificamos o límite de servidume de costas. ¿Saben vostedes a que se pode liar con todo iso?

E non paran aquí, non paran aquí e, polo tanto, van e presentan un plan estratéxico nacional para a protección da costa considerando os efectos adversos do cambio climático. E aí claramente o que se di é que no ano 2045 non pode haber vestixio humano ningún en dominio

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

público marítimo-terrestre. Léano porque seguen dicindo «vestixio», si que pon «vestixio».

E, se lle dedicasen cinco minutos —que é o máis importante que tiñan que facer nestes últimos meses—, poñeríanse ao carón de quen está sufrindo as consecuencias dese ataque dende o ano 2018, que son os empresarios, que dan 40.000 postos de traballo. *(Aplausos.)*

¿Saben, por certo, a quen lle encargan este plan estratéxico? Pois a unha universidade cántabra —da que, por suposto, eu non teño nada que dicir— e tamén á Universidade de Las Palmas. E digo eu: logo a Galicia, que é a comunidade autónoma que ten 2.500 quilómetros de costa, ten tres universidades, ten o Observatorio do Litoral, ¿non sería moito mellor encargarlle ese plan estratéxico da costa e non deixalo en mans destas outras dúas universidades? A todo isto, nin sequera na páxina oficial do Ministerio foi comunicado, senón que tamén tivemos, unha vez máis, que trasladárllelo ás confrarías e ao sector para que tivesen voz.

É certo que non todo foron voces en contra. Só tivemos unha a favor, a cal eu hoxe publicamente quero agradecer. Foi este mesmo verán e foi a do xefe da Demarcación de Costas, Rafael Eimil, que aseguraba o seguinte: «A xestión de costas ten que ser feita polos galegos dende a Xunta». Ben é certo que o fixo cando xa estaba para xubilarse. Iso quere dicir que ás veces igual os xefes da Demarcación non son libres para dicir o que pensan. E dicía literalmente: «*Tanto la Administración del Estado como yo personalmente*»... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei cal é o problema, se non é certo que Rafael Eimil dixo iso, se non é certo que o dixo cando se ía xubilar... Eu o único que quero é poñer luz e taquígrafos no que está acontecendo aquí. Entón leo textualmente o que dixo Rafael Eimil: «*Tanto la Administración del Estado como yo personalmente entendemos que la gestión de la costa gallega tiene que ser hecha por gallegos desde la Xunta, y yo creo que el Estado lo tiene claro. Otra cosa es el cómo debe hacerlo, pero yo creo que tienen que sentarse y llegar a un acuerdo*». ¡Pois fíxense que nós intentamos sentarnos e chegar a un acordo pero non houbo Bilateral, señora Otero! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E faime así? Pero ¿de verdade que non teñen nin idea de como se fai o trámite dunha lei? ¿Non ten nin idea sequera diso? *(Murmurios.)*

Ante a intransixencia de todos estes continuos agravios do Goberno central, o que fixemos foi iniciar un camiño, o camiño de acadar o autogoberno pleno sobre o litoral. Unha vez máis, dígolles que esta lei é unha necesidade, non é ningún capricho. E comezamos a deseñala, efectivamente, en setembro do ano 2022 tendo en conta, ademais, que temos a plena competencia para ordenar o noso litoral. Queriamos dotar a Galicia dunha lei duradeira, dunha lei de consenso. Tendémoslles a man a vostedes pero nin sequera fixeron unha soa achega. Non se atreveron ao voto en contra porque sabían que non podía ser así, e agora sopran. Eu enténdoa, señora Otero. Igual vostedes, os señores do PSOE, non poden ir en contra do que diga o señor Pedro Sánchez. Igual é que están moi preto unhas eleccións autonómicas e queren ir nunha lista. Pero créanme que non serve de nada ir nunha lista ¡se ao final non os vai votar nin Dios, porque que é imposible! *(Aplausos.)* ¡Esa é a realidade, non é outra!

E é verdade que hoxe si que estou cabreada. Estou cabreada porque unha cousa é o debate político, outra cousa son as roldas de prensa e outra é que veñan vostedes aquí a este Par-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lamento e insulten unha e outra vez. Porque é que hai un traballo continuo, un traballo científico, un traballo técnico e un traballo xurídico. Polo tanto, comezamos esa liña. Queriamos que fose duradeira e, para iso, intentamos contar cos mellores. Porque non sempre os políticos temos a razón. Ás veces queremos algo e resulta que nos equivocamos. E recorremos ao Observatorio do Litoral. Eu quero dar as grazas, polo traballo encomiable de moitas horas, a dous catedráticos, a Marta García e a Javier Sanz Larruga, que xunto cunha morea de persoas ao final sacamos e sacaron entre todos unha lei para adiante. Foi un intenso esforzo, un compromiso, un compromiso no cal queriamos claridade, e esa claridade vén dada porque queriamos dicir cales eran as actividades estratéxicas para Galicia, cales eran aquelas actividades que se poden desenvolver en dominio público marítimo-terrestre, e establecer as prioridades, porque criamos que eran fundamentais, tamén regular os cambios de actividade en zona de servidume e dividir. Dividir é que houbese un visor para ter esas zonas de máxima protección, aquelas que hai que restaurar, pero aquelas que, xa estando moi humanizadas, tiñan que continuar por outra vía e xa non había que renaturalizar.

Pero tamén queriamos protexer, porque, efectivamente, temos a eólica mariña, e non nos opoñemos á eólica mariña, pero temos moito que dicir, e queriamos protexer os nosos caladoiros. Polo tanto, nesta lei o que vimos dicir é que, se se quere instalar a eólica mariña, hai que facer un informe por parte da Xunta de Galicia, un informe económico e social, e iso é o que pretendemos con esta lei, non queriamos outra cousa. É unha norma que, ademais de coidar o aspecto ambiental dun xeito escrupuloso, garante a función social e económica da costa galega, e busca consolidar o futuro da nosa costa, cos seus valores, que son eses valores, os naturais, os patrimoniais, os paisaxísticos, pero tamén os económicos e tamén o futuro, o futuro dos galegos e das galegas que viven na costa e que viven da costa, que viven das actividades. Polo que, tendo en conta a importancia desta misión, en poucos meses avanzamos, pero non é que: «é que fixemos todo a correr e fíxense que malos foron vostedes que, ao final, meteron moitísimo a pata».

O 15 de decembro do 2022 o Consello da Xunta aprobou o inicio de tramitación; o 27 de abril do 2023 apróbase o proxecto de lei. Remata así a tramitación administrativa, e trasládase aquí ao Parlamento. Finalmente, foi aprobada o 4 de xullo nesta Cámara e publicada o 13 de xullo. Entrou en vigor vinte días despois, en concreto, o 2 de agosto. E non houbo diálogo. ¿Por que non houbo diálogo? Porque non houbo intención por parte do Goberno central. Dende a entrada en vigor da lei ata que —en funcións— o Consello de Ministros anuncia que a vai recorrer non houbo nin unha soa chamada, ¡absolutamente nada!

Pero, claro, ¿saben o que aconteceu? Que agora sabemos que antes de que entrase en vigor —porque así o pon o Ditame do Consello de Estado— o Goberno central xa tiña decidido acudir ao recurso de inconstitucionalidade directa. De feito, o mesmo día en que se publicou no *DOG*, o 13 de xullo, o Ministerio de Transición Ecolóxica xa emitira o seu informe para acudir ao Constitucional, descartando así abrir un período de negociacións coa Xunta para a resolución das súas posibles discrepancias.

E o 27 de xullo, poucos días antes de que entrase en vigor, o Goberno solicitou o Ditame do Consello de Estado para interpoñer o recurso; polo que o Estado declinou dende o primeiro momento ir pola vía da cooperación e ir pola vía do diálogo. Non quixo unha bilateral para

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

negociar e resolver discrepancias. Eu mesma —nós— si que teño solicitada unha bilateral porque non estou de acordo coa Lei de vivenda, e estou agardando a que me dean data, porque é así como se deben de facer as cousas, pero a señora Otero ri unha vez máis porque isto non é o suficientemente serio para que o abordemos no cara a cara.

Así o recoñece —e leo textualmente— o Consello de Estado, dicindo explicitamente: «*No se ha hecho uso de la facultad de abrir un periodo de negociaciones para la resolución de las discrepancias, un mecanismo previsto por la ley*». Así é que en ningún momento se nos deu a oportunidade de sentarnos, nin se nos deu a oportunidade de falar, a pesar de que o pediramos anteriormente e a pesar de que nós antes lles enviaramos a lei para que fixesen aportes. Puxeron, por suposto, en cuestión todo o que estabamos facendo.

Tampouco se nos quería dar tempo para defendernos. ¿Para que? Tres semanas, e tres semanas rematan o próximo día 20 de decembro. Estase traballando arreo, pero créanme que o conseguiriamos. ¿Cal é a diferenza? Que se polo menos nos desen unha bilateral, aínda que non chegásemos a acordo, teriamos ata abril para poder defendernos, pero isto había que facelo á présa e correndo.

A verdade é que teñen vostedes un papelón, porque me gustaríame saber algo: ¿que gañan vostedes? ¿E que gañan os señores do BNG por querer correr tanto e ir, co señor Sánchez, dicir que esta lei é a todas luces inconstitucional? E despois falaremos da inconstitucionalidade, ¡eh!

Polo tanto, non se remitiu ningún tipo de documentación e houbo que esperar. Houbo que esperar. Primeiro fan o anuncio nun momento onde xa o Goberno estaba en funcións. Desde que hai o anuncio, eu diríxome persoalmente ao Consello e pídolle ese ditame, porque queriamos ir avanzando. ¿E saben que me responde a Secretaría de Estado? Bueno, pois que era un problema de carácter político, que a eles aínda non lles chegara a comunicación oficial de que a ían recorrer e, polo tanto, que tocaba agardar. Nin iso nos quixeron facilitar. Houbo que agardar ata que a lei se puxo do noso lado, e xa non lles quedaba outro remedio máis que mandarnos, por un lado, o ditame e, por outro lado, a demanda.

Polo tanto, agardamos a que saíse no *BOE* —iso foi o 9 de decembro— e empezamos a analizar os artigos. Houbera distintas comunicacións, nas cales se nos dicía que se recorría o 40 por cento da lei. Por suposto, a xente púxose a traballar, e non era o 40 por cento da lei, era o 15,5 por cento da lei; *(Aplausos.)* un artigo, un artigo completo foi o que recorreron, e 73 apartados e letras dun total de 469 apartados e letras recorribles. Esa é a realidade. Tiveron que facer orfebrería, ¡moita orfebrería! Nalgún momento dicía a señora Yolanda Díaz que facían orfebrería para a amnistía; aquí fixérona para recorrer de inconstitucional unha lei.

Polo que, deliberadamente, o Executivo central o que pretendía era magnificar e dicir «que mal o están facendo vostedes», que é o que lles mandan dicir e reproducen aquí unha e outra vez. Un traballo feito, señores, por catedráticos, por xuristas, por xente de recoñecido prestixio, e despáchano así, como quen non quere a cousa. Uns, de repente, piden unha lei orgánica, que xa lles diximos por activa e por pasiva que para ir a unha lei orgánica, para

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recorrer ao 150.2, ten que ser materia exclusiva do Goberno central, e a exclusividade aquí tena Galicia, o único que teñen que facer e dárnola, pero témola recoñecida, e outros inventan o que lles vén en gana.

Esperamos. Tivemos que esperar ata o 15 de novembro. Ata aquel entón non tivemos nin recurso, nin informe do Consello de Estado. Pasaron un total de 36 días. Díganme que interese tiña o Goberno central en que Galicia se defendese. Ningún, ¡ningún!, porque despois, no período de alegacións, foron dous míseros folios, que era un insulto á intelixencia galega. ¡Ah!, pero para a demanda foron como uns douscentos, e iso que só nos recorren o 15,5 por cento do que é a lei en si; pero, unha vez máis, había que facer orfebrería.

¿E nós que opinamos? Pois opinamos que é un recurso cuestionable, xa que, por exemplo, recorren de inconstitucional ata un dos principios inspiradores da lei, o que aposta polo desenvolvemento sostible da costa e por permitir a coexistencia de actividades económicas e a protección do medio ambiente. ¿Queren que llelo leo textualmente? Pois vóullelo ler, vóullelo ler, pero tamén llelo vou pasar por escrito *(Murmurios.)* Tamén... *(Un señor deputado ou unha señora deputada:* ¿Agora?) ¿Pero como que agora? Pero é que estou falando de que quen recorre é o Estado e de que quen negocia co Goberno central son vostedes, que con nós non quixeron negociar. *(Aplausos.)* Co cal, supoño que vostedes terán ese ditame, ¡digo eu! ¡Este é o colmo dos colmos!

Pois miren, recorren o artigo 29.1, e din que é inconstitucional —¡señores, ollos verán!: «O uso do litoral realizarase conforme o principio do desenvolvemento sostible, de xeito que se propicie o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos da economía, a cohesión social, a igualdade de trato e oportunidades, a saúde, a seguridade das persoas e a protección do medio ambiente». Pois ese apartado dese artigo é inconstitucional. Díxoo o Goberno central, e vostedes apláudenlle.

Coincidirán comigo en que recorrer esa finalidade supón recoñecer que no litoral o Goberno central non quere ningunha actividade económica, algo que vén facendo na mesma liña dos últimos informes sectoriais dende o ano 2018.

Pero, non contentos con iso, recorren tamén a competencia de Galicia para poder aprobar a Estratexia de economía azul. É dicir, volvo ler outra vez máis outro dos artigos que recorren. Artigo 22, *A estratexia de economía azul de Galicia*, apartado 1: «A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará unha estratexia de economía azul, de apoio ao crecemento sustentable dos sectores produtivos vencellados ao mar e ao aproveitamento do potencial dos mares e dos océanos como motores da economía.» Este apartado, señores, segundo o Goberno central, tamén é inconstitucional; o que demostra a intención do Goberno central de eliminar unha vez máis toda a actividade humana e a economía do noso litoral.

É que, ademais, o Goberno segue dando pasos en firme na súa estratexia de querer deshumanizar a costa. Máis aínda, a análise preliminar do informe do Consello de Estado pon en evidencia que o Executivo, é dicir Pedro Sánchez e os seus socios de Goberno, non conta co aval total do máximo órgano consultivo para interpoñer o recurso de inconstitucionalidade. ¿Que lles parece? Pero faino igualmente, en contra do que dispón o Ditame do Consello de

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estado. Isto é, no Ditame afírmase que é perfectamente constitucional a posibilidade de que os establecementos da cadea mar-industria que necesiten toma e saída de auga poidan situarse en dominio público marítimo-terrestre, así como en servidume de protección, tal e como contempla a nosa lei.

Do mesmo xeito, o Consello de Estado avala a constitucionalidade de que estes establecementos poidan localizarse en dominio público dos portos. O ditame tamén avala o obxectivo da Lei autonómica de usos posibles no litoral, que non é outro que o de perseguir a harmonización dos intereses da economía coa protección do medio ambiente.

Así que, por un lado, temos o Ditame do Consello de Estado e, por outro lado, temos a vontade de seguir adiante con este recurso de inconstitucionalidade por parte do Goberno central. E a pregunta é: ¿este recurso é político ou este recurso é xurídico? ¿Tan mal o fixo Galicia? ¿Tan mal o fixeron os impulsores e os redactores desta lei? ¿Tan mal o fixo a cadea mar-industria, as confrarías e os concellos do litoral?

Pois ben, a pesar de todas estas precisións por parte do Consello de Estado, o Goberno segue adiante, recorrendo estes preceptos, para acadar o que sempre foi o seu obxectivo estatal.

Con isto demostramos que, vendo os fundamentos do recurso de inconstitucionalidade, aínda que Galicia ten competencias exclusivas que se proxectan no mar territorial, o Goberno recórrea, porque non quere que fagamos ningunha referencia ao mar territorial. É máis, recorre a lei galega por algo tan absurdo como que en certos artigos, para ter seguridade, clarificamos cales son as competencias da Lei de costas, e clarificámolo e poñémolo, pero para ter máis seguridade. Pois fíxense que incluso iso nos están a recorrer. Por suposto recorre a lei porque di que non podemos regular nada das concesións na costa ata que non modifiquemos o Estatuto. E aquí si que hai que pararse a pensar, e eu creo que tamén a reflexionar. Señora Otero, resulta que vostede tráenos o acordo ao cal chegou ao PNV. Mire, ese acordo tamén o tivemos nós, pero é que tamén falamos co Grupo Parlamentario do PNV. Pero non é que falara eu, é que falaron os medios de comunicación. *(Murmurios.)* E, efectivamente, o que nos están negando a nós, señora Otero, acábanllo de dar ao País Vasco —¿sabe?— nun máximo de dous anos. ¡Pero como é posible que diga que non é verdade! *(Aplausos.)* ¡É que non pode faltar á verdade neste Parlamento! *(Aplausos.)* Iso, ademais, fíxose —¿e sabe cando lle doe moito á xente?— da seguinte maneira: primeiro, sae no *BOE*, e ao día seguinte hai o acordo co PNV. E dis: ¡pero vamos ver, isto é unha tomadura de pelo! Mire, é que a min non me doe por ser vicepresidenta, non me doe por ser membro do Goberno galego, a min dóeme por ser galega única e exclusivamente. *(Aplausos.)*

¿Sabe que di este acordo? Di: «*Culminar el autogobierno presente con la transferencia a Euskadi de las competencias aún pendientes en el plazo improrrogable de dos años*»; en referencia ao acordo do ano 2020, que son un total de 30 transferencias. E dentro desas 30 transferencias, a oitava pois é a xestión e a ordenación do litoral. *(Murmurios.)* Por iso non hai maneira. É dicir, póñanse do lado de Galicia, non se poñan do lado do PNV. O PNV fixo o que tiña que facer, que é o que terían que estar facendo vostedes aquí, *(Murmurios.)* e é o que tiña que estar facendo o BNG. *(Aplausos.)* ¡Fixo o que tiña que facer: por cinco votos asinar un acordo! *(Aplausos.)* Os señores do BNG esquecéronse desa competencia e dixeron: todas aquelas que estean pendentes. Pero non é o que fixeron os señores do PNV.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, é máis, saben vostedes que aquí tivemos moito debate. E entón dicíase: fíxense que mal, porque é que no seu día Cataluña...; son estatutos de segunda... Entón. clarificaron. Pero, claro, é que agora imos ao Estatuto de autonomía de Galicia, ao artigo 27, e di: «No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: ordenación do territorio, do litoral, urbanismo e vivenda». E se imos ao Estatuto de autonomía do País Vasco, de 1979, di o artigo 10, apartado 31: «*La Comunidad Autónoma del País Vasco tiene competencias exclusivas en las siguientes materias: ordenación del territorio, del litoral, urbanismo y vivienda*». ¿Hai algunha diferenza? Ante esa desculpa, estaba: fíxense, é que estes cataláns clarificaron. Aquí non hai nada que clarificar. E agora a señora Otero dime: «*...y la fórmula*». E a fórmula foron cinco votos. *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Otero, non foi outra cousa: cinco votos para que o señor Pedro Sánchez estea no Goberno. *(Aplausos.)* Pero os seus, ao final, pois vexo que non serviron para nada. *(Aplausos.)*

Pero non só quedaron aí, non, porque no mesmo texto —e terao vostede— céntranse nunha desafección. En Muros —en Esteiro, en concreto— estamos vivindo unha situación insólita. Esa situación levou a que nunha semana, nun 15 de agosto, corenta propietarios de vivendas recibisen unha notificación do catastro dicíndolles que xa deixaban de ser titulares de parte dos seus terreos. Por suposto, recorreron á Xunta, por suposto que os aconsellamos e por suposto que fixeron os seus recursos, pero a resposta foi nula. Están afectados e, polo tanto, deixan de ser os donos desa parte, ou ben da vivenda ou ben das súas fincas.

Pois en Hondarribia tiñan un problemón. O problemón era que había un espazo fantástico onde se practicaba o deporte. A concesión remataba no ano 2024, e levaban tempo sen poder xestionalo. E o PNV no seu acordo di literalmente: «*Se culminará el expediente de innecesariedad y desafección de los terrenos del municipio de Hondarribia ocupados por zonas deportivas y afectados hoy por el dominio público marítimo-terrestre, traspasándoselos de modo gratuito al municipio, dando así cumplimiento al acuerdo del PNV cerrado en la anterior legislatura*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Otero, ¿dío ou non o di? ¿Que pasa? ¿Que os veciños de Esteiro non son iguais que os veciños de Hondarribia? ¿E que pasa?, ¿que os vascos non son igual que os galegos? ¿Aos cataláns, vascos e galegos téñenos que tratar por igual? ¡Pois si que teñen vostedes un papelón, que é defender a Pedro Sánchez! *(Aplausos.)*

Bueno, este é un novo exemplo —e destes hai varios— de claro trato diferencial con Galicia, pero tamén de humillación con Galicia. E a maiores, en aras de defender o indefendible, o delegado do Goberno insiste día si e día tamén en afirmar que o Estado concede todas as concesións que se lle solicitan. Pois, fíxese, nin sequera aquelas concesións anteriores a 1988 se lles están concedendo sen darlles problemas, e pódolles poñer algún exemplo. ¿Lembran Tresmares? ¿Lembran cando se lles ampliaba durante un ano a prórroga e despois de dar moitas voltas agora teñen prórroga ata o ano 2056? En realidade, ¿cren vostedes que os empresarios galegos teñen que estar ao albur de quen goberne en Madrid en vez de ter unha lei clara para saber ata cando lles vai chegar a súa concesión? Pero, en realidade, isto non é levantarse, vir aquí e cobrar a fin de mes; é que esta xente arrisca, fai investimentos e non pode estar ao albur do que digamos os políticos: un día, unha cousa e outro día, outra.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Lembran vostedes Stolt Sea Farm? ¿Lembran que lle daban a concesión ata o ano 2029 e que tiveron que recorrer ao Tribunal Superior de Xustiza e, ao final, teñen a concesión ata o ano 2069? É que nin sequera a aquelas que llela teñen que dar por lei o fan sen darlles quebradeiros de cabeza aos empresarios galegos.

Pero temos máis exemplos, como a planta de acuicultura de salmón de Burela. A Dirección Xeral de Costas do Estado emitiu informe negativo. Portos de Galicia si que lle concede por cincuenta anos. E, de verdade, ¿é que abren a boca e están sorprendidos? ¡É que así é imposible que defendan vostedes absolutamente nada! ¡Son cincuenta anos! ¿Pero cren que algún empresario, despois de ver todo isto, se atreve a apostar por Galicia? Non, porque quere estabilidade; quere estabilidade e quere seguridade.

Pero podemos ir máis alá, e está o saneamento das rías. Hai escasos días a conselleira de Infraestruturas facía público que era o que estaba ocorrendo coas depuradoras e cos informes de Costas. Pois pódolles poñer exemplos: Cabanas ou Vilanova de Arousa. Neste caso, trátase de sistemas de saneamento, están informados desfavorablemente. Pero temos máis: o bombeo dos Pasais, a EDAR de Meaño, a EDAR dos Praceres, na ría de Pontevedra, e suma e segue. ¿Sabe canto levamos esperando para ter un informe favorable do emisario dos Praceres? Trinta e sete meses. ¿Sabe canto se leva esperando polo informe do saneamento de Foz? Trinta e seis meses. ¿Sabe vostede canto se leva agardando polo informe no caso de Cabanas? Vinte e dous meses para coñecer que as condicións técnicas que expoñen fan inviables as obras. Isto, e máis, que lles podería estar relatando.

Polo tanto, eu hoxe viña aquí para total claridade, para total claridade..., para «*montar un jaleo*», din os señores do PSOE. Aquí, cando non lles interesa, é que montamos un jaleo. E teñan coidado, non vaia ser que de repente saia unha declaración institucional da miña persoa porque ¡menuda lianta é esta!, ¡a que quere montar co sector! Mire, isto non vai así, non vai así. *(Murmurios.)*

Eu o que lles digo é que se poñan dunha vez hoxe —hoxe podería ser un gran día para Galicia *(Murmurios.)*— do lado dos galegos e das galegas; póñanse do lado do sector. Díganlle ao Goberno central —como eu lle dixen e xa llo notifiquei por carta á ministra correspondente, á de Transición Ecolóxica— que retire o recurso contra a Loxilga, *(Aplausos.)* xa que quedou en evidencia que non é necesario reformar o Estatuto para completar os traspasos pendentes a Galicia en materia do litoral. Así se acaba de recoñecer abertamente nese acordo ao que chegaron co País Vasco, e quedou claro tamén o rexeitamento total do Estado —e sen explicacións— á norma galega e o seu recurso, baseándose en fundamentos políticos, non en fundamentos legais.

Pola nosa parte, estamos a traballar dende o primeiro momento na preparación das alegacións —xa lles digo que temos ata o 20 de decembro— ao recurso, que, por suposto, presentaremos nos próximos días. Procuramos darlle a máxima axilidade; é máis, ao día seguinte de recibir o recurso, o día 16 de novembro, o Consello da Xunta autorizounos a presentar a resposta de Galicia ante os preceptos impugnados. Hai que ter en conta que estamos ante un recurso de máis de 200 páxinas e que temos un prazo de menos de tres semanas para alegar. Aínda así, direilles que os Servizos Xurídicos da Xunta, xunto con xuristas ex-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ternos —porque así o quixeron facer—, están volcados nesta defensa de Galicia e do seu futuro. E esta defensa de Galicia e do seu futuro é a que tería que estar facendo neste momento o PSdeG —ao que lle sobra o «G»— e tamén o BNG, que a este paso tamén diría eu que lle está sobrando. *(Murmurios.)* Incongruencias neste proceso houbo moitas. Señores do PSOE, ¿lembran cando se aprobou a lei no Consello da Xunta? ¿Lembran que o señor Valentín saíu rapidamente e dixo que era unha oportunidade para preservar a sustentabilidade do sector? O mesmo día desa aprobación nós démosllo por ben feito e dixemos: oe, dunha vez por todas, o PSOE ponse do lado de Galicia. Pois corenta e oito horas despois o daquela delegado do Goberno —o delegado máis fugaz que temos e que agora vai ser o candidato— puxo en cuestión este apoio. ¡Corenta e oito horas despois! Finalmente, vostedes —vostedes, os deputados— non presentaron nin emenda á totalidade nin emendas parciais. Tampouco votaron desfavorablemente; declinaron participar totalmente na lei, non lles interesou.

Pero é certo que tamén o BNG tivo os seus arres para adiante e para atrás. E a miña pregunta é: e vostedes, señores do BNG, que din que asinaron tamén un acordo, ¿esquecéronse do sector?, ¿esquecéronse desta transferencia? En realidade, ¿crían —como di o señor Bará— que había que ir por unha lei orgánica? E tamén xa lles din os señores do PSOE que a lei orgánica non pode ser. Pero é que calquera xurista ao que se acheguen e lle pregunten diralles: non enreden. Eu o que non sei é que é o que está pasando para que vostedes tamén se estean posicionando ao carón de Pedro Sánchez. Unha vez máis dígolles: só se pode recorrer ao artigo 150.2 da Constitución para transferir facultades correspondentes a materias de titularidade única e exclusiva do Goberno central; pero é que esta non é exclusiva do Goberno central, é que esta é de Galicia. ¡Señor Bará, de verdade que están vostedes presos de Pedro Sánchez! Fáganse independentes dunha vez, porque parece que aquí a independencia vén dos señores do PP e non vén dos señores do BNG. *(Murmurios.)* Corten ese fío umbilical que fai que vivan e respiren por Pedro Sánchez en vez de loitar por Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En xogo, señores —e agora xa moi serios—, temos 40.000 postos de traballo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(Murmurios.) son 9.000 millóns de euros de actividade económica, que supón preto do 5 por cento do PIB; en xogo temos o turismo de excelencia; en xogo temos o saneamento das rías a través da depuración; en xogo temos os servizos que queren dar os concellos; e en xogo temos a rehabilitación de patrimonio cultural que está caendo a añicos porque dende Costas, dende o Goberno central, non se lle quere dar unha segunda oportunidade.

Polo tanto, fagamos algo bo os políticos dunha vez por todas dende este Parlamento; poñámonos de acordo, poñámonos ao carón da lei e digámoslle ao señor Pedro Sánchez que retire esa demanda de inconstitucionalidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

Rolda dos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvidos aos convidados que non estaban na anterior intervención.

Señor presidente, *(A señora Otero Rodríguez vírase para falar co presidente do Parlamento.)* corrobóreme que estamos no Parlamento de Galicia, porque ultimamente estamos afeitos e afeitas a que por parte do Grupo Parlamentario Popular —eu entendo que están moi nerviosos e moi nerviosas con esas eleccións autonómicas que están aí, á volta da esquina— se estea faltando moitísimo ao respecto aos deputados e ás deputadas da oposición nesta Cámara.

Frases como as que me dirixiu a semana pasada o director xeral están aí, no *Diario de Sesións*, dicíndome: «*Tiene que tenerla usted muy grande para venir aquí con esta intervención*». Ou hoxe a conselleira, que dixo: «Non nos vai botar nin Dios». Iso quere dicir a falta de respecto que dende o Goberno galego lle teñen a este Parlamento. *(Aplausos.)* Señora conselleira, vostede veu aquí dicir que viña por petición propia, con toda claridade, para falar da ordenación do litoral e para falar desa lei que vostedes aprobaron en solitario. A verdade é que vostede veu ao que nos ten acostumados os últimos meses, que é a buscar a confrontación, a lea e a liorta co Goberno central. E iso teno amosado o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia nos últimos tempos. Vostede só cambiou o ton e o discurso... Ademais, víuselle moito cando mirou o reloxo, porque ía entrar en directo no telexornal. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, ri, vírase e levanta as mans desde o seu escano.)* Aí foi cando vostede cambiou o discurso, a última parte da súa intervención. *(Aplausos.)* ¡Notóuselle tanto, señora conselleira...! ¡Home! Vostede non ten límite de tempo; eu si que teño que estar mirando o reloxo, porque si teño límite de tempo.

E mire, señora conselleira, vostede empezaba, vostede empezaba... *(Murmurios.)* —é que están nerviosísimos, é imposible falar coa bancada do Partido Popular—. Mire, vostede falaba de cinco meses de bloqueo por parte do Goberno central a esta Lei do litoral. Se quere, falamos hoxe de que se cumpren cinco anos —¡cinco anos, señora conselleira!— de bloqueo por parte do Partido Popular á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. E o único responsable é o Partido Popular, *(Aplausos.)* que levan ata hoxe 1.822 días incumprindo novamente a Constitución, señora conselleira. O Partido Popular non pode incumprir a lei unicamente porque non lle guste ou porque crea que non lle convén.

E mire, señora conselleira, eu rétoa, cando volva aquí, a este atril, a que me diga e a que me busque algunha afirmación categórica do presidente do Goberno, o señor Sánchez, ou dalgún membro deste Goberno na que lle dixera a Galicia que non lle ía transferir esta competencia. Búsquea, señora conselleira... *(A señora Otero Rodríguez ri.)* ¡E sácame a lei aprobada unilateralmente polo Partido Popular! Eu dígolle, busque... Deixe de mentir, deixe de enganar e de crearlle falsas expectativas ao sector. *(Aplausos.)* Deixe de enganar. ¿Onde dixo Pedro Sánchez que non vai transferir esta competencia? Non, dígamo, señora conselleira.

E dígame tamén, neste acordo de investidura co PNV *(A señora Otero Rodríguez mostra un documento.)* onde está a fórmula na que se lle vai transferir esta competencia de ordenación e

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestión do litoral ao País Vasco. ¿Está aquí a fórmula, señora conselleira? Non. Di que se vai traspasar esa competencia, pero é que tamén o Goberno central xa llo está a dicir á Xunta de Galicia. Está dicindo: traspasamos esa competencia, pero ¡fágano ben, señora conselleira! Polo tanto, eu rétoa a que busque esas declaracións... Ben, non busque, que non as hai. Polo tanto, non vai poder atopalas.

Porque, miren, vostedes non fixeron caso nin ao que dixemos dende este grupo parlamentario, nin ao que dixo tampouco o propio Consello de Estado, que agora están dicindo e cuestionando o ditame do Consello de Estado, e vostede sabe coma min que nos membros dese Consello de Estado hai xente de todas as cores políticas; entón, non veña dicir... É que, claro, chegou a dicirnos agora a conselleira, ante ese recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central, que o Goberno central «non nos dá tempo para contestar este recurso». ¡Home, señora...! Vostede parece Feijóo pedindo que o deixen gobernar dous anos ou pedíndolle tamén, no debate de investidura, máis tempo á presidenta da Cámara para poder facer ese discurso totalmente falido, e xa vemos quen segue a gobernar en España, ¿non?

Polo tanto, conselleira, non é certo o que vostede dixo aquí nesta tribuna. Non fixeron caso a ninguén. Incluso non fixeron caso..., porque vostede tamén veu aquí ler extractos, pero non parágrafos completos do ditame do Consello do Consello de Estado. E tampouco le literalmente, completos, todos os argumentos que dá o propio informe do Consello Consultivo de Galicia, que indicaba —e repítolle, señora conselleira— «que a maior garantía xurídica se operaría mediante a actualización do noso Estatuto de autonomía. Pese a iso» —é certo—, «o propio Consello Consultivo esgrime unha xustificación e argumentación xurídica baseada na interpretación do sistema constitucional tras a incorporación ao Estatuto de Cataluña». ¡O Partido Popular empregando como argumento o Estatuto de Cataluña é pura plasticidade gráfica que o impregna todo, señora conselleira! A verdade é que «esta interpretación consonte a cal podemos entender esta competencia sobre a xestión do litoral, xa incorporada nas nosas competencias exclusivas...», pero hai que seguir lendo, señora conselleira, porque engade «non sería máis que unha consideración teórica pendente de traspaso efectivo». Neste senso, apunta «que se podería lexislar nesta materia, pero condicionando a norma ao traspaso efectivo por parte do Estado da competencia». E isto último soamente operaría polo decreto de transferencias correspondente, previsiblemente previa Comisión Bilateral Xunta-Estado.

A norma aprobada en exclusiva polo Partido Popular, agora no Tribunal Constitucional, non cumpriu con esta condición. Sepárase, por tanto, tamén do apuntado polo propio Consello Consultivo de Galicia.

O PSdeG propuxo —repito, señora conselleira— dende o primeiro momento tres posibles solucións, tres posibles opcións que solucionarían a cuestión: a primeira, a reforma exprés do noso Estatuto para clarificar a cuestión. Aquí está o PSdeG, man tendida. Non sei que problema teñen tamén para poder reformar o noso Estatuto. Teñen aquí os votos do grupo parlamentario do PSdeG para levar adiante esa opción. Pero, se non lle gusta, teñen a segunda: Lei orgánica de transferencia de competencias, contemplada na Constitución. E terceira, conselleira, convocar —porque deben de convocar, e solicitalo vostedes— e celebrar urxentemente esa Comisión Bilateral Xunta-Estado e viabilizar o traspaso efectivo.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As tres opcións —repito— son igualmente válidas para solventar a cuestión. Cada unha delas coas súas argumentacións e consecuencias xurídicas. Repítolle, conselleira —e non llo podo dicir máis claro—, non lle dicimos cal ten que empregar. Escolla vostede a que máis lle guste; escolla vostede a que máis rabia lle dea. Non lle impoñemos nós, das tres opcións, cal ten que articular a Xunta de Galicia. Non lle imos impoñer nós unilateralmente ningunha, como fan vostedes. Escollan e aquí, dende logo, estará este grupo parlamentario. Pero, claro, dentro do marco constitucional. O que non poden vostedes —tanto que se lles enche a boca de dicir que son constitucionalistas— é defender a Constitución pola mañá e incumprila xa á hora de xantar.

O que queda claro con esta actitude que están a demostrar é que nunca, nunca, quixeron exercitar esta competencia; tampouco quixeron nunca clarificar esta cuestión. ¿Onde está esa chamada da Xunta de Galicia ao Goberno central para poder afrontar este problema? ¿Onde está? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero onde está? Non, é que vostede di: Non, mire, nós aprobamos esta lei unilateralmente, e despois que me chamen. Pero, ¿non cre que unha cuestión tan importante para a nosa comunidade autónoma merece tamén que vostedes fagan esa chamada e intenten artellar unha solución dentro da vía constitucional? Pero é que nin facilitaron tampouco esa xestión nin houbo chamada. Ou sexa, é que está totalmente claro que nunca quixeron exercer esta competencia. Soamente queren —e vostede hoxe volveuno demostrar aquí— buscar unha confrontación artificial, e ademais crearon un problema onde non o había, co único obxectivo de sacar, conselleira, tallada política.

Deixen esta actitude, volten á senda da cordura, do «sentidiño» —iso que tanto lles gusta—, do diálogo; olvídense dos seus intereses electorais de cara ás vindeiras eleccións autonómicas. Deixen de pensar nos intereses do Partido Popular e pensen nos intereses do sector.

Aínda estamos a tempo, conselleira. Recapaciten, elixan, dentro desas tres opcións e posibilidades que nos dá o marco xurídico, a solución para acadar esta transferencia sobre a ordenación e xestión do noso litoral, dende logo coa maior das seguridades xurídicas, que é o que queremos dende o PSdeG. Repito, aquí está o PSdeG para calquera desas tres opcións, para apoialo. Pero a Xunta debe respectar a legalidade e negociar co Goberno de España.

Botaba en cara o do PNV. O PNV dialogou. Outras comunidades autónomas... Antes o señor Pazos dicía que outras comunidades autónomas só cun simple papeliño tiveran esa transferencia de competencias. Eu recórdolle que as únicas comunidades autónomas que no día de hoxe teñen transferida a competencia foi porque reformaron os seus estatutos, que é unha das vías que marca a propia Constitución. Cataluña, Andalucía, Canarias e Baleares reformaron os seus estatutos. Pero, ben, vostedes unilateralmente impuxeron esta lei. E quero recordar que cun trámite exprés, cunha única reunión de ponencia, e non escoitaron a ninguén, non escoitaron os argumentos de ninguén, nin dos grupos da oposición, nin do Goberno do Estado, nin do Consello de Estado, nin tampouco dos seus propios órganos de asesoramento xurídico. Porque, señora conselleira, cren que todo vale para facer política e para confrontar co Goberno de Pedro Sánchez.

Aproban unha lei, a pesar de todas as advertencias de vicios de inconstitucionalidade, e vostedes sábeno, pero non lles importa, porque o único que perseguen é gañar votos, e o que é peor, xerando unhas expectativas que saben perfectamente que non van poder cumprir.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este comportamento, conselleira, é populista e irresponsable. E este comportamento é o que provoca unha grave inseguridade xurídica que acaban pagando os cidadáns de Galicia e, especialmente, a cadea mar-industria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: No fondo —e remato, presidente— o que subxace con esta actitude, con esta lei, á marxe do respecto pola integridade constitucional, son dúas concepcións moi diferentes sobre a ordenación e a xestión da nosa costa. Que o PP e a Xunta adoptasen esta vía unilateral e actuar á marxe da legalidade é algo que a nós, señora conselleira, realmente nos preocupa. É unha mágoa, a verdade, porque estou segura de que esta transferencia hoxe sería unha realidade se realmente o Partido Popular quixese. E creo que a cidadanía e o sector mar-industria merecen que deixen o seu empecinamento, que baixen da burra —vou utilizar a linguaxe coloquial que vostede emprega— e que exploren as posibilidades dentro do marco constitucional.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Despois, na miña segunda quenda, seguirei.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día a todas as persoas que hoxe se achegaron a este Parlamento a escoitar esta comparecencia e as intervencións dos grupos.

Bo día, señora conselleira. Supoño que ao baixar da tribuna alguén lle lembraría que onde estamos é no Parlamento galego. Non, dígoo porque houbo momentos da súa intervención que nos deu a impresión de que estabamos no medio e medio da rúa do Franco. Así llo digo, con toda claridade. *(Aplausos.)*

Nós, señora conselleira, no Bloque Nacionalista Galego, pensabamos que hoxe vostede ía vir aquí falar en serio. Pero unha vez máis, por enésima vez, vostedes optan por seguir, por un lado, enganando a xente e, por outro lado, confrontando co Estado español. E dicimos enganando a xente porque, señora conselleira, é a súa lei, non a do Bloque Nacionalista Galego, ¡a súa!

Non sei se... ¿Que lle causa graza? *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, estaba falando de que lle ía explicar

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a súa lei, pero empezou vostede a rir; non sei se é un tic nervioso ou se ten algún problema. *(Aplausos.) (A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, estaba vostede rindo.

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade. Non entremos en tics nin en cousas desas, imos deixar a cousa así, normal. Vaiamos normal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! ¡Silencio! Teñamos comparecencias normais. Siga. *(Murmurios.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Están os ánimos ben caldeados, ¡eh! ¡Están os ánimos ben caldeados por esta banda de estribor!

O señor PRESIDENTE: Pois non os caldee máis.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, dicíalle que optaron outra vez, que optou vostede hoxe aquí por seguir enganando a xente. ¿Sabe por que? Porque é a súa propia lei —a súa, non a do Bloque Nacionalista Galego—, no artigo 48.1, a que establece precisamente, respecto do exercicio das competencias autonómicas para o outorgamento das autorizacións e das concesións no dominio público marítimo- terrestre, que é esa parte da lei a que non entra en vigor, precisamente pendente do traspaso de funcións e servizos do Estado. ¡É que é a súa lei a que o recolle, non a lei do Bloque Nacionalista Galego!

Polo tanto, se a súa lei é a que recolle que toda a lei entrou en vigor no mes de xullo, agás toda a parte referida precisamente ao traspaso de funcións e servizos, porque se ten que producir por parte do Goberno español á comunidade autónoma, ¿por que lle segue vostede dicindo á xente que esta lei lle dá seguridade xurídica e, polo tanto, que esta lei tamén vai ser a solución a unha serie de problemas que na metade dos casos están inventados? O que pasa é que vostedes son moi dados a repetir unha mesma cousa vinte millóns de veces para que todo o mundo acabe crendo que é verdade.

E seguen, señora conselleira, a votar en contra; acaban de votar en contra do proxecto de lei —no punto anterior— do Bloque Nacionalista Galego precisamente para facer que ese traspaso de funcións e servizos se leve a cabo. Polo tanto, díganlle, señora conselleira, a todo o mundo que a vostedes as transferencias realmente lle importan pouco, por non dicir que lles importan nada. Díganlle que levan catorce anos gobernando e que non reclamaron unha soa competencia. Son vostedes os campións: cero competencias conseguidas. *(Aplausos.)* Non só non reclamaron ningunha competencia, senón que, ademais, votaron sistematicamente en contra neste Parlamento cada vez que o Bloque Nacionalista Galego propuxo aquí, precisamente, reclamar esas competencias.

E deixen tamén —porque hoxe foi un exemplo evidente, evidentísimo— de facer campaña, de utilizar este asunto como un arma arreboladiza para os seus propios intereses partidistas, señora Vázquez. Díganlle á xente que mentres non reclame ese traspaso de funcións e servizos esta lei é papel mollado, ¡é absolutamente papel mollado! *(Aplausos.)*

E, ¿por que non o reclaman, señora conselleira? Pois porque para vostedes é moito máis fácil e pensan que lle é máis útil seguir confrontando co Estado, seguir parecendo os prin-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cipais defensores das competencias propias, cando, en realidade, incluso as que teñen en exclusiva lles veñen grandes. E logo critican que o Partido Nacionalista Vasco chegase a un acordo co PSOE precisamente para obter transferencias en ordenación e xestión do litoral. ¿Sabe por que, señora conselleira? Porque o Partido Nacionalista Vasco quixo negociar dende o primeiro momento, quixo sentarse a unha mesa a falar con quen tiña que chegar a un acordo; non fixo coma vostedes: ir coa pancarta da manifestación precisamente en contra e confrontando con quen logo lle tiña que reclamar esas competencias. *(Aplausos.)* O Partido Nacionalista Vasco, señora conselleira, non foi a Madrid a montar bronca, a montar lea, como veñen facendo vostedes con este tema.

E dicía que as competencias que teñen en exclusiva incluso lles quedan grandes. ¿Sabe por que? Porque, mire, a Xunta de Galiza ten competencia exclusiva en pesca e marisqueo en augas interiores, e en catorce anos, conselleira, desatenderon ata tal punto esta responsabilidade que hoxe temos unha situación nas rías galegas —que eran ata hai pouco referencia mundial e no sector do mar no seu conxunto— que ten contra as cordas a miles de persoas no noso país. A evolución da produción das rías galegas está a piques de entrar en números vermellos pola súa nefasta xestión durante anos, durante catorce anos. Isto é o que lle interesa á xente do mar e á cadea mar-industria, porque se o mar acaba pechando por inanición, que é a onde o están conducindo vostedes, pois cocedeiros, depuradoras e incluso conserveiras terán problemas tamén para abrir as súas portas. ¿Que cadea mar-industria din agora defender, que cadea mar- industria din agora protexer coa Lei do litoral se son vostedes mesmos os que a veñen aplastando dende hai catorce anos por non ser quen de tomar man, precisamente, da nosa principal riqueza, que son as rías e os sectores que viven delas, e por consentir que todos os parámetros vaian a peor?

Temos cada vez unha maior cantidade de marisco foráneo que logo se vende aquí como autóctono, pero a Xunta de Galiza segue asubiando para outro lado porque isto non é ningún problema para ela. Temos unhas rías que, segundo a propia exconselleira do Mar, ían ter un saneamento integral no 2013, señora Vázquez —e estamos no 2023, a piques de rematalo— ou no día de hoxe seguen a medrar nesas rías galegas os puntos de verteduras —máis de 230 puntos no ano 2022—, e, aínda máis, a súa consellería, a Consellería de Medio Ambiente neste tema ten moito que dicir. ¡Ah!, pero aquí non di nada, aquí non reclama nada, aquí non lle interesa a vostede absolutamente nada, por exemplo na falta de informe de impacto ambiental da mina de San Fins. ¿Onde está a Consellería de Medio Ambiente? *(Aplausos.)* ¿Onde estivo durante todos estes anos? ¿Onde estivo? ¡Non lle interesou ese tema, non lle interesou ese problema! *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* —Non está no uso da palabra; despois, se quere, respóndeme.— Ou, por exemplo, tamén da súa consellería, está o despropósito que supuxo e que aínda segue a supoñer a mina de Touro, que atenta claramente contra o medio ambiente e contra a calidade das augas.

E aínda hai máis, señora conselleira, ¿que teñen que dicir vostedes sobre a actuación das grandes eléctricas, que vostedes consenten ano tras ano, que, precisamente, teñen concesionados os encoros, *(Aplausos.)* que son da súa competencia exclusiva e non posúen aínda no día de hoxe unha verdadeira regulación para non prexudicar o sector marisqueiro ano tras ano?

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En fin, a Xunta de Galiza non é quen de atender as súas propias competencias exclusivas, pero, iso si, quere aínda máis a transferencia en xestión e ordenación do litoral. E a pregunta é: ¿para que a queren? Porque á vista... *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, señora conselleira, é que, se me deixa rematar... Despois poderá vostede..., porque, ademais, vostede non ten límite de tempo, e eu si; entón, agarde a que lle toque e despois xa pode dicir aquí todo o que queira e co tempo que queira. *(Aplausos.)* Diciamos que a pregunta era: ¿para que queren as competencias se son incapaces de exercelas? Acabámolo de ver, teñen competencias exclusivas en encoros, en marisqueo, en pesca, en augas interiores, e está todo manga por ombro. Ese é un problema non só para o sector do mar, senón tamén para a cadea mar-industria. Insístolle, se o mar pecha, as industrias da cadea mar-industria van detrás. Iso si que é deslocalización e non, precisamente, o que a conselleira di que pretenden outros.

En todo caso, señora conselleira, nós —xa llo dixo antes o meu compañeiro no outro punto— estamos a favor de ter as competencias en ordenación e xestión do litoral; non só esas, estamos a favor de ter as de salvamento marítimo, as de loita contra a contaminación, as de inspección pesqueira e as das titulacións náutico-pesqueiras e tamén as referidas á seguridade a bordo, as de SM e as dos centros de investigación mariña. Claro que estamos a favor, e por iso incluímos, precisamente no acordo de investidura asinado entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, a petición do traspaso de todas estas transferencias, cuestión que vostedes non fixeron en catorce anos.

E fíxese, señora conselleira, se conseguimos todo isto cun só deputado na oposición; imaxinen o que imos conseguir en canto poidamos falarlles a Madrid de goberno a goberno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Dende logo, quédalles aínda moito que aprender, señora conselleira, ¡quédalles moito que aprender!

Remato, presidente.

Señora conselleira, quedou aquí claro, non só hoxe, senón ao longo de todos estes anos, que a vostedes lles interesa realmente nada —¡nada!, cero, como as competencias que conseguiron— que teñamos transferencias.

E hai un último argumento: entre 2011 e o 2018 —sete anos, non sete días, ¡sete anos!— gobernou o señor M. Rajoy en Madrid, que é do mesmo Partido Popular que a señora Vázquez. Pois ben, en sete anos vostedes estiveron caladiños coma petos e non se lles ocorreu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...reclamar ningunha transferencia.

Esta comparecencia de hoxe, señora conselleira —por certo, seis meses despois de aprobarse a lei—, é puro mitin, pura propaganda electoral, e nós non lle imos... *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Grazas, señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Grazas pola súa comparecencia nesta sesión plenaria para informar sobre un tema transcendente para o conxunto dos galegos e das galegas e de todo o que rodea a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia; unha lei aprobada neste Parlamento o pasado mes de xullo sen que se presentasen emendas á totalidade e sen ningún voto en contra; unha lei que é froito dun inxente traballo, do traballo de moitos: do Goberno galego, dos expertos do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña e de colectivos, entidades, asociacións e organizacións; en definitiva, de todos os que coñecen palmo a palmo o noso territorio e o noso litoral.

Quero agradecer tamén a presenza hoxe aquí dos convidados que nos acompañan na tribuna. Grazas pola súa presenza hoxe aquí e grazas pola súa implicación e polo seu traballo durante todo o proceso de tramitación do texto lexislativo, poñendo o seu tempo e o seu coñecemento ao servizo de Galicia, nunha norma que non é só vital para o noso litoral, para o noso sector marítimo-pesqueiro, para os nosos concellos costeiros, senón para Galicia enteira, porque Galicia non se entende sen a súa costa e sen o seu mar.

O traballo conxunto, a implicación e a suma das forzas conseguiu sacar adiante a lei; unha lei que representa o traballo ben feito desde Galicia e para Galicia para protexer e garantir o seu futuro e decidir desde Galicia a xestión do seu litoral, aportando seguridade xurídica. Lamentablemente, todo ese traballo frustrouse polo recurso que o Estado interpuxo contra a nosa lei galega perante o Tribunal Constitucional; un recurso que a señora vicepresidenta segunda cualificaba na súa comparecencia como de recurso máis político que xurídico. As evidencias de que se trata dun recurso máis político que xurídico ou técnico son máis que palpables.

O secretario de Estado de Medio Ambiente, o señor Morán, en xaneiro deste ano —moi técnico el— describía a Lei do litoral de Galicia como unha declaración de independencia. Xa as alegacións ao anteproxecto apuntaban maneiras en folio e medio con recortes de sentenzas do Tribunal Constitucional obsoletas co único fin de tratar de denegar a competencia de Galicia para ordenar o seu litoral. A análise técnico-xurídica do articulado brillou pola súa ausencia. Tampouco é moi xurídico nin técnico que altos cargos do Goberno central comparasen a Lei do litoral coa lei de desconexión de Cataluña, instando a Xunta a non saltar a Constitución, e isto, señorías, en plena negociación da amnistía. ¡Surrealista, verdadeiramente surrealista, señorías!

O anuncio de interposición do recurso directo de inconstitucionalidade fíxose a través dos medios de comunicación, a bombo e platillo. O recurso de inconstitucionalidade non o de-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cidiu o Consello de Ministros, señora Otero; debe ser iso, que non o decidiu o Consello de Ministros.

E saltar a Comisión Bilateral para ir directamente ao Tribunal Constitucional tampouco parece moi xurídico nin técnico. É un instrumento xuridicamente habilitado, no que se poderían ter discutido os artigos controvertidos en aras de chegar a unha solución consensuada. Pola contra, esta vía si se utilizou para dirimir discrepancias con Cataluña na súa lexislación do litoral. Con Cataluña, si; con Galicia, non. E isto, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia, ¿é un criterio xurídico?, ¿é un criterio técnico? Por riba, o Goberno central presume de ter chegado a acordos no seo das comisións bilaterais de cooperación para resolver conflitos de competencias coas comunidades autónomas.

Dicía a ministra do ramo: «*Es un balance positivo de la política de diálogo y cooperación permanentemente abierta que reduce la conflictividad. Se evitaron así 150 posibles recursos ante el Tribunal Constitucional*». Con Cataluña, si; co País Vasco, si; con outras comunidades, si; con Galicia, non. ¿Isto é diálogo? ¿Isto é cooperación? ¿Isto é lealdade constitucional, señora Otero? A realidade, a verdade é que diálogo, cero; cooperación, cero e lealdade institucional, cero. *(Aplausos.)*

O tempo transcorrido que se anunciou polo Executivo estatal á impugnación da Lei do litoral de Galicia ata que se publicou o recurso tamén foi aproveitado polo Goberno de Sánchez para lanzar a súa versión, as súas mentiras aos medios de comunicación. Falaban de 31 artigos recorridos, o 40 por cento da norma, dicíase, pero a realidade, a verdade, era outra. Si, era outra; si, señora Otero, si, teño que dicirlle que era outra. É que, claro, soltou aquí unha cantidade de barbaridades e unha cantidade de mentiras que hai que rebaterllas. Mire, a realidade é que, efectivamente, de 31 artigos quedou en 1 artigo, e a realidade é que, nos apartados e letras —porque vostede saberá o que significa iso—, de case 500, quedou en 73. Esa é a única realidade; por tanto, as realidades hai que dicilas, e mentiras, as xustas, señora Otero.

Tamén se obstaculizou o coñecemento do Goberno galego do ditame do Consello de Estado, a pesar de telo solicitado en numerosas ocasións, para poder defenderse das mentiras do Goberno central. Xa vemos que foi todo moi xurídico, moi técnico, señorías.

Poñer en tea de xuízo o desenvolvemento sostible da costa, un dos piares da lei, xa é un auténtico atentado á intelixencia. Se o Goberno do Estado non recoñece o desenvolvemento sostible, estamos en mans de verdadeiros destrutores do territorio e da súa vida. O desenvolvemento sostible propón tres piares fundamentais, ou o que é o mesmo, tres patas: o económico, o social e o ambiental, e, ao unir os tres piares, emerxen os termos: sostible, equitativo, soportable e viable —¡de manual!—; a sustentabilidade e o equilibrio entre o económico, o social e o ambiental. Se o Goberno central reinterpreta, ou, mellor dito, malinterpreta o que significa sustentabilidade, estamos ante unha postura totalmente ideolóxica, carente de fundamento xurídico e rigor técnico.

Queda claro, entón, que a súa intención é a total deshumanización da costa, arrasar con todo, a eliminación de toda a actividade económica e social, o que supón un auténtico atentado ao noso litoral e ao futuro de Galicia. Triste realidade que temos un goberno central ignorante,

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que só se move por intereses partidistas e ideolóxicos, e dende logo a ignorancia é moi atrevida, un auténtico perigo, pero se á ignorancia lle unimos o sectarismo, temos unha auténtica bomba de reloxería.

O sectarismo demostrado polo Goberno central con Galicia non ten límites. ¿Como se entende que o Goberno de Sánchez asine un acordo de investidura co Partido Nacionalista Vasco para a cesión da xestión do litoral e en Galicia se interpoña un recurso directo de inconstitucionalidade contra a lei galega? Iso é sectarismo. ¿Como se entende que o Goberno de Sánchez pacte a transferencia dos medios persoais e materiais para a xestión do litoral ao País Vasco sen reclamar ningunha reforma do seu Estatuto e a Galicia se lle exixa a reforma do Estatuto? Iso é sectarismo. ¿Como se entende cando os dous estatutos, tanto o de Galicia como o do País Vasco, din exactamente o mesmo —¡din exactamente o mesmo!— e o tratamento do Goberno central é, en cambio, totalmente diferente? Iso é sectarismo e arbitrariedade.

¿Como se entende, señoras e señores do Partido Socialista de Galicia? ¿Como se entende, señoras e señores do Bloque Nacionalista Galego? ¡E vostedes ás voltas coa proposición de lei orgánica! Só se entende dende o sectarismo, señorías, dende o sectarismo do Goberno de Pedro Sánchez con Galicia.

O señor Sánchez presume de diálogo, de falar con todos, incluídos os independentistas, pero a Galicia discrimínaa. Non todos os territorios somos iguais para Sánchez. ¿Que pasa, que uns territorios son mellor que outros, ou que en Galicia goberna o Partido Popular e hai que poñerlle os paus nas rodas?

Galicia non entende este recurso do Goberno de Pedro Sánchez contra a nosa Lei do litoral. Galicia non entende ese ataque ás nosas competencias, a unha norma que ten como único obxectivo xestionar a nosa costa, como están a facer outras comunidades autónomas. Galicia non entende que se pacte co País Vasco o que se lle nega a Galicia, a cambio do apoio á investidura. Galicia non entende o trato discriminatorio ao que se está a sometela nun asunto que é vital para a nosa comunidade, e Galicia non entende a falta de respecto do Goberno Sánchez aos galegos e galegas. E se a sociedade galega estaba indignada pola actitude do Goberno central con Galicia, esta indignación crece por momentos, pero teñan claro que Galicia non se deixa tomar o pelo, nin polo señor Sánchez, nin por vostedes, señores e señoras da oposición. *(Aplausos.)*

Temos a esperanza de que Pedro Sánchez cambie de opinión, pero esta vez que cambie de opinión para mellor, e que, como solicitou aquí a señora vicepresidenta, retire de forma inmediata o recurso presentado contra a nosa Lei de ordenación e xestión integrada do litoral e se convoque a Comisión Mixta de Transferencias para transferir os medios e os servizos, que é o camiño, señora Otero; é o camiño e a ruta que se marcou e que lle corresponde en dereito á Comunidade Autónoma de Galicia. Ese é o camiño, e esa é a ruta e, por tanto, ese é o camiño que hai que seguir.

Por tanto, non lle dean máis voltas. A verdade é que están vostedes un pouco nerviosos para vir aquí dicir esa cantidade de barbaridades e para dar escusas, porque, claro, explicarlles aos galegos e ás galegas, explicarlle ao sector, explicarlles aos nosos concellos costeiros cal

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é a súa posición da defensa de Sánchez en contra de Galicia a verdade é que todo un papelón.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Réplica da vicepresidenta segunda e conselleira do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

¿Respecto ao Parlamento de Galicia? Absolutamente todo. ¿Linguaxe coloquial? Pois si, eu utilizo a mesma linguaxe aquí que utilizo na rúa do Franco, pero fágoo con franqueza, endexamais minto. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Dígollelo á señora Pérez e á señora Castro.

Eu veño aquí cun propósito, señores do BNG e señores do PSOE, e é que dunha vez por todas nos puxésemos de acordo; que vostedes dixesen se hai algo na lei que lles chirría tanto ou que é un maleficio para Galicia e que por iso non queren que siga adiante. Se é así, díganme por que teñen esa opinión agora, pero non tiñan esa opinión hai escasos meses, cando se aprobou a lei e non houbo ningún voto en contra, ou se simplemente están atados.

Eu estou libre, Alfonso Rueda está libre, o Goberno da Xunta de Galicia está libre, porque o único que ten que facer única e exclusivamente é loitar polo sector, é loitar polos concellos da costa, é loitar por Galicia. *(Aplausos.)*

Quédame claro que vostedes non lle van reclamar a Pedro Sánchez e aos seus socios que retire a demanda de inconstitucionalidade, o que non me queda claro é por que non o queren facer e por que non o van facer. Señores do PSOE, supoño que será por un tirón de orellas. Pero, ¿merece a pena? ¿En serio? ¿Non van seguir vivindo vostedes en Galicia? ¿Non van seguir sendo galegos? ¿Merece a pena que porque alguén desde Madrid lles diga que ten a razón, non se poñan ao carón dos galegos e das galegas?

Se non entendo o do PSOE, moito menos entendo o do BNG, ¡é que é inaudito! Agora, de repente, é o PP e esta vicepresidenta quen confronta con Madrid. Confronten vostedes un pouco con Madrid, non sexan tan submisos de Madrid, que lles deron o seu voto a cambio de nada. *(Aplausos.)* ¡Polo menos que servise de algo! Porque o PNV non é que o fixese valer e que estea no Goberno; non, non, fixo valer os seus votos, e vostedes, señores do PSOE, e vostedes, señores do BNG, cun só non fixeron valer absolutamente nada.

Dinme que eu confronto. Mire, ¿confrontamos cando de repente o Ministerio de Transición Ecolóxica, despois de trinta anos con plenas competencias nos plans xerais de explotación marisqueira, sen ningún problema, o recorreu, cando se presentou o do ano 2021-2023? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Confrontamos nós? ¿Confrontou a Xunta de Galicia? Non lles servía, e unha vez máis dicían: é que non teñen vostedes competencias para iso. ¿E saben o que ocorreu? Houbo que perder o tempo, houbo que estudar, houbo que ir ao

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tribunal Superior de Xustiza, e déronnos a razón. Pero, non contentos —e dígollo, señora Otero, por iso da confrontación na que están vostedes empeñados—, recorreron ao Supremo porque non estaban de acordo co Tribunal Superior de Xustiza. E o Supremo inadmitiu o recurso de casación interposto polo Goberno central contra a sentenza de marzo do ano 2022. E iso foi o froito e a gran vitoria para os preto de nove mil profesionais do sector marisqueiro que hai en Galicia. ¡Ata iso nos querían quitar! ¡Unha tras outra!

Pero mire, como isto é a verdade, *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, amosa un documento.)* como isto é a sentenza, o que vou facer é darllo ao presidente do Parlamento para que vostedes o teñan, porque eu non minto, eu non engano. Se me equivoco, pido perdón; de momento, aínda non me equivoquei. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, entrégalle o documento ao presidente do Parlamento.) (Aplausos.)*

¿Confrontamos nós? ¿Confronta o Goberno galego cando se presenta un plan especial de ordenación do porto de Santo Tomé, Tragove, no termo municipal de Cambados? E está o informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que di o seguinte. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra un documento.)* Voulles dar unha soa pincelada do que di este informe, que despois vostedes negan, igual que o negou a directora xeral de Costas. Dean a cara, díganlles aos galegos o que queren para Galicia, que é nada, telos como submisos. Porque vir aquí e dicir: fagan vostedes o mesmo que fixo o PNV... ¡Home!, o PNV o que fixo foi un pacto, un pacto que nós non podiamos facer. Nós o que presentamos foi unha lei; unha lei, señora Otero. Pois mire, ¿sabe que di este informe? Di o seguinte: «*En cuanto a las tres depuradoras de molusco, tal y como señala el informe emitido en fase de evaluación ambiental, dice: unicamente se podrá permitir la ocupación de dominio público marítimo-terrestre para aquellas actividades o instalacións que por su naturaleza no puedan tener otra ubicación*». E segue: «*Por lo tanto, los usos de la depuradora de mariscos, mercado, plaza de abastos, taller y carpintería, exposición de muebles, centro de salud, estación de autobuses y local de ventas no constituyen nin un solo uso necesario para el desarrollo de la actividad portuaria, ni uso comercial o de restauración. Por lo anterior, se considera que estos usos ubicados en dominio público marítimo-terrestre pueden tener otra ubicación fuera de éste, por lo que no procedería mantenernos en la propuesta de ordenación del plan especial y convendría estudiar el traslado de dichas instalaciones fuera del dominio público marítimo-terrestre, al vencimiento del plazo del título de concesión vigente*».

¿Confrontamos nós cando fan este tipo de informes? Informes reiterados dende o ano 2018, e a señora do BNG di: «Bueno, é que vostedes o único que fan aquí é case inventarse. Hai un par de cousiñas, pero ¿que é isto? Isto non é nada, ¿verdade?». Non minto. E, polo tanto, este informe tamén —para que o teñan vostedes— llo traslado ao presidente do Parlamento. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)*

Pero poderiamos seguir. Cando a señora do BNG... *(Murmurios.)* É que me esquecín do seu apelido, ¡é que me esquecín!... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah! ¡Señora Pérez, é que me esquecín! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Pérez, pero ¡vamos ver!, ¡a ver se é que de repente eu non me podo esquecer! *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Díxenlle… *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor, señora Pérez, esquecinme do seu nome! ¡Pero, de verdade, é que isto é terrible!

Señora Pérez, vostede dicía que o que estaba ensinando era a lei, e non estaba ensinando a lei, estaba ensinando o recurso de inconstitucionalidade. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra un documento.)* Porque o rigor é tan pouco que eu tiven que escoitar aquí que este ditame estaba asinado por unha señora que foi vicepresidenta cun señor, un tal Rajoy, que pasou por aí, e fíxense que vergonza que asinase ese ditame. Pois, fíxense, non era unha tal Soraya, era un tal Andrés Sáenz de Santamaría. Ese é o rigor que teñen vostedes; soan campás e non saben onde. Pero direille máis, se a señora Soraya Sáenz de Santamaría asinase ese ditame, o que diría o Goberno galego é: non estamos de acordo, porque non somos presos de ninguén. *(Aplausos.)* Polo tanto, tamén llo traslado ao presidente do Parlamento. *(Aplausos.) (A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)*

Señora Pérez, no momento da tramitación é certo que vostedes traballaron un pouquiño máis que o que fixo o PSOE, porque o PSOE non fixo nin unha soa emenda; simplemente se abstiveron, non quixeron participar. Vostedes si participaron e, polo tanto, presentaron emendas. E eu creo que o teñen que facer ver. E digo que o teñen que facer ver porque xusto dúas das emendas que aceptamos son dúas das emendas que recorreu o Goberno de Pedro Sánchez. E, como non minto, tamén llo paso ao presidente do Parlamento. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.) (O presidente do Parlamento, Santalices Vieira:* Vou cargado hoxe.) Tan só unha máis, señor presidente, máis que nada porque sería bo que todos os que quixesen comprobasen esa documentación.

Dicíanos a señora Castro que, claro, que «hai que seguir dialogando, e a vostedes así lles vai; é que isto así é imposible». Mire cal foi o diálogo do señor Hugo Morán. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra un documento.)* Este foi o resultado do señor Hugo Morán en toda a tramitación, a pesar de trasladarlle a lei para que nos dixese en que non estaba de acordo. O resultado é un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)* E xa non lle vou dar absolutamente nada máis. *(Murmurios.)*

Pero si quería que quedase claro que, a pesar de que vostedes aquí —uns e outros— se ve que non están de acordo con esta lei, é certo que nos concelleiros e concelleiras do PSOE nos distintos concellos hai rigor de mandato. Presentouse unha moción para apoiar a lei, pero, oe, excepto nun par de casos —que non lles imos dicir quen son, non vaia ser que despois non nos leven en ningunha lista—, todos votaron en contra desta lei. Pero non foi o caso así do BNG, señora Pérez. Eu creo que vostede é da Pobra do Caramiñal. Pois, fíxese, aí presentouse unha moción, a moción para apoiar a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral,

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e aí os concelleiros do BNG votaron a favor. Talvez sexa porque están ao carón do cidadán, talvez sexa que están comprobando toda a problemática que dende o ano 2018 está dando o Ministerio de Transición Ecolóxica, que estaba dando Costas. Cando se está na política municipal non se pode cambiar de acera e, polo tanto, foron consecuentes e votaron a favor. Fixérono en máis concellos: en Fene, en Corcubión, en Narón e tamén o fixeron en Rianxo. Eu dende aquí —porque creo que é de xustiza— doulles as grazas a eses concelleiros do BNG que votaron a favor da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. É certo que non lle podo dar as grazas a ningún dos do PSOE porque, excepto nun par de casos, que se abstiveron, deron vostedes orde —¿verdade?— de que se votase en contra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a gran realidade. Pero, é máis, é que para explicar a lei, resulta que convidamos a todos os alcaldes e portavoces dos distintos grupos políticos nas tres provincias onde hai mar. E dáse a casualidade de que nas dúas primeiras aínda apareceu algún, pero na outra recibiron unha chamada e rapidamente o alcalde se levantou. Así de triste é como están levando vostedes a política en Galicia.

Volven falar unha e mil veces máis do que é trasladar os medios persoais e materiais. E a miña pregunta é: miren, temos unha lei e, nesta lei, o que regulamos son os usos estratéxicos, porque acabamos de comprobar —e paseillo ao presidente do Parlamento; cóllano cando vostedes queiran— que é o que está ocorrendo cos plans especiais, cos informes. Porque o único que se fai é unha interpretación totalmente restritiva e anómala que non se viña dando nos últimos tempos; e, polo tanto, o que se di é: calquera cousa pode estar fóra do dominio público marítimo-terrestre. E, postos a soñar, pode estar en Madrid, ¿que máis dá? Simplemente levamos unha tubería ata Madrid, con auga salgada, e, entón, tubería vai, tubería vén. Entón, o que fixemos foi lexislar, lexislar para eses usos estratéxicos, e neses usos estratéxicos entendemos que poden estar en dominio público marítimo-terrestre, en servidume e nos portos as instalacións da cadea mar-industria. O Consello de Estado tamén nos dá a razón. Só hai alguén que non nos dá a razón, que é o señor Pedro Sánchez. É política pura e dura, porque recorre ese artigo que non tiña que ser recorrido endexamais.

Pero, á parte, entendemos que aquelas vivendas que xa non teñen uso poden ter un segundo uso e poden transformarse en hoteis de calidade. E aquí non existe política, señores do BNG e do PSOE. Cando o Concello de Camariñas deu unha licenza para que unha vivenda puidese ter uso turístico e o Goberno central o que fixo foi recorrer esa licenza, ¿sabe que fixo a Xunta de Galicia? Personarse, poñerse ao carón da alcaldesa de Camariñas, porque para iso non existe ideoloxía, e gañamos. E, entón, queriamos recoñecelo tamén na lei —tamén vai na lei—, igual que os informes socioeconómicos, porque cando veña instalarse a eólica mariña queremos decidir. Con isto non quero dicir que de repente nos opoñamos absolutamente a todo. É necesaria, pero queremos decidir. Vostedes agora céntranse única e exclusivamente no traspaso de medios persoais e materiais, e xa vai implícito na lei. Pero de nada nos serve o traspaso de medios materiais e persoais se non lexislamos, porque se nos fan os mesmos informes que nos viñan facendo ata o de agora ¿quérenme dicir para que nos serve? Iso non nos serve para nada. ¡Eu é que me desgañito intentando darlles a coñecer que hai detrás de todo isto!, *(Murmurios.)* pero, ao final, é como cando o profesor está cun cativo horas, horas e horas e o cativo pasa absolutamente de todo. Vostedes tamén están pasando absolutamente de todo. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, eu creo que aínda se pode recapacitar, e recapacitar é dicirlle ao Goberno central: deixe lexislar a Galicia, quite ese recurso de inconstitucionalidade. Porque, ao final, créanme que coa sabedoría que ten Galicia e coas alegacións que se van presentar imos gañar. Nós e toda Galicia quedará moi ben, e vostedes acabarán quedando como uns vendidos que se puxeron ao carón de Pedro Sánchez e non ao lado dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora vicepresidenta.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

A señora conselleira apelaba a ese alumno que está así despistado na clase. Mire, conselleira, non é tan difícil: Pérez, Freire, Vázquez, Otero. *(A señora Otero Rodríguez sinala as deputadas con eses apelidos que interviñeron no debate e a ela mesma.)* Porque non deu vostede ningunha. Veu aquí falar coas distintas voceiras e vostede si que era esa alumna que non estaba atenta na clase, ¿non?

Mire, señora Freire, permítame que non vaia entrar no seu xogo, porque, se vostede confunde que o 15 por cento de 72 é 31, pois, como verá, xa non teño moitos máis argumentos para contestarlle.

Mire, conselleira, a vostede, que a tiña pola conselleira insubmisa —xa que dicía: «N*o me gusta la Ley del bienestar animal, no la cumplo; no me gusta la Ley de vivienda, no la cumplo*»—, agora tamén teño que dicir que é vostede —permítame— bastante «macarrilla» no ton que utilizou hoxe neste hemiciclo, *(Aplausos.)* e iso que viña buscar a colaboración e acadar un consenso nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Pero, ademais, mire, eu retábaa na miña primeira intervención a que lle deixase aquí ao presidente desta Cámara as declaracións do presidente do Goberno, Pedro Sánchez, ou dalgún dos seus ministros ou ministras, nas que dixese que se cerraba a que Galicia tivese esta transferencia de competencias. Non, non... *(Murmurios.)* ¿Onde está ese documento que eu lle pedía? Non, señora conselleira, é que non llo pode entregar ao presidente deste Parlamento porque non o hai. *(Aplausos.)* ¿Onde están esas declaracións, señora conselleira? Deixe de enganar, ¡deixe de enganar! *(Aplausos.)*

Mire, deixe de enganar tamén porque vostede falaba dese recurso contra eses plans de explotación do marisqueo. Mire, señora conselleira, este grupo, o grupo parlamentario do PSdeG, foi o primeiro que trouxo a esta Cámara instar o noso Goberno —ao Goberno da mesma cor política que a nosa— para que retirase o recurso contra o Plan de marisqueiro de Galicia; o PSdeG. *(Aplausos.)* ¿E que fixo o Partido Popular? Votou en contra de retirar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ai!, ¿non o ten, señora conselleira? Pois fale cos seus deputados do Grupo Parlamentario Popular, que votaron en contra de retirar ese recurso de instar o Goberno central. *(Aplausos.)* Déixollo ao presidente do Parlamento de Galicia. *(Aplausos.) (A señora Otero Rodríguez entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)*

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba tamén vostede dese plan do porto de Cambados, no porto de Tragove. Señora conselleira, nós diciámoslle que tiñan que facer ese informe xustificando a necesidade de que esas instalacións da cadea mar-industria estivesen alí, onde nós —o PSdeG— consideramos que teñen que estar, que esa é a súa ubicación natural, e vostedes negáronse a emitir ese informe. Vostede saberá por que.

Mire, señora conselleira, chegados a esta situación, ¿que mellorou para o sector da cadea mar-industria dende hai eses catro ou cinco meses que aprobaron vostedes unilateralmente esa norma nesta Cámara? ¿Que mellorou? ¡Nada! Vostedes aprobaron unha lei unilateralmente, e está suspendida e non está en aplicación.

Mire —voulle lanzar outra man tendida—, poñámonos en situación; poñámonos na situación de que o Goberno central está errado. Poñámonos nesa situación de que ese ditame do Consello de Estado en base ao que se presentou ese recurso de inconstitucionalidade por parte... —si, señora Freire, adoptouse esa decisión nun consello de ministros, que parece que vostede tampouco se entera moito de como se articulan estes mecanismos—. *(Aplausos.)* Pero, mire, poñámonos en situación: o Goberno central, conselleira, está equivocado, e este recurso de inconstitucionalidade non vai ir para adiante, pero vostede sabe coma min que resolver un recurso destas características non se fai nun espazo de tempo curto. Entón, eu o que lle propoño é que se consideran que o Goberno central está errado, ¿por que non exploran as outras vías que nos dá a Constitución? ¿Por que non as exploran? ¿Por que non cren que o sector merece que a propia Xunta de Galicia...? ¡Menos dramas e máis traballar, señora conselleira! Exploraremos entre todos e entre todas outras posibilidades, que foron as que lles deron a outras comunidades autónomas ter esas competencias en ordenación e xestión do litoral. ¿Por que non, señora conselleira? ¿Por que se empecinan en que non? ¡Pero se isto, ao mellor, tarda moito tempo en resolverse! Se queremos o mellor para a cadea mar-industria, se queremos toda esa seguridade xurídica para a cadea mar-industria, porque, señora conselleira, vostedes subiron agora ao carro. Nós levamos pedindo a transferencia desta competencia xa dende a época do presidente Touriño. Vostedes non foron quen de solicitar ningunha transferencia nestes catorce anos que estiveron a gobernar, e entráronlle agora as présas coa ordenación do litoral e tamén coa transferencia da AP-9, despois de bloqueala non sei cantísimas veces na Mesa do Congreso dos Deputados.

Polo tanto, articulemos, traballemos nunha desas vías que marca a nosa Constitución. ¿Non lle vale a reforma exprés do Estatuto? Vale. ¿Non lle vale tampouco a transferencia por lei orgánica? ¿Non lle vale convocar esa comisión bilateral? Por certo, señora Freire, ten que solicitala o Goberno galego. Xa está tardando a señora conselleira en facelo. ¿Non cre, realmente, que os galegos e as galegas merecen isto, e, sobre todo, a cadea mar-industria? Vostede dicía que aínda estamos a tempo, e claro que estamos a tempo; estamos a tempo de que vostedes recapaciten, de que volvan a ese «sentidiño» que tanto promulgan dende a Xunta de Galicia. Hai tres vías seguras. A nós gústanos máis unha que outra, pero elixa vostede, señora conselleira, a que máis lle gusta á Xunta de Galicia, porque non pode dicir vostede que a cadea mar-industria mellorou hoxe a súa situación e ten maior seguridade xurídica, porque esa lei no día de hoxe —e aí concordo co que di o Bloque Nacionalista Galego— é papel mollado. Mire, señora conselleira, no Estado de dereito español non hai atallos nin portas traseiras.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren o que fixeron con esa Lei de acompañamento dos orzamentos do ano pasado, que tamén o que pretendían era reducir o prazo para poder revisar esas obras ilegais na costa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, nin o PP nin a Xunta de Galicia nin ninguén está por riba da Constitución e das leis. Saben que este goberno, o Goberno central, sempre foi leal con vostedes e que lles dixo as fórmulas para poder transferir esta competencia. Non é certo en ningún momento que o Goberno central se pechase a transferir estas competencias. Se outras comunidades autónomas o conseguiron, se o PNV o ten no seu acordo de investidura..., que, repito, señora conselleira, é outro novo reto: rétoa a que me diga, nese acordo de investidura, onde está a fórmula na que se vai transferir esa competencia ao País Vasco. Porque eu tamén lle digo que esa nos vale a nós tamén. O mesmo para o País Vasco que para Galicia. Pero, claro, non; ¡claro, claro...! Pero no País Vasco, en primeiro lugar, xa hai diálogo, señora conselleira...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...algo que vostedes non fixeron en ningún momento.

Polo tanto, eu o que lles digo é que recapaciten, polo ben do sector, polo ben da cidadanía galega, por esa seguridade xurídica que tanto din buscar. Hai tres opcións no marco constitucional. Empreguen a que queiran, pero empreguen unha das tres canles constitucionais e aquí estará o Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que, dende sempre, leva pedindo a transferencia para Galicia desta competencia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Estea tranquilo, que eu non lle traio nada, ¡eh!

Ben, dixo a señora conselleira literalmente que «se desgañitaba». Pois desgañítase vostede para nada, ¡para nada! Porque, mire, nin sequera foi quen de dicir o nome das portavoces, de chamarnos polo noso nome, porque iso é o mínimo que ten que aprender unha persoa cando debate con outra. Eu tiven que aprender o seu nome, porque, a pesar de que é vostede conselleira dende hai moitos anos, non sei o seu nome. Ben, pois tiven que o aprender para poder debater con vostede. Iso é o mínimo que debería facer vostede, e non chamarnos «señora do BNG». *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero desgañítase para nada, porque falou vostede do Concello da Pobra do Caramiñal. E falou dos concelleiros do BNG na Pobra do Caramiñal. Ou sexa, desgañítase, pero *no tiene ni idea, ¡ni idea! (Risos.) (Aplausos.)* Somos, señora conselleira, dúas concelleiras no BNG da Pobra: a nosa portavoz, a señora Cerecedo, e eu mesma son concelleira no Concello da Pobra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero, mire, voulle explicar. Insisto, desgañítase absolutamente para nada, porque segue mentindo. Non só mente sobre a propia Lei do litoral dicíndolle á xente todo o que vai facer e conseguir con esa Lei do litoral, non soamente mente con iso, senón que mente no que votamos nos concellos. Porque vostede ao Concello non veu votar. E vostede dixo aquí que na Pobra do Caramiñal... A ela soáballe que alguén dos de aquí estaba no Concello da Pobra do Caramiñal, pero non sabía quen, ¿non? E, entón, soáballe, enterouse e dixo que no Concello da Pobra do Caramiñal resulta que estivemos a favor da lei. ¿Señora Vázquez, vostede sabe —porque eu si o sei, ¡eh!; eu seino— que dicía exactamente a moción que presentou o Partido Popular? ¿Si? *¿Lo sabe? ¡No me lo creo! (Risos.)* Non, non o creo, señora conselleira. ¿Sabe por que? Porque nesa moción non houbo que votar en ningún momento se estabamos a favor da lei ou non.

Esa moción tiña dous puntos, e seinos de memoria. O primeiro punto era: apoiar o sector do mar bla bla bla, bla bla bla, bla bla bla. ¿A favor? A favor, porque nós si que somos coherentes nese apoio ao sector do mar, e voullo demostrar a continuación. Ese era o primeiro punto da moción: apoiar o sector do mar. Votamos a favor.

Segundo punto da moción do Partido Popular: nos concellos —non só no da Pobra do Caramiñal, pero a señora conselleira non o sabe, *estas cosas no las sabe*— rexeitar o recurso de inconstitucionalidade. Votamos a favor. Pero é que o dicimos nos concellos e dicímolo aquí; dixémosllo antes e volvémosllo repetir. *(Aplausos.)* Pero rexeitar o recurso de inconstitucionalidade non quere dicir estar a favor da súa lei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, porque nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Oia, a ver se se aclaran, por favor! Non, é que eu pensei que era só a conselleira, pero xa vexo que vai por barrios, ¡eh! Ou sexa, ocupa todo o barrio. *(A señora Pérez Fernández sinala coa man os escanos do Grupo Parlamentario Popular.) (Murmurios.)* Non, non. ¿É que non saben vostedes a diferenza que hai entre rexeitar o recurso de inconstitucionalidade e apoiar a lei? É que nós presentamos oitenta e pico emendas a esa lei, e vostedes aprobaron algunhas desas emendas. Vostede sabe que nós temos cuestións desa lei que emendamos e que vostedes non aprobaron. Polo tanto, unha cousa é apoiar a lei e outra cousa é rexeitar o recurso de inconstitucionalidade. Quere dicir que non estamos de acordo en que o Goberno central presentase o recurso de inconstitucionalidade. Por iso, nos concellos votamos a favor da súa moción; por iso votamos, igual que llo dixemos hoxe aquí.

E mire, dicíalle que lle imos demostrar agora a continuación —por se aínda non lle quedou claro— quen son —ou quen somos— os coherentes, precisamente, na defensa diso que vostedes traen ás mocións nos concellos, que é a defensa do sector do mar.

Dixo vostede nesta intervención, por exemplo, sobre a eólica mariña: «Queremos decidir na eólica mariña». ¿Que é o que queren decidir, se xa teñen todo decidido? Xa teñen absolutamente todo decidido. Mire, ¿sabe o que non poden decidir agora? Non poden decidir porque, cando houbo o prazo legal para presentar alegacións ao Plan de ordenación do espazo

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

marítimo, a Consellería e o Goberno galego non presentaron alegacións en contra da eólica mariña. *(Aplausos.)* E agora di que quere decidir. ¿Que é o que quere decidir? Quere decidir como... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, non me interrompa. ¿Que é o que queren decidir? ¿Que é o que queren decidir?, ¿o que está decidido nesta Lei do litoral?, ¿poñerlle alfombra vermella ao sector da eólica mariña precisamente para acabar con eses que vostedes din defender, que é o sector do mar? (*Murmurios.)* Non sei por que lles causa graza. Vostedes non presentaron alegacións aos POEM, aos plans de ordenación do espazo marítimo. Non presentaron alegacións, e agora veñen aquí dicindo que queren meter a eólica mariña na Lei galega do litoral porque «*quieren decidir*». Pero ¿que é o que queren decidir se xa teñen todo máis que decidido, señora conselleira? Dígalle á xente a verdade. Non lle minta á xente e non manipule ou non intente manipular a xente.

E, mire, dicíalle o que nós —xa llo dixo o meu compañeiro, e voullo volver repetir eu— estamos votando nos concellos a esa moción que nos traen. Nos concellos vostedes non nos están propoñendo apoiar a Lei do litoral, vostedes estannos propoñendo apoiar o sector do mar, por un lado, e, por outro, rexeitar o recurso de inconstitucionalidade. E iso é o que o Bloque Nacionalista Galego está apoiando. Tamén na Pobra do Caramiñal, onde hai dúas concelleiras.

Ben, nós discrepamos —non sei se lle quedou claro ou aínda llo teño que repetir outra vez— de que o Goberno central interpuxese ese recurso; porque o Goberno central acaba, efectivamente, de facer gala dun centralismo, dun hipercentralismo..., igual que vostedes fixeron en moitas outras ocasións, cando gobernaron.

Pero, en todo caso, conselleira...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidente— ¿a vostede non lle parece que non é vostede a máis indicada para dar lecciónns de nada? ¿Non lle parece que non é vostede a máis indicada? ¿Sabe por que llo digo? Porque vostede —vostede en particular— tivo a indecencia —si, si, señora conselleira— de ir defender, precisamente, a transferencia do litoral a Ence, ¡nin máis nin menos que a Ence!...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡A Ence! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A Ence, e Ence está precisamente...

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...sobre terreos que forman parte do dominio público marítimo-terrestre...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e que foron gañados ao mar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández. Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vostede tivo a indecencia de ir defender a súa Lei do litoral...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...a Ence. ¡É absolutamente lamentable!

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boas a todos de novo.

Seguro... —non sei onde está a señora Pérez— *(Murmurios.)* Seguro... Seguro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: A ver, é que me toca falar a min agora. Se non me deixa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Véxoa un pouco alporizada. *(Murmurios.)* Dígolle que seguro que...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...con este ton se me vai entender tamén perfectamente, señora Pérez. Iso é o que lle quería dicir. *(Aplausos.)*

Mire, gastou vostede moito tempo —do tempo que tiña, dos cincuenta minutos— falando aquí de cousas que non teñen absolutamente nada que ver co tema crucial e transcendente que nos trae hoxe aquí, que é a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral e da actitude do Goberno central interpoñendo un recurso de inconstitucionalidade a esa lei; recurso que supón a paralización desa normativa. E, señora Pérez, rexeitar o recurso de inconstitucio-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nalidade é apoiar a entrada en vigor da lei. Supoño que iso lle quedará claro tamén. ¡Claro, claro...! *(Aplausos.)*

Ben, supoño que todos... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non me fale agora. Se quere... É que, claro, se me fala desde aí, eu non podo explicarme. E non quero subir o ton tampouco, porque penso que con este ton é máis que suficiente, ¿vale?

Mire, a verdade é que supoño que todos estamos de acordo en que a costa é importante para calquera territorio, pero para Galicia é vital. A nosa costa é o noso patrimonio natural porque soubemos preservala, e tamén temos actividades económicas que hai que manter e coidar. De aí a sustentabilidade ambiental, social e económica e conxugar a harmonía e o equilibrio deses tres piares, que é un dos fundamentos da lei que aprobamos en xullo neste Parlamento, en defensa do noso litoral e buscando a seguridade xurídica.

O Goberno de Pedro Sánchez leva atacando o noso territorio dende que accedeu ao Goberno do Estado, atacando a nosa forma de vida e atacando o dinamismo do noso litoral; e todo cun único obxectivo, señorías —que, ademais, está plasmado na normativa que está levando a cabo—: excluír del toda actividade económica e social.

Galicia é a comunidade con máis costa de todo o Estado. Dos 7.900 quilómetros de costa cos que conta a nosa xeografía, 4.900 peninsulares, 2.500 quilómetros corresponden a Galicia. Máis da metade da poboación galega vive na costa, 1,5 millóns de persoas, e temos 82 concellos costeiros, 4.000 edificacións e máis de cen empresas se sitúan e desenvolven a súa actividade no noso litoral. O sector mar-industria xera unha actividade que en Galicia sustenta máis de 40.000 empregos e arredor de 9.000 millóns de euros de impacto na economía autonómica.

O noso sector marítimo-pesqueiro ten un peso moi superior ao resto de España e ao das rexións de Europa, e temos a obriga e a responsabilidade de vivir e de manter esa actividade. A impugnación da Lei galega que daba unha solución ás distintas problemáticas no noso litoral supón un grave prexuízo para Galicia, pola súa paralización e pola inseguridade xurídica que vai supoñer tras as modificacións normativas que se levaron a cabo e que está a acometer o Goberno central, e porque se pon en risco a actividade, o emprego e os servizos, a vida do espazo costeiro. E hai que dicir as cousas como son: non se pode mentir á xente, señora Otero e señora Pérez.

As instalacións públicas —como dicía a conselleira— de abastecemento, saneamento e depuración de augas que presten servizo a instalacións situadas no dominio ou a núcleos de poboación do litoral quedan no aire. Queda en risco a cadea mar- industria, a alimentaria e os seus procesos produtivos, que tiñan seguridade xurídica coa nosa lei, pero non coa modificación do Regulamento de Costas do ano 2022. Conxélanse as solicitudes de industrias do sector con proxectos para ampliar instalacións ou para acometer reposicións nas existentes. As novas empresas que poidan instalarse nos portos galegos quedan vetadas polo cambio de criterio do Goberno central, ao considerar os portos galegos afectados pola Lei de costas; os usos pesqueiro, marisqueiro e acuícola que a nosa lei considera prioritarios e estratéxicos para o desenvolvemento sostible do litoral quedan desprotexidos, e quedan en

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

risco terreos e inmobles privados pola ampliación do dominio público marítimo-terrestre que está a facer o Estado, sen criterios técnicos nin científicos; tamén a ruína funcional e económica dos edificios históricos situados no noso litoral, que van desde antigas salazóns ata vivendas e que tamén quedaban salvagardas coa nosa lei, ao permitir o mantemento e a reparación de edificios con valor arquitectónico, cultural e histórico. A lista de edificacións e peches das instalacións en risco sería interminable. Os restritivos criterios de interpretación da lei e do Regulamento de Costas que fai hoxe o Ministerio chegan ao absurdo, señorías, de non ser autorizable repoñer un peche de celosía por mampostería ou adaptar unha vivenda aos criterios de accesibilidade universal.

Poderiamos poñer máis exemplos. A Lei de ordenación e xestión integrada do litoral acaba de ser recorrida polo Goberno central, o Goberno de Pedro Sánchez, e eu preguntaríalle: señora Otero, ¿por que non acudiu o Goberno de Pedro Sánchez a esa comisión bilateral, que é, efectivamente, un instrumento constitucionalmente previsto? Non, e a Xunta de Galicia si acudiu coa Lei de vivenda. ¿Por que non acudiu a esa vía de diálogo, de negociación, para acadar consensos nos artigos que, no seu caso, fosen controvertidos? *(Murmurios.)*

Polo tanto, veñen dicir aquí mentiras e intentar tapar a súa posición, e a súa posición é a que é. A posición do Partido Socialista de Galicia é a defensa de Sánchez en contra de Galicia e traizoando Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a posición do Partido Socialista de Galicia; e a do BNG tamén, porque parece que nos quere meter polo camiño dunha proposición de lei, que non é o camiño a percorrer. Temos o camiño e temos a ruta, e xa se decidiu coa Lei de ordenación e xestión integral do litoral e a Comisión Mixta de Transferencias. Polo tanto, o camiño e a ruta están aí, e non hai voltas que darlle, señora Otero. Vostedes poderán dicir o que queiran, e dirán unha cousa un día e outra cousa outro.

Mire, Pedro Sánchez non é quen de negarlle a Galicia o que lle corresponde por dereito, porque así o quixeron e o decidiron o conxunto dos galegos e das galegas. ¡Nunca, nunca... —señora Otero, déixeme falar porque, se non, non o remato—! Dicía que nunca, nunca ningún goberno fixo tanto dano como o Goberno de Sánchez, señorías. ¡Nunca ningún goberno fixo tanto dano!

Para rematar, señora conselleira, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos darlle as grazas polo traballo que se está a facer desde a Xunta neste asunto crucial para Galicia. Para este Grupo Parlamentario Popular, o grupo maioritario desta Cámara, é un orgullo ter un goberno galego do Partido Popular que cre en Galicia, que pensa en Galicia e que defende Galicia a toda costa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Para o peche da comparecencia, a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dígolles unha cousa, prefiro que me tilden de macarra a ser unha submisa. *(Aplausos.)* E poderei ser moi macarra porque resulta que dixen que non estaba de acordo coa Lei de benestar animal, e non estou de acordo, porque as sancións son desproporcionadas e poden chegar ata 200.000 euros. Eu díxenlle que me negaba a poñerlle a calquera persoa unha sanción de 200.000 euros, e sígoo dicindo unha vez máis. Pero tamén dixen que non estaba disposta a que unha «okupación» sexa un título habilitante para facerse cunha vivenda pública; e tamén o sigo reiterando.

Polo tanto, mellor macarra que submiso. Aquí os submisos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que igual quero cambiar de sexo. *(Aplausos.)* ¿Ou é que, de repente, agora para unhas cousas resulta que o «o», o «a» ou o «e»...? ¡De verdade, isto non é o importante!

E púxose acalorada a señora Otero. ¡Ata aquí podiamos chegar! Señora Otero, de todas as formas, cando ao presidente do Parlamento se lle entrega un documento, non se lle entrega unha nota de prensa, entrégaselle un documento oficial. Eu creo que é algo que deberiamos saber todos os deputados e deputadas. E hoxe vostede intentou esmerarse, e eu ¡vamos!, non llo vou negar. Esmérense vostedes tamén e deixen de ser vagos, porque resulta que non presentaron nin unha soa emenda. Esa é a realidade que ten que ver e que ten que palpar Galicia. Por suposto que non nos imos render.

Eu vin que a señora Pérez estaba molesta porque eu nun momento determinado me olvidei do seu apelido. Molestos teñen que estar os galegos e as galegas. Miren, esta lei non é unha lei miña, esta lei non é unha lei do Partido Popular, esta lei nin sequera é unha lei do Goberno; esta é unha lei do sector, é unha lei dos galegos e das galegas.

É certo que tivemos como un alento de esperanza, porque a señora Pérez dixo que, efectivamente, non están vostedes de acordo co recurso de inconstitucionalidade. ¿Facémosllo saber ao Goberno central, igual que llo fixen saber eu a través dunha carta para que retire ese recurso de inconstitucionalidade, e dígolle que o BNG tamén está de acordo a ver se así, polo menos, unindo...? *(Murmurios.)* ¿Ai, si?, ¿non quere que llo traslade...? É que eu tiña as miñas dúbidas de se podía ou non podía facelo. Simplemente lle estaba facendo unha pregunta. Parécenos moi ben que vostedes estean en contra dese recurso de inconstitucionalidade, pero fáganllo saber, porque teriamos lei; é simplemente retirar ese recurso de inconstitucionalidade. E, de cando en vez, falen vostedes, señores do BNG e do PSOE, que parece que para unhas cousas están moi de acordo, pero para outras, non. Eu diríalles que hai que aprender a distinguir competencias e funcións; a competencia témola, fáltanos a función de outorgar títulos, que se transfire única e exclusivamente por real decreto. Non hai que ir a ningunha cousa máis. Pero aquí trátase doutra cousa, trátase de lexislar.

E se queremos seguir vendo fotografías como estas, *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra dúas fotografías.)* máis vale que teñamos lei, porque, se non, como sigan informando como ata o de agora, aquí non vai investir ninguén, porque hai unha grande inseguridade xurídica. Se queremos que empresas como estas *(A señora conselleira, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* amplíen, porque no seu haber tiñan 40 millóns de euros para poder ampliar, máis vale que sigamos adiante coa lei, ou, se non, efectivamente, pasarán meses e meses e alguén vai decidir investir nun país veciño, pero non o vai facer en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Chama a atención que haxa cabos como este, cabo Silleiro, *(A señora conselleira, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* que vai ser un hotel, ¿Por que aquí se pode poñer un hotel e por que nos faros, que son da Xunta de Galicia, non está permitido poñer un hotel? ¿Aquí inflúe algo?, ¿que é o que inflúe?, ¿o cambio climático? *(Murmurios.)* Mellor votemos, esteamos ao carón dos galegos e das galegas e teñamos lei, porque, se non, ao final, tampouco teremos un turismo de calidade.

Pero si teremos isto, *(A señora conselleira, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* por non poder darlle unha segunda vida, por non poder ter un segundo uso, porque hai veces que xa non ten razón de ser e, polo tanto, a lei ampara para poder rehabilitar, pero tamén para que haxa un segundo uso; algo que se ve que vostedes pasaron por alto.

E despois hai estampas marabillosas como esta. *(A señora conselleira, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* Non é unha simple fotografía. Están realizando a súa actividade, e lémbrolles que xa intentaron unha vez que non tiveramos as competencias para os plans de marisqueo, e pódeno intentar dúas e tres, esa tamén é a realidade.

Señora Pérez, dixo vostede que eu fun a Ence. ¿A que dixo? Equivócase moito. Eu fun a Ence a firmar a Alianza galega polo clima. *(Murmurios.)* Esa é a realidade. ¿E sabe por que? Porque invisten en tecnoloxía, porque reduciron moitísimo as emisións e porque son unha industria máis galega. Pero vostedes é que teñen o mantra continuo de estar en contra das industrias. Ás industrias hai que exixirlles, pero tamén hai que estar ao seu carón cando fan os seus investimentos.

Polo tanto, señorías, quedou claro que volvemos quedar sós, pero quedamos cos galegos e coas galegas. E eu dígolles ao Goberno central, a Pedro Sánchez e aos seus aliados —que tamén son os señores do BNG, aínda que os do BNG hoxe nos dixeron que están a favor de que se retire o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do litoral galego— que deben de facelo dunha vez por todas, especialmente despois de que quedase en evidencia que non é necesario reformar o Estatuto para completar os traspasos pendentes a Galicia en materia de litoral, tal e como se lle vén de recoñecer ao País Vasco.

E xa lle solicitamos por carta á vicepresidencia terceira e ministra de Transición Ecolóxica que recapacite, que retire o recurso e que se sente a dialogar con Galicia, como fixo co resto das comunidades autónomas e como fixo con Cataluña. A bilateral, señora Otero, non a ten que pedir o Goberno galego. O Goberno galego pediu a bilateral na Lei de vivenda porque quen lexisla é o Goberno central, e, como non estamos de acordo, pedimos unha bilateral antes de ir ao recurso de inconstitucionalidade. Pero aquí quen lexisla é Galicia e, polo tanto, quen ten que pedir a bilateral é o Goberno nacional. E estivo caladiño ata tres días antes, cando un goberno en funcións decidiu que ía recorrer pola vía da inconstitucionalidade. Esa é a realidade.

Hoxe Galicia podería pasar á historia se unisen forzas os tres grupos políticos con representación no Parlamento e se lle dixesen ao Goberno central que parase dunha vez por todas co agravio ao territorio. Non é un agravio á miña persoa, non é un agravio ao PP, é un agravio aos galegos e ás galegas. Hoxe sería o día de recoñecer o traballo dos catedráticos do Observatorio do Litoral, hoxe sería o día de sentirse orgullosos das palabras dos catedráticos, que, na xornada celebrada na Coruña, dixeron textualmente que a ordenación do territorio e do

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

litoral son prazas explicitamente recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia que non é necesario modificar.

Hoxe sería o día de sentirse orgullosos de que a nosa lei, que tamén é a súa —a súa, a de homes e mulleres, independentemente da ideoloxía e dos partidos políticos—, fose exposta como un referente en Andalucía, nos cursos de ordenación e xestión do litoral en Almería, diante dunha morea de letrados e xuristas; ou en Xixón, no décimo primeiro Congreso Internacional de Ordenación do Litoral. Pero, desafortunadamente, unha vez máis, non é posible este acordo nin sequera cando falamos do futuro de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

Bueno, foi un debate interesante, un debate importante. É ben certo que nalgún momento me tiven que amarrar aquí, ao asento, para non retirar algunhas expresións. Non o quixen facer porque estamos co espírito do Nadal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si!, por todos os lados, e non me vou referir aquí, en concreto, a ninguén, pero houbo algunhas expresións que non se poden considerar insulto, pero que, desde a miña perspectiva —e refírome en xeral—, non deben ser utilizadas no Parlamento. Oxalá o espírito do Nadal se traslade, e sigamos co pleno con toda a normalidade.

Insisto, foi un debate interesante, profundo —como debe ser—, sobre todo no momento en que estamos, pero, en fin, houbo algunhas expresións —insisto— en que me amarrei ao asento para non telas que retirar. Ademais, xa me coñecen. E nada máis.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Grazas.

¡Non!, non chamei á orde a ninguén nin retirei nada; xa expliquei o porqué: polo espírito do Nadal. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñámolo en conta.

Continuamos coa comparecencia do conselleiro do Medio Rural, por petición propia.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, logo de finalizada a tempada de alto risco do 2023

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boa tarde, señor presidente.

Señorías.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu tomo as súas palabras tamén: espero e agardo que aquí teñamos nesta comparecencia ese espírito do Nadal, do cal falaba o señor presidente.

Vanme permitir —como fago sempre—, ademais de aproveitar para saudar os membros do Servizo de prevención e extinción de incendios de Galicia, que están hoxe arriba, na tribuna, que comece esta comparecencia —como sempre fago— trasladando, ante todo, o meu agradecemento, que é común ao conxunto da Xunta de Galicia, porque, señorías, nunca serán suficientes todas as ocasións que dediquemos, neste Parlamento e en calquera outro lugar, para agradecer o labor de todos os profesionais que, nas condicións máis extremas, velaron e seguen a velar pola seguridade dos galegos e das galegas fronte aos incendios forestais. *(Aplausos.)* En cada campaña, en cada anualidade, en cada incendio destaca e reloce un aspecto sobre todos os demais: *(Aplausos.)* a fantástica xestión do noso Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais. E, se ben é certo que cada hectárea é unha perda, debemos ter en conta que é precisamente grazas ao noso servizo polo que non lamentamos ningunha perda maior.

Hoxe —como calquera outro día—, señorías, debería quedar claro este recoñecemento plural e unánime deste Parlamento —non só dun grupo parlamentario—, do esforzo e da pericia dos milleiros de persoas que traballaron nas tarefas de prevención e de extinción: dos axentes ambientais, dos bombeiros forestais, dos comarcais e urbanos, dos efectivos da Garda Civil, da Policía Nacional ou da Policía autonómica, dos brigadistas efectivos dos concellos, das tripulacións de hidroavións e de helicópteros, dos membros da Unidade Militar de Emerxencias, dos técnicos e, por suposto, dos cidadáns. Por todos eles e por todas elas é que lles pido sacar un rendemento do tempo investido hoxe aquí; pídolles chegar a conclusións proveitosas, afastadas dos seus habituais e case caducos mantras —algún sairá, seguro—; pídolles que cheguemos a puntos comúns sobre a forma de xestionar esta problemática secular de Galicia, fóra de partidismos sen sentido; pídolles chegar a acordos, señorías, acerca do xeito de afrontar unha responsabilidade —que a temos que ter en conta — compartida por todos.

Dígolles, de boa fe, que os galegos están cansos do simplismo desta oposición estática; por moito que veñan cos slogans pensados da casa, señorías, teñen que saber que así —polo menos na miña opinión— non gañan votos e aínda menos a través do uso indiscriminado dunha cuestión tan prioritaria como son os incendios forestais na nosa comunidade.

Pola miña parte, eu —dentro da transparencia que sempre me caracteriza— tratarei de trasladar os datos sobre os incendios forestais nesta campaña do ano 2023. Espero que podamos entre todos participar no debate coa intención de atopar consensos e de evitar disxuntivas políticas nun tema tan complexo, tan complicado, como é o dos incendios forestais; pídolles que fagan ese esforzo ao longo deste debate.

No que se refire ao corpo da intervención, señorías, vanme permitir, en primeiro lugar, que dea os datos e que faga o balance da campaña de lumes deste ano 2023, sen ningunha mensaxe subxectiva, por favor. Non o tomen con ningún outro aspecto, máis alá de dar datos obxectivos, como facemos todos os anos. Tamén quero falar das medidas a medio, a curto e a medio-longo prazo na planificación preventiva, na loita contra os incendios forestais, precisamente a través da prevención.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai unha serie de cuestións fundamentais que hoxe podemos afirmar aquí con toda certeza: a primeira é que Galicia conta cun dispositivo de extinción de incendios preparado, profesional e ben estruturado. A segunda é que Galicia está acertando nas medidas orientadas á persecución dos incendiarios; un tema non menor nesta comunidade autónoma e sobre o que falaremos ao longo da comparecencia. E a terceira é que estamos afrontando un conxunto de medidas de planificación preventiva, que son claves na loita contra os lumes, a través dunha xestión activa e sustentable do territorio. Seguiremos incidindo neste último ámbito —e interésame moito destacalo—, isto é, na recuperación da paisaxe, mosaico que caracterizou Galicia no pasado, procurando a implantación máis intensa de descontinuidades e de actividade agropecuaria, con criterios de prevención de incendios naquelas zonas do territorio máis afectadas por eles. Todo isto conta cunha lexislación de apoio: a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, o Plan forestal de Galicia e, sen dúbida, tamén a futura Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Se nos referimos ao balance da campaña de incendios forestais, eu teño que dicir que, lonxe da campaña que vivimos no ano 2022, nesta ocasión rexistramos unha tempada de lumes, —podería dicir— máis tranquila. Unn feito, en principio, do que todos e todas as que estamos aquí deberiamos alegrarnos, pero advirto, outra vez, de que son datos obxectivos, e baixo ningún concepto deben interpretarse no sentido de que nos deamos por satisfeitos; mentres arda unha soa hectárea en Galicia non poderemos estar conformes.

Para falar da tempada do ano 2023, temos que facer contexto co ámbito climatolóxico. Hai moitos comentarios con respecto ás campañas, pois «o clima favoreceunos», «a sorte», e outras cuestións. Eu creo moito máis no esforzo, pero é certo que o contexto climatolóxico non é azar, senón que é un factor variable dentro dunha morea de factores que determinan o que vimos discutir hoxe aquí. Hai factores que están baixo o noso control e, outros, que non o están; evidentemente, o factor climatolóxico non está baixo o noso control, isto é, eu non podo decidir que mañá chova ou non chova, pero si que o temos que ter igualmente en conta. Polo tanto, o que temos que dicir, en primeiro lugar, é que o verán do ano 2023 foi un verán cálido e normal en canto ás precipitacións. Non obstante, e pasados os meses de verán, a comezos do mes de outubro instalouse na nosa comunidade unha masa de aire quente, procedente do norte de África, que, ademais, veu acompañada de fortes rachas de evento. Foi unha situación, dende o punto de vista climatolóxica, anómala, con elevadas temperaturas, con escasas choivas e con tempo totalmente seco. Estas circunstancias condicionaron, señorías, que o mes de outubro fose o segundo mes do ano, logo de agosto, en que máis incendios forestais tivemos; logo falarei sobre eses incendios de outubro, sinaladamente do de Trabada, en Ribadeo.

En canto aos datos, se falamos, en primeiro lugar, de lumes, teño que aclararlles que, cando na nosa terminoloxía utilizamos o concepto de lumes, temos conatos e incendios forestais; os incendios forestais, en xeral, son de máis de unha hectárea, e o que podemos dicir é que en Galicia, entre xaneiro e ata o día de hoxe do ano 2023, tivemos 908 lumes, é dicir, por debaixo da cifra relevante de 1.000 lumes. Dentro deses 908 lumes, só un 16 por cento deles foron incendios forestais, é dicir de máis de unha hectárea; polo tanto, en Galicia, no ano 2023, rexistrouse un total de 149 incendios forestais: 51 deles no período de máximo risco, é dicir, o resto producíronse fóra deses tres meses, e, polo tanto, isto indica claramente unha

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

situación de desestacionalización dos incendios forestais. Se atendemos á media dos últimos dez anos, que son os termos que utilizamos na estatística dos incendios forestais, fronte aos 366 incendios de media nos últimos dez anos, este ano —como digo— estivemos nos 149 incendios, é dicir, practicamente un terzo da media dos últimos anos en número de incendios forestais; son datos, señorías, obxectivos.

En canto á superficie total queimada, no total deses 908 lumes de Galicia —recorden, 149 deles de máis de unha hectárea—, o 16 por cento, é dicir, o 84 por cento, grazas ao traballo de xente como a que está aí arriba, *(O señor González Vázquez sinala co dedo ás persoas convidadas que están na tribuna.)* non pasou de unha hectárea —grazas a ese traballo extraordinario—. Son unhas cifras realmente impresionantes; con esas cifras si que podemos sacar peito —eles poden sacar peito porque é un dos mellores servizos nesa eficacia—. *(Aplausos.)* O 84 por cento de todos os lumes non pasou de unha hectárea. *(Aplausos.)* En canto á superficie total queimada, foron 6.773,80 hectáreas, ou o que é o mesmo: un terzo da media dos últimos dez anos. E podemos dicir tamén que, coa serie histórica dos últimos 34 anos, 2023 é unha das anualidades en que menos superficie queimada se rexistrou na nosa comunidade.

Se atendemos, dentro da superficie total, á superficie arborada, estivemos nas 4.000 hectáreas, que é a metade da media dos últimos dez anos. Se tomamos en conta a situación 2 que se decretou, que é tamén outro dos medios—ou dos datos de interese— que teñen relevancia— na loita contra os incendios forestais, tivemos este ano dous grandes incendios forestais, e tivemos que decretar a situación 2: en Baleira, no incendio do mes de marzo e tamén en Trabada —eu diría, máis ben, que en Trabada se iniciou— (Ribadeo), no mes de outubro. Fíxense, neses dous incendios, e tampouco é un dato pouco relevante, arderon case 4.000 hectáreas, é dicir, o 60 por cento do total de todo o que ardeu en Galicia este ano ardeu en dous grandes incendios forestais, concretamente en Baleira, 1.5000, case 1.600 hectáreas, e en Trabada (Ribadeo), 2.326 hectáreas. E decretamos esa situación 2; xa saben que a situación 2 sempre tratamos de evitala, pero, evidentemente, o máis importante é defender as persoas que viven nas aldeas fronte aos incendios forestais, e cando é necesario, así o facemos.

Se atendemos ao mes de outubro —como dixen—, foi o segundo mes en número de incendios, logo de agosto. Houbo tres factores, na miña opinión fundamentais, que foron: o contexto climatolóxico deste mes —xa o dixen antes—, a desestacionalización, que é unha realidade, e, por suposto señorías, e non é menor, a intencionalidade.

Fíxense, aquí, logo do esforzo e da dedicación do persoal, atopámonos nunha situación, a máis complexa de todo o ano, dende o punto de vista da actividade incendiaria. Estamos permanentemente en alerta, pero é certo que nestes meses non contabamos con tanta actividade incendiaria. E, ¿por que dicimos que houbo moita actividade incendiaria en outubro? Primeiro, pola nocturnidade da orixe na maior parte destes lumes; pola proximidade e simultaneidade de focos en moitos casos, como en Avión ou en Foz; e polas previsións inminentes de choiva —tampouco este dato é menor, señorías— que pechan a ventá de oportunidade para os incendiarios ao final de tempada, cando saben que se están dando as condicións perfectas para actuar, se se dan esas condicións climatolóxicas. Pero, ademais, en moitos destes últimos incendios rexistrados en Galicia en outubro, houbo varios rexistros

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anteriores, é dicir, houbo varios intentos previos dos incendiarios para prender en repetidas ocasións. Foi a eficacia do servizo a que impediu eses intentos previos, se ben é certo que, finalmente, os fortes ventos e as elevadas temperaturas, a principios de outubro, foron determinantes para favorecer esa actividade delituosa.

Señorías, non é unha cuestión baladí. A meirande parte das veces non loitamos só contra os lumes, loitamos contra verdadeiros delincuentes. Trátase dunha loita que nos compete a todos, por iso apelamos sempre á colaboración cidadá. Saben que temos o teléfono anónimo e gratuíto, que está dando pé a diferentes investigacións, que é o 900815085 e tamén o 085 para alertar de calquera lume que se produza.

Polo tanto, en canto ao balance deste ano, eu diría, como datos máis relevantes, que se acredita a tendencia dos últimos anos a que haxa menos incendios forestais. No caso do ano 2023, o 84 por cento deles extinguímolos antes de que chegasen a unha hectárea —novamente, quero dar un recoñecemento á efectividade do noso servizo—, pero é ben certo, que cando as circunstancia meteorolóxicas son moi desfavorables, sobre todo en momentos do ano desestacionalizados, constatamos que os incendios alcanzan de xeito moi rápido as condicións que dificultan moito a súa extinción; por iso estamos evolucionando o servizo para facer fronte a estas situacións.

Isto sería o balance de datos. Hai algún dato máis interno, pero se fose necesario, no curso do debate, podémolo poñer enriba da mesa. Si que me gustaría tamén falar dos medios galegos de loita contra o lume, que —como saben—, se recollen no Pladiga, e que supoñen un conxunto de 7.000 persoas, entre os profesionais propios da Xunta e os adscritos doutras administracións; pero interésame —como son conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia— facer referencia aos medios do Servizo autonómico de prevención e extinción de incendios de Galicia, que é onde temos a maior intensidade para poder actuar. Son 3.064 homes e mulleres. Somos todos moi conscientes de que é necesario darlles a maior estabilidade posible no seu traballo, xunto coa formación e coa preparación necesarias; disto imos falar.

Falando, en primeiro lugar, da estabilidade, saiban que —xa o teño dito aquí varias veces, pero é necesario repetilo—, entre o 2017 e o 2020, incrementamos o tempo de traballo das brigadas de tres meses ata os seis meses actuais de contratación; un tema que, dende o punto de vista orzamentario, pasou de menos de sete millóns de euros, do capítulo I, a máis de catorce millóns de euros. No ano 2023, pasamos todos os traballadores de nove meses a doce meses; polo tanto, Galicia conta, e contará, neste 2023, cun dispositivo público en que os dous terzos dos seus compoñentes traballan todo o ano e un terzo traballa seis meses ao ano. Eu podo dicir que é o servizo público máis potente na loita contra os incendios forestais de todas as comunidades autónomas de España.

Tamén prestamos moita atención, dende hai xa tres anos —que foi cando se creou—, á Unidade de Investigación de Incendios Forestais (a Uifo), pola —como digo— transcendencia que ten aquí a actividade incendiaria. Neste tema, eu quero facer un recoñecemento aos compoñentes da Uifo —lembren que é xente dedicada todo o tempo de traballo á investigación de incendios—, que foron quen de poñer á disposición da xustiza os causantes de in-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cendios de moita transcendencia e perigosidade, sobre todo no ano 2022. A eses delincuentes —ou presuntos delincuentes— quero dicirlles que pagarán, non só con penas de cárcere, senón tamén co seu patrimonio, todos os gastos de extinción e os danos patrimoniais causados.

En canto aos medios materiais de que dispoñemos este ano —como saben—, temos trinta medios aéreos, entre os propios da Xunta e os propios do Estado. Logo falarei dalgunha novidade que incorporamos neste ano 2023.

No que se refire á vixilancia, tamén quero trasladarlles que, xunto coas cámaras que xa temos, o vindeiro ano 2024 ampliaremos esta rede de cámaras noutras 24 novas, cun investimento 500.000 euros para chegar ás 180 cámaras e ao 85 por cento de superficie da nosa comunidade autónoma vixiada a través de cámaras.

E continuamos, neste mesmo ano tamén, coa renovación de todas as motobombas do servizo. Na última década renovamos 125, o que supón, señorías, o 80 por cento do parque de motobombas dos servizo, isto é, 157 motobombas.

En canto ás medidas transversais, porque isto non é só poñer enriba da mesa medios materiais humanos, senón que tamén é traballar con medidas transversais que teñen que ser a curto, a medio e a longo prazo. E todo se resume en varias palabras: «prevención» e «planificación preventiva», isto é, traballar de xeito planificado nesa prevención. No ámbito da prevención, por suposto, hai que mellorar, aínda máis, o que ten que ver cos medios do noso servizo.

E eu quero dicir que no conxunto do orzamento do ano 2024 imos dedicar 24 millóns de euros para o servizo; voulles debullar as principais medidas que imos afrontar ao respecto con eses 24 millóns de euros, pero déixenme antes que incida de novo no carácter de servizo público do noso dispositivo porque, neste ano 2023, ademais de pasar o persoal de nove a doce meses, tamén afondamos nese carácter de servizo público, coa creación de tres novas brigadas helitransportadas públicas; polo tanto, hoxe Galicia conta con seis brigadas helitransportadas: as xa existentes de Marroxo, do Campiño e de Vilarmaior, e as novas brigadas do Barco de Valdeorras, do Xurés e de Queimadelos. Estas tres últimas, señorías, contan con medio cento de novos efectivos para cubrir as diferentes quendas que se suman aos efectivos das primeiras.

Tamén me parece relevante destacar que, neste ano 2023, creamos un grupo especializado dentro do servizo para a loita contra a nova tipoloxía de incendios forestais —eses tan virulentos e que tanto nos preocupan a todos—: é a Unidade de Directores de Extinción (a Udex), que busca especializar eses directores de extinción nos grandes incendios forestais. A Udex terá un apoio fundamental nas novas brigadas helitransportadas, pola importancia que supón dispor de medios aéreos para —como digo— poder apoialos. E falando tamén do servizo, ademais de ser público, ten que ser profesional e estar ben formado, eu quero poñer enriba da mesa o Plan de formación —supoño que os sindicatos do servizo escoitarán a xente e saberán que hoxe a xente do servizo está sumamente satisfeita precisamente por este plan de formación— que este ano, nos diferentes cursos, vai supoñer un orzamento de 700.000 euros.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto, en canto ao persoal. Se falamos de melloras dos medios materiais, dentro deses 24 millóns de euros do ano 2024 que comentaba antes, en primeiro lugar, temos que procurar que o noso persoal estea nas instalacións máis dignas posibles. Este ano rematamos as obras da base da nova sede do distrito de Verín. Eu digo que Verín vai contar precisamente cun distrito punteiro —tanto polo centro de coordinación como polas propias instalacións—, e están moi avanzadas as obras da base aérea de Verín-Oímbra que —como saben— ten por obxecto precisamente loitar contra os lumes, entre España e Portugal, que tantas dificultades nos crean. Estamos traballando tamén nas novas bases das unidades operativas, coñecidas como as BUO; temos tres en obras: en Muíños —a piques de rematala—, en Mondoñedo e en Rianxo. Todas elas, por certo, feitas en madeira estrutural. Xunto con obras menores noutras instalacións, dedicaremos a instalacións do servizo, nos orzamentos de 2024, 3,5 millóns de euros e tamén 8,1 millóns de euros para outras infraestruturas preventivas, como poden ser as pistas e os cortalumes, a roza de áreas de cortalumes ou as faixas auxiliares de pistas. Gustaríame tamén facer referencia —é evidente— ás obras que estamos a facer no Centro Integral para a Loita contra o Lume, en Toén, que xa é unha realidade. Nestes momentos —como saben— temos a pista de adestramento para vehículos todoterreo de motobombas, a pista para as probas físicas dos bombeiros forestais e estamos a piques de inaugurar o primeiro edificio do centro, que era a antiga lavandería do hospital psiquiátrico de Toén, que albergará un centro administrativo e de formación á disposición do noso servizo. Traballamos —como digo— para converter Toén nun referente en formación de bombeiros forestais a nivel europeo. Nos investimentos en parque móbil, se xuntamos o que se fixo nos últimos anos co que se fixo en 2024, podemos trasladar hoxe, nesta sede, que tres de cada catro todoterreos do dispositivo, no ano 2024, contará con menos de dous anos dende a súa primeira matriculación, e todas as *pick-ups* que vai ter o dispositivo, arriba de 250, terán menos de tres anos dende a súa primeira matriculación. Tampouco é menor o investimento que imos facer nos equipamentos batracios, isto é, tractores con cisternas de 12.000 litros e desbrozadora para facer ese traballo de prevención; son catorce equipos batracio, que se van entregar neste mes de decembro. E están orzados, para o ano 2024, seis vehículos multifunción, que tamén fan o labor de prevención e, ao mesmo tempo, tamén de extinción, para entregar a concellos e á mancomunidade, nese labor conxunto que todas as administracións temos que facer na loita contra os incendios forestais.

Non me quero estender moito máis nos medios, pero paréceme relevante tamén poñer de manifesto que no ano 2024 licitaremos os medios aéreos cun orzamento de 14 millóns de euros: seis helicópteros de tipo medio e seis avións de carga en terra; son dous máis dos que tiñamos ata agora para dar servizo, precisamente, á base de Verín-Oímbra. E para facer fronte á desestacionalización, pasamos os avións de carga en terra de 6,5 meses ao ano de dispoñibilidade a oito meses. Por último, xa dentro dos medios materiais —dentro deses 24 millóns de euros no orzamento—, dedicamos 2,8 millóns de euros para as EPI de extinción e para a adquisición de autorrescatadores. Gustaríame tamén poñer de manifesto, dentro da colaboración con que estamos a contar con outras administracións, os convenios que estamos a piques de pechar coa Deputación de Ourense —xa é recorrente porque xa levamos varios anos pechando convenios con ela— e tamén coa Deputación de Pontevedra; entre as dúas imos poder afrontar un orzamento para medios de prevención e extinción para poñelos á disposición dos municipios desas provincias, cun total de preto de cinco millóns de euros. Eu aproveito aquí —xa o saben— para pedirlles —vostedes que gobernan nas outras dúas

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deputacións— que fagan o mesmo esforzo porque estamos traballando todos para os concellos e para os galegos e as galegas que viven nos concellos desas provincias, e paréceme que esta é unha cuestión en que nos podemos poñer, seguramente, de acordo.

No que se refire ás medidas para a xestión sostible do territorio e á planificación preventiva no curto prazo, xa saben que temos un plan de prevención dentro do Pladiga. Para que nos entendamos, o Plan de prevención vai dende abril do ano 2023 a marzo do ano 2024, é dicir, aínda está en execución. Eu vou dar os datos que temos no día de hoxe, pero saiban que estamos aínda en fase de execución. Ese plan de prevención contou neste ano 2023 —bueno, no período que acabo de comentar— con 38,8 millóns de euros, é dicir, un dezasete por cento máis que no ano anterior. Gustaríame destacar, dentro do Plan de prevención, o convenio coa Fegamp; un convenio de defensa das nosas aldeas fronte aos incendios forestais, e que é un exemplo de cooperación interadministrativa. No ano 2018 entendemos que había que facer un maior esforzo orzamentario cos concellos, e temos este convenio, a respecto do cal —se me permiten—, vou poñer enriba da mesa algúns dos seus datos máis relevantes.

En primeiro lugar, no que se refire á defensa das aldeas fronte aos lumes, saiban que dende o ano 2019 —en que estabamos xestionando ao redor do cincuenta por cento das franxas nos concellos nos cales comprobaramos a súa situación— ata o ano 2023, pasamos ao setenta por cento, é dicir, subimos vinte puntos porcentuais na xestión das franxas ao redor das aldeas. E temos datos moi relevantes e de moita superficie porque inspeccionamos, señorías, 98 concellos na súa totalidade, e, neste ano 2023, en concreto, inspeccionamos 542.941 parcelas. Dende o ano 2021 inspeccionamos a situación nas franxas das aldeas de Galicia de máis de un millón setecentas mil parcelas —como digo, en toda Galicia, neses concellos en que estamos a actuar—. En segundo lugar, este convenio é relevante pola transcendencia que tivo para os concellos. Nestes momentos temos 283 concellos adheridos; só faltan 30 concellos por adherirse a este convenio, dos cales 279 —é dicir, o 99 por cento dos adheridos— xa ten plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais que foi feito sen custo ningún para os concellos, ao abeiro deste convenio. E do total —dos 279 que teñen o plan—, 216 están aprobados definitivamente, é dicir, ao longo do ano 2024 agardamos ou estamos seguros de que imos chegar a aprobar a súa totalidade. Lembren que cando empezamos con este convenio non chegaban a unha ducia os concellos de Galicia que tiñan ese plan de prevención e extinción de incendios forestais.

Pero tamén dentro do convenio de colaboración e nesa necesidade de aportar medios aos concellos, levamos ou dispoñemos de 43 tractores con desbrozadoras que foron cedidos aos concellos adheridos. E a min paréceme tamén de moita relevancia trasladar aquí cales son os resultados ata o momento —como digo— dese plan de prevención, que nos permitiu actuar na xestión de máis de cincuenta mil hectáreas en todo o territorio galego e de máis de sete mil quilómetros de vías; é dicir, desbrozamos os laterais de máis de sete mil quilómetros de vías, así como tamén fixemos actuacións en 4.300 puntos de auga.

Dentro do Plan de prevención, tamén nos parece importante incidir na poboación; así, falamos de máis de trescentas charlas de sensibilización da poboación escolar, de formación dirixida á poboación rural, de campañas de difusión, de regulación do uso do lume etcétera.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Incluso habilitamos un sistema de alerta preventiva do índice de risco diario de incendios. En definitiva, todo isto, señorías, son actuacións de prevención.

Ben, falei das medidas transversais —pero non me quero estender nesta primeira quenda—, e, polo tanto, referireime na miña segunda quenda ás medidas transversais, no medio e no longo prazo, que teñen que ver fundamentalmente coa actividade agrogandeira e coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Quenda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Benvido, conselleiro, a esta comparecencia para dar conta dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia *(Pausa breve.) (O señor conselleiro do Medio Rural, González Vázquez, pronuncia palabras que non se perciben.) (A señora Rodríguez Dacosta sorrí e eleva o brazo.)* —¡nada!—, unha vez finalizada a tempada de alto risco do ano 2023.

Con carácter previo, en nome do Grupo Parlamentario Socialista quero agradecer todo o operativo de loita contra os incendios de todas as categorías e de todas as administracións que participan nesta loita; quero agradecer o seu esforzo e dedicación para garantir a seguridade de todos nós, de todos os galegos e as galegas, e a defensa do noso territorio. Moitas grazas *(A señora Rodríguez Dacosta olla para a tribuna, onde se encontran as persoas convidadas ao Pleno.)*

Quero lamentar as consecuencias desta lacra no municipio de Trabada este ano. Vostede tamén dixo que ía referenciar este incendio, que foi, a verdade, dunha duración de tres días; unha traxedia. E esa semana tamén se producían outros incendios en Foz, no parque da Baixa Limia, en Chantada. Nese intre ardían 3.000 hectáreas. Sinalaban os alcaldes, conselleiro, que ía levar anos recuperar esas zonas e que quedaba un traballo pendente de anos por diante. Esperamos que a súa consellería encabece a recuperación destas áreas. É unha lacra que —como vostedes saben— non só acontece na época estival, como acontecía anteriormente; por iso debemos reflexionar, conselleiro —vaia como reflexións, como puntos positivos na comparecencia e no que lle explico— porque vostede dicía que a oposición vimos con mantras a esta comparecencia. Eu quero analizar a situación coas virtudes que poida ter implantado a súa consellería, pero tamén co que o Grupo Parlamentario Socialista ve mellorable, ¿non? E cremos que si, isto é, que é necesario abordar cambios imprescindibles pola desestacionalización dos lumes. Recordamos que en marzo deste ano un incendio en Baleira

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

arrasaba 1.600 hectáreas —e marzo é primavera—, para o cal se tivo que declarar a situación 2 pola proximidade do lume aos núcleos de poboación.

En relación con este incendio, vostede coñece un informe do xefe do Distrito forestal da Fonsagrada-Os Ancares —que realizou un rigoroso informe— que —eu entendo— non está feito para buscar culpables nin responsables; está feito para que se aprendan dos erros cometidos ou dos posibles erros cometidos. O xefe do Distrito recoñece que houbo cousas que non se fixeron ben, en gran medida, pola falta de medios. Dicía que o lume acontecía en período de baixo risco, cando a maior parte dos técnicos non estaban de garda, cando os bombeiros forestais acababan de traballar ás catro da madrugada, e pola noite houbo momentos en que non houbo motobomba ningunha traballando no incendio. En vez de analizar este informe e reflexionar, o presidente da Xunta, o señor Rueda, lanzaba balóns fóra, a preguntas dos periodistas, sobre un informe que —eu creo— era iso; isto é, non ía con ánimo de crítica, pero si con ánimo de reflexionar sobre os erros para mellorar. Espero que vostede, conselleiro, non adopte a mesma actitude que o presidente e o tome tamén nesa liña; esperamos que na segunda quenda, conselleiro, dea conta —como dicía antes— da recuperación das zonas afectadas polos lumes deste ano 2023 e de que van facer, pero tamén dos lumes do ano pasado, que non foi tan bo como este. As condicións climáticas do ano 2022 en Ourense, e en toda Galicia, foron nefastas; e, por exemplo, no Barco de Valdeorras —por mencionar unha localidade—, case a zona cero, aínda non se recuperou esa superficie.

Conselleiro, en relación co Pladiga —e valla a redundancia— temos a sensación de que os obxectivos específicos que se establecen realmente non serven para moito —dá igual o que se poña—; trátase duns datos estatísticos resultantes de calcular a media de incendios e de superficies dos últimos dez anos, pero é ridículo —entendemos— que isto se poña como obxectivo. Ao final, ninguén actúa nin planifica pensando en alcanzar eses obxectivos e, se se alcanza finalmente e non se supera, por exemplo, o número de incendios fixado para este ano —que era un obxectivo de 366 días—, pois pode ser por distintos condicionantes. Xa dicía que o ano pasado foi un ano terrorífico polos incendios na nosa Galicia, e, este ano, quero obviamente agradecer o traballo —como dicía antes—, pero a meteoroloxía tamén axudou.

Un ano si e outro tamén véñense repetindo —entendemos— obxectivos sen sentido; por exemplo, un deles é que os lumes maiores de 25 hectáreas non sexan máis do dous por cento dos que teñamos. E vostede sabe, e é perfectamente consciente, que nos últimos dez anos —que é o período que se toma como media— só en dous anos ata agora, 2014 e 2018, se cumpriu ese obxectivo. De feito, todos somos conscientes de que como veñan mal dadas non haberá obxectivos que vallan. Unha cousa con que si concordamos, conselleiro, é que se tomen estes valores como datos estatísticos para analizar os resultados e tomar as decisións. E entendemos que —para converter isto, como digo, nunha achega en positivo que presentamos os socialistas, en máis dunha ocasión, en iniciativas parlamentarias, nesta mesma Cámara, que foron votadas en contra polo Partido Popular— se debe realizar un documento eficaz que debería contar coa incorporación, ao final do exercicio, dunha avaliación da súa aplicación na campaña anterior para detectar os posibles incumprimentos, as feblezas e os erros cometidos co fin de corrixilos.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede é consciente de que esta comparecencia non é suficiente para dar conta de cantas hectáreas se desbrozaron, de cantos puntos de auga se fixeron e de todo o que é este plan preventivo. ¿Por que, conselleiro, se se fixan estes obxectivos, non se fai, despois, unha valoración sobre o nivel de cumprimento alcanzado? Nunca se fixo a avaliación do Pladiga do ano anterior, ademais de que vostedes saben —nós entendemos— que se publica tarde para os obxectivos que ten que ter a prevención realizada antes do verán. Non entendemos como, se se establecen uns obxectivos tan claros neste documento fundamental na loita contra os incendios forestais, non se recolle —como digo— no Pladiga do ano seguinte ese exame, esa análise do grao de nivel de cumprimento, isto é, de ata que punto se alcanzaron as metas fixadas e, se fose o caso de que non se conseguisen, cales foron as causas e os motivos do dito fracaso, e por que non se cumpriu o obxectivo.

Anunciaba vostede en abril, señoría, a creación dun equipo multidisciplinar especializado en grandes incendios forestais; unha proposta que xa fixeron os expertos, en consecuencia da vaga de lumes do ano 2017, nun documento elaborado por eles. Propuñan a creación dunhas unidades operativas provinciais formadas por persoal técnico especializado en grandes incendios forestais e tamén para as situacións extremas de perigo para vivendas e persoas, coa debida formación acreditada en planificación, en loxística, en meteoroloxía, en técnicas de extinción etcétera; ou sexa, unha unidade de elite aberta a técnicos e tamén a axentes forestais. Propuñan a creación, polo menos, de dúas unidades a nivel provincial: unha en Ourense e outra en Pontevedra, tendo en conta que as dúas terzas partes dos incendios galegos se producen nestas dúas provincias e arde nelas case o oitenta por cento da superficie total.

Ben, vostedes crearon a Udex, conselleiro, isto é directores de extinción, que non cumpre, na súa totalidade, coas recomendacións dos expertos. Temos que resaltar o malestar do operativo pola forma en que se produce a cobertura —non a creación— desta unidade, sen prexulgar, obviamente, os traballadores que a compoñen, pero, como acontecía na Uifo, saltáronse á toreira a Lei da función pública —isto é certo—: primeiro, escolléronse os compoñentes mediante un sistema dixital; despois, creouse a unidade e, posteriormente, incluíronse na RPT e asignáronse, en comisión de servizo, as mesmas persoas elixidas nun primeiro momento. Vaia por diante que estamos a favor —como digo— da creación destas unidades, aínda que as consideramos insuficientes e non cumpren co recomendado polo ditame aprobado en consecuencia da vaga de lumes do ano 2017, non se crearon novas prazas, senón que se detraeu persoal do servizo. As declaracións do propio presidente Feijóo, naquel momento, do que ía facer en consecuencia desa vaga de lumes, dende logo, non é o que se está a realizar na súa totalidade.

Vostede mesmo, na comparecencia do ano pasado, dicía en relación con esta proposta que facía o Grupo Socialista: «Tamén acollo con interese a súa proposta» —esta que menciono— «de que, evidentemente, temos que render contas desa planificación preventiva, e deberiamos ter unha translación de información do cumprimento mensual, bimensual ou trimestral, nos termos que poidamos acordar —como digo—, dentro da modificación da normativa que estamos enfrontando coa loita integral contra os incendios. E hai outra cuestión, señora Rodríguez» —dicíame— «coa que concordamos totalmente: o mapa de combustibles; tamén está previsto como un dos mecanismos máis importantes da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais porque nos vai permitir coñecer as partes do te-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rritorio en que debemos actuar. Polo tanto, señorías, eu quero dicir —xa para rematar— que todo o que trasladei ata o momento conecta directamente coa Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, que todos poden entender» etcétera, etcétera. E seguía. Por iso, eu pregúntolle hoxe, conselleiro, para cando será esta lei, porque abrían unha ventá, pero non a pechaban.

E se falamos do dispositivo —a verdade é que me queda pouco tempo—, levamos anos reclamando —como dicía vostede— un servizo único, profesional, estable e equipado. É certo e felicitámolo por iso, xa que pasaron os traballadores de tres a seis meses e de nove a doce, e isto hai que recoñecelo. Xa había catro anos que o estaban anunciando, pero é preciso...,

A **señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—¡si, si!, remato— é preciso, conselleiro, seguir mellorando nesa profesionalización e na loita contra a temporalidade e en levar a cabo os traballos de prevención antes de xuño, o cal non é posible neste momento porque unha gran parte do operativo non está traballando, xa que ten esa contratación de seis meses.

Quería falar do territorio, pero deixareino para a segunda quenda.

Grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Diego Lourenzo Moura.

O señor LOURENZO MOURA: Moitas grazas, presidenta.

Quero dar tamén un saúdo especial, en nome do Bloque Nacionalista Galego, ás persoas profesionais presentes nesta comparecencia.

Moi bo día, señor conselleiro. Agradecemos que viñese comparecer a este Parlamento con relación ao resultado do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, unha vez rematada a tempada de risco deste 2023, mais tamén nos tería gustado que viñese dar explicacións a este Parlamento con anterioridade, tal como solicitamos dende o noso grupo; e fixemos en outubro deste ano esta solicitude, en consecuencia dos incendios acontecidos na Mariña, pois considerabamos que se estaba producindo un cambio de paradigma, sobre o cal imaxinamos que o señor conselleiro do Medio Rural tería algo que dicir.

Neste sentido, en Trabada arderon 2.300 hectáreas e —digo—existe un cambio de paradigma, pois levaba máis de corenta anos sen haber un incendio forestal importante. Sobra dicir que foron máis de mil propietarios afectados polo lume e que as perdas están entre os 12 e os 15 millóns de euros. Ante isto, gustaríanos que profundase máis neste asunto e nos contestase como avalía o acontecido e tamén se o eucalipto axudou a lanzar o lume, como

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

especie predominante —case única— nos montes da Mariña, e que previsións de futuro e de propostas e actuacións pensou poñer en marcha a súa consellería na zona. Aproveitamos esta comparecencia para colocar estas cuestións, xa que non puidemos facelo cando lle foi solicitado e vostede se negou a dar explicacións.

Eu estiven moi atento á súa primeira intervención e, repasando a súa comparecencia do ano pasado —un dos peores veráns en materia de incendios da última década— falaba constantemente de temperaturas extraordinarias, de lumes por efectos dos fenómenos climatolóxicos, de cuantiosas treboadas... Basicamente, o ano pasado vostede viña fiar o seu discurso apelando á única responsabilidade do tempo nos incendios forestais; pola contra, este ano, despois deste verán, con moitos mellores datos en relación co número de incendios e de hectáreas ardidas —sobre o cal nós nos alegramos profundamente—, vostede pouca alusión fixo ao tempo na súa primeira intervención. Parece ser que todo foi froito da magnífica xestión da Consellería e das políticas do Partido Popular. Sorprende cando menos, señor conselleiro, o cambio de relato en tan pouco tempo.

Á marxe do discurso que vostede deu aquí hoxe, de que todo está ben, con cero autocrítica, teño que dicirlle que existen enormes problemas de ordenación e de planificación en materia de incendios, mais tamén o advirto de que o BNG traerá unha análise con crítica, mais tamén con propostas que irá poñendo enriba da mesa nos seguintes minutos, pois, a pesar de que se ten falado moito neste Parlamento, ao longo desta lexislatura e de anteriores, das cuestións vinculadas ao modelo de prevención, de vixilancia e de defensa contra os incendios forestais, é importante continuar a dar o debate e de facelo nos exactos termos en que se ten que dar e coa profundidade suficiente para poder chegar a puntos que permitan mellorar o sistema.

Á vista da experiencia das últimas décadas, resulta evidente que as explotacións do medio rural a nivel agrogandeiro e forestal, así como o conxunto do medio natural e paisaxístico e os propios núcleos rurais, son altamente vulnerables ás periódicas vagas de lumes que asolan o noso país, causando destrución e perdas socioeconómicas cuantiosas.

En síntese, a gravidade dos incendios forestais en Galiza está determinada por cinco factores principais: en primeiro lugar, pola ausencia dunha adecuada planificación e ordenación do territorio; en segundo lugar, pola morfoloxía do monte galego, que se acentúa na segunda metade do século XX, como consecuencia do desprazamento do pastoreo e doutros manexos agroforestais e da repoboación masiva de masas, como as específicas de alta combustibilidade, como o piñeiro e o eucalipto nomeadamente; en terceiro lugar, polo abandono progresivo durante as últimas décadas da actividade no sector agrogandeiro, causando a desaparición dos cultivos agrícolas na interface urbana forestal e permitindo o avance do lume ata os núcleos habitados a través de fincas abandonadas; en cuarto lugar, polo despoboamento rural e polo avellentamento dos seus habitantes, agravando o problema incendiario, como consecuencia da enorme vulnerabilidade dos núcleos rurais cheos de xente dependente e dispersa nun número notable de aldeas indefensas; e, en último lugar, o cambio climático.

Ademais, os episodios incendiarios dos últimos anos indícannos unha evolución crecente cara a lumes de alta intensidade e de grandes dimensións, facendo moi difícil o ataque eficaz

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do dispositivo de extinción. Como di sabiamente o meu compañeiro Mini: «Non hai quen loite contra un incendio, se non hai lugar onde agardalo. As masas son tan continuadas que non hai onde esperar o lume»; polo tanto, a primeira proposta e demanda histórica —a pesar do seu riso, señor conselleiro— é a necesidade de cortalumes verdes con arborado autóctono.

Esta situación de partida que acabo de nomear exixe medidas que sitúen o desenvolvemento do medio rural nos ámbitos agrogandeiro e forestal no centro das políticas económicas de Galiza. É dicir, necesítase acometer unha reagrarización racional do país; de forma parella, cómpre promover unha actividade forestal multifuncional, recuperando a biodiversidade do noso monte, o silvopastorismo e a madeira autóctona de calidade fronte ás especies invasoras. Estas medidas axudarían a mellorar de forma sostible a calidade de vida do rural e a implicación dos seus habitantes na loita contra o lume.

Nese sentido, apela constantemente o señor conselleiro á Lei de recuperación da terra agraria e aos seus instrumentos —que xa anunciou que o fará na segunda quenda—, a cal nós consideramos absolutamente insuficiente. Vexamos algúns datos, conselleiro. O vindeiro ano licitaranse os primeiros polígonos agroforestais de Galiza, procurando mobilizar terra nun período de non máis de tres anos. Isto será aínda o próximo ano e cun horizonte de tres anos máis. As agrupacións de xestión conxunta —é o que din as notas de prensa da súa consellería, sacadas a semana pasada do acto que realizou en Boborás—, fundamentalmente ligadas ao sector forestal, aínda arrancarán tamén o próximo ano 2024 —nota de prensa da súa consellería—.

Algún dato máis, que ofrecemos, en relación coas aldeas modelo: este instrumento da Lei de recuperación mobilizou ao redor dunhas dez mil hectáreas en todo o país. Se isto o comparamos co obxectivo recollido no Pladiga deste 2023 a respecto de que non ardesen máis de dezanove mil setecentas sesenta e unha hectáreas, vemos como, claramente, as políticas de ordenación non teñen un peso suficiente en termos estritamente cuantitativos e comparativos. Repito, señor conselleiro, é necesario acometer unha reagrarización racional do país que vaia moito máis alá da campaña mediática a que nos teñen sometidos. Precisamos un novo enfoque moito máis profundo que estas aldeas modelo para titulares de prensa. Finalmente —porque como vostede sabe que temos o tempo taxado—, necesítase un dispositivo contraincendios adaptado á situación, baseado na profesionalidade, na prevención, na vixilancia preventiva, na rapidez de resposta e na eficacia no control de lumes.

Algunhas propostas máis que ofrecemos: é necesario un axuste, unha actualización, unha recuperación e un desenvolvemento da lexislación e normativa forestal e de prevención e defensa contraincedios. Seguimos esperando a entrada neste Parlamento da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais. Tamén é importante acometer medidas nas zonas agrícolas abandonadas e medidas de defensa das explotacións agroforestais e dos núcleos de poboación. Este é un asunto de extrema gravidade. Ao redor de cada explotación, ao igual que nos núcleos, debe haber zonas de protección e de xestión da biomasa; neste sentido, xa vostede nos anunciara na comparecencia do ano pasado que a nova Lei de incendios ía contar cunha serie de modificacións á Lei 3/2007 para axilizar e, ao tempo, incrementar as execucións subsidiarias por parte da Administración. Seguimos esperando.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para rematar, deixo algunha cuestión que me gustaría que fose contestada na súa segunda quenda. Nesa propaganda constante do Partido Popular, vostedes vendían como un gran logro do Pladiga deste ano —e volveuno facer hoxe aquí— a constitución de novas brigadas helitransportadas. Polo que puidemos saber, só un curso acelerado de pouco máis de cinco horas de formación e outras tantas de prevención de riscos é toda a formación que recibiu boa parte dos novos bombeiros forestais a bordo dos helicópteros do servizo. ¿Como valora vostede este feito, rematando o período de alto risco?; ¿considera que a formación foi suficiente? E outra cuestión, tendo en conta os datos do número de brigadas municipais constituídas este ano, non chegan ao cincuenta por cento os concellos que constitúen brigada, concretamente chegan a un 48 por cento, ¿a Consellería reflexionou sobre isto?; ¿como valora vostede que do conxunto dos concellos galegos non teñan brigadas máis do cincuenta por cento?

Agardo que nos conteste a estas cuestións que fomos plantexando e que confronte, se discrepa, coas medidas que propomos.

De momento, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra José Antonio Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, quero dar a benvida ao señor conselleiro e, por suposto, *(O señor Armada Pérez diríxese ás persoas convidadas que están na tribuna.)* dar a benvida aos representantes dos colectivos e de distintas categorías do Servizo público de extinción de incendios, que nos acompañan, e, por suposto, nomeadamente á Asociación Profesional de Xefes de Brigada. Benvidos. E dende aquí vaia tamén a nosa gratitude polo servizo que desempeñan non só durante esa campaña de incendios, senón durante practicamente todo o ano, xa que o desempeñan dunha forma tan dilixente que nos fan sentir moi, moi orgullosos. *(Aplausos.)*

Dende logo, que isto non soamente pode quedar en palabras —non—; isto tamén nos obriga a estar á altura —á vosa altura—, e penso que o Goberno ten que traballar para que poidan contar sempre cos mellores medios e, por suposto, tamén ter a mellor formación para seguir sendo e seguir tendo o mellor servizo público —como ben digo— xa non soamente de España nin de Europa, senón que posiblemente un dos mellores servizos públicos de extinción de incendios do mundo. Pero para iso iremos por partes, e tal como estaban a degrañar, conselleiro, moita plancha ten vostede para contestar porque, dende logo, aquí moitas cousas se foron dicindo e se foron deixando.

Empezaremos a falar precisamente do incendio que foi, quizais, o máis preocupante e que tivemos non hai moito tempo, que foi o incendio forestal rexistrado no concello lugués de Trabada, onde —como ben diciamos— afectou máis de dúas mil trescentas hectáreas, a maior parte delas eran de monte arborado; foi o lume, sen dúbida, máis importante de toda a vaga deste ano, e tamén afectou os concellos de Foz e de Ribadeo. Tamén me gustaría des-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tacar os concellos ourensáns como Lobeira, Vilariño de Conso ou Avión, que tamén foron afectados polos incendios que chegaron ás 3.000 hectáreas en toda Galicia.

Unha vez extinguidos estes lumes, a Consellería do Medio Rural, de forma dilixente, reuniuse cos alcaldes de Trabada, de Ribadeo e de Foz, despois de que estes o solicitasen, dunha forma inmediata, porque nós entendemos que hai que pórse á disposición; a Administración autonómica púxose á disposición dos veciños e, por suposto, tamén dos concellos.

E ¡como non!, o noso compromiso é completo e absoluto co territorio; por iso entendemos tamén que a mellor prevención dos lumes é contar cun monte dinámico e con actividade, e, por iso, levamos implementando ferramentas como é a Lei de recuperación, as agrupacións de xestión conxunta ou os polígonos agroforestais. E sinto dicirlle ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego que precisamente vostede estaba a dar unha diagnose perfecta —esa mesma diagnose que aquí se deu e que se vén dando dende hai un tempo— que nos levou precisamente á aprobación da Lei de recuperación de terra agraria, co voto en contra precisamente do Bloque Nacionalista Galego. Parece ser que ao principio era unha lei que non valía para nada; agora parece ser que xa empeza a ser unha ferramenta válida, pero o que pasa é que está nas mans non debidas. Pero bueno, son esas cousas que vostedes teñen tan simpáticas cando queren aprobar unha cousa pero non o fan porque vén do PP.

Pero miren, seguindo un pouquiño máis sobre este tema, evidentemente, hai que dicir tamén que queremos pór en valor o esforzo e a dedicación do dispositivo antiincendios, que diante dunha situación ben complicada, por causa desta actividade incendiaria, volveu responder coa máxima profesionalidade. E, como sempre se fai, vanse investigar as causas que orixinaron estes lumes, e, para iso, contamos precisamente coa Uifo, a que faciamos alusión a ela, pero faciamos alusión dende o punto de vista de que foi unha unidade que, dende a súa creación, deu, dende logo, uns froitos marabillosos no feito da investigación da intencionalidade dos incendios forestais; e esa intencionalidade vén precisamente pola nocturnidade, polo rexistro de varios focos —como ben se apuntaba anteriormente— e, por suposto, tamén ante a previsión de que podía haber choiva, pois, loxicamente, aos incendiarios dábaselles a ocasión de poder prender lume.

Ademais, en moitos dos últimos incendios rexistrados en Galicia, houbo varios rexistros anteriores que indicaban que os incendiarios, dende logo, tentaron prender en repetidas ocasións, pero aquí a eficacia do servizo antiincendios o impediu, pero, dado que tivemos desgraciadamente, nalgunha ocasión, fortes ventos, iso favoreceu esta actividade delituosa; e isto sempre apelando —como non— á colaboración cidadá porque —entendemos— a participación de todos é im-pres-cin-di-ble, e xa que aquí o conselleiro deu o seu teléfono, nós volveremos dar, unha e outra vez, ese teléfono anónimo e gratuíto: o 900815085, que está á disposición da cidadanía para que poida colaborar nos incendios forestais.

E, seguindo precisamente con esa participación, gustaríame indicar que nos gustaría, dentro desa colaboración interadministrativa, resaltar un aspecto importante no que é o eido da prevención. E con isto refírome precisamente a ese convenio que se fai coa Deputación de Ourense, e dende aquí aplaudimos o presidente da Deputación de Ourense e os trece alcaldes beneficiarios que recibiron os seus tractores polo compromiso que teñen, precisamente, coa

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prevención de incendios; un compromiso que, dende logo, é unha obriga moral, pero tamén é unha cuestión legal. Así, cómpre lembrar que a Normativa reguladora das bases de réxime local contempla, entre outras competencias das deputacións, a prevención e a extinción de incendios naqueles concellos de menos de vinte mil habitantes; e nese sentido, cómpre indicar que este convenio —como ben dicía o señor conselleiro— se vai ampliar tamén á Deputación de Pontevedra. Pero, ¿que pasa coas deputacións de Lugo e da Coruña? Agora mesmo, eu debo lamentar a falta de disposición amosada ata agora por estas deputacións para abordar este asunto de máxima importancia. Creo que teñen que saber que é un aspecto que afecta absolutamente todos, e, evidentemente, a prevención dos lumes incide directamente na seguridade das persoas e dos bens; por iso reiteramos ese chamamento a todas esas administracións implicadas, nomeadamente a estas deputacións para que actúen coa máxima responsabilidade, e, por iso imos pedir que vostedes tamén nos apoien e, dende aquí, impulsemos, dalgunha forma, ese compromiso das deputacións para que colaboren cos concellos porque non é de recibo que a Deputación de Ourense estea facendo a repartición de tractores, de acordo cos municipios seleccionados con base a criterios técnicos, que teñen que ver coa incidencia dos lumes no seu territorio e fundamentalmente adheridos ao convenio de protección das aldeas. E insisto, son concellos de diferente cor política.

Non pode ser que na Deputación de Lugo a repartición dun tractor vaia directamente a un concello que está gobernado polo Bloque Nacionalista Galego porque, precisamente, o Concello... —¡si, si!— porque precisamente o deputado do Medio Rural tamén resulta que é do Bloque Nacionalista Galego. ¿Por que non fan ese convenio extensivo a toda a provincia de Lugo?; ¿por que van directamente aí? *(Murmurios.)* Gustaríanos aclaralo, porque, evidentemente, resulta que os caciques eramos nós, pero resulta que quen actúan como caciques son vostedes.

Hai que tamén ter en conta que hai unha tarefa que hai que realizar, que é a de prevención —como ben digo—, e que no caso de Ourense, este convenio está chegando practicamente a un terzo dos municipios da provincia, e, precisamente, ese terzo de municipios da provincia, agora mesmo, conta cuns medios que, dende logo, vai utilizar para esa prevención de incendios. E tamén cómpre destacar que o Plan de prevención de incendios forestais en vigor ata marzo do próximo ano 2024 prevé actuar, cando menos, nunhas sesenta mil hectáreas de terreo e nuns cinco mil seiscentos quilómetros de pistas forestais, entre outras vías, destinando un orzamento de 38,8 millóns de euros. Tamén é importante, á parte de falar de prevención, falar de persuasión; neste caso de persuasión aos incendiarios, e iso se vai facer a través dos propios membros do servizo, que, ademais, conta cun bo número despregado por todo o territorio, así como coas cámaras de vixilancia —nun número de 156— que axudan nese labor de persuasión.

E entrando xa en materia do que serían os propios efectivos do servizo, hai que contar e, sobre todo, estar agradecidos aos case sete mil membros que forman parte do dispositivo do Pladiga, que veñen achegados polos medios propios desta Administración autonómica, así como tamén da Administración xeral do Estado; a todos eles, así como, por exemplo, aos concellos e ás comunidades e mancomunidades e tamén aos membros de protección civil, dende aquí vai a nosa gratitude polo inxente labor que fan moitas veces de forma desinteresada.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E respecto dos medios materiais de que dispoñen e, sobre todo, sobre os cales estamos sempre afondando, isto é, falamos da renovación das EPI a través de equipos e brigadas; da renovación do parque móbil, como son os 117 novos vehículos para axentes e como son os próximos 122 vehículos que van saír para brigadas, así como da constante renovación das motobombas; e tamén hai que incidir nos medios aéreos, nos cales quedan practicamente cubertas todas as bases de helicópteros, destacando este ano, que pasan a ser seis as brigadas helitransportadas que teñen carácter público; tamén hai que mencionar a construción e a renovación de puntos de encontro e as chamadas BUO; o proxecto Interlumes, sobre o cal hai dous ou tres anos o Bloque Nacionalista Galego dicía aquí que non se ía a levar a cabo, e creo que vostede —sobre todo refírome ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego—, como ben sabe, señor Lourenzo, alí se está a executar o seu proxecto estrela que, precisamente, é esa base para os avións e os helicópteros que —como ben dicía o conselleiro— vai dar cobertura a eses incendios que, desgraciadamente, temos na fronteira.

E, por suposto, tampouco me quero olvidar de que aquí hai que falar dun aspecto importante, que é o da formación: 2 millóns de euros en menos de cinco anos e máis de tres mil profesionais formados e, por suposto, a grande aposta deste Goberno pola formación, que é o Centro Integral de Loita contra os Incendios, en Toén; un centro que, sen lugar a dúbidas, segue tendo investimento, que cada vez máis se vai convertendo en realidade e, por suposto, podemos dicir, coa boca ben grande, que vai ser un centro de referencia en Europa, como así nolo veñen apuntando algúns bombeiros que se desprazaron ata alí dende diferentes puntos do noso continente.

Por suposto, tamén quero incidir nos diferentes textos lexislativos, nos cales se describen os compromisos que este Goberno ten coa prevención e coa extinción dos incendios forestais, como ben sinalaba a Lei de recuperación de terras, tamén transversalmente a Lei de calidade alimentaria e —como non— a futura Lei de montes veciñais en man común; así, isto derivará no que será a Lei de loita integral contra os incendios forestais.

Isto, dende logo, non son anuncios, son feitos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: ...Si, señora presidenta.

Son feitos. Aquí, o único anuncio que ao mellor escoitarán deste portavoz é que voten Celanova no concurso de Ferrero Rocher que ten agora mesmo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Lourenzo, eu ría antes do espírito do Nadal, sobre o cal falaba antes o presidente; non era para nada que rise respecto do que dicía vostede, aínda que houbo algunha cousa que me levou ao que eu dicía ao principio da miña primeira quenda, que son os mantras, porque hoxe vostede veu cuns cantos mantras cambiando de nome cousas que estamos facendo. Eu diríalles aos do meu grupo parlamentario que se non tivesen vostedes inconveniente en que cambiásemos de nome cousas que estamos facendo para poñerlles o nome que dicía o Bloque, ¡bueno!, pois igual ata nos poderiamos poñer de acordo.

El falaba de cortalumes verdes con arborado autóctono. ¡Home!, eu despois voulle contar uns [...] que estamos, ademais, facendo na súa comarca, e vostedes seguro que os poden repasar porque hai bastantes actuacións da Lei de recuperación da terra agraria naquela comarca. Non por nada; non porque vostede sexa de alí, senón porque é un dos territorios máis afectados, por desgraza, polos incendios forestais de Galicia.

Xa o dixo o voceiro do Partido Popular respecto do incendio de Trabada, en Ribadeo, señora Dacosta. Eu xa me reunín cos alcaldes e coas alcaldesas dos concellos afectados: dous concellos de tres son do Partido Socialista; eu supoño que terán a información. Efectivamente, foi un incendio diferente pola cantidade de masa forestal de alto valor que había —dicía o voceiro do Bloque, sobre 12 ou 15 millóns—. Nós aínda estamos facendo a estimación porque estamos elaborando o informe técnico. E tampouco sabemos, con certeza, a afectación porque foi un incendio de vento, isto é, afectou moito por abaixo pero houbo pouco lume de copas; entón, é probable que boa parte da masa arbórea se poida recuperar. En todo caso, quero lanzar unha mensaxe de tranquilidade a eses propietarios forestais, xa que estamos precisamente con ese informe técnico. Na reunión, os alcaldes incluso nos pediron a posibilidade de avaliar ou de facer unha valoración da masa forestal e da afectación para poder debater mellor con aqueles que van comprar a madeira. Ademais, tamén quero dicir que houbo asociacións sinaladamente de Lugo que xa dixeron que ían pagar no seu prezo xusto toda esa madeira; penso tamén que é moi de agradecer a implicación do sector.

Falou vostede dun informe, pero iso non lle debe dar moito resultado —fágame caso—, porque se vai a ese informe de Trabada, nas redes sociais —isto foi no Congreso Interlumes—, ¡home!, eu penso que quen foi desafortunada foi a periodista que sacou ese informe; pero non o digo eu, *(O señor González Vázquez mostra un documento á Cámara.)* dino todas as asociacións do Servizo nos *tweets* que puxeron enriba da mesa. Se os quere consultar, eu pódolle ler algún, pero tanto Aprafoga, como UXT-Forestais ou como Axentes-Galiza —que moi do PP penso que non é—, polos datos que temos, ¡home!, dixeron que foi bastante desafortunado. Simplemente mire: «Sacar iso de contexto é un exercicio de manipulación informativa. Ángela Precedo equivocouse ao sacar nos titulares só os aspectos negativos. Vívese do titular, do drama, do exabrupto e daquilo que impacta, aínda que estea baleiro de contido». Isto non o dixo o conselleiro, ¿eh?; dixérono os representantes do Servizo dun informe técnico —por certo— dun excelente profesional, que o que veu dicir foi analizar o que pasaba —que nós facemos esa reflexión cos grandes incendios forestais—.

Ten vostede razón nunha cousa: teño que recoñecer que, por segunda vez, en sede parlamentaria, o ano pasado falamos disto, e, efectivamente non se cumpriu o de facer un informe sobre o cumprimento dos obxectivos de prevención. Eu —dígoo, ademais, para a xente que

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fai o Pladiga— asumo o compromiso de que este ano vaia, efectivamente, un anexo no Pladiga cos resultados de prevención; pero, simplemente, quero que saiba que no Plan de prevención deste ano había 55.000 hectáreas de desbroces ou de xestión; estamos arriba das cincuenta mil, e —digo agora de memoria— había, creo que eran, 5.120 quilómetros de pistas, e estamos xa preto das sete mil. É dicir pasamos con creces, pero ten vostede razón que aquí, en sede parlamentaria, quedamos en incorporalo ao Pladiga, e así o faremos o ano que vén. Espero que me faga caso —dígoo aquí, ademais— porque eu, evidentemente, non redacto o Pladiga, pero si estou dicindo que, como dixen o ano pasado, se ten que recoller; se iso non é autocrítica... Eu asumo criticarme a min mesmo por non cumprir o que dixen o ano pasado.

Vostede falou tamén dos incendios do ano 2022. Eu teño que preguntar —e gustaríame que me contestase na súa quenda— se hai algún enxeñeiro forestal, co que vostede fale, que diga que a recuperación do territorio afectado polos incendios do ano 2022, ou de calquera outro ano, se pode facer nun ano; estamos falando dun labor de cinco, seis ou sete anos. Polo tanto, ¿que é o que fixemos? Fixemos medidas de recuperación no territorio afectado polos incendios forestais. O ano pasado, logo do que pasou no ano 2022, teño moi claro que a afectación que sufriron as comarcas do Courel, de Valdeorras, de Monterrei, da Barbanza e do Macizo Central Ourensán, loxicamente, requirían unha resposta axeitada, entendendo que esa resposta non se pode dar nun ano. Hai zonas de moita madeira, nas cales o primeiro que tiñamos que facer era axilizar as cortas. Eu pediría que calquera de vostedes vaian ver como foron as cortas durante o ano 2002, por exemplo, na zona do Courel, onde efectivamente se cortaron moitísimas hectáreas de piñeiro —e non de eucalipto, que alí é case todo; aínda que hai un cultivo, ademais, rendible de piñeiro—. Pero fixéronse nas demais; dixeramos que houbo unhas instrucións, e ademais, moita implicación, polo que quero agradecerlla á xente da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal por apurar tanto as cortas, as subastas... Xa sabe que nos montes de xestión pública temos que facer subastas, pero nos montes de xestión privada axilizáronse todas as autorizacións, e se temos algunhas sen facer é porque é madeira non comercial, e, entón, o primeiro que fixemos foi vender a madeira que tiña ese valor, comprárona as empresas, e agora imos ter que sacar con cartos públicos a madeira non comercial; aínda estamos pedindo a colaboración do sector para poder sacar esa madeira. Ese é o traballo que se ten que facer. Ademais, saben vostedes que, por exemplo, no caso do piñeiro, vai vir, seguro, unha rexeneración, que nos terá que permitir decidir, unha vez que se produza esa rexeneración, onde imos facer esas descontinuidades que mencionaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego —e a quen tamén explicarei como o estamos a facer—.

Hai unha cuestión que para min ten moitísima relevancia: mencionou hoxe esa colaboración que eu non me canso de pedir; nalgún sitio petamos e non somos capaces de conseguila, sinaladamente nas dúas deputacións da Coruña e de Lugo, e, sen embargo, noutros sitios si. O ano pasado, cando foron os incendios do ano 2022, o presidente da Xunta de Galicia chegou aquí e anunciou un fondo público-privado para facer fronte ás consecuencias dos incendios nese territorio afectado —como digo—, en 26 concellos e en 5 comarcas importantes de Galicia: O Courel, Valdeorras, Monterrei, A Barbanza e o Macizo Central. Pois ben, o primeiro que atendeu a chamada da Xunta de Galicia chamábase Inditex, que aportou e comprometeu 9 millóns de euros no fondo público-privado —9 millóns de euros non é unha cantidade menor—, dos cales xa dispuxemos —porque se fixo a tres anos— 3 millóns de euros. E nós

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comprometemos o mesmo investimento público, e este ano investimos 3,25 millóns de euros nese fondo público-privado. Eu teño que anunciar —non podo dicir aínda os nomes— que xa hai máis empresas comprometidas; empresas que entenden que máis aló non hai ningún tipo de contrapartida económica —non se preocupen por iso—. Máis aló da posible contrapartida económica —que non a ten—, entenden que teñen que facer un esforzo pola RSC, ou polo que vostedes queiran, para colaborar na loita contra os incendios, sobre todo na recuperación do territorio afectado polos incendios.

¿E como queremos facer esa recuperación? Isto lévame ao voceiro do Bloque, que dicía que non facemos autocrítica. Bueno, señoría, o que non podo é estar todo o día criticándome a min mesmo; eu podereime criticar —levo cinco anos—, e fixemos unha crítica moi intensa no Ditame dos incendios forestais do ano 2018, cando aínda estaba eu de parlamentario —por certo, co voto a favor do Partido Socialista e co seu voto e o de En Marea en contra—; aí, asumimos, evidentemente, moitas críticas.

Vostede falaba —fíxese— de cinco medidas estruturais que propón o Bloque Nacionalista Galego. Di: *(O señor conselleiro do Medio Rural, González Vázquez, le un documento.)* «Ausencia de ordenación no territorio». Isto é da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, do Catálogo de usos agrogandeiros e forestais. Igual o voceiro do Bloque pensa que o Catálogo se fai en quince días —¡pois non, señoría!; non se fai en quince días—, pero xa imos presentar no remate deste ano, ou a principios do ano que vén, o Mapa de usos agroforestais de Galicia, que é o primeiro paso, segundo din todos os técnicos da planificación territorial de Galicia e das universidades galegas, porque nolo dixeron no Ditame, isto é, que primeiro fixésemos o Mapa de usos agroforestais e, logo, fixésemos o Catálogo. Na propia lei prevemos a posibilidade de facer catálogos parciais, e teño que dicir que temos moi avanzado —e volvo dicir que non é porque sexa vostede de alí— o catálogo parcial da comarca de Monterrei, e é porque é das máis afectadas polos incendios forestais; polo tanto, aínda que non teñamos o catálogo definitivo de toda Galicia, si que poderemos ir anunciando catálogos de carácter comarcal, nos cales utilizaremos tamén, señora Dacosta, os plans de ordenación de recursos forestais tan demandados polo PSOE. Eu estou de acordo con que se ten que facer esa planificación, e incorporaremos todas as ferramentas da Lei de recuperación.

Canto á segunda medida, vostede falaba tamén dos cambios na morfoloxía do monte, e aquí ía en contra dos monocultivos de piñeiro e eucalipto. Bueno, dixo vostede que eran monocultivos de piñeiro e de eucalipto, e que tiñamos que ir cara ás frondosas. A min xa me gustaría que houbese non moitas máis frondosas, senón moito máis aproveitamento das frondosas. Nós puxemos en marcha o Plan do castiñeiro de Galicia, no cal fixemos unha aposta moi importante polas novas plantacións e pola recuperación dos soutos tradicionais; polo tanto, isto tamén está previsto na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e no Plan forestal 2021-2040.

Canto á terceira medida, unha das causas dos incendios de Galicia é o abandono no rural. ¡Anda que non está isto recoñecido no Ditame, na exposición de motivos da Lei de recuperación e en todas as medidas que se están aplicando a través desta! O que sinto é que eu non me chame Suárez Canal e que sexa do PP, porque así xa non podemos dicir que están ben as cousas; temos que dicir que está todo absolutamente mal. Como estamos esperando a que se desenvolvese aquela Arcadia feliz... ¡En fin, en fin, señorías!.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Canto á cuarta medida, o despoboamento, eu defendo aquí —e sobre isto non me van tachar de que non sexa do Partido Popular— a actividade agrogandeira con valor engadido. Isto, ao mellor, a vostedes lévaos ás macrogranxas, e que iso non se pode defender, pero eu defendo as explotacións competitivas con valor engadido, que é o que fai que a xente non se queira ir do rural, porque ten cartos no bolsillo e, ademais, aforrados, como, por exemplo, está pasando no sector do vacún de leite.

Canto á quinta medida, doulle totalmente a razón de que é unha das circunstancias que temos que ter moi en conta, que é o cambio climático. Evidentemente, coas medidas que estamos tomando aquí non podemos incidir no cambio climático, senón que é moito máis —diriamos— a nivel mundial, pero tamén quero dicirlle que nas outras cuestións que vostede propón Galicia xa ten cunha lexislación, que nestes momentos está sendo alabada en moitos sitios, e, nalgúns sitios, xa está empezando a ser copiada porque ven que son ferramentas que poden funcionar.

Preguntaba, dentro desas medidas de recuperación do territorio afectado polos incendios forestais, que, ¿que é o que nós imos facer? Primeiro —e non é menor—, a participación pública. Eu non concibo que vaiamos facer aos territorios cousas que non se falen, precisamente, coa xente deses territorios. Téñolles que dicir aos dous voceiros que, neste ano 2023, ademais de sacar a madeira de valor comercial, e agora que temos que sacar a madeira de valor non comercial con cartos públicos —ímolo facer—, o que tamén fixemos foi ir aos territorios e preguntar como querían facer a recuperación do territorio; e de aí saíron moitas cousas que, por certo, señorías —eu non sei—, tamén coinciden co que pon na Lei de recuperación porque todos pediron pasteiros; todos pediron soutos de castaños; todos pediron plantación de frondosas nos sitios que corresponde; todos pediron viñedos ou hortas.

E fíxese vostede no que estamos a facer, por exemplo, en Monterrei —podo mencionar máis comarcas, ¿eh?; pero volvo repetir que non é porque vostede sexa de alí, senón porque é a comarca máis afectada polos incendios forestais ou unha das máis afectadas—. Mire, no concello da Gudiña, a aldea modelo do Seixo —xa sei que non lle gustan moito as aldeas, o cal é certamente curioso, porque sempre foron os defensores das aldeas e agora que intentamos, dalgún xeito, recuperalas, téñeno tamén que criticar—.

En Ríos, interésame especialmente a aldea de Pedrosa. Señorías, 75 hectáreas de gandaría en extensivo; isto é unha actuación das importantes. ¡Anda que no queda protexida a aldea de Pedrosa! con esas 75 hectáreas de vaca limiá dunha calidade extraordinaria. Señorías, razas autóctonas que protexen as aldeas fronte aos incendios forestais, que reverten o abandono e o Bloque en contra. *(Aplausos.)* ¡Ai, *Dios mío*, isto é o mundo ao revés!¡En fin!

En Oímbra, un polígono de 22 hectáreas; este é pequeniño, e eu teño aí unha teima persoal. Esta é que quero que se cultive alí pemento de Oímbra na parte de horta; e vaise facer, xunto con viñedo. Tamén é unha zona moi importante porque evita o incendio na capitalidade do concello e, ademais, está entre dúas carreteras e, polo tanto, cambiamos xestas de catro metros por viñedo e por horta.

Dicía antes que o dos tres anos non é que sexan tres anos a maiores. O compromiso que asumiu a Xunta de Galicia, o Consello do Medio Rural, é que todos os polígonos teñen que

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estar licitados e, polo tanto, en funcionamento. A terra é posta á disposición de agricultores e de gandeiros en tres anos dende que se decrete. O primeiro —que non son tres máis tres; son tres— que se decretou foi o de Oímbra a finais do ano 2021, e estará en funcionamento —para a tranquilidade de todos—, estará licitado —imos ver, incluso se se plantexa algunha cousa— antes de novembro do ano 2024; polo tanto, cumpriremos o requisito. Citaría o polígono de Cualedro, xunto cunha aldea modelo de 64 hectáreas: gústame especialmente Infesta, en Monterrei; unha aldea modelo para viñedo —para viñedo, señorías—, onde quitaremos mimosas —das especies invasoras; non estaremos moi en contra de quitar especies invasoras— para volver recuperar eses socalcos para viñedo.

A min —que a maior recorrencia que hai, cando falamos destas cousas, é que se vaia máis rápido— xa me gustaría ir máis rápido. Xa me gustaría poder incidir na estrutura da propiedade de Galicia de xeito máis rápido; pero falamos dun problema estrutural en que ten que ver moito o minifundismo e en que ten que ver moito o descoñecemento da titularidade. Se vostedes idean algunha fórmula de podelo facer máis rápido, dentro do respecto á propiedade privada e dentro da legalidade, ¡pois, home!, véñannolo explicar, xa que nós estaremos encantados de asumilo, porque non temos outro afán máis que beneficiar o rural galego e os galegos e as galegas que viven nel.

Eu quero dicirlles simplemente que non é que sempre utilicemos como escusa unha lexislación, pero todo o que vostedes nos dixeron no seu momento, e que —entendemos—está suficientemente debatido, puxémolo enriba da mesa de xeito fundamental na Lei de recuperación, pero tamén no Plan forestal de Galicia. Aquí o que deberiamos debater é a forma de mellorar eses instrumentos, sen entrar na autoría ou en como fosen ou deixasen de ser. A min impórtame pouco como se chamen; a min o que me importa é que teñan efecto no territorio.

Déixeme que remate os instrumentos da Lei de recuperación con dúas cuestións. A primeira é as agrupacións de xestión conxunta. Cando vostedes din que non se fai autocrítica —e agora o señor Rivas poderá falar; non poderá falar hoxe, pero poderemos falar das Uxfor, en calquera momento—, nós aceptamos que unha sociedade limitada era complicado que funcionase no conxunto do territorio; e, polo tanto, simplificamos a xestión conxunta ata permitir asociacións sen ánimo de lucro. E quero dicir máis: o Programa de recuperación de soutos tradicionais de Galicia, que xa ten actuacións no territorio —non é que vaian empezar no ano 2024; é que xa ten actuacións no territorio—, como en Parada de Sil... O outro día *La Región* xa recollía como van máis de cen hectáreas de recuperación de soutos, cun comportamento absolutamente extraordinario dos propietarios, que foron quen de decidir —señorías— xuntarse todos para facer a súa xestión en conxunto. E aí estamos nós, apoiando iso e facendo a investigación da titularidade, limpando os camiños e empezando xa os primeiros tratamentos fitosanitarios: da recuperación do souto de Vilar, en Folgoso do Courel, no cal fixemos as pistas, podería falar de que son seis proxectos que nos van levar practicamente a cincocentas hectáreas de soutos tradicionais recuperados. Tamén no Incio temos o de Trascastro; pero non podemos falar do Incio porque só falamos da aldea modelo de Trascastro —igual hai máis aldeas efectivamente—, pero tamén alí temos o souto de Trascastro, no Incio. Polo tanto, a min paréceme importante, e deberiamos estar todos satisfeitos de que esteamos iniciando ese Programa de recuperación de soutos tradicionais de xeito sistemático —que é a primeira vez que se fai así, de xeito sistemático—.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Seguimos con máis medidas. Non está o señor Martín Seco, pero el falaría de «medidas cosméticas»; o que pasa é que para min, cando van ao orzamento e os cartos van ao peto tamén dos agricultores e gandeiros, eu creo que moito de «estéticas» non son, senón que son medidas reais. Este ano orzamos 2 millóns de euros para fomentar a gandaría en extensivo pola vía da creación ou do mantemento de pastos nas zonas de maior risco de incendios. Ata agora tiñamos o Programa de pastos en montes veciñais en man común de xestión pública e agora imos subvencionar os gandeiros que creen ou que manteñan pastos para loitar contra os incendios. Tamén anuncio —porque así o fixemos nos orzamentos— que imos adquirir rabaños propios que permitan a súa itinerancia naquelas zonas elixidas con criterios de priorización; imos comezar cun programa piloto na zona do Xurés de Ourense, precisamente con eses rabaños propios que permitan a súa itinerancia. Non se preocupen que non queremos que os pastores sexan todos funcionarios, pero si —entendemos— hai que impulsar esa actividade para que logo teñamos, se é posible, pastores e xente que se dediquen a facer esa actividade no territorio.

E un tema que non é menor é que vostede facía unha consideración entre as hectáreas mobilizadas. Eu sempre lle escoito á súa voceira sobre esas cen mil hectáreas idílicas que van mobilizar cando estean vostedes no Goberno, pero nós preferimos falar con feitos. Nós o que podemos dicir é que nesta lexislatura entregamos os títulos de trinta concentracións parcelarias e decretamos trinta novas concentracións parcelarias. Agardamos que a Lei 4/2015 nos permita axilizar esas concentracións parcelarias, xa que certamente —e esta é unha cuestión que hai que asumir— ten que facerse nun tempo máis áxil do que o estabamos facendo ata agora, pero o certo e a verdade é que, xunto coas concentracións parcelarias e cos instrumentos da Lei de recuperación —esa tan deostada por vostedes—, levamos mobilizadas preto de trinta e cinco mil hectáreas; e iso, señorías, non son palabras; son feitos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Falemos agora de territorio e de prevención, conselleiro, porque o territorio se está transformando de xeito calado, case inadvertido, debido a un abandono moi grande. O abandono da actividade agraria produce que se transformen en matorral superficies que estaban facendo de cortalumes naturais con prados, con pastos e con terras de labor; co abandono do rural chega o lume e percorre grandes superficies; as aldeas abandónanse, quedan con xente maior e ao desaparecer incluso os cultivos de hortas ao redor das casas, desaparecen eses cintos de fincas e hortas que protexían todas as casas e as aldeas.

Hai uns datos que —creo— nos teñen que facer reflexionar a todos e a todas. Temos en Galicia 1.989 núcleos rurais abandonados —é unha cifra escandalosa—; 12.744 núcleos rurais

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con menos de dez habitantes, a metade dos cales superan a idade de xubilación. A poboación residente en Galicia maior de 65 anos supón nada máis e nada menos que o 26,1 por cento do censo, e estímase que suporá xa un terzo no ano 2037; en 233 concellos rurais os xubilados superan o 40 por cento do censo da poboación. Entón, señorías, o abandono é unha receita para o desastre: coas condicións climáticas cada vez máis extremas e cun territorio sen a protección estrutural das superficies de agricultura e da gandaría e con montes menos intervidos, con acumulación de biomasa, créanse as condicións para as vagas de lumes recorrentes, con incendios catastróficos fóra da capacidade de extinción que tivemos no pasado.

Vostedes levan catorce anos propiciando este abandono porque non foi ata o ano 2021, conselleiro, que vostedes recuperaron a Lei de recuperación —valla a redundancia— da terra agraria de Galicia, a cal contén figuras que puxera en marcha o deostado Bipartito. Vostedes, en canto chegaron ao Goberno, votáronas en contra e despois recuperáronas, e nós obviamente non estamos para nada en contra; pero isto non se arranxa só con 4 aldeas modelo nin con 24, senón con outros medios que estaba vostede a amentar e, sobre os cales, de momento, a súa tramitación vai moi lenta.

En relación coa xestión forestal, que incide na temática que abordamos, está claro que non vai poder realizarse sen ese desenvolvemento rural pleno, con actividade gandeira e agrícola, porque sen estas actividades non imos conseguir esa protección estrutural indirecta do monte. É preciso —como dicía—, conselleiro, ter o territorio ordenado — algo que pedimos sempre os socialistas porque o entendemos vital—; unha ordenación territorial previa aos usos para que as masas forestais estean máis protexidas. Co cambio climático, vostede é coñecedor de que non valen, ás veces, cortalumes nin puntos de auga nin pistas —que hai que facelos, por suposto, e son totalmente necesarios para evitar os lumes en condicións normais—; por tanto, unicamente se poden frear estes lumes de sexta xeración cando lindan con superficies en produción, e se estas desaparecen do territorio, desaparece a posibilidade de limitar os danos nestas ocasións, cando o lume percorre o territorio ata que cambia o vento, ou cesa a calor, ou chove.

En relación coa ordenación do territorio, vostedes incumpriron ese ditame que o Partido Socialista votou a favor, como o Grupo Parlamentario Popular; e por iso podemos pedirlle contas porque a medida 2 dese ditame dicía que os plans de ordenación dos dezanove distritos da comunidade autónoma se ían elaborar entre o 2019 e o 2024. Case tiñan que estar todos elaborados e resulta que, no Plan forestal que fixeron vostedes posteriormente, aprazan esa ordenación do territorio ata o horizonte temporal de 2016-2030, co cal obviamente entenderán o noso voto contra o Plan forestal, que incumpre unha norma base na prevención de incendios: ter esa planificación.

En relación co persoal —para rematar—, ¿considera vostede suficiente o persoal que realiza labores en inverno, señor conselleiro, para executar a totalidade do Pladiga, as queimas prescritas, as tarefas de roza, de poda e de mantemento de puntos de auga?; ¿considérao suficiente? Ano tras ano, as brigadas constituídas polos concellos son menos; hai 112 brigadas menos en só sete anos, isto é, caen en picado. Falaba o señor Armada da repartición de fondos da Deputación de Ourense, e eu creo que con Baltar pai e con Baltar fillo, ¡home!, o exemplo de repartición de fondos equitativa a todas as cores políticas, non pode sacar

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moito peito. E se falamos das brigadas helitransportadas, alabamos a creación desas tres brigadas novas, pero, señor conselleiro, ten que ter conta dos traballadores que traballan para as brigadas helitransportadas privadas. Sabe vostede que cobran en bruto, por unhas tarefas —como dicía vostede antes— de extrema perigosidade: 1.260 euros, coas pagas extras incluídas, en condicións —que vostede sabe— precarias; entón, isto é insostible, mírese por onde se mire, e este tamén é un elemento que un Goberno, como a Xunta de Galicia, non pode permitir. Esta situación corrixiríase se a Xunta apostase pola contratación deste persoal de prevención e de extinción en condicións de estabilidade, pero, sobre todo, conselleiro, en condicións dignas —porque non son condicións dignas—.

Quero incidir en que os meses de marzo, abril e maio son óptimos para facer os traballos preventivos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e o persoal eventual do Servizo de prevención —ese de seis meses— non se encontra activo. Deben camiñar —sempre o dicimos— de maneira paulatina —non dun día para outro, pero si que de maneira paulatina— para a estabilidade do operativo, que permita unha axeitada posta en marcha das políticas preventivas estables.

Entón, conselleiro, —creo— debe incidir nestas cuestións, na estabilidade do operativo e, sobre todo, debe reflexionar sobre os datos que demos: 1.979 núcleos rurais abandonados. Isto non se soluciona só con aldeas modelo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...senón cunha política transversal da Xunta de Galicia, en global, para o cambio destas políticas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Moura.

O señor LOURENZO MOURA: Moitas grazas, presidente.

Dáse unha casualidade neste debate e é que as catro persoas que estamos debatendo somos de Ourense. E o señor Ferro falaba aquí de comportamentos caciquís na Deputación de Lugo. *(O señor Lourenzo Moura ri.) (Aplausos.)* ¡Tenlle graza o asunto!, señor Armada; tenlle graza o asunto. *(Aplausos.)*

Canto á segunda cuestión —de xeito moi breve—, en relación co incendio de Trabada (Ribadeo). Efectivamente, non tivemos que lamentar danos maiores que os que se produciron no monte —que xa son danos suficientes—, mais ¿saben por que? Porque, efectivamente,

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Ribadeo non chegou o lume ás vivendas porque o BNG —daquela no Goberno municipal— puxo un grande empeño na xestión da biomasa e non dos arredores dos núcleos; isto é o que ten tomar medidas coa cabeza na terra e no país e non nas urnas. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor conselleiro, falaba vostede das concentracións parcelarias, e eu pregúntolle —ás preguntas que lle fixen na miña intervención, non me respondeu absolutamente nada; centrouse nos elementos da miña comarca, cousa que lle agradezo. Tamén debe ser que ultimamente non lles están dando os números; están paseando moito por alí, porque non lles están dando nada ben números—, *(Aplausos.)* ¿de 30 novas concentracións parcelarias, que pensa facer?; ¿pensa facer algo coas 707 que xa están feitas e abandonadas?; ¿pensan facer algo?

E é certo, señor conselleiro, vostede apelou aquí e agradeceu o gran labor que realizan todos os profesionais do sector, ademais, nunhas condicións extremas do lume. Nós sumámonos a este recoñecemento, e tamén está moi ben que dea vostede golpes no peito e poña en valor os profesionais, mais, por desgraza, isto queda simplemente nunha mera frase; a situación das traballadoras e dos traballadores do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais é terrible.

Con datos deste ano 2023 —alén dos traballadores que xa superaron o proceso de funcionarización—, vemos como dun total de 2.356 traballadores teñen un contrato de seis meses 957; e de nove e doce meses, 1.395. Isto é, o corenta por cento do persoal é de seis meses; isto é unha taxa altísima de precariedade. Un ano máis, tamén asistimos a unha campaña, na cal preto de dez mil traballadores, que fan parte do Servizo, continúan cun contrato de seis meses; que a súa incorporación se fará efectiva na segunda quincena do mes de maio; e que neste momento, en que vostede comparece aquí, xa están na lista do paro. Son as propias bombeiras e os bombeiros os que teñen denunciado publicamente a falta de previsión un ano máis, no cal non se contou con case mil traballadores para facer labores preventivas e así poder, no verán, mitigar o efecto do lume; un ano máis, en que os traballadores de seis meses piden que deixen de ser usados como Kleenex, isto é, que deixen de ser usados como persoal de usar e tirar. Isto non o di o BNG, señor conselleiro; isto o din os profesionais do Servizo. Por iso mesmo pedimos menos golpes de peito e máis xestión. *(Aplausos.)*

Preguntáballe sobre as brigadas municipais. Entendo que lle fixo un pouquiño de pupa, e non se quixo meter aí, ¿non? No BNG temos defendido que precisamos dun servizo profesional, estable e activo os 365 días do ano, e que teña un mando único. Con toda claridade, as brigadas municipais non cumpren ese papel que desexamos e que precisamos. É unha evidencia que estas brigadas só adoecen de grandes carencias. En primeiro lugar, posúen unha evidente precarización: con contratos de tres meses, con salarios moi inferiores aos do resto do persoal, con escasa formación —dezaseis horas de curso—... E aquí paro un momento para facerlle unha pregunta: señor conselleiro, de verdade, ¿se vostede estivese ao mando da extinción dun incendio, como os que vivimos nos últimos anos, mandaría unha persoa á primeira liña de lume con só dezaseis horas de formación?; ¿de verdade que o faría? *(Aplausos.)* Con toda esta problemática vinculada ás brigadas municipais, e nas condicións en que se teñen dado os lumes nos últimos anos —con velocidades de propagación nunca vistas—, é evidente que estas non teñen cabida no sistema, e, polo tanto, deberiamos reflexionar colectivamente sobre o que facer no futuro.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En último lugar, apelou vostede constantemente ao consenso; non só o fixo na súa primeira intervención, senón que tamén o fai agora, ¿non? Ata dixo que é un home de paz. E o que vemos é que este consenso, ao final, queda só nun relato, nunha consigna, e que non hai translación á realidade.

Mire, tense debatido moito neste Parlamento —en plenos e en comisións— a través de diferentes iniciativas que presentou a oposición para mellorar o Servizo de prevención e extinción, ¿e sabe o que votou sistematicamente, en todas, o Partido Popular? En contra, señor conselleiro. É máis: a Xunta constituíu no ano 2018 —daquela, vostede era deputado— a Comisión de estudos e análise da política forestal. Numerosos expertos pasaron pola Comisión, achegando ata 123 recomendacións; algunhas —moi poucas— foron incorporadas a diferentes leis sectoriais, mais a maioría sen impacto sobre a política forestal. Isto é, montaron un grupo de expertos ao abeiro dunha comisión parlamentaria, nun momento en que houbo moitos incendios para salvar o titular da prensa. E outro exemplo: a Lei de loita integral contra incendios forestais. Dixeron que no mes de outubro do ano pasado iniciaríase a tramitación na procura —dixo vostede— dun grande acordo parlamentario. No día de hoxe seguimos esperando que a lei entre neste Parlamento.

En definitiva, señor conselleiro, hai unha ausencia de estratexia de país no ámbito do medio rural; hai enormes carencias na dirección e na prevención de incendios; hai un incumprimento das recomendacións parlamentarias; hai unha nula capacidade da xestión do persoal e unha ausencia de capacidade lexislativa. Este é o balance, mais tranquilo, quédanlles a vostedes poucos meses á fronte do Goberno galego; xa virá o BNG facer o traballo que vostedes nin fixeron nin fan.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Pois nada, conselleiro, seguimos tendo moita prancha. Parece ser que no Bloque Nacionalista Galego tiñan e teñen absolutamente todas as solucións para o territorio galego; por iso son unha forza superapoiada no noso rural. Por iso, cando veñen as eleccións, apóianos masivamente. Entón, tendo en conta ese apoio tan masivo —evidentemente, porque os coñecen bastante ben no rural e, sobre todo, por esas medidas tan marabillosas que nos acostuman agasallar en diversas ocasións—, eu queríalle preguntar, falando de Ribadeo un pouco, efectivamente, sobre o das franxas; pero é que iso das franxas está por toda Galicia. Por certo, en Ribadeo algo debeu pasar porque agora resulta que Daniel Vega —creo que antes se sentaba nesa bancada— agora é o alcalde de Ribadeo —que, por certo, aproveito para saudalo—.

E por iso, tamén me gustaría saber por que vostedes, que tanto saben e tan ben diagnostican o territorio, votaron en contra da Lei de recuperación da terra agraria porque precisamente

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todos os mecanismos que vostedes están a relatar, unha e outra vez, se contemplan dentro da lei, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* desta Lei de recuperación de terra agraria. Gústame ter este diálogo interactivo porque eu, a verdade, sempre os escoito con moito respecto. Pero bueno, que conste que eu non teño a pel tan fina como a ten, ao mellor, a súa voceira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu, desde logo, pódolle asegurar que non teño ningún problema en manter este discurso. *(Aplausos.)*

Mire, unha das cousas que máis me gusta é que, seguramente, se eu lle preguntase a esa xente que está aí arriba, *(Aplausos.)* ¿sabe que lle diría? Que posiblemente agora mesmo ese servizo estaría privatizado. E explícolle por que —si, si non se estrañe—; voulle explicar por que. Mire —e eu prometín que non o ía facer, pero é que me levan unha e outra vez— imos ao Bipartito —¡vaia por Deus!—; chegamos ao Bipartito e resulta que temos Seaga. Creouse Seaga. Esta xente é a que creou Seaga —non aquí, ¿eh?; creouna esta xente—. ¿E que pasou co servizo? Que un terzo dos membros do servizo automaticamente pasaron para Seaga. Esa era a folla de ruta —esa era a folla de ruta— que tiñan co Servizo público de extinción de incendios Era levalo precisamente á privatización —si, si, evidentemente—; igual que os servizos sociais, por suposto. E ¡vamos!, os que vivimos nesa etapa tan marabillosa e gloriosa do Bipartito —que podería redactar unhas cantas accións que levaron a cabo vostedes: eses que non facían publicidade, eses que falaban de que somos potencia e esas cousas— loxicamente ían moitas medidas. Por certo, esas brigadas seguían sendo de tres meses, pero, ¡claro!, os incendios só duraban tres meses no Bipartito; aquí —creo— duran uns meses máis.

Evidentemente, claro que hai cambio climático, pero por iso pasamos de tres a seis meses e por iso tamén pasamos de nove a doce meses. *(Murmurios.)* E evidentemente..., ¿non nos vai recoñecer iso? Se quere pregúntollelo despois, a ver se, efectivamente, pasamos, ou non, de nove a doce meses. *(Murmurios.)*

Tamén me gustaría saber unha cousa.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor ARMADA PÉREZ: ¿Que imos facer... —tranquilo, presidente, se total este diálogo é marabilloso—...

O señor PRESIDENTE: Pero non lles pregunte nada, que, se non, fálanlle. *(Murmurios.)*

O señor ARMADA PÉREZ: Tamén estamos a falar... *(Murmurios.)* E gustaríame agora preguntar, xa que estamos a falar —e tanto se preocupan das condicións desta xente que se dedica ao Servizo público de extinción de incendios—, concretamente deses brigadistas, das brigadas helitransportadas, dos que están nos concellos..., ¿que pasa co Estatuto do bombeiro forestal en Madrid? *(Pausa breve.)* É que a min me gustaría saber que é o que están facendo vostedes, porque levan tres borradores en cinco anos. ¿E sabe unha cousa? Seguramente se se aprobase ese Estatuto do bombeiro forestal... —que, por certo, a primeira comunidade que aprobou esa categoría de bombeiro forestal foi esta, a Comunidade galega—. *(Aplausos.)* E pódolle asegurar que seguramente se vostedes —vostedes que gobernan e que o axudan—

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprobasen... Que, por certo, ao superdeputado que teñen vostedes en Madrid non lle escoitei nada disto, pero gustaríame que se lle escoitase tamén e que tivese implicación con este servizo, porque isto si que é ter implicación e, sobre todo, é recoñecer unha categoría, que é a de bombeiro forestal; e esa categoría de bombeiro forestal, seguramente, aplacaría moitos dos problemas a que moitas veces vostedes aluden.

Evidentemente, nós entendemos que o Servizo público de extinción de incendios ten que contar coas mellores condicións laborais, e así se fixo; non soamente nas súas condicións laborais —nas cales queda moito por facer—, senón tamén nos seus medios materiais, que para iso a consellería está a traballar niso e está a investir niso.

E, por suposto, non imos falar da formación porque aquí xa se negou que a formación se consensuase, pero practicamente case o cen por cento da formación está consensuada cos sindicatos. E, loxicamente, nós afondamos aínda máis na formación e, ademais, pómola á disposición do Centro Integral de Loita contra os Incendios de Toén, para que, precisamente, sigan formándose e para que nós poidamos ter o mellor Servizo de extinción de incendios, posiblemente o mellor de Europa e posiblemente un dos mellores do mundo.

Por suposto, non escoitei absolutamente nada do tema dos tractores. Falábanme desta cacicada da Deputación de Ourense —¡por Dios!, ¿pero eramos nós os caciques?—. Pero vostedes, ¿como fan, entón, a repartición dese tractorciño, que mandan a Lugo, e, de repente, mándanllo directamente a Barreiros, *(Murmurios.)* e resulta que aquí, o deputado de Lugo —de Lugo—, *(Murmurios.)* precisamente, mándallo para alí, e pídenllo outros concellos de Lugo e nada? —¡vaia por Dios!— Pois, mire, en Ourense somos tan caciques que, ¿sabe que facemos cos tractores? ¡Dámosllelos aos do PP, aos do PSOE e tamén aos do Bloque, se nolos piden. *(Murmurios.)* ¡Así de claro; somos así!.

E, por suposto, tamén hei dicir outra cousa máis. Cando falan vostedes de todo o que é a Lei de recuperación da terra, voulles dicir unha cousa: falen un pouquiño, de vez en cando, cos seus alcaldes, porque resulta que nós facemos as cousas tan mal que, despois, cando se aprobaron os mecanismos de recuperación, por exemplo, da terra agraria, resultou que os primeiros que estiveron a pedir —conselleiro, dígao despois vostede por aquí; referéndeme ¡por Dios!— foron, precisamente, os do PSOE e os do Bloque —¡vaia, por Dios!—.

Simplemente, quero dar o último toque desa Lei de recuperación, desas aldeas modelo, que tanto lles encanta ridiculizar. Pregunten ao alcalde da Pobra do Brollón, do Bloque Nacionalista Galego, que foi o que pasou nesa aldea modelo de Parada dos Montes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Peche da comparecencia, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, eu nunca pensei que podería vir aquí dicir que a maior virtude que se pode esperar dun voceiro do Bloque é a previsibilidade —sempre o dixo a xente do Partido Popular: a previsibilidade—: a previsibilidade nas críticas, a previsibilidade nas propostas, a previsibilidade na repetición. Non é con vostede, señor Lourenzo; dá igual que fale vostede, que fale a señora Airas ou o señor Rivas. *(Murmurios.)*

E, para os que nos están escoitando, quero facer unha reflexión. Por poñernos en situación —porque hai nenos arriba tamén—, a ver se eu o entendo. Nós aprobamos unha lei no ano 2021: a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia; e o Bloque votouna en contra. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* —esta é unha novidade, señorías—; o Bloque votou en contra, e eu sempre escoitei —dicíamo vostede moito, señor Rivas; non quero que entre en alusións, pero sempre me dixo o que acaba de dicir agora—: «votamos en contra porque non nos fiamos do PP; non nos fiamos». E agora resulta que din que votaron en contra porque copiamos as medidas do Bloque; é dicir, votan en contra das súas propias medidas. Señorías, isto é difícil de asimilar. Eu diríalles que reflexionasen sobre como pode ser iso. Ou sexa, unha lei que, segundo acaba de dicir o señor Rivas, é calco das medidas de Alfredo Suárez Canal, votárona en contra porque é calco desas medidas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como é iso?

Bueno, a ver, alguén razoable do Bloque claro que estivo de asesor —¡só faltaría!—, pero, ¡vamos!, estamos aquí nunha cuestión que é difícil —diremos e enténdame ben e con toda a cordialidade do mundo—, ou, cando menos, complicado de responder a isto.

Resulta que era esa pequena Arcadia feliz de Ribadeo onde estaban as franxas todas —como ben dixo vostede, señor [...]—... É que, imos ver, os datos son os que son. Temos 98 concellos —non, non o de Ribadeo estaba moi ben; eu estouno recoñecendo—; hoxe hai 98 concellos nos cales, cos datos da xente que supervisou e comprobou, o setenta por cento das franxas están xestionadas. E, evidentemente, hai máis alcaldes que o de Ribadeo e que están moi concienciados con este tema. E non é unha cuestión ideolóxica, señor Rivas —fágame caso—; é unha cuestión fundamentalmente de preocupación polos seus cidadáns. Polo tanto, eu aí non entraría en se é do Bloque, do PP, do PSOE ou independente. A min o que me interesa é que se preocupen pola xestión das franxas.

Tamén dicía o voceiro do Partido Popular que nós escoitamos moitos alcaldes do Partido Popular, por suposto, porque hai moitos alcaldes no rural galego do Partido Popular —tamén o dixo el—; pero tamén escoitamos os do Bloque e os do Partido Socialista. E hai moitos deles que están pedindo instrumentos da Lei de recuperación. E eu teño que dicir —non vou dicir exactamente cal— que moitos deles me din que aquí, no Parlamento, están bastante equivocados sobre o que está pasando no rural e o que deberían apoiar ao respecto. Imos ver, xa o veremos, porque, ademais, haberá eleccións autonómicas ao longo do ano que vén; e xa veremos, efectivamente, onde está a posición de cada un.

Comprenderán que eu non me vaia pronunciar aquí sobre a data; simplemente digo que as haberá ao longo do ano que vén, isto é, cando mellor lle vaia a Galicia —iso, por suposto—.

En relación cos traballadores de seis meses, partindo da base —tamén o dixo o voceiro do Partido Popular— de como estaban durante o Bipartito, entre outras cousas, á metade de

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempo, nós fixemos ese esforzo orzamentario. Temos unha preocupación clara, e trasládollela —sábeno—, por incrementar o tempo de traballo da xente de seis meses, sabendo que é un esforzo orzamentario moi importante para todos os galegos e as galegas, pero mentres tanto podemos ir facendo algunha medida; por exemplo, modificamos este ano —supoño que votarán a favor esa emenda— a Lei de función pública para que os traballadores de seis meses poidan traballar en empresas públicas. Parécenos relevante poderlles dar máis meses de traballo a través das empresas públicas. A futuro, eu digo sempre que hai moito traballo de prevención; hai moitísimo traballo de prevención, e estamos dotando de moitos medios de prevención o Servizo, e, por suposto, se imos nesa liña teremos que afrontar o que sexa necesario.

Hai aquí un tema de que falaba tamén o señor Lourenzo, no cal eu non quixen entrar; non é que non queira entrar: o que ten narices é que entren vostedes no tema das brigadas municipais porque, mire, imos ver, o Ditame —do cal eu fun poñente, por tanto, saberei o que escribín— e as recomendacións que se asumiron na lexislación vixente, que foron 98 das 122, e algunhas que non se asumiron foi precisamente porque non nos puxemos de acordo. O Ditame falaba con claridade da necesidade —fíxese, falabamos hai seis anos; agora xa é máis urxente a necesidade— de ir cara a unhas brigadas municipais con máis tempo de traballo, máis profesionalizadas, cunhas probas únicas en Galicia e cun equipamento. O Ditame —se o le completo, que é longo, porque foron bastantes meses de traballo— tamén di claramente —entón busque, porque penso que é nas páxinas do final do informe—: «O financiamento das brigadas municipais é un financiamento conxunto entre a Xunta de Galicia, os concellos e as deputacións».

E dende aquel momento, este que lle fala pediu ás deputacións que fixesen e cumprisen o seu compromiso, que estaba aquí concordado en sede parlamentaria; e a única que aceptou colaborar, ata as pasadas eleccións—¡pero é que é unha realidade!—, nos medios municipais de extinción, con 26 tractores que xa aportamos foi Ourense, investindo unha cantidade moi importante de cartos e —podo asegurar— non é a deputación que máis cartos ten das catro que hai en Galicia. A partir de aí, das outras deputacións —ás cales mandamos varias cartas, e se quere llas remito tamén para que vexa como falamos cos presidentes das deputacións— non houbo contestación ata este ano, en que a de Pontevedra confirmou que, efectivamente, vai participar o ano que vén no financiamento conxunto dos tractores. E eu tamén quero trasladar —e dígollo ao persoal do Servizo porque, efectivamente, todos estamos de acordo con que hai que mellorar a situación das brigadas municipais— que neste ano 2024 imos poñer en marcha un piloto para incrementar o tempo de traballo das brigadas municipais na provincia de Ourense, grazas á colaboración da Deputación de Ourense que vai facer un esforzo orzamentario importantísimo tamén ao respecto. *(Aplausos.)*

Señorías, iso é responsabilidade, iso é apostar polo territorio, iso é deixar as leiras ideolóxicas e loitar polos nosos cidadáns. *(Aplausos.)* Pero, ¿por que non o fixeron as deputacións da Coruña e de Lugo, se é unha cuestión de moi poucos cartos, cos orzamentos que teñen? Entón, eu recoméndolles que asuman o compromiso parlamentario a que se chegou aquí —votando a favor o Partido Socialista, que é o que goberna nesas deputacións— e, dunha vez, poidamos falar disto con toda normalidade nas catro deputacións galegas.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vou facer unha reflexión de fondo, porque este si que sería un debate interesante, sobre o que dixo a señora Dacosta a respecto do abandono dos núcleos rurais. Falou de 1.900 núcleos despoboados e dun número tamén importante de menos de dez habitantes. Eu pregúntome: ¿só hai abandono en Galicia?; ¿o abandono é unha problemática do rural europeo no seu conxunto ou só de Galicia? E se é así, ¿por que todo é culpa do Partido Popular? E, ¿por que non temos en conta que Galicia é a rexión máis minifundista de toda Europa, e ten unha porcentaxe de descoñecemento da propiedade absolutamente inasumible? Ou temos unha lexislación, como a Lei de recuperación, para intentar reverter todo iso ou teremos moitísimos problemas para sacar adiante o que todos queremos. Dende logo, os que estamos deste lado, como somos os do Partido Popular, e defendemos as empresas, a actividade empresarial e a actividade económica..., tamén defendemos a recuperación do territorio cunha actividade agrogandeira e forestal sostible e con valor engadido para que todos os que están aí traballando se poidan meter cartos no bolsillo, e, dende logo, vivir máis do que dignamente no rural. E se iso é así —non se preocupe—, haberá repoboación desas aldeas.

Mentres tanto, a algunhas delas —aínda que non a todas porque imos pouco a pouco; evidentemente non podemos entrar nas 30.000— ímoslles garantindo a conectividade dixital, a autosuficiencia enerxética —non sei se saben que en breve imos anunciar centrais de biomasa en dúas aldeas modelo de Galicia, que é un tema que ten importancia—. E eses cartos veñen directamente de Europa, e non van para outras rexións europeas porque aquí estamos vendendo esas novidades. Entón —digo—, sexa 1 ou sexa 21, como están postas en marcha, a idea é recuperar o papel fulcral que sempre tivo aldea no noso territorio, aproveitando, ademais, que hoxe, cos medios de comunicación que temos, hai moitas aldeas que deixaron de estar afastadas, e é moi fácil desprazarse. Eu simplemente poño aquí en valor, volvendo á súa comarca, señor Lorenzo, que hai algunha aldea no contorno da estación do AVE, na Gudiña, na cal probablemente lles leve menos tempo aos seus habitantes ir ao centro de Madrid que a moita xente que vive no contorno de Madrid; por certo, levaralles moito menos tempo cando o Goberno central se digne traernos os trens Avril —eses que estamos demandando e que sempre van vir, pero que non acaban de chegar—.

Eu, xa digo, quedo coa conclusión, señor presidente, de que case fixen aquí unha dobre comparecencia, porque fixen unha comparecencia sobre os incendios e tamén unha comparecencia, que teño pedida, sobre a Lei de recuperación. Nada me gustaría máis que volver falar aquí da Lei de recuperación, se vostedes o teñen a ben, porque, efectivamente, podemos sacar varias cuestións. Ademais, canto máis alá vaia a comparecencia, máis poderemos ver as figuras que están empezando a funcionar e sobre as cales —créame— non teño outra obsesión que funcionen canto antes, porque significará que estamos acertando.

Si que me gustaría finalizar esta comparecencia dando os datos con que comecei, que son os que teñen que ver co balance, e facendo, como non pode ser doutro xeito, un recoñecemento ao traballo das persoas, que están hoxe representando o Servizo, para acadar estes resultados. E digo que son datos obxectivos —eu aquí non me estou gabando do traballo da Consellería—; son datos obxectivos nos cales que se ve a efectividade do noso servizo. Quero dicir simplemente que Galicia reduciu a media dos últimos dez anos en relación co número incendios en máis dun 40 por cento, isto é, houbo 149 incendios fronte á media de 366. O dato é realmente transcendente, por tanto, hai que agradecerlles a estes homes e mulleres

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o traballo. O 84 por cento dos lumes rexistrados neste 2023 foi inferior a unha hectárea; este dato colócanos á altura de calquera servizo de prevención e de extinción europeo. E, ademais, este ano reducimos a un terzo a media de superficie queimada respecto —como digo— da media dos dez últimos anos.

Evidentemente, mentres unha soa hectárea arda en Galicia nós non quedaremos conformes, pero agardo que, señorías, efectivamente —dentro do traballo que estamos facendo de gabinete para sacar canto antes o Anteproxecto e o Proxecto de lei da loita integral contra os incendios forestais—, no debate parlamentario desa lei, si que sexamos capaces os grupos parlamentarios de poñernos de acordo no que xa está pasando no territorio, isto é, chegar a un grande acordo que inclúa todas as administracións para acabar dunha vez ou, cando menos, atenuar os efectos desta lacra que temos en Galicia e que son os incendios forestais.

Máis nada e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Imos saudar os alumnos da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela que estiveron no debate moi atentos, por certo, ao que aquí se debatía. Eles sacarán as súas propias conclusións despois. E tamén imos saudar os invitados que temos na tribuna.

Pasamos ao punto tres da orde do día, que son as mocións. Neste caso é unha moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre o estado da produtividade das rías galegas

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, á cal se presentou unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto no texto da parte resolutiva, que quedará redactado como segue:

«3 bis-Poñer en marcha un protocolo de baleirado de encoros que teña en conta a necesidade de combinar o funcionamento destes coa protección dos bancos marisqueiros da brusca entrada de auga doce, establecendo criterios e indicadores que permitan compaxinar a actividade das empresas hidroeléctricas sen prexudicar á produtividade marisqueira das rías.»)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, no debate da interpelación, que deu lugar a esta moción de hoxe, o conselleiro aseguraba que a Xunta ten un compromiso innegábel coa sustentabilidade ambiental. E tamén dicía estar comprometido co obxectivo tanto de favorecer a situación dos recursos como de mellorar os ingresos dos profesionais do mar.

Mais o certo é que o sector leva anos reclamando actuacións que non se ven por ningún lado e os orzamentos da Consellería do Mar son cada vez máis raquíticos para atender as necesidades que ten o mar e as que ten o sector, cun escasísimo aumento do 1,2 por cento do ano pasado para este e cunha execución orzamentaria que é das máis baixas do conxunto das consellerías. No ano 2022 deixáronse sen executar case corenta e sete millóns de euros dun total de 194 millóns —é dicir, case unha cuarta parte do total— e houbo unha redución en partidas e programas principais que permitirían realizar intervencións nos bancos marisqueiros, como, por exemplo, no Programa 723A, no cal pasamos de 72,5 millóns de euros, neste 2023, a 45,9 millóns, no ano 2024.

Nós quixemos facerlle ver ao conselleiro na nosa interpelación do último pleno que o estado actual das rías e a súa perda de produtividade continuada vai moito máis alá dos episodios de mortaldade masiva destes últimos meses. E démoslle por enésima vez datos; datos que proceden das propias fontes da Consellería ou doutros organismos, como o Instituto Galego de Estatística. E démoslle tamén un gran número de novas recollidas nos medios de comunicación que veñen apuntando dende hai anos a unha situación cada vez peor; novas que non se limitaban a trasladar a situación da ameixa ou do berberecho, senón tamén do mexillón, do percebe, do polbo e doutras moitas especies que son fundamentais para o noso sector pesqueiro e marisqueiro. E trasladamos aquí algunha das vellas demandas, das vellas peticións, dun sector que está ao límite: unha investigación sobre o que pasa para poder ir á orixe do problema; unha regulación sobre o baleirado dos encoros que mellore as actuacións de baleirado e de limpeza, e que tentaría evitar os episodios que se repiten cada ano e que só traen consecuencias nefastas para o sector marisqueiro; unha intensificación das actuacións para o saneamento das rías, isto é, que se actúe para eliminar as verteduras, xa que houbo máis de 230 puntos de verteduras nas rías galegas no ano 2022.

Estas son algunhas das reivindicacións do sector dende hai anos e que seguen, no día de hoxe, sen ser atendidas. É incomprensíbel que se fale do cambio climático e dos efectos que produce e non se tomen medidas precisamente para tratar de evitar eses efectos; é inxustificábel que se queira encadrar todo baixo os efectos do cambio climático ou de factores climatolóxicos puntuais, cando a perda de miles e miles de quilos nas diferentes especies é, nestes momentos, xa moito máis do que unha alarma; e é totalmente unha burla que ano tras ano, despois de varios anos con moitos problemas, a xente se vexa obrigada a deixar a súa actividade, isto é, a única actividade que teñen porque o Goberno galego non cobre, nin sequera excepcionalmente, esas persoas que quedan fóra dos requisitos estabelecidos. É curioso, o Partido Popular sempre fala de situacións excepcionais e de situacións extraordina-

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rias, mais, pola contra, nunca ten sequera remedios ou medidas excepcionais e extraordinarias.

A moción que hoxe propoñemos vai de novo nesa liña, isto é, na liña das demandas e peticións do propio sector. Igual ca eles, nós entendemos que é preciso analizar as causas da perda de produtividade nas rías, e que, a partir das conclusións da análise, se poñan en marcha medidas que, ademais dos fondos propios, recaden a colaboración económica da Unión Europea e do Estado para o seu financiamento. É preciso que se poña en marcha un plan que nos axude a saír desta parálise, con actuacións que poden ir dende as máis inmediatas cara ás máis no longo prazo, como, por exemplo, dende un protocolo de desaugamento dos encoros, que pode ser efectivo en pouco tempo —se hai vontade da Xunta—, ata o saneamento das rías, para o cal —entendemos— os recursos que se necesitan son moito máis importantes, e, polo tanto, o tempo tamén será maior. É imprescindíbel que se comece a atallar a sangría da perda de produtividade; que se actúe para a recuperación dos bancos marisqueiros en que se comprobase precisamente un descenso da produtividade. O obxectivo ten que ser manter as capturas, manter o emprego e proporcionar uns ingresos dignos para manter a actividade. Cremos tamén, e así o propuxemos noutras ocasións, que o outro obxectivo dese plan debe ser o apoio firme aos criadeiros de semente propia, ben sexan públicos, ben sexan mixtos, pero que permitan ir eliminando a dependencia exterior nos cultivos e garantir a oferta necesaria de semente autóctona.

Falamos tamén nesta moción que hoxe lles propoñemos —como parte dese plan a levar a cabo— da creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e que, polo tanto, garanta tamén uns ingresos dignos aos mariscadores e mariscadoras.

E falamos tamén do control na introdución de especies mariñas foráneas e depredadoras. Hai cada vez máis nas nosas rías e non existen plans de eliminación das que xa se coñecen, que fan un dano incalculable á biodiversidade propia e, dende logo, ao sector do mar no seu conxunto. E nesta liña tamén debe levarse a cabo un estrito control sanitario do marisco importado, precisamente para que non afecte ou non dane o marisco autóctono. Non é a primeira vez que a introdución do marisco de fóra nas nosas augas trae enfermidades aparelladas e que resultan verdadeiramente nocivas.

Nun segundo punto, e debido ao que está a pasar neste momento despois das intensas choivas de outubro e novembro, insistimos na nosa moción en que non se pode deixar ninguén atrás. É preciso activar os mecanismos que sexan necesarios para atender economicamente os mariscadores e mariscadoras que se viron afectados pola mortaldade masiva en distintas rías, para impedir ou que abandonen a actividade ou que queden sen cobertura social. E tampouco nos podemos esquecer das propias entidades, das confrarías. Se non hai vendas, as confrarías non viven, non teñen ingresos. Polo tanto, é importante telas en conta precisamente nos momentos en que máis afectadas están pola falta de ingresos. As confrarías tamén teñen traballadores e traballadoras propias, que se manteñen en gran parte polos ingresos da venda das distintas especies, uns ingresos que agora non teñen ou téñenos moi, moi mermados.

Esta, señorías, é a nosa proposta. É unha proposta para aportar, para contribuír a mellorar a situación que temos na actualidade. Unha situación que xa deixou moita xente polo camiño e

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que necesita de apoio e de medidas que lles fagan saber que hai unha administración consciente do que significan económica e socialmente as nosas rías. Nós cremos que estamos nun punto de inflexión, que non se pode seguir mirando para outro lado e que non se pode seguir dicindo que se está comprometido cando non é así. Non só hai que dicilo, tamén hai que demostralo.

O sector, señorías, sabe que a situación actual non se vai solucionar de inmediato; sabe que se necesita tempo e, sobre todo, sabe que se necesitan recursos para revertela. Iso é o que demandan e iso é tamén o que nós hoxe propoñemos con esta moción, que busca claramente que se deixen as escusas a un lado, que se deixen de manipular ou de agochar os datos e que se poña o foco definitivamente nun problema que xa está a ser insostíbel; antes, señorías, de que sexa demasiado tarde.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Intervención dos restantes grupos parlamentarios. En primeiro lugar, ten a palabra don Julio Torrado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Independentemente do que ocorra durante o debate —sempre que sexa un debate minimamente razoable, pero non terá outro sentido— nós imos votar a favor da iniciativa; independentemente do que se faga coa nosa emenda, que cremos que contribúe a aumentar un pouco sobre o que é a parte propositiva nunha cuestión como os encoros —agora pasarei a explicala—, da que temos falado numerosas veces.

A situación do marisqueo en Galicia é crítica dende hai moito tempo. Non é unha cuestión deste ano, non é cuestión do ano pasado, senón que levamos practicamente unha década de anos perdendo capacidade produtiva. Non ten que ver só —evidentemente, algo si— coas chuvias torrenciais que ocorren nalgúns momentos do ano, pero non vale utilizar as choivas como escusa. Dá a sensación de que ás veces ao Goberno gústalle moito que chova moito e que se perda o marisco para poder utilizalo como escusa e poder dicir que foi unha causa medioambiental. Non é así. Calquera revisión dos propios datos oficiais, das lonxas, da recollida —sexa en quilos, sexa en produción económica— dinos que hoxe temos un problema de produción con respecto a hai unha década. Por dar un dato que repito habitualmente, cando este Goberno actual entrou gobernar no ano 2009 había en Galicia en torno a seis mil quiñentos permisos de explotación marisqueira. Seis mil quiñentos, máis ou menos. Hoxe, baixando, estamos xa en case tres mil quiñentos, algo por riba dos tres mil quiñentos. E o ano que vén vai ser peor que este ano e dentro de dous previsiblemente peor aínda, porque todos os anos caemos en permisos de produción marisqueira. ¡Todos os anos dos últimos catorce, dende o ano 2009!

Temos un problema de extracción e este Goberno ata o de agora basicamente negouno. Pensou que pasaría, que era unha cousa dun ano malo ou de dous anos malos e de repente o que

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

era a excepción, que era un ano malo entre varios bos, acabou sendo á inversa: había excepción de algún ano bo entre moitos malos. Non podemos seguir así. Sen embargo, quen ten que tomar decisións e intervir, pois non o fai.

Pasou o Goberno ademais a unha segunda fase que, ademais de non atender á realidade, é intentar xustificarse. Ao principio nós escoitamos —ou eu escoitei— ante preguntas sobre esta cuestión neste Parlamento que, bueno, que a xente sempre se queixa ao principio das campañas, pero que logo todo se compensa; que ao final despois sempre aparece. Como se a culpa fose basicamente da xente que quere sacalo todo o primeiro día: «se o que queren é máis, pero ao final non hai ningún problema». Isto chegouse a contar aquí neste Parlamento, e hoxe vemos que non é este ano, nin o pasado, nin o anterior; que as crises do principio da campaña de marisqueo o que amosan é que ao final das campañas temos menor produción. Onde antes eramos un referente mundial, tanto en calidade como en cantidade, agora sómolo en calidade, pero non tanto en cantidade. Isto provoca, como dicía a señora Pérez tamén, que entre moitas veces produto de fóra, o cal, ademais de diminuír e prexudicar a calidade do mercado propio que temos, tamén provoca algúns problemas biolóxicos que poden afectar o resto do produto.

Por tanto, non vale xa seguir dicindo que «estamos estudando a situación, malo será que non se recupere». Non vale, isto xa acabou. A realidade é demoledora e as chuvias non valen como escusa. Está ben, é unha explicación sensata para algunha cousa, pero non valen como escusa. Necesitamos mellorar a situación, porque non todos os problemas se poden resolver e nin sequera todos os problemas son culpa deste Goberno. Non é así, claro que non o é. O Goberno non pode controlar a meteoroloxía todos os días, iso é evidente, pero si pode facer moitas cousas que non fai dende hai moitos anos. Por exemplo, mellorar a depuración e o saneamento, que están instaurados en terra, para que non cheguen ás rías. Porque temos unhas rías que ano tras ano están tendo peores datos en contaminación, como así nolo indican as sancións europeas que se nos veñen poñendo dende hai moito tempo, que advirten de que non estamos mellorando. E esa responsabilidade autonómica non está sendo mellorada.

Podemos intervir nas rías coas dragaxes. Dragaxes que contribuirían a quitar moitísimos zonas moi saturadas de area nas rías, que provocan cambios de correntes, o cal leva por diante moitísimas colleitas, que provocan a dificultade para mariscar, que provocan moitos problemas, porque hai moitos anos que ninguén intervén. É caro, é complexo, pero hai que facelo. Porque iso permitiría a fixación das sementes moito mellor, como di todo o mundo que coñece e que sabe. E isto evitaría, ademais, que as grandes chuvias —que provocarían problemas, evidentemente— non fosen tan daniñas. Serían daniñas, iso non o podemos evitar tan facilmente, pero serían menos daniñas. Polo tanto, iso podémolo facer.

Podémolo facer controlando as pragas de depredadores que existen. Hai moito animal que vai onde está o produto marisqueiro e tamén o invade e tamén o come. Iso impide que poidamos sacalo, en boa medida. Estas pragas, que se coñecen dende hai moito tempo, non hai ninguén que tome unha decisión política e que poña os medios técnicos, que existen e que son coñecidos, para frealas. Porque a ninguén lle preocupa, debe ser.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E tamén é certo, e aí vai a nosa emenda, que hai nos últimos tempos un grave problema co protocolo de baleirado de encoros. Porque os encoros cando se enchen de auga doce —precisamente cando hai chuvias e xa as rías están moi cheas de auga doce— provocan menos salinidade e, por tanto, problemas para o propio marisco. Os encoros aínda por riba baleiran cantidades industriais de auga de maneira brusca, o cal provoca a entrada de moita auga doce, pero provoca ademais unha forza de entrada das augas enorme. E necesitamos que eses encoros se baleiren de a pouco, programadamente; especialmente cando as mareas son máis altas, para que o efecto da entrada da auga sexa menor porque hai moita máis auga do mar. En realidade, que teñan en conta a contorna onde viven. Mentres ninguén os obrigue non o van facer. ¿Que prefire esta Xunta entre coidar os espazos marisqueiros e protexer as empresas que son concesionarias dos encoros? Que as empresas fagan o que lles pete e a situación marisqueira xa que se amañe. Isto é o que está pasando e tamén podemos resolver iso.

Hai posibilidades: limpar, ter actuacións, fomentar a asistencia de cría de boas calidades... Moitísimas cuestións que podemos facer. Para iso poderiamos ter unha parada real da produción e hai que estudar realmente se estamos no momento —e é posible que esteamos, como demanda moito o sector— dunha parada real a longo tempo. Non para quedar mirando; para facer esas dragaxes, para limpar, para recoller, para mellorar a situación das rías, para que poidamos seguir traballando en fixar unha semente mellor, para que poidamos establecer novos protocolos, para que poidamos rexenerar as rías. E ter unha parada durante un tempo que evidentemente poida axudar a rexenerar o espazo do que somos beneficiarios absolutos, que é ter unhas rías das máis produtivas do mundo, se non as que máis. Pero necesitamos facer esa parada; probablemente sexa o mecanismo que temos por diante.

Agora ben —e aquí entran decisións que son moi interesantes— o Goberno nunca quixo saber disto. ¡Nunca! ¡Ata agora! E nestas últimas semanas o Goberno galego empeza a falar da posibilidade de parar a produción. Agora. Voulles facer unha pregunta. ¿Saben a quen lle están botando a culpa de que non se pare? A Pedro Sánchez. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E calquera podería dicir «¡non pode ser!» ¡Pode ser! É unha Xunta moi capaz de botarlle a culpa a Pedro Sánchez de que non se paren as rías galegas. Porque esta é unha Xunta que demanda competencias do litoral pola mañá, pero bótalle a culpa a Pedro Sánchez pola tarde. Bueno, pola mañá tamén llas bota.

Este é o problema que temos, que vostedes están pensando en como utilizar isto agora coa campaña electoral para botarlle as culpas ao Partido Socialista. E isto é dunha insensatez e dunha sinvergonzonería enorme. Aquí hai unha responsabilidade que podemos afrontar entre todos, pero vostedes están utilizando isto xa dunha maneira torticeira. E está o conselleiro empezando a reunirse coas confrarías e dicir que o que hai que pedir son cousas —como que alguén citou practicamente dende o Goberno o outro día— como declarar zonas catastróficas —que calquera que sabe disto sabe que é unha auténtica aberración— as rías galegas, o cal, en fin... Quedou calvo o que o pensou. Porque a verdade é que en realidade non hai ninguén neste Goberno pensando en resolver as cuestións; non hai ninguén pensando. Iso si, agora, en utilizalo... Agora, de repente, enteráronse catorce anos despois de que hai un problema nas rías. ¡Agora si! Pero todo para que a culpa sexa de Pedro Sánchez e pedirlle que decrete paros, que os subvencione, que financie as dragaxes das rías e que pague a rexeneración das rías. ¡Iso si, para pedilo si!

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque resulta que escoitamos debates sobre o litoral hoxe moi interesantes, pero para pedir actuacións sobre o noso litoral, pídenllas a Madrid. Os que defenden que o literal é noso, queren pedirlle a Madrid. Claro, isto está moi ben. Porque para pedir e botar culpas, para fóra sempre. O cal demostra que este é un goberno que non se cree nin o que defende polas mañás. Chega despois a hora de pedir e botar a culpa fóra. Por tanto, nós o que defendemos é o que levamos defendendo dende hai moito tempo, que evidentemente hai actuacións que levar a cabo que non son responsabilidade que van mellorar toda a situación por completo. Non son a solución máxica, pero si hai necesidades que podemos mellorar.

O BNG trae hoxe aquí unha cuestión sobre a rexeneración das rías que nós apoiamos, pero o que non imos defender son actuacións como está defendendo este Goberno e o Partido Popular, que está empezando a lanzar en todas as xuntanzas coa xente do mar que o que hai que facer é unha fronte común para pedirlle ao Estado que financie o paro do marisqueo en Galicia. E isto sería, ademais dunha indecencia, mentirlle á xente, e nós non estamos por iso. Porque a verdade é que nós levamos moitos anos defendendo o que é necesario facer e o Goberno o único que facía era negalo.

Por tanto, vostedes deben actuar e intervir. Nós estamos defendendo iso dende hai moito tempo. En vez desa parálise permanente pola análise, estar todo o rato estudando o que hai que facer. Levan catorce anos estudando cal é o problema, a ver se son capaces de sacar algunha conclusión e intervir. Nós si que creemos que hai que estudar unha posibilidade real de parar a produción para facer o que debemos facer; de rexenerar as rías ou, polo menos, se somos quen de ser capaces de ir facendo e combinando actuacións con manter a actividade para que sexamos capaces de que dentro dun tempo poidamos producir moito máis do que producimos, que é basicamente volver aos índices que xa tiñamos. Como vostedes levan catorce anos a non facelo, hai dúas opcións: ou que vostedes cambien de política ou a máis eficiente, que vai ser cambiar de goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, señor Torrado, non tiña pensado falar do Goberno central nin de Sánchez, *(Murmurios.)* pero xa que vostede o nomeou aquí ocorréuseme unha pregunta —que aínda non temos resposta—: ¿por que o Goberno de España recorreu o Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023? ¿Por que o fixo? ¿Por que o Goberno de España recorreu ese plan despois de tantos anos de funcionamento de plans de explotación marisqueira? ¿Por que razón e que consecuencias ten? Iso si que é un ataque directo do Goberno de España. Recorreuno o Goberno de España. Ninguén fixo nada máis, unha petición unánime para que o Goberno retire ese recurso. O PSOE abstívose. Señor Torrado, fágolle esa pregunta, da que aínda non obtivemos resposta.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu quero facer unha intervención da importancia e da seriedade que merece o que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego, porque a verdade é que son bastantes puntos. Eu intentarei argumentar, dentro da posibilidade do tempo que teño, as nosas posturas en cada un dos puntos e apartados que plantexan na moción, que é froito da interpelación do conselleiro que, ao noso entender, xa aclarou ben a situación e os pasos que se van seguir dende o Goberno galego.

Quería aclarar, antes de nada, que non se enmarca todo nunha soa causa. Non se enmarca todo soamente polas choivas, por un tema medioambiental. Non. Ademais, vostedes entran en contradicións, porque logo recoñecen que hai factores medioambientais que afectan moito, como son as pragas de especies invasoras que ás veces afectan moito e que non se agardan.

E logo, señor Torrado, para vostedes —e para o Bloque Nacionalista Galego tamén— en toda a década non se fixo nada en ningún sector. É dicir, os dous primeiros minutos das súas intervencións van sobre que esta década foi tremenda e moi mala para todos os sectores. Polo tanto, aí eu creo que tamén perden credibilidade, porque realmente cando hai que afrontar algún tema concreto vostedes sempre se lanzan a dicir que esta Xunta de Galicia durante catorce anos non fixo nada e todo vai mal. Polo tanto, eu creo que non teñen aí ningunha credibilidade.

Ben, indo ao tema sobre a análise da situación e o plan. Saben ben vostedes que entre o ano 2014 e o ano 2019 a produción das rías galegas aumentou o setenta por cento, froito en gran parte dun plan e dunha xestión da política pesqueira da Xunta de Galicia. Logo, a pandemia da covid-19 provocou que o cese de toda a actividade económica na primavera de 2020 reducise a demanda de mariscos por parte de sectores como a hostalaría e iso afectou directamente a actividade extractiva dos profesionais do marisqueo. Isto si que é un verdadeiro punto de inflexión, a covid; un verdadeiro punto de inflexión en moitos sectores e neste principalmente. Entón a produción sufriu un descenso do 36 por cento en 2019 e 2020, pero xa en 2022 a produción aumentou un 6 por cento máis que no 2021. Unha tendencia que se observou principalmente nas rías de Arousa e de Muros e Noia, que son as de maior produción marisqueira e que representan respectivamente o 34,5 e o 33,7 por cento do total de Galicia.

Ben, malia que a principal causa foi a pandemia —a caída da produción entre o 2019 e o 2022—, a ralentización da actividade económica tamén se debe a outros factores alleos que veñen afectando o sector marisqueiro nos últimos anos, pero o Goberno galego tenos totalmente encauzados, está preocupado e tenos enriba da mesa. Non é certo que non haxa interese por parte do Goberno galego. Sobre iso, nego absolutamente a maior. Polo tanto —como digo—, outras causas como, por exemplo: as patoloxías como a marteiliose que afectou o berberecho, como saben vostedes entre o 2012 e o 2014 e provocou unha forte, ademais, redución da produción nas Rías Baixas; a presenza de depredadores; a baixa salinidade da auga como consecuencia de episodios de precipitacións fortes e abondosas; os fallos nas sementeiras coa desaparición de individuos de máis de trinta milímetros; ou os peches por biotoxinas, aos que xa fixen referencia. E, polo tanto, estes factores externos tamén inflúen e a Xunta ten toda a vontade de traballar e facer plans da man do sector para poder afrontalos.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así mesmo, as altas precipitacións —como dixen— que tiveron lugar no inverno do 2022 provocaron taxas de mortalidade do 85 por cento para o berberecho e do 25 por cento para a ameixa xaponesa, coincidindo con episodios de salinidade baixa que motivaron o adianto do peche da campaña. Estamos agora, ademais, nunha situación facendo unha diagnose moi resumida que nos sitúa nun momento concreto e nun momento importante, porque estamos ás portas da campaña do Nadal. Eu entendo que tamén aproveitar politicamente para botarlle toda a culpa de todo a Xunta é moi apetitoso, pero é certo que isto hai que afrontalo con seriedade e non facer, como fan vostedes sempre habitualmente, política coa pesca.

No apartado sobre o control estrito de verteduras aos ríos e ao medio mariño, a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, desempeña principalmente dúas atribucións directas importantes para alcanzar o obxectivo do saneamento integral das rías, señora Pérez: apoiar os concellos nas súas competencias de saneamento e depuración e as relativas ao seguimento da calidade da auga. Polo tanto, Augas de Galicia conta co Plan de control de verteduras como unha potente ferramenta para acadar os obxectivos fixados na Lei 9/2010, de augas de Galicia. E non esquezamos que intenta realizar labores de control, pero é certo que quen ten que solventar as verteduras detectadas é o concello correspondente ou o responsable, porque está dentro da súa competencia. Pero está totalmente controlado e a atención por parte da Xunta tamén está posta.

En canto ao apartado sobre o saneamento das rías e mellora da clasificación sanitaria, do que fala tamén vostede, na costa galega dende abril de 2009 ata novembro de 2023 houbo unha melloría en 38 zonas de produción de moluscos bivalvos. Neste mesmo período houbo un empeoramento en 8 zonas de produción de moluscos bivalvos. Pero en conxunto logrouse unha melloría na clasificación das zonas de produción de moluscos. Así, desde abril de 2009 —nesa década da que vostedes falan, década que son 14 anos, ata outubro do 23— houbo un incremento da porcentaxe de zonas de mellor clasificación. En zonas A, pasamos dun 3,1 por cento a un 13,5 por cento; é dicir, recuperáronse zonas para poder traballar. E houbo un descenso da porcentaxe de zonas de peor clasificación, zonas C, dun 15,3 que había en dous mil nove —que era unha barbaridade— a un 6,9 por cento. Resultados dun traballo que vostedes nunca recoñecen e nunca van recoñecer. Nesta liña seguiremos traballando para recuperar aínda máis zonas e que as zonas C deixen de existir, se é que é posible. Porque tamén saben vostedes que hai algunhas zonas que son moi complicadas.

Apartado sobre a elaboración dun protocolo de desaugamento. Xa falamos na Comisión, e teremos a oportunidade polo que vin na orde do día de falar máis adiante tamén disto. Pero, como saben, existen comisións de desaugamento encargadas de formularlle propostas á dirección sobre o réxime adecuado de enchedura e baleirado dos encoros e acuíferos da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, atendendo aos dereitos dos distintos usuarios e atendendo tamén a facer o menor dano posible ás zonas de marisqueo. Polo tanto, creo que son persoas respectables e técnicos que traballan neste tema e que intentan facelo da maneira mellor posible. Cada unha desas comisións de desaugamento celebra como mínimo dúas sesións ao ano —unha en outono e outra en primavera— e, deste xeito, as comisións planifican as políticas de explotación dos encoros segundo os períodos climatolóxicos. Como saben, con períodos climatolóxicos como o que temos agora non é tan sinxelo como o señor Torrado expresa aquí, que parece que baleirar ou non baleirar se fai a golpe de pensamento dunha mañá e non é así. As cantidades de auga, ademais, son bastante voluminosas.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Apartado sobre o incremento das capturas. As medidas que se levan a cabo son coñecidas; xa falou delas o conselleiro. Vostedes néganas, pero existen e dirémolas todas as veces que sexa posible. Ao contrario das propostas que vostedes presentan, que, ao noso entender, son obxectivos teóricos, pouco definidos. E levan anos vostedes, ademais, na teima, cando desde o Goberno se tomaron medidas hai tempo. E —insisto— no 2019 xa se estaban desenvolvendo actividades cun ritmo de avance nas capturas e no desenvolvemento do sector marisqueiro. Como digo, houbo un punto de inflexión. Pero podemos poñer como exemplos hoxe a aplicación do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, nas zonas que os técnicos así o sinalen mediante a corrección de substrato, arados e aporte de áridos para obter un mellor medio para o desenvolvemento dos moluscos; sementeiras de especies autóctonas e control dos depredadores, que en moitos casos limitan estas medidas. Isto é un decreto aprobado no 2019. Non pode dicir que se lles dá as costas, porque está aprobado e ademais iniciado xa no 2019 e posto en marcha para que dea resultados positivos.

A Consellería do Mar leva anos poñendo á disposición das confrarías de pescadores ordes de axudas, cofinanciadas con fondos europeos, para que se poidan financiar ao cen por cento estas accións de rexeneración —moi resumidas, como digo, nesta intervención—. Pero mediante esta orde executouse dende o ano 2017 un orzamento de 4.443.814 euros mediante o que foron rexenerados 5.136.870 metros cadrados de superficie. E, polo tanto, creo que son cifras que convén, polo menos, recoñecer e recoñecer que se está traballando e que se avanzou neste momento.

No apartado sobre a promoción de *hatcheries* e semente propia. Temos o Cima —o Centro de Investigacións Mariñas da Xunta de Galicia—, que realiza investigación orientada e aplicada coa finalidade de lograr unha xestión racional e eficaz. Está estruturada en catro áreas, que son: os procesos oceanográficos costeiros, os recursos mariños, a patoloxía e a acuicultura. E aquí ten como obxectivo o de desenvolver e mellorar os procedementos de cultivo das especies mariñas consideradas de interese comercial. Polo tanto, xa están traballando nese tema persoas, ademais, que coñecen o ámbito, o terreo e o ámbito de investigación nesa área. Ademais, agrúpase en cultivo de moluscos e en cultivo de peixe. As súas recomendacións son a orientación do Goberno galego, cen por cento fiables. E se nun momento se toma unha decisión e —como saben ben— non funciona nun determinado lugar, pois faise noutro lugar e aténdese ás recomendacións do Cima. Quero aproveitar para felicitar a todos os traballadores do centro.

Sobre o apartado do seguro público, señora Pérez, é un labor que require análise en profundidade. Xa estivo enriba da mesa, como vostede sabe. Hai que estudar os distintos aspectos normativos de financiamento e das posibilidades nas liñas de Agroseguro, que é a Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados. Déronse pasos e xa existen varias posibilidades que poidan encaixar na lexislación vixente. A Administración pode promover a existencia deste seguros, pero non lle corresponde subscribir os seguros colectivos. E nós cremos que, de cara ao 2024, a Administración podería estimular a contratación ou dar apoio dentro dos convenios que se subscriben anualmente con varias das entidades do sector. Polo tanto, tamén se dan pasos neste ámbito.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Apartados sobre o control e introdución de especies foráneas. Existen medidas como o control veterinario, autorizacións marisqueiras que están obrigadas a solicitar permiso de inmersión. A eliminación de especies foráneas depredadoras; como exemplo, na zona do Grove. Alí poden explicarlles ben como traballou a Xunta tamén para evitar unha especie depredadora. A rede observadora Redogal, para que tamén colaboren as persoas que están sobre o terreo, que se ten chamado ciencia ou observatorio «máis cidadán».

E sobre o tema do estrito control sanitario do marisco importado, todo o marisco comercializado en Galicia cumpre unha normativa. O Intecmar é o encargado de facer o control de calidade do medio mariño e o resto dos países, os quince países da Unión Europea con produción de moluscos tamén están obrigados a cumprir a mesma normativa. Cando o marisco procede de países extracomunitarios o control sanitario é responsabilidade do Ministerio de Sanidade. Pero non teña ningunha dúbida de que na comunidade autónoma se fan todos os estritos controis.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa vou rematando, para dicir que en canto aos últimos dous puntos a Consellería do Mar vén de aprobar a Orde do 12 de abril de 2023, pola que se regulan as bases da convocatoria para o ano 2023 das axudas en réxime de concorrencia competitiva por paralización temporal da actividade marisqueira, pola veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, cofinanciada ao cincuenta por cento polo FEMPA. A orde ten por finalidade compensar os efectos da medida de conservación da veda temporal dos bancos marisqueiros de Arousa, Lombos do Ulla, O Boído e O Cabío, cun importe de 4 millóns de euros.

Polo tanto —insisto—, estes son dez minutos de explicación dunha xestión absolutamente aplicada ao contexto no que nos atopamos. Polo tanto, creo que contestei e argumentei todo o que a Xunta está a facer. Vostedes non poden vir aquí dicir que está abandonado o sector, porque non é certo. Quero dicir que sacan as cousas de contexto por interese partidista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...que pode ser interesante, pero que —como digo— esquécense dela. Cando teñen que firmar pactos co Goberno de España esquécense da pesca e cando teñen que facer as emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...tamén extraen bastantes cartos da Consellería do Mar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Pola miña banda, nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Egerique, di vostede que vimos aquí facer política. E vostedes ¿que son? ¿Unha ONG? ¿A que veñen? *(Aplausos.)*

Mire, vostede foi citando unha serie de cuestións que xa citou noutras ocasións. E é verdade que eu aí tiven un erro. Porque, claro, por un lado está a climatoloxía; por un lado están as intensas choivas en momentos puntuais. E esquecinme de que hai outro factor que provocou nos últimos anos todo isto no que estamos agora e veu dar a onde estamos agora, e era a covid. Esquecinme, señora Egerique. O que non se sabe aquí é o que fixo ou o que non fixo a Consellería durante todos estes anos para solucionar, precisamente, estes problemas.

Mire, falou vostede —e é o de sempre— con respecto aos puntos 2 e 3 da moción, que se refiren precisamente a que, dada a situación actual que temos —que xa non é a primeira vez, nin é a segunda, nin a terceira—, falamos aquí na moción de activar mecanismos orzamentarios para poder atender economicamente o sector; ou, no punto 3, atender a situación económica das confrarías. E a señora Egerique responde, coma sempre, con que xa convocaron unha orde de axudas. Xa llo dixen antes, vostedes veñen de convocar unha orde de axudas absolutamente ordinarias; as que convocan todos os anos, chova ou non chova, faga sol ou non o faga. É dicir, son as axudas que convocan sempre. E agora, señora Egerique, non estamos no mesmo momento de sempre, estamos nun momento —xa llo dixen antes— extraordinario e, polo tanto, hai que tomar medidas extraordinarias. Pero, ademais, é que insiste vostede en que xa están traballando todos estes temas.

É moi curioso, por exemplo, cando a señora Egerique quere eludir o tema do seguro. Nós propoñemos aquí un seguro público de produción marisqueira que asegure, cando menos, unha produción mínima para o sector. Pois é moi curioso que veña vostede dicirme que hai que estudalo. Lémbrolle que a exconselleira do mar, a célebre exconselleira do Mar, prometeu na súa comparecencia de orzamentos do ano 2022 —é dicir, en decembro do 2021— que para o ano seguinte habería un seguro. E aínda di a señora Egerique que hai que estudalo. A este paso, señora Egerique, é verdade que catorce anos non lles chegan para nada. ¡Porque con todo o que estudan e todo o que non fan, realmente necesitarían aínda moito máis tempo! (*Aplausos.*)

Pero é que ademais di que non é certo que non estean traballando. Claro, primeiro achaca a situación a factores todos externos —nada ten que ver coa Xunta de Galiza; absolutamente nada coa súa xestión— e di que están traballando neses temas. Mire, eu só dúas preguntiñas. Porque, claro, ao mellor as persoas que hoxe están aquí, deputados e deputadas que non asisten habitualmente á Comisión de Pesca, pois non o teñen tan presente. Pero, por exemplo, se están traballando nestes temas, ¿pódeme dicir por que a ría de Ferrol, que leva anos, décadas, nunha situación absolutamente calamitosa, non conseguiu levantar a cabeza? Ah, ¿están traballando nestes temas? ¿Canto tempo, aínda máis, necesitan?¿Ou por que a ría de Camariñas, que foi unha ría rica no seu momento, está agora absolutamente sen nada? ¿Ou por que a ría de Ortegal, señora Egerique? Claro, non ten nada que ver con vostedes. O que

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non se pode é estar gobernando catorce anos e dicir que todo o que pasa é culpa do empedrado. ¡Iso é o que non se pode dicir, señora Egerique! (*Aplausos.*)

Remato. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! E tamén había outro culpable, estábao vendo aquí: os concellos. A Xunta non, ¡pero os concellos...! As verteduras son culpa dos concellos. Señor Torrado, non era só Pedro Sánchez; tamén están os concellos. Aquí todo o mundo ten responsabilidades de algo, agás, efectivamente, a Xunta de Galiza e a Consellería do Mar.

Nós sentimos moito, de verdade, que, cando menos non traten vostedes de chegar a algún acordo sobre algún dos puntos, porque, en realidade —como lle dixen na nosa primeira intervención—, esta proposta estaba feita para contribuír. Estaba feita, precisamente, para que puidésemos chegar a algún tipo de acordo. Pero vexo que, efectivamente, vostedes seguen na mesma. Bueno xa nos queda... Aínda se vai facer longo de caramba. Ía dicir que xa nos queda pouco, pero aínda se vai facer longo.

Señor Torrado, respecto da emenda que presentan vostedes, non temos problema en aceptala. Nós falamos na propia moción de elaboración dun protocolo de desaugamento, que tampouco é culpa da Xunta. Non, hai comisións de desaugamento que se reúnen en dúas veces ao ano e ¿para que, señora Egerique? ¿Para decidir como se regula o baleirado de encoros? Non, ¿verdade que non? Non, porque a Xunta de Galicia non lles deixa discutir diso, porque as eléctricas son as que mandan neste tema. Entón, diso non se fala. (*Aplausos.*) Entón, nós falamos, señor Torrado, da elaboración dun protocolo de desaugamento e vostedes falan de poñelo en marcha. Ben, pode complementarse perfectamente e non temos ningún problema en aceptala.

En aras tamén a este espírito navideño do que facía alusión o presidente á mañá, queda claro quen é aquí o gnomo malo da película.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Continuamos coa moción do Grupo Parlamentario do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O texto da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Retirar o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia a as medidas do ámbito industrial e enerxético incorporadas no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2024.

2. Iniciar inmediatamente un diálogo político e social, coa participación dos sectores económicos, sociais e ambientais, as tres universidades, clústers de innovación, o Consello Económico e Social, os sindicatos e os grupos parlamentarios, co fin de acadar un verdadeiro pacto de país para o desenvolvemento do modelo enerxético de Galicia.

3. Traballar coordenadamente e en colaboración co Goberno do Estado para garantir un desenvolvemento ordenado da enerxía eólica e coas máximas

garantías medioambientais na nosa comunidade, para elaborar un novo plan sectorial eólico que teña en conta os seguintes aspectos:

A) Que no caso dos parques eólicos aprobados para a súa construción, as empresas adxudicatarias teñan que chegar a acordos coa veciñanza e cos concellos afectados para minimizar os impactos negativos e achegar medidas compensatorias de contido social que beneficien ao territorio onde se instalen.

B) Primarase a creación daqueles parques de enerxía eólica que creen sinerxias coa creación de emprego e valor engadido, para o que:

a) Se buscará a integración da produción de enerxía eólica coas necesidades do sector primario e do consumo enerxético do sector industrial galego.

b) Primaranse os proxectos nos que os parques vaian asociados a unha aplicación directa de enerxía eólica, os asociados a plans industriais, os que conten con acordos de PPA´s con empresas electrointensivas e as localizadas directamente no entorno de afectación dos parques eólicos,

c) Primaranse os proxectos de parques eólicos que conten coa instalación de aeroxeradores con innovacións tecnolóxicas que reduzan o seu impacto ambiental e pegada de carbono.

d) Valoraranse os proxectos empresariais asociados ás autorizacións eólicas que xeren emprego adicional.

e) Revisarase o canon eólico acordado coa FEGAMP.

f) Esixiranse avaliacións de impacto medioambientais rigorosas, que terán en conta a sinerxia de varios proxectos nunha mesma área, a existencia de

ecosistemas fráxiles ou a presenza de especiais ameazadas ou en perigo de extinción.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

g) Fixar as distancias dos aeroxeradores ás vivendas e núcleos de poboación en función das características e potenciados aeroxeradores.

h) Crear un observatorio de enerxía eólica galego que complete o observatorio para a enerxía eólica mariña.

i) Os parques eólicos que se instalen deberán crear sinerxias coa creación de emprego e valor engadido.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente, como di a miña compañeira, a señora Pérez, parece ser que nos queda pouco —esperemos que en sentido figurado— e, polo tanto, é momento tamén de facer balance das cuestións que estamos abordando no pleno de hoxe. No caso desta iniciativa que presentamos desde o BNG, abordamos a política enerxética; singularmente, a política enerxética no sector eólico, pero non só.

Se botamos a vista atrás e repasamos cal foi a política enerxética do Partido Popular nestes longos últimos catorce anos, pois desde o 2009 podemos resumir a política enerxética do Partido Popular en que tivo tres fases. Unha fase inicial na que aquel Partido Popular de onte inmerso no negacionismo da crise climática e no negacionismo das renovables se dedicou a paralizar a aposta polo sector renovable durante anos, facendo así que Galiza perdese vantaxe competitiva, emprego asociado e tamén músculo industrial. Despois houbo unha fase seguinte na que comezaron un frenesí lexislativo, basicamente para combater, en teoría, a deslocalización. Era o que se argumentaba. Un proxecto lexislativo tras outro. O resultado é que non serviu nin para ordenar, nin para planificar, nin tampouco para combater e frear a deslocalización nin a destrución de emprego.

E, en terceiro lugar, máis recentemente de forma intensa nos últimos cinco ou seis anos, están indo a un paso máis alá. Xa directamente aproveitan para acelerar, coa coartada da necesidade de transición enerxética, todos os pasos de desregularización da economía que tanto lle gusta ao Partido Popular; e, moi intensamente, nos últimos meses. Estamos vendo —denunciabámolo no anterior pleno e volvémolo facer hoxe— que no tempo de desconto, no tempo dos estertores deste Goberno galego, o que están facendo é aproveitar todo tipo de couces para introducir novos cambios de calado no sector. Acabamos de velo na Lei de acompañamento, que aínda está a tramitar esta Cámara, e vémolo tamén nese anteproxecto lesivo para o país, vestido de beneficios sociais para o noso país pero que é o contrario do que afirma ser.

En resumo: novas chapuzas lexislativas cun único fin, que é poñer unha alfombra vermella ao *lobby* enerxético e drenar recursos públicos dos galegos e das galegas para a empresa privada. Galiza, cunha posición absolutamente estratéxica, nun momento de cambios no ámbito

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

enerxético e no ámbito mundial, podería gañar, podería avanzar, podería ter neste sector un dos seus elementos de desenvolvemento económico e social. Pero, co Partido Popular, Galiza perde. Galiza perde en materia enerxética, Galiza perde oportunidades, Galiza perde músculo industrial, Galiza perde emprego... E pode perder tamén recursos naturais que son absolutamente estratéxicos e de forma absolutamente irreparable.

Porque o que pretenden vostedes, señorías do Partido Popular, non é facer unha transición nin enerxética, nin ecolóxica; é directamente un lavado de cara verde que non ten proxecto político para enfrontar a crise climática, única e exclusivamente para seguir sometendo este país aos grandes intereses económicos. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos claro que non o imos permitir e hoxe volvemos insistir nesta Cámara en traer propostas e medidas para un novo modelo enerxético galego, pensadas en xeral para o modelo enerxético que precisa este país. De forma moi concreta, para abordar as necesidades dun modelo eólico que a estas alturas é absolutamente fracasado. Cambialo por un modelo que estea ao servizo das maiorías sociais, que sexa sostible e que sirva para o desenvolvemento económico deste país. Niso é no que debería estar centrado o Partido Popular nalgún momento dos últimos catorce anos. A experiencia dinos que non foi así, por moito que, de súpeto, pareza que esta cuestión lles preocupe moito.

Eu lía con atención hai unhas semanas un artigo de opinión da señora Lorenzana que aparecía na prensa baixo o evocador e nada manipulador título de «Eólica ou deslocalización» e lamentábase de que había voces empeñadas, nun gran momento industrial para Galiza, en poñer pedras no camiño. Cito textualmente: «Insistir na falacia da "eólica si, pero non así". ¿Entón como?», preguntábase retoricamente. Algo así nos preguntaba tamén a señora Lorenzana no pasado pleno.

Polo tanto, nós imos volver darlles respostas. É certo que esta conselleira leva pouco tempo nesta responsabilidade e quizais fixo amnesia e lavado de recordo de todas as veces que, xa só nesta lexislatura, desde o Bloque Nacionalista Galego trouxemos propostas concretas de alternativas no sector enerxético ou eólico. Pero que non sexa por falta de repetición. Imos volver insistir.

Porque o certo é que de falacia, nada. O que lle molesta ao Partido Popular é que realmente hai unha alternativa; que ten unha alternativa enfronte para o modelo enerxético eólico. Unha alternativa a un modelo que destruíu nestes catorce anos 21.000 empregos industriais e que destruíu tamén empregos no sector enerxético: se no ano 2008 había 15.350 empresas deste sector, no 2022 había case catro mil menos; se no 2009 había 17.432 asalariados e asalariadas neste sector e pesaba un 1,6 por cento no total, nos datos máis recentes do ano enteiro hai case sete mil menos e pesa un 1 por cento do total. Isto mentres Galiza bate récords, ademais, de xeración enerxética e de xeración enerxética renovable.

Polo tanto, haberá que preguntarse quen deslocaliza neste país, quen destrúe emprego e industria neste país, ademais de destruír outras cuestións. ¿É a oposición ou é o modelo enerxético do Partido Popular, que non serve máis que para drenar e recursos económicos e inflar os petos das grandes eléctricas mentres este país ten cada vez menos desenvolvemento económico e social? A resposta está ben clara.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós hoxe traemos aquí unha alternativa. Unha alternativa a ese modelo que paralizou as renovables máis dunha década. Unha alternativa a un modelo que non protexe os valores medioambientais; a un modelo que se conformou con non avanzar en cuestións tan importantes como a Rede Natura; un modelo que non se actualizou; e un modelo que, ademais, sabemos que só serve para os grandes intereses.

Entendemos que estamos, ademais, no momento idóneo para facer esa planificación. Temos vantaxes competitivas fundamentais, temos recursos extraordinarios, temos coñecemento. Temos tamén un saldo neto exportador que debería traernos a reflexión de que, se hoxe a economía necesita máis xeración de enerxía eléctrica, nós temos que ter un beneficio a cambio de facela. Ademais, sabemos que estamos cumprindo xa moitos dos obxectivos europeos para os próximos anos. Polo tanto, temos que aproveitar esa vantaxe competitiva para ser ambiciosos e ambiciosas e rectificar o que non se está facendo ben.

Hoxe apelamos unha vez máis a iso, a facer unha rectificación da política enerxética do Partido Popular que corrixa a desregulación, que corrixa a desindustrialización e, para levalo a cabo, propoñemos actuar en dous sentidos. Primeiro, non seguir empeorando o marco lexislativo que xa hai. Freen esa vontade absolutamente arrolladora da Lei de acompañamento e dese anteproxecto de beneficios antes de que chegue a esta Cámara. Antes de que sexa tarde, tomar máis medidas no sector.

Propoñemos, en segundo lugar, unha batería ambiciosa de medidas. Presentamos hoxe aquí un decálogo de medidas que serven para sentar as bases dun novo modelo enerxético galego; fundamentalmente no eólico, pero non só.

A primeira desas medidas debe ser impulsar un mapa de ordenación das tecnoloxías no seu conxunto, das renovables, tendo en conta todo o *mix* enerxético, planificando cales temos que desenvolver e como e habilitando zonas de instalación e zonas de exclusión.

En segundo lugar, facer un novo plan sectorial eólico superador do vixente, por obsoleto e por carecer da tramitación ambiental que lle correspondería coa Lei 21/2013.

En terceiro lugar, precisamos gobernarnos a nós mesmos e ter capacidade de decisión sobre os recursos enerxéticos. É unha anomalía democrática que o Goberno do Estado acapare para si a decisión sobre os proxectos de máis de cincuenta megavatios. Non hai razóns científicas nin técnicas para que iso sexa así e temos que avanzar para que non o sexa.

En cuarto lugar, reformularmos o canon eólico, sen ser o noso modelo, para que realmente non deixen de decrecer os ingresos por esa vía e se grave a potencia.

En quinto lugar, apostar por unha estratexia específica para a repotenciación e ordenala.

En sexto lugar, explorar a declaración do aproveitamento do vento como unha cuestión de dominio público en réxime de concesión, para así darlle a volta ao modelo actual sine die.

En sétimo lugar, defendemos tamén vincular a explotación eólica ao impulso de plans industriais asociados.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En oitavo lugar, insistimos en que é necesaria unha empresa pública de enerxía neste país que sexa realmente pública, e non esa chiringuitada que pretende facer o Goberno galego que serve simplemente para dar recursos deste país baixo control privado.

En noveno lugar, insistimos, o almacenamento enerxético estratéxico a futuro e tamén a innovación.

E, en décimo lugar, apostamos polo polo de innovación e experimentación en enerxía que aglutine os centros tecnolóxicos que hai, o INEGA e os clústeres e coordine esforzos no ámbito enerxético.

En resumo, a señora conselleira acusa de falta de concreción. O que ten o Goberno galego é falta de ambición, porque está sometido a un mandato que non é a necesidade deste país, senón a necesidade dunha elite. Fronte a iso nós achegamos aquí propostas concretas para o seu debate. Resumindo, temos dous modelos: o modelo do Partido Popular, do lado do *lobby* enerxético; e o modelo do BNG, que é o modelo da Galiza que vén, que é o modelo dunha Galiza pensada para as maiorías sociais.

Hoxe teñen a oportunidade de comezar a rectificar e asumir algunha destas propostas e asumir o seu fracaso no modelo enerxético. En todo caso, antes que tarde estamos convencidas de que vai haber un cambio político neste país que é imparable. Faremos o que xa fixemos e poremos a enerxía ao servizo deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputados.

Pedro Sánchez é presidente do Goberno do Estado. Un presidente lexítimo que accedeu á presidencia por terceira vez o pasado 16 de novembro. Por terceira vez e lexitimamente, tal como establece a Constitución española no seu artigo 99, que no seu apartado 3 di literalmente: «Se o Congreso dos Deputados, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, outorgar a súa confianza ao dito candidato —é dicir, ao candidato proposto— o Rei nomearao presidente».

Pois ben, o Partido Popular é incapaz de asumir a súa derrota por terceira vez. O Partido Popular é incapaz de asumir que o expresidente Feijóo acudiu ás eleccións xerais coa convicción de que ía ser presidente do Goberno e non o conseguiu. É dicir, que Alberto Núñez Feijóo non é presidente do Goberno porque non acadou os acordos necesarios para poder ser investido e non porque el non quixo. Foi porque non o quixeron os demais deputados e deputadas do Congreso, que representan 12,5 millóns de votos fronte aos 11 millóns de votos do Partido Popular máis Vox.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu comprendo que vostedes aínda están nas primeiras fases do loito. Aínda non pasaron á negación e xa están na fase da ira. Pero miren, señores e señoras do Partido Popular, quédalles a negociación e a aceptación. De vostedes depende ter unha transición normal e aceptar a realidade ou seguir permanentemente nesas primeiras fases e negarse a aceptar que Pedro Sánchez é novamente o presidente lexítimo do Goberno do Estado. *(Aplausos.)* E, miren, xa lles digo unha cousa: que o san é superar todas as fases, para a vosa tranquilidade e tamén para ter unha vida con maior estabilidade.

O Partido Popular cando non goberna todo o seu patriotismo e o cumprimento da Constitución española tradúcese simplemente en confrontar, insultar e intentar boicotear toda acción do Goberno. Dá igual que sexa favorable para os intereses das persoas e das empresas do noso país; dá igual que sexa para evitar contaxios e salvar persoas; dá igual que sexa para que cheguen fondos para atender as necesidades do noso país. Vostedes por un puñado de votos, por electoralismo puro e duro, buscan desestabilizar, a liorta, a mentira e a confrontación.

Cando goberna o Partido Popular, na súa política —como aconteceu durante a época da gran recesión con Mariano Rajoy como presidente do Estado— cadrar as contas estaba por riba de atender as persoas. Deixaron as persoas e os sectores produtivos totalmente abandonados á súa sorte, sen que por parte das administracións —nin do Estado con Mariano Rajoy nin da autonómica con Feijóo— se atendese as súas necesidades; quedando moitas persoas na cuneta; con niveis de desemprego inaceptables; pechando moitas empresas; con recortes e precarización nos servizos públicos que aínda hoxe estamos padecendo en Galicia; sen unha política industrial e sen unha política enerxética na nosa comunidade.

Pois, señores e señoras, con Pedro Sánchez como presidente do Goberno do Estado o Partido Popular, vostedes, non soportan que os socialistas si sexamos capaces de gobernar pensando no benestar dos homes e das mulleres do noso país, porque temos un proxecto de país e si atendemos as necesidades da nosa poboación. Vostedes durante a pandemia todos os días nos medios de comunicación públicos puxeron en cuestión todas e cada unha das medidas anunciadas. E ¿que amosou despois a realidade? Pois que as medidas adoptadas polo Goberno do Estado de Pedro Sánchez evitaron a propagación do virus e moitos falecementos; que fomos quen de saír todos e todas xuntas sen deixar a ninguén atrás con ERTE, axudas a empresas e axudas aos fogares e aos traballadores autónomos; que España é un dos países con maior crecemento da Unión Europea, acadando xa en 2022 os niveis previos á pandemia; e que acadamos niveis máximos de emprego de toda a serie histórica.

Cando o presidente Sánchez foi a Bruxelas para negociar os fondos Next Generation, ¿cal volveu ser a postura do Partido Popular? Pois boicotear en Europa estes fondos coa única intención de que non chegasen ao noso país, só porque serían xestionados por un goberno socialista; ou ir a Europa para falar mal do noso país. Tamén o señor Feijóo, ese patriota que quería ser o presidente do Goberno do Estado pero non puido. E o señor Rueda, o presidente da Xunta de Galicia, como lacaio submiso aos intereses do señor Feijóo, tamén pediu audiencia pero non o recibiron, posto que para escoitar falar mal do Estado español a señora Von der Leyen decidiu que tiña moito traballo e non ía perder o tempo con quen pon en cuestión o que se mostrou e se seguen mostrando claramente beneficioso para o noso país e para toda Europa.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste caso tamén, ¿que amosou a realidade? Que mentres Feijóo e Rueda saíron todos os días criticar a repartición dos fondos por parte do Estado non traballaron e non executaron coa dilixencia necesaria, tentando agochar a nefasta execución dos fondos europeos que foron transferidos polo Goberno do Estado a Galicia, que superan os mil catrocentos millóns de euros. A Xunta de Galicia só foi quen de executar o 35 por cento.

O mesmo acontece cando falamos de medidas para rebaixar os efectos dos incrementos dos prezos debido á invasión en Ucraína. Mentres, o PP queda só con Vox para seguir na súa mesma liña de crítica e confrontación e seguen falando de «timo ibérico». E mentres os homes e as mulleres deste país vemos como se rebaixa a nosa factura da luz, como temos viaxes gratuítas no transporte público, temos o bono Alugueiro xove ou se crean prazas nas escolas infantís públicas e gratuítas. Unha serie importante de medidas políticas que impactan directamente na vida das persoas.

Polo tanto, fronte ao relato do Partido Popular están os datos e a realidade. Pois miren, señores e señoras do Partido Popular, iso mesmo acontece co modelo enerxético improvisado da Xunta de Galicia, que xera conflitos no territorio e co sector. *(Protestas.)* *(Aplausos.)* Moitas grazas. Gústame que os deputados e as deputadas do Partido Popular se sumen ás ideas socialistas, porque en breve cando haxa cambio de goberno e sexa o presidente da Xunta de Galicia José Ramón Gómez Besteiro necesitaremos ao mellor falar con vostedes e que aplaudan as nosas medidas, que serán para beneficiar os homes e as mulleres da nosa comunidade.

Pois ben, a Xunta de Galicia ten un modelo enerxético que vai en sentido contrario a un modelo sostible que mire polo país e que garanta os investimentos en Galicia. Cando o Goberno do Estado introducía modificacións normativas en liña coa normativa aprobada na Unión Europea, o Goberno galego —no canto de acordar un novo modelo enerxético, traballar en colaboración co Goberno do Estado e axilizar a tramitación das solicitudes de parques eólicos— o que facía a deputada que naquel momento levaba estes asuntos nesta Cámara era dicir que a Xunta era gran garante medioambiental, que non autorizaría ningún parque eólico que non cumprise escrupulosamente a normativa medioambiental e que o Estado era totalmente laxo.

Pero miren, ¿cal é a realidade? É que a Xunta de Galicia volta a demostrar a súa incapacidade para gobernar e para xestionar os intereses dos galegos e das galegas, amoreando solicitudes de parques eólicos que non son capaces de tramitar, cando teñen competencias exclusivas en industria, en enerxía e en promoción económica. Cando se ven totalmente desbordados e sabendo que sen un desenvolvemento eólico ordenado perderanse a maior parte dos investimentos e que se pon en risco a implantación de empresas. E, xa que logo, vostedes poñen en risco o desenvolvemento da nosa comunidade.

Podemos perder unha oportunidade histórica única. Volve resultarlle moito máis cómodo ao Partido Popular botar a culpa novamente ao Estado e agochar a súa incapacidade e a súa ineficacia na tramitación de todos estes parques eólicos.

E agora, señores e señoras do Partido Popular, a través da lei de acompañamento —é dicir, pola porta de atrás, novamente sen debate, sen posibilidades de achega, sen información e

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sen transparencia para resolver o problema que vostedes mesmos xeraron— éntranlles as présas e queren autorizar a maioría dos parques eólicos solicitados rebaixando as garantías ambientais e eliminando os informes sectoriais.

Pois ben, os socialistas defendemos un modelo enerxético sostible; que forme parte dun proxecto de país; que garanta os investimentos en Galicia; que ofreza un marco estable de confianza e de seguridade xurídica no que estean implicados os axentes do territorio, as comunidades locais, os axentes sociais e as organizacións que se dedican á produción de enerxía renovable; co inequívoco compromiso co medio ambiente. Para os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica. Hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.

O sector eólico é un sector estratéxico, polo que temos que apostar para permitir o progreso e o desenvolvemento da nosa comunidade. Temos o recurso, temos a cualificación profesional e vai incrementar as opcións de industrialización e de implantación de empresas na nosa comunidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Se queremos enerxía barata precisamos renovables; se queremos unha industria competitiva precisamos renovables; se non queremos depender doutros países precisamos renovables; se queremos biodiversidade precisamos renovables. Pero a falla de proxecto sobre a política eólica do Goberno galego e a súa improvisación, xunto con esa falla de proxecto de país, levounos a unha situación de rexeitamento xeneralizado á implantación de parques eólicos difícil de reconducir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nós presentamos unha emenda que esperamos que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa a coñecen perfectamente. Xa a coñecen, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...no BNG a acepten.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, boa tarde.

Señora Rodríguez Rumbo, ¿e o eólico? ¿Ben, non? *(Risos.)*¿Ben? Mire, falar é darlle aos queixos e cada un pode falar, é dicir, darlle á mandíbula, se non entende ben. O que está claro é que, por respecto ao Bloque Nacionalista Galego, eu creo que a orde do día púñao ben claro. Ou vostede equivocouse de orde do día, ou non lla deron ou non lla pasaron.

Pero mire, imos ver, imos ser serios. Señora Presas, sinceramente, co PSOE non hai nada que facer, porque están perdidos e din que lles falta pouco tempo. Eu non sabía que vostedes ían marchar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque cando convoquen as eleccións nacionalistas e socialistas probablemente teñan que marchar. O Partido Popular seguirá aquí gobernando —porque, como hai minutos de publicidade, eu tamén os vou utilizar— cos votos dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Pensei que despois do debate da interpelación do outro día non iamos estar falando deste tema hoxe. Sinceramente ou inocentemente pola miña parte, pensei que se darían por satisfeitos. Pero nós, este grupo parlamentario e quen lles fala, pois estamos encantados de defender a xestión que está a facer a Xunta de Galicia no ámbito eólico e facelo con datos, señora Presas, e sobre todo dicindo a verdade. Algo que nos preocupa ou nos debería preocupar a todos os que temos algún tipo de responsabilidade pública.

Vostedes, nacionalistas e socialistas, flaco, flaco favor lle están facendo a Galicia bloqueando de xeito sistemático o desenvolvemento de proxectos de enerxía renovable. Parecen esquecer... Vostede xa falou de todo menos do eólico, así que, por favor. Parecen esquecer que para baixar o prezo da luz é necesario cubrir a demanda con renovables, parecen esquecelo. Nós apostamos por esa enerxía. Vostedes o que son é uns incoherentes. ¿Saben canta potencia instalada hai hoxe en Galicia? Voullo dicir eu: 3.877,73 megawatts. ¿Saben canta querían vostedes? 6.500 megawatts. Agora un corenta por cento do que o seu Goberno bipartito quería ter autorizado no 2012. Iso chámase coherencia socialista ou nacionalista, non sei.

Os nacionalistas presentan unha moción con dez puntos, os socialistas eméndana con outros dez puntos. Eramos poucos, e agora queren que cheguemos a un acordo. Queren gobernar, pero non o van facer. Soprar e sorber ao mesmo meso tempo non é posible, é incompatible. Vostedes teñen un pasado e o modelo eólico foi motivo de moitos líos no Bipartito. Se verdadeiramente podemos falar dun modelo, que eu creo que realmente non teñen ningún. Si que hai un aspecto no que coinciden socialistas e nacionalistas: piden a retirada do anteproxecto de lei. Imos ver, voullo dicir ben claro, alto e claro: non imos retirar este anteproxecto de lei. ¡Que quede claro! Váianse facendo á idea, que en breve, máis pronto que tarde, contaremos cunha nova lei da que estamos moi orgullosos. *(Aplausos.)*

Señora Presas, parece mentira que teña que explicarlle eu que Galicia xa ten determinadas aquelas zonas nas que se poden desenvolver proxectos eólicos. Xa están determinadas, sen prexuízo da súa posterior tramitación ambiental. O eólico é un modelo baseado nun marco lexislativo liberalizado, tal e como marca a normativa básica estatal; non nacionalizado, señores do BNG. En Galicia todos os parques eólicos sométense á avaliación ambiental ordinaria, que é a máis ampla e rigorosa. Os seus socios non fan o mesmo.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O modelo eólico galego é o modelo no que se ten en conta a participación dos interesados, que está dando lugar a convenios promotores e a veciñanza, cos concellos; potenciando firmas de contratos de compravenda de enerxía, o tecido industrial afincado no territorio, como exemplo Alcoa na Mariña lucense. E agora parece que lles molesta a sociedade mixta Recursos de Galicia. Todo o mundo vai poder participar, non lles imos dicir que non ás empresas. Non consideramos as empresas como inimigos; para vostedes son sempre malos e especuladores, depredadores, teñen rabo e cornos. En definitiva, son o demo. Señorías, por favor, cambien de mentalidade. Non se pode entender un país sen empresas. As empresas xeran emprego, sen elas non habería país. Nós cremos e apoiamos as empresas e os empresarios, que arriscan o seu diñeiro. Digan claramente que os odian. *(Risos.)*

¿Como imos xerar emprego? Vostedes non teñen modelo. Crítica total, sen alternativas, ancorados no pasado, ideoloxía pura. Vostedes non avanzan; Galicia, si. Digan claro e alto que o modelo enerxético do nacionalismo galego é a luz do candil. Ese é o modelo enerxético galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou frotando un pao contra outro.

Miren señorías, nós imos traballar, porque con vostedes é moi difícil ter un debate, porque vostedes retorcen os datos; viven nunha realidade paralela. Aparquen a ideoloxía e pensen nos galegos e galegas, por favor. O canon eólico, señora Presas que vostede citou, non é un imposto á xeración de enerxía eólica. Os propios tribunais avalaron ese argumento cando confirmaron a constitucionalidade dese canon. Mire, vaia vostede a Muras e pídalle ao seu alcalde que llo explique. Grazas a iso, a ese canon, alí ningún veciño paga factura da luz, e vostede sábeo. *(Murmurios.)* Vostede vaia a Muras e pregunte.

Miren señorías, neste grupo maioritario desta Cámara, foi todo un acerto a constitución da nova sociedade *utility* impulsada pola Xunta de Galicia, Recursos de Galicia; un modelo de sociedade público-privada. Non pasa nada, non vai morrer ninguén. Público-privada, alerxia nacionalista independentista. Nesa empresa o primeiro accionista será a Xunta de Galicia, como garantía de preservación do interese público. Nós cremos no desenvolvemento industrial de Galicia. A vostede dálle igual que moitas empresas electrointensivas teñan pensado marchar.

Vostedes teñen un modelo diferente, o intervencionismo comunista, que está fóra do marco constitucional e ademais se ten demostrado como un fracaso. Claro que, para nacionalistas e socialistas, a Constitución é como un chicle que se adapta ás dúas necesidades. Vostedes están en contra da empresa e queren nacionalizar o recurso eólico. Sexan valentes, dígano claro. O PP, o Partido Popular que lidera Alfonso Rueda, é un modelo diferente. Se queren un modelo, preséntense ás eleccións e gañen, pero non o van facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías... Señor Torrado, vostede é tremendo. *(Risos.)* Deberíamos estar todos traballando e loitando contra o cambio climático, acelerando esa Galicia verde, próspera e con futuro. E vostedes están instalados na época do cromañón, na caverna nacionalista, con esa construción absolutamente teórica e fóra da realidade. O real dentro da caverna non é máis que unha imaxe e un reflexo.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Teño un amigo que sempre me di: menos alfombras e máis bosteiras. *(Risos.) (Murmurios.)* Teñen que pisar a rúa, nacionalistas e socialistas, o noso rural; escoitalos e aprender *(Aplausos.)* A vostedes a súa soberbia nacionalista e socialista non llelo permite, non aprenden. Vostedes quedaron na Galicia de hai cen anos. Esperten, o mundo evolucionou. Galicia é outra, que avanza día a día. Se non queren axudar, señorías, polo menos non estorben.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, desde o cariño que sabe que lle teño, o mitin do PSOE en Alcorcón moi ben, pero do eólico pouco me dixo. *(Risos.) (Aplausos.)* Entón, en fin... Como reflexión, quería dicir que creo que todas e todos nós, como deputados electos por Galiza, recordando que este é o Parlamento galego, a ver se, cando menos habendo cerca unhas eleccións galegas, falamos por fin de Galiza neste Parlamento. Porque ás veces non se sabe moi ben onde se está.

En todo caso, se hai que falar algo da política enerxética do Estado, pois ao fío da nosa moción tamén o facemos. Entendemos que tamén por esa vía hai problemas. Un deles, xa o falaba na miña primeira parte da intervención, é esa anomalía democrática, ese criterio absolutamente acientífico de que instalacións de máis de cincuenta megawatts sexan potestade do Estado. Nós entendemos que aí hai que dar un debate. Un debate que se evita na emenda socialista e que, polo tanto, non imos aceptar.

Habería que falar tamén de moita parte de erros que ten o Goberno do Estado no ámbito da enerxía eólica. Aquí vimos un colapso de solicitudes por facer unha mala planificación enfocada só ao peso. Vimos un retroceso que nos preocupa e que seguimos reclamando que se corrixa canda as garantías medioambientais. E, desde logo, hai aspectos nos que o Goberno do Estado tampouco está para presumir. Estase celebrando nestes días o Cumio de Dubai e viamos hoxe mesmo novas da prensa que sitúan o Estado español no segundo país entre os grandes emisores do mundo no que máis aumentou a emisión de CO_2. Polo tanto, tampouco hai cuestións que sexan sempre para presumir. En todo caso, a reflexión de fondo é que Galiza non pode ser a terra de sacrificio para que ao Estado lle dean as contas.

Ben, pasamos do mitin de Alcorcón do Partido Socialista ao Club da Comedia do Partido Popular. Despois hai que escoitar aquí que non se pode debater co Bloque Nacionalista Galego, que foi quen trouxo aquí propostas concretas. Agora, claro, o outro día non faciamos propostas concretas; hoxe quedan extenuados lendo dez propostas concretas do Bloque Nacionalista Galego. Pois non lles queda nada, señorías do Partido Popular.

En todo caso, puxemos propostas enriba da mesa e puxemos datos tamén, señor voceiro do Partido Popular. Eu vólvolle dicir que deben ser vostedes os que son antiempresas. Quen ten

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

odio ás empresas neste país debe ser o Partido Popular. Deille antes os datos de máis de cinco mil empresas do sector enerxético que destruíron vostedes desde o inicio do seu Goberno. *(Aplausos.)* Xa sen irmos ao sector eólico: deslocalizacións como Vestas, como Gamesa etc. mentres se abrían centros de innovación non moi lonxe, no norte de Portugal, que me consta que vostede coñece ben.

Ben, fálame outra vez do alcalde de Muras, había tempo xa. Eu tamén boto de menos o alcalde de Muras, pero mire que afortunada son que o vin onte. Vino onte nese acto do Bloque Nacionalista Galego, nese acto masivo a favor dun cambio galego, que non lle gustou tampouco á voceira do Partido Popular. Non lle gustou tampouco á voceira do Partido Popular. Non lles gustou, pero non lles queda nada, señores do Partido Popular, porque haberá moito máis diso nos próximos meses. *(Aplausos.)*

En todo caso, falemos de Muras. ¿Sabe que di o señor Requeixo cando fala do canon eólico? ¿Cando intenta que o reciban desde a Xunta de Galiza? Que dos máis de 2,2 millóns de euros que recada a Xunta, a Muras chegan medio millóns de euros, señores do Partido Popular. Ese é un problema que hai de xestión do canon eólico. Tamén, que as empresas xeren máis de setenta millóns de euros en beneficio e que chegue aos veciños e ás veciñas de Muras menos de medio millón de euros; que, afortunadamente —porque hai un Goberno do Bloque Nacionalista Galego que goberna para a xente e non para as eléctricas—, ten unha repercusión na mellora da veciñanza. Claro que si. *(Aplausos.)*

Fala vostede de marchar. Mire, nós temos un duplo obxectivo nos próximos meses: que vostedes marchen do Consello da Xunta, pero tamén que marche esa silla que lle teñen posta ás grandes eléctricas, señores do Partido Popular. Ímolo conseguir. Imos demostrar que hai unha alternativa para este país no modelo enerxético. Porque é o que lles molesta e por iso intentan vir a este debate facer caricatura; porque vostedes non son capaces de responder as alternativas que pon enriba da mesa esta organización. E, por riba, veñen aquí acusar de que non contamos a verdade, de que non sei que... ¡Pero se vostede acaba de volver manter aquí que un trinta por cento da participación dunha empresa é ter a maioría! Pero, ¿en que planeta un trinta por cento é máis do cincuenta por cento? *(Aplausos.)*

É que xa o negacionismo do Partido Popular chega a uns límites que é absolutamente inaudito. É absolutamente inaudito. Como que sigan defendendo que está claro onde se pode instalar e non se pode instalar neste país, cando saben que nese proxecto de lei vostedes fan saltar esa escasa planificación sen a adaptación nin a avaliación ambiental do Plan sectorial eólico. Fana saltar absolutamente. Sábeno, sábeno moi conscientemente, e saben que iso traería máis problemas para o noso país. E así con todo.

Pero afortunadamente hai unha alternativa, hai unha maioría social que, ademais, reclama outro modelo enerxético a favor deste país. Hai unha forza política en condicións de disputar a maioría para poder darlla. Polo tanto, perden hoxe unha oportunidade, pero nós traballaremos incansablemente nos próximos meses para que Galiza non perda a oportunidade histórica de facer que por fin a enerxía sexa xestionada a favor da xente e non en contra do país.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos pechar as portas tendo en conta a referencia de antes, que é o correcto, pechar as portas. Entón, agora as portas pechadas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Votamos. En primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre o estado da produtividade das rías galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que entendín que non aceptaban.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos do servizo público de transportes por estrada

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Paulo Ríos Santomé, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo parágrafo no texto da parte resolutiva, co seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a realizar os estudos de necesidades e un proceso de escoita necesarios para adaptar o modelo de transporte público do Plan de Transporte Público de Galiza ás demandas dos galegos e galegas.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

«...para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.»)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Nos últimos plenos viñemos dende o grupo Parlamentario do BNG expoñer e denunciar a situación que estaba pasando na adxudicación dos contratos de transporte público, ese auténtico vendaval xudicial que azouta a Xunta de Galiza e a Monbus, neste caso. Hoxe vimos falar de algo similar, aínda que diferente. Vimos falar dos incumprimentos, das deficiencias que existen na propia execución deses contratos, no que ten que ver directamente coa execución do servizo de transporte público neste país. O certo é que, lonxe do que diga o BNG —que levamos, como ben saben, tres anos denunciando estas cuestións—, cada vez máis

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xente neste país estase a organizar, estase a mobilizar ante o que padecen todos os días, como é este mal funcionamento do servizo público de transporte.

Trouxen unhas cantas —as máis recentes— notas de prensa que certifican o que eu estou dicindo. Empezamos coa primeira: *(O señor Ríos Santomé le uns documentos.)* «Decenas de universitarios quedan tirados na Costa da Morte por falta de bus a Santiago». Ademais, din os usuarios e usuarias textualmente: «Porque estes non son problemas puntuais. Cada domingo convértese nunha verdadeira odisea. Hai un par de semanas houbo xente de Carballo que quedou tirada na estación de autobuses, algúns deles tiveron que coller un autobús ata A Coruña e de aí enlazar outro para Santiago. Cando chegaron ás súas casas xa era de madrugada». Son varios os damnificados que puxeron a correspondente reclamación ante a empresa debido a estes feitos, e din: «Chamas a un número de teléfono e dinche que tes que facelo vía online. Falo e non contestan e, se o fan, dinche que a culpa é da Xunta; que eles cumpren coa normativa». Ata a empresa Monbus lles está botando a culpa a vostedes, señores da Xunta de Galiza, e vostedes seguen cos ollos pechados. Ata a propia empresa lles bota a culpa do que está acontecendo. *(Aplausos.)*

Seguimos. Este domingo, o día 26, a comarca de Ferrolterra manifestábase por un mellor transporte: «Un centenar de persoas reclaman en Ribeira por un transporte público digno e de calidade». No Val Miñor, en Gondomar: «Lugove culpable, a Xunta responsable». Máis concentracións e manifestacións. Do que se están queixando non é só dunha cuestión de falta de horarios, de falta de prazas —que tamén—, de autobuses que chegan tarde ou de autobuses que non chegan, senón tamén do propio estado dos vehículos. Aquí temos outra nova: «Seis de cada dez buses non están adaptados para as persoas con mobilidade reducida». «Inmobilizado na Mámoa un autobús da liña A Pobra-Aguiño que derramaba gasóleo». Teño algúns máis por aquí. Despois serei eu quen esaxera pero aí está a prensa para velo: «Rompe, en plena viaxe, o cristal da porta dianteira dun autobús da liña A Coruña-Ferrol». A mesma á que se lle rompera a luna dianteira; a mesma liña na que houbo que circular pola autoestrada coas portas abertas porque non pechaban e un longo etcétera.

Non son só os usuarios e usuarias quen din isto. Aquí outra nota de prensa: «Suspenso á Xunta pola súa xestión no transporte público en Galiza» —facendo referencia ao informe de fiscalización do Consello de Contas—. «Críticas a Monbus por incumprir o horario». «Os usuarios do transporte público entre Santiago e Ribeira fártanse do servizo. O autobús ás veces chega tan tarde que se salta un horario». Aquí, teñen que desculparme, pero eu creo que o máis atinado que vivimos neste Samaín, e que ademais reflicte perfectamente o que están pasando os usuarios e usuarias do transporte público deste país, sobre todo a mocidade e as persoas universitarias, é o que aquí recollía a prensa española, neste caso: «*El disfraz terrorífico más viral, dos jóvenes gallegas se visten de Monbus por Halloween*». *(Risos.) (Aplausos.)* E din: «*Nos dijeron que el disfraz tenía que dar miedo y nos disfrazamos de la peor pesadilla de cualquiera, Monbus*». *(Risos.)* Puideron ir unha de Monbus e a outra de Rueda e xa facían o pleno, pero neste caso quedáronse con Monbus. *(Risos.) (Aplausos.)*

Seguimos, ademais, con máis titulares de prensa que reforzan o que nós diciamos no anterior pleno, para que vostedes me digan que traia sentenzas aquí: «As adxudicacións a Monbus levan outros catro cargos da Xunta ao xulgado». Non o di o BNG; estao dicindo neste caso a

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prensa da costa da Morte, nada sospeitosa —supoño— do bolchevismo independentista sanchista proetarra. Supoño que aos medios de comunicación deste país teranlles máis respecto ao que o BNG. Esperemos que si.

É que, señorías do Partido Popular, estánllelo dicindo de todos os lados. Eu cando veño aquí suelo recibir algún consello por parte do voceiro do Partido Popular. Eu doulle outro consello que xa lle teño dado nalgunha outra ocasión: déixense dos datos maquillados da Xunta de Galiza para este plan de transporte e realmente pisen o territorio. Eu estaba persoalmente na concentración de Ribeira do domingo 16. Teño moi boa relación e coñezo de primeira man tamén a plataforma de Ferrolterra e das Mariñas, e tamén en breve tereina coa do Val Miñor. A vostedes non os vin por alí. Non os vin por alí nesas concentracións desa xente que estaba querendo un servizo público de calidade. Non vin a ningún representante ou ningunha representante do Partido Popular alí, para explicar o que nos explican alí. Quizais porque é moito máis difícil e fai falta un pouquiño máis de valor —como dicía a canción— para dicirlle á xente que padece isto todos os días que son, nada, cuestións puntuais; que é un día, que iso lle pode pasar a calquera e que todo vai fenomenal. Eu entendo que dicilo aquí non ten ningún tipo de custo nin repercusión. Agora, cando hai que dicilo diante de trescentas persoas concentradas que sofren todos os días isto, aí fai falta un pouquiño máis de valor.

Eu aconséllolles que pisen o territorio, que falen coa xente, que miren realmente o que está acontecendo. O outro día en Ribeira, por exemplo, falábannos de que hai varias rutas —sobre todo as que van polo rural— que se collemos a tan afamada páxina web bus.gal, onde están todos os horarios, e vemos o que se tarda en facer o traxecto de saída ao punto de chegada, a xente sabe perfectamente que iso non é factible. Non son fisicamente realizables os horarios que vostedes están propoñendo. De aí atrasos de vinte minutos, de quince minutos, de media hora, de xente tirada nas paradas dos autobuses. Teñen un plan de transporte que fai augas. Xa é imposible tapar as pingueiras do Plan de transporte, que é un verdadeiro chaparrón para os usuarios e usuarias do transporte público de Galiza.

É necesario —dunha vez— facer estudos de necesidades serios, adaptados á demanda dos usuarios e usuarias, e tamén das súas necesidades. E realmente é necesario recoñecer dunha vez que están completamente sós con ese fiasco que foi o Plan de transporte público de Galiza. Que para facer informes e para facer memorias queda moi ben, pero é que cando baixamos ao territorio fai augas por absolutamente todos os lados. Xa o dicía o Consello de Contas, ademais: unha planificación totalmente insostible e deficitaria, incluso desde o punto de vista económico. Así pasa o que pasa: hai que aceptar as baixas temerarias, hai que facer a vista gorda ante os incumprimentos das empresas, hai que reducir en horarios, en paradas, en liñas e en recursos para que as cousas dean.

Eu teño a teoría, sinceramente, de que vostedes saben perfectamente o follón que teñen enriba co Plan transporte público; que non se pode cumprir, que é unha cuestión que ten eivas desde o punto de vista totalmente estrutural que fan completamente inaguantable este servizo.

O peor de todo é que seguiron para adiante con esta cuestión levando por diante todo, levando por diante o sector, as pequenas e medianas empresas. Como tamén fala disto o Con-

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sello de Contas, que as pequenas e medianas empresas desapareceron do Plan de transporte público de Galiza. Fano tamén á custa dos dereitos, das necesidades, das demandas dos usuarios e das usuarias. Hai unha cousa que si que escoitas por todo o país cando vas reunirte coa xente que está afectada por este problema e é que todo o mundo di: antes había problemas pero estabamos moito mellor, coa chegada das novas concesionarias, coa chegada do Plan de transporte público, todo empeorou.

Hai unha nota de prensa que non imprimín, pero que dicía —saía a señora conselleira co señor director xeral sobre todo falando da liña Ferrol-A Coruña, quizais das máis golpeadas por este plan de transporte— que os problemas da liña Ferrol-A Coruña, da 871, eran culpa do Goberno de Pedro Sánchez polo que estaba acontecendo cos trens. Non me verá a min defender nin este goberno de Pedro Sánchez nin ningún goberno español, pero teñen moita cara a señora conselleira e o señor director xeral relacionando os problemas que levan tendo nos últimos tres anos na liña Ferrol-A Coruña cos problemas actuais dos trens.

Polo tanto, dende o BNG, hoxe, ademais, queremos tamén ser propositivos e tamén poñer en valor o noso modelo de mobilidade, un modelo baseado na intermodalidade funcional e non na intermodalidade física que practica a Xunta de Galiza. ¿Que é intermodalidade para vostedes? Xa llelo teño dito: é simplemente un apelido para as estacións de autobuses e realmente pasar a que o servizo de transporte público sexa un motor real do noso país, un vertebrador real do noso país e, que, ademais, coordine dunha forma completa todos os servizos de transporte que temos á nosa disposición.

Vostedes seguen no pasado, seguen nese inmobilismo e seguen con este Plan de transporte, caia quen caia. O problema é que ao final quen vai caer son vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

A verdade é que eu non o podo pasar por riba, porque na anterior iniciativa o voceiro do Partido Popular, o señor Rodríguez, dicía, dirixíndose á miña compañeira, que a orde do día estaba moi clara. Pois a verdade é que está vostede aquí e foi unha pena que vostede non falara antes co señor Calvo, antes de ir a esa Comisión Xeral das Comunidades Autónomas no Senado para evitarlle o tremendo ridículo que fixo o vicepresidente da Xunta de Galicia a semana pasada. (*Aplausos*.) Porque a verdade é que ¡vaia papelón e vaia ridículo!, e, aínda por riba, con actitude bastante chulesca por parte do vicepresidente da Xunta de Galicia.

Porque cómpre recordar que xa falaran seis oradores antes que o vicepresidente da Xunta de Galicia, e sobe con esa matraca de falar só dun único tema, e pum, pum, pum. A propia

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presidenta da comisión, da mesma cor política que a súa, a señora Rudi, a verdade é que o tiña que estar pasando francamente mal para terlle que chamar a atención ao vicepresidente, ao señor Calvo, para que parara de facer tremendo ridículo. ¡Que pena, señor Rodríguez, que non falara vostede primeiro co señor Calvo para aclararlle a orde do día que se estaba a celebrar nesa comisión no Senado!

Miren, volvemos falar novamente dese marabilloso Plan de transporte da Xunta de Galicia; funciona ás mil marabillas, só hai casos puntuais, casos puntuais que se dan ao longo e ancho de todo o territorio galego. Pero subirá aquí agora o voceiro do Partido Popular e dirá que son cousiñas, nada, puntuais, que se dan, claro, no desenrolo dun Plan de transporte tan amplo como é este, competencia da Xunta de Galicia.

Levamos toda a lexislatura falando de incumprimentos e de deficiencias neste Plan de transporte, competencia da Xunta de Galicia. Eu concordo co señor Ríos cando dicía que a Xunta de Galicia e esta consellería ten un papelón. Claro que ten un papelón, ten moitísimos problemas, problemas tamén xudiciais, por moito que os neguen. A verdade é que se lles nota moi nerviosos, está moi nerviosa a propia conselleira e tamén o seu director xeral de Mobilidade, a semana pasada, cando nós levabamos unha pregunta relativa a esas deficiencias, porque xa non son deficiencias que atopen os usuarios e as usuarias, xa non son deficiencias que atopemos os grupos políticos, os concellos, as plataformas constituídas para defender tamén os seus intereses relativos á mobilidade, é que o propio Consello de Contas tamén di que este Plan de transporte non funciona ás mil marabillas, como di a propia Xunta de Galicia e como di o Grupo Parlamentario Popular.

Porque, de feito, fai unha recomendación moi clariña o Consello de Contas, e nós preguntamos, por activa e por pasiva, ao Goberno galego se vai cumprir esa recomendación do Consello de Contas, e a verdade é que non nos contestan; pero, claro, é que tamén estamos moi acostumadas a que as recomendacións que veñen de parte do Consello de Contas son moi pouco aceptadas por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Miren, non son problemas puntuais, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Esa plataforma que está constituída e que leva tempo traballando por un transporte público digno en Ferrol e comarca, que volveron saír ás rúas recentemente, levan moito tempo saíndo as rúas, pero, claro, saen ás rúas por amor á arte, porque como o Plan de transporte da Xunta de Galicia funciona ás mil marabillas... Eu non sei de que se están a queixar, pero eles si que saben por que se están a manifestar, porque reclaman melloras neste servizo que di que empeorou dende hai dous anos cando a Xunta sacou a licitación o novo contrato. Esta plataforma e os distintos concellos da súa contorna levan tempo reclamándolle á Xunta de Galicia que adopte medidas para rematar con estas situacións, pero, por desgraza, nada se fixo por parte da Xunta de Galicia ata o día de hoxe. Nada se fixo porque nin sequera recoñecen que hai un problema, e, se non recoñecemos que hai un problema, é moi difícil poderlle poñer solución.

Esta plataforma, constituída por asociacións, por partidos políticos, por usuarios, por usuarias, pide e recorda a necesidade de resolver estes problemas que rexistra o transporte na súa comarca. Autobuses cheos, perda de servizos directos á Coruña —por moito que diga a

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta de Galicia que se ampliaron, é todo o contrario, foron a menos—, perda de servizos específicos de colectivos para estudantes, traballadores ou persoas que teñen que acudir a citas médicas, cambio de rutas sen planificación e sen previo aviso por unha decisión unilateral da propia empresa, impuntualidade ou flota de vehículos con avarías. Despois, vostedes case se rin con que non pechen as portas dos autobuses, con que algúns autobuses incluso aparezan sen cristais. Claro, é que isto non é de risa e tampouco é de recibo, e tampouco é o que merecen os galegos e as galegas.

E ¿saben o que di esta plataforma —non o di o PSdeG—? Que a Xunta é cómplice desta situación por eludir as súas responsabilidades ao non exixir o cumprimento da normativa vixente en materia de transporte e mobilidade e porque a Xunta de Galicia e tamén o Grupo Parlamentario Popular mira para outro lado mentres as empresas se enriquecen á custa de todos e de todas.

Este é un exemplo, pero tamén podemos falar desa liña Vigo-Val Miñor, que levamos tantísimo tempo —dende este grupo parlamentario— solicitando que se reforce esta liña debido ao incremento dos usuarios e das usuarias, durante todo o ano, pero especialmente na tempada estival, cando é imposible atopar unha praza neste autobús na liña que vai de Vigo a Baiona.

Pero, ben, a solución que lle deron a esta liña de autobús que vai de Vigo ao Val Miñor é a mesma solución que lles deu a conselleira aos estudantes que empregan a liña Monforte-Lugo. ¿E que lles di a conselleira a eses estudantes de Láncara que cando chega o autobús a Láncara xa chega sen prazas? Non se preocupen, poden ir vostedes de pé nos pasillos, que isto o permite a lei e van en condicións de seguridade. Pero ¿cren vostedes realmente que esa é a resposta que merecen sobre todo —falando nesta liña— os estudantes que van dende Monforte —porque moitas veces xa se enche en Monforte— ata Lugo?

Podemos sacar moitísimos máis exemplos. ¿Que está a pasar tamén na comarca da Barbanza? Son reiteradas as ocasións nas que traemos a esta Cámara as necesidades de mellorar esas liñas de autobuses nesa comarca. Falamos de estudantes, estudantes universitarios. ¿Que lles pasa aos estudantes universitarios da nosa provincia —por poñer un exemplo, señor Balseiro—, eses estudantes que queren coller ese autobús que sae de Lugo cara á Coruña ou cara a Santiago para cursar os seus estudos? Que non teñen prazas.

Claro, e despois o peor é que nin sequera a Xunta de Galicia, dentro da súa propia competencia, lles pon unha liña de autobús para ir dende as súas casas —moitos deles no rural— cara á capital da provincia. Pero aquí non pasa nada. Os nosos estudantes non teñen prazas no autobús para poder ir a estudar a Lugo ou á Coruña, pero aquí, segundo o señor Balseiro, o transporte público competencia da Xunta de Galicia funciona ás mil marabillas. Pois miren, un novo tirón de orellas, vóullelo recordar, porque aí está o informe do Consello de Contas, que nos dá a razón, señor Balseiro, porque di este informe do Consello de Contas que a Xunta de Galicia abdica das súas competencias de inspección e de control nos contratos asinados.

Levámolo dicindo nós dende o principio desta lexislatura, pero agora tamén llo di o propio Consello de Contas. É máis, o Consello de Contas vai máis aló, e di que nos pregos se

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

establece que as concesionarias están obrigadas a ingresar o canon pola explotación do servizo no mes de xaneiro do ano seguinte do exercicio correspondente, e a Consellería de Infraestruturas, ante o incumprimento deste ingreso, non lles solicitaba o canon a estas empresas concesionarias; seguramente —repito— habería un acordo para non cobrárllelo. Pero non foi ata que o Consello de Contas solicitou un xustificante deste pago, e foi despois de que se pedira —o Consello de Contas— este xustificante cando a Xunta de Galicia lle requiriu o pago a esta empresa, con máis de 338 días de atraso dende que debería telo feito. ¿A empresa concesionaria pagou? Si, pero pagou como se o fixera en período voluntario, sen ningún tipo de recargo. Pois a mesma dilixencia que teñen vostedes con esta empresa téñana tamén cun galego ou cunha galega que se olvida de pagar unha taxa ou prezo público dentro do prazo legal, porque, se a paga ao día seguinte do vencer o prazo, xa vai con recargo, e isto non o fixo a Xunta de Galicia coa empresa concesionaria. (*Aplausos*.)

Tamén di o informe do Consello de Contas que as queixas dos usuarios e das usuarias non son respondidas en prazo, cando teñen a obriga legal de responder nun prazo de noventa días. Moitas das queixas dos usuarios e das usuarias polo mal funcionamento do autobús non teñen contestación por parte da Xunta de Galicia. Fálase de que hai moitos expedientes abertos por algún tipo de infracción e péchanos dende a Xunta de Galicia sen impoñer ningún tipo de penalidade; isto dío tamén o informe do Consello de Contas.

E di que hai unha total falla de planificación, e de aí vén esa recomendación que di o propio Consello de Contas, que lle recomenda á Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos. E neste senso vai a nosa emenda de adición que presentamos, á iniciativa que presenta a debate o Bloque Nacionalista Galego, para que vaia en liña coas recomendacións que presenta o Consello de Contas, que é certo que tamén coa autoemenda que vostedes presentan pois xa estaría tamén englobada esta recomendación en global.

Pero miren, é que tamén o propio informe do Consello de Contas di que a Xunta de Galicia se olvidou tamén das pequenas empresas, ou —non sei— máis ben non se olvidou, quixo deixalas fóra deste proceso. E así acabaron con moitas empresas de autobuses pequenas e con moitas empresas familiares, e isto é consecuencia da forma de actuar da Xunta de Galicia.

E tamén di o informe do Consello de Contas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidenta— que se olvidaron de ter en conta os criterios medioambientais á hora de adxudicar estes contratos.

Polo tanto, cremos que, xa que está a rematar esta lexislatura, é o momento de que recoñezan que hai un problema, é o momento de que se poñan a resolver as necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas.

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vaia por diante que nós, independentemente de que acepten ou non a nosa emenda, imos apoiar a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, porque é algo que levamos reiterando toda esta lexislatura por parte do Grupo Parlamentario do PSdeG.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Antes de pasarlle a palabra ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que intervirá o señor Balseiro, saudamos e damos a benvida ao Parlamento aos estudantes do Colexio Maior de San Agustín; benvidos á casa de todos os galegos.

Agora si, ten vostede a palabra, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Saudamos tamén as persoas que están na tribuna e os estudantes, en nome do grupo maioritario desta Cámara, do Grupo Popular.

Falaba a señora Otero de ridículo e falaba do vicepresidente da Xunta de Galicia. Teño que dicir que non seguín iso, porque Madrid é Madrid, pero non hai que saír deste Parlamento. Hoxe mesmo o Grupo Socialista e vostede mesma defenderon a Lei do litoral e pintou bastante tamén o ridículo que non subiu nin sequera a saudar as persoas do sector que estaban na tribuna deste Parlamento; iso tamén é pintar o ridículo. (*Aplausos.*)

Señor Ríos, ¿que hai do que falamos no pleno pasado? Eu díxenlle a vostede no Pleno pasado que vostede quedaba desacreditado para todo o que queda de lexislatura se vostede —hoxe falou dun vendaval xudicial, fíxense vostedes, volveu falar dun vendaval xudicial— non traía unha sentenza. Entendo que non a ten. ¿Como a vai ter se non a hai en contra da Xunta de Galicia?

Entón, miren, cando eu cheguei a este Parlamento, a asociación de prensa facía todos os anos uns premios e dábanlle uns premios a algunha deputada —como tamén recordará— e aos parlamentarios: ao que mellor interviña, ao mellor portavoz... De verdade que, se iso existira, ía propoñer un premio para vostede e ía propoñer que fose «ao que máis fala do transporte sen nunca dicir nada», porque vostede nunca deu un dato.

Dixo vostede que iamos caer nós, que ía caer o Partido Popular. A verdade é que téñolles que recoñecer a vostedes unha cousa: vostedes están moi preparados, nunca tan preparados os vin, e despois da presentación da señora Pontón no día de onte, están aínda moito máis preparados. Fíxense vostedes se o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego están preparados que levan vostedes corenta anos preparándose, pero vostedes están preparados para perder outra vez máis, non para gañar as eleccións, porque os galegos e as galegas non confían en vostedes. *(Aplausos.)*

Falaba a persoa que interveu antes de que o 30 por cento non é, tampouco lle é o 23 por cento ou o 24 por cento para representar a maioría de Galicia, que é xustamente o que ten o Bloque

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nacionalista Galego, señoría. Quizais —créanme, de verdade— que o que tiña que facer neste momento é dicir: non hai máis nada que falar do Plan de transporte, porque vostedes non aportaron nada novo e vostedes non trouxeron ningunha sentenza en contra dese Plan de transporte. Polo tanto, sería o ideal dicir: «non temos nada de que falar e voume sentar». Pero voulles facer unha pregunta: señorías, vostedes ¿de verdade queren que falemos de irregularidades na xestión do transporte público por autobús?, ¿queren de verdade que falemos diso? Porque eu diría que non fai falta afastarse moito destes muros para falar diso.

¿Vostede sabe que está a facer a alcaldesa nacionalista na capital de Galicia, en Santiago de Compostela? Impoñendo a dedo o contrato de alugueiro dos autobuses urbanos de Compostela. Non sei por que se disfrazaban esas dúas persoas, se era polos autobuses da Xunta, polos autobuses urbanos de Lugo, polos autobuses urbanos da Coruña ou era polos autobuses urbanos de Santiago, onde vostedes gobernan, porque é a mesma empresa, é Monbus. Entón, claro, téñennolo que aclarar.

A señora alcaldesa está ignorando as advertencias expresas da Intervención municipal, que di que ese procedemento é nulo e que ademais é lesivo para o Concello. Pero a vostedes, socialistas e nacionalistas, dálles todo igual; están tan preparados para perder que lles dá todo igual, porque levan corenta anos perdendo; entón, dálles todo igual.

Acaban vostedes de levantar un reparo de Intervención no último pleno, polo cal vexo que queren falar vostedes de irregularidades, e falemos. Esta é unha irregularidade flagrante e poderiamos estar incluso ante un presunto delito de malversación. É dicir, a máxima responsable, a señora Sanmartín, que é militante do Bloque Nacionalista Galego — polo cal é do seu partido, señor Ríos—, é quen fai oídos xordos ás advertencias dos servizos de fiscalización municipal e impón unha contratación manifestamente ilegal dos autobuses urbanos. Estamos falando case de 2 millóns de euros ao ano e de máis de 4.390 euros por bus todos os meses, señorías. Pero vostedes amparan contratos ilegais que supoñen adxudicar millóns de euros dos veciños de Santiago sen ningún tipo de control, a dedo e sen transparencia.

Falemos de irregularidades, señorías. Miren, a páxina 12 do informe de Intervención di que as ofertas se realizaron verbalmente, sen incorporalas ao expediente. ¡Ten bemoles, ten bemoles! Di que o acordo de contratación non foi precedido de ningún informe por un funcionario municipal, nin sometido a fiscalización de Intervención. E, non contentos con iso, volven empregar este mesmo procedemento irregular para contratar doce buses urbanos máis a Monbus; esa é a empresa da que di vostede que se disfrazaron esas dúas persoas. Señor Ríos, señoras do Bloque Nacionalista Galego e señores do Partido Socialista, debería darlles vergonza falar vostedes de irregularidades co que están a facer os seus compañeiros na capital de Galicia.

Falan vostedes da Xunta. É certo que sempre falan os máis indicados. Hai que ter moito rostro e hai que ter o rostro moi duro para falar diso, cando o que terían é que cesar, por suposto, a alcaldesa e todo o seu equipo de goberno por incapacidade manifesta.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, volvo dicírllelo e volverei facelo cantas veces sexa necesario ata que vostedes o entendan, que parece que non queren

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entender: non hai unha soa sentenza que cuestione o novo Plan de transporte público por autobús da Xunta de Galicia, non hai unha soa sentenza, e todo o que digan vostedes é falso e non poderán acreditar que se teñan detectado malas prácticas no desenvolvemento do Plan de transporte de Galicia.

Vostedes caerán —a ver se caen vostedes— da burra porque a señora conselleira remitiu a este Parlamento desde esta tribuna nunha sesión, non unha, nin dúas, nin tres sentenzas, senón corenta sentenzas, que están nas mans de vostedes. Todos os contenciosos, señorías, todos os contenciosos que se teñen presentado na vía xudicial, todos eles, sen ningunha excepción, resoltos pola Xustiza a favor da Xunta de Galicia. Non por repetir mil veces unha mentira, como fan vostedes, vai converterse en verdade. Están vostedes equivocados. Corenta contenciosos, señorías, presentados, corenta contenciosos resoltos a favor da Xunta de Galicia. E resulta especialmente grave que incorra neste erro a señora Otero, a quen presumo como avogada, que debe de saber o que é unha sentenza firme, ou ambos deberan saber tamén, e se non debéranse informar, que é un auto do Tribunal Supremo de Alsa e Monbus.

Non fai referencia para nada ese auto ao proceso de contratación da Consellería de Infraestruturas, senón ás prácticas de dúas empresas en termos de competencia. Polo tanto, señorías, a conclusión é clara: a Xustiza avala como correcto o procedemento seguido pola Xunta para a posta en marcha do novo plan de buses autonómicos.

E respecto da sentenza á que vostedes farán referencia, seguramente, na súa segunda parte, se vostede a le, en ningún caso atribúe ningunha responsabilidade á Xunta sobre os supostos actos de empresas ou decisións de órganos alleos á Consellería de Infraestruturas. A sentenza téñoa aquí. *(O señor Balseiro Orol amosa un documento á Cámara.)* Non, non, pero téñoa aquí e voulla deixar á Presidencia do Parlamento para que llela faga chegar a vostedes. Esta é a sentenza, que probablemente vostedes me veñan coa sentenza, pero eu xa lles son perro vello nisto e xa me adianto eu.

Polo cal, señora presidenta, fágallela chegar vostede. *(O señor Balseiro Orol entrégalle un documento á señora presidenta.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Non sigan vostedes por este camiño, porque, miren, vostedes a semana pasada —están vostedes como para dar lecciónes— abriron os periódicos, miren: *(O señor Balseiro Orol mostra un documento á Cámara.) «El concello mantendrá el alquiler de bus que cuestiona el interventor. Los doce contratos por el Bipartito estarían en iguales circunstancias que los once iniciales que contratara el Partido Socialista».*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: —Termino, señora presidenta—. *«El alquiler de buses para el servicio urbano es nulo, según la Intervención. El acuerdo que se adoptó en noviembre de 2022 carecía de su informe preceptivo».*

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, vostedes o primeiro que teñen que facer alí onde gobernan, para ser un pouco cribles, é empezar a dar exemplo. Con isto non dan exemplo ningún. Despois do teatro de onte, probablemente vostedes están moito máis preparados. Xa di o meu veciño de Lugo que están preparados, dío tamén a señora Pontón. Levan corenta anos preparados e están máis preparados que nunca para seguir aí, nas bancadas da oposición, e tamén para perder as eleccións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Peche para o autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, benvida ás persoas que temos hoxe con nós seguindo este debate.

Señor Balseiro, eu non vin aquí para recibir ningún premio, eu veño aquí para defender o meu país e os intereses do meu pobo, nin máis nin menos; non necesito ningún premio para ir tranquilo para casa. Diríalle, si, ao voceiro do Partido Popular no Concello de Santiago que mire as costas, porque está xa o señor Balseiro aí intentando facer o asalto ao Concello de Santiago. *(Aplausos.)*

Dígolle, señor Balseiro, rétoo a vostede aquí, hoxe: até que vostede non traia aquí unha sentenza xudicial firme contra a alcaldesa de Santiago de Compostela, está vostede desacreditado para falar do que está pasando no Concello de Santiago. *(Aplausos.)* Até que vostede traia aquí unha sentenza firme do que está dicindo, queda vostede totalmente desacreditado. E ao mellor non son tan previsible como vostede pensaba, non lle traio a sentenza, sei perfectamente o que di e sei perfectamente os resquicios que buscan vostedes para intentar librarse.

Pero antes, unha nota de prensa: *(O señor Ríos Santomé mostra un documento)*: «As adxudicacións de Monbus levan outros catro cargos da Xunta de Galiza ao xulgado: o subdirector xeral de Coordinación Económica e Contratación, da Secretaría Xeral Técnica, interventor delegado...», ben, unha serie de cargos, que, ademais, segundo di a prensa, se negaron a contestar as preguntas da acusación e se limitaron a responder as dos seus avogados.

Ademais, sorpréndeme que diga algo do Concello de Santiago, porque a semana pasada o señor director xeral o señor Ignacio Maestre, imputado por prevaricación administrativa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* Investigado, perdón, investigado. Si, si, pero polo xulgado vai ter que pasar igual, *(Risos.)* polo xulgado vai ter que pasar igual, por unha denuncia admitida a trámite por prevaricación administrativa.

Dicía, nunha pregunta do Partido Socialista, que menudo embolado nos deixara o Partido Socialista en Santiago ao BNG co transporte público. Señor Balseiro, fale un pouco, se ten

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempo o señor Maestre entre visita e visita ao xulgado, con el e póñanse de acordo. ¿É o Partido Socialista quen lle sobe o marrón ao BNG no transporte público de Santiago de Compostela ou somos nós os que o facemos? En todo caso, como dicía antes, até que traia aquí unha sentenza que demostre o que vostede está dicindo, vostede, como comprenderá, por coherencia, queda totalmente desacreditado para falar desta cuestión.

Pero o que me parece máis importante é falar do modelo que ten o BNG para a mobilidade deste país. Anunciáballelo antes. Nós entendemos o servizo de transporte público como realmente o motor do cambio para o noso país, non só do cambio, senón tamén un ente realmente vertebrador do territorio que coordine non só os esforzos senón tamén os recursos entre os diferentes transportes públicos que temos no noso país, dende as aldeas até as vilas, até as cidades, implementando un servizo de taxi rural, implementando tamén unha maior coordinación entre servizos ferroviarios, entre autobuses interurbanos e tamén o transporte de ría, e que realmente a intermodalidade comece a significar algo máis que un apelido para as estacións de autobuses.

E, ademais, queremos facelo implementando unha tarifa plana para todos eses transportes, como están a facer así tamén o resto de países da Unión Europea, que están intentando crear un servizo realmente integral de transporte público. E iso é o que quere facer o BNG: rematar co seu chiringuiteo, rematar con este Plan de transporte público de Galicia e realmente atender as necesidades da poboación. Porque, ademais, tamén saía na prensa estes días unha estudante de Ferrol que estudaba na Coruña e que dicía que por non poder pagar un alugueiro na Coruña tiña que estar cinco horas do seu día, cinco horas —contando os atrasos do transporte público— no autobús para poder ir estudar. Con iso, nun país e nun Goberno que presume de ter o servizo de transporte público máis forte de todo o Estado, debería caerlle a cara de vergoña, señor Balseiro. *(Aplausos.)* E xa non falemos dos universitarios e universitarias ou de calquera persoa, sexa xove ou maior, das partes máis rurais do noso país.

Faláballe tamén a señora Otero do que está acontecendo en Láncara, pero podemos falar do illamento en materia de transporte que viven as comarcas de Valdeorras, da Baixa Limia, de Monterrei, da Fonsagrada, de Lugo sur, autenticamente un illamento no servizo de transporte público.

Señor Balseiro, de transporte falou pouquiño, pouquiño. Vese que xa non son quen nin vostedes mesmos de ter a capacidade de defender este Plan de transporte e teñen que vir aquí falar doutras cuestións. Nós temos un modelo claro para este país, para o transporte, e non necesitamos ningún premio, señor Balseiro. Facémolo pola convicción de que este país pode ser mellor e será mellor sen vostedes.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Ríos, ¿a emenda do Partido Socialista?

O señor RÍOS SANTOMÉ: Non a imos aceptar, porque un pouco vén dicir o mesmo que a nosa autoemenda e entendemos que queda mellor recollido así o texto.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas.

(O señor Balseiro Orol pide a palabra.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, ¿para que quere a palabra, señor Balseiro?

Déanlle a palabra ao escano do señor Balseiro, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Con base no artigo 76 do Regulamento desta Cámara, señora presidenta, por inexactitudes vertidas polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Dígame: ¿cal foi a inexactitude?

O señor BALSEIRO OROL: A inexactitude é querer comparar cando a Xunta de Galicia ten corenta e dous contenciosos... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Perdoen un momento.

O señor BALSEIRO OROL: ...e corenta sentenzas firmes...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Perdoen un momento. Se interrompen, non son capaz de escoitar o que me está dicindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Repita.

O señor BALSEIRO OROL: A inexactitude é querer comparar, cando á Xunta de Galicia se lle presentaron corenta e dous contenciosos e ten corenta e dúas sentenzas firmes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero imos ver..

O señor BALSEIRO OROL: ...co Concello de Santiago, onde o interventor está advertindo de que eses contratos son irregulares. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a inexactitude.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Vostedes non están para dar lecciónns de nada, vostedes seguirán na oposición. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Recórdolles que nos están vendo na tribuna, ¡home! A primeira máxima de respecto *(Murmurios.)* e educación é escoitar cando un fala, para poder atender. E, despois diso, xa lles expliquei en repetidas ocasións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que o Regulamento quen o interpreta neste momento é quen asume a Presidencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ás veces poden coincidir na interpretación, outras veces non, pero o que hai que facer sempre é respectarnos.

E, dito isto, que foi un pleno intenso e notouse que non se parou para comer, queda suspendida a sesión, e reanudarase mañá ás dez.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O señor Ríos Santomé pide a palabra.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Déanlle voz ao escano do señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Si, tamén por inexactitudes, en virtude do artigo 76. É que o señor Balseiro puido falar. Eu o que dixen, por unha parte, non era nada inexacto. Dixen ao señor Balseiro que, cando me trouxera unha sentenza firme do que estaba dicindo, poderiamos falar, e, mentres, non.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor RÍOS SANTOMÉ: A opinión da Intervención municipal, como vostede comprenderá, non é unha sentenza firme absolutamente de nada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspendida a sesión.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e oito minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-HbQiCsFuf-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-HbQICsFuf-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/